

PROXECTO

Orzamentos
2018

MEMORIA TOMO II
VOLUME 3



MEMORIA

TOMO II VOLUME 3

CONTIDO

I. CONSELLERÍA DE SANIDADE	7
II. CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL	85
III. CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL	181
IV. CONSELLERÍA DO MAR	289



CONSELLERÍA DE SANIDADE

SECCIÓN 11

I. ESTRUCTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

I.1. ESTRUCTURA ORGÁNICA

O Decreto 41/2013, do 21 de febreiro, establece a estrutura orgánica da Conselleira de Sanidade para dar cumprimento ás súas funcións. Dita estrutura resultou modificada coa Disposición derradeira primeira do Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos. Como consecuencia, a Consellería de Sanidade conta coa seguinte estrutura orgánica:

- A conselleira ou o conselleiro
- A Secretaría Xeral Técnica
- A dirección xeral de Saúde Pública
- Xefaturas territoriais na Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra e a Delegación Territorial de Vigo que depende organicamente da Xefatura Territorial de Pontevedra.

O Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo de carácter administrativo creado pola Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, está adscrito á Consellería de Sanidade e, para o desenvolvemento das súas competencias, de conformidade co Decreto 43/2013, do 21 de febreiro, tamén modificado coa disposición derradeira segunda do Decreto 112/2015, estruturase nos seguintes órganos:

- I. Órganos centrais de dirección:
 - I. Órganos colexiados:
 - Consello de Dirección.
 - Comité Executivo
 - II. Órganos unipersoais:
 - Presidencia do Servizo Galego de Saúde.
 - Xerencia do Servizo Galego de Saúde.
 - Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.
 - Dirección Xeral de Recursos Económicos.
 - Dirección Xeral de Recursos Humanos.
2. Órganos de coordinación e asesoramento
 - O Consello Asesor Técnico.
 - O Consello Asesor do paciente.
3. Órganos periféricos de dirección.
 - As Estructuras de Xestión Integrada.

O Decreto 168/2010, regula as estruturas organizativas de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde como instrumentos de organización periférica sen personalidade xurídica.

Estas estruturas organizativas asumirán, con autonomía funcional, de forma íntegra, a xestión dos recursos, prestacións e programas da atención sanitaria, tanto do nivel de atención primaria como especializada, así como socio sanitaria e de promoción e protección da saúde.

Este modelo de xestión integrada implantouse de forma progresiva no Servizo Galego de Saúde. Na actualidade xa están creadas todas a estruturas organizativas, que son as seguintes:

- Estrutura Organizativa de Xestión Integrada da Coruña, creada polo Decreto 168/2010, do 7 de outubro.
- Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Santiago de Compostela, creada polo Decreto 168/2010, do 7 de outubro.
- Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Ferrol, regulada polo Decreto 193/2010, do 18 de novembro.
- Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Pontevedra e o Salnés regulada polo Decreto 162/2011, do 28 de xullo.
- Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras, creada polo Decreto 163/2011, do 28 de xullo.
- Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Vigo, creada polo Decreto 46/2013, do 7 de marzo.
- Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos, creada polo Decreto 55/2013, do 21 de marzo.

As estruturas de xestión integrada, están formadas por órganos unipersoais e órganos colexiados.

I. Órganos unipersoais:

- a) Xerencia de xestión integrada
- b) Dirección de procesos asistenciais
- c) Dirección de recursos económicos
- d) Dirección de recursos humanos
- e) Xerencia/as executiva/as

II. Órganos Colexiados:

- a) Comisión de dirección

I.2. COMPETENCIAS

I.2.1. DA CONSELLERÍA

A Consellería de Sanidade é o órgano da administración autonómica responsable da superior dirección e control do desenvolvemento das funcións e competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia en materia de sanidade, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia e na Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica. Igualmente, asume a dirección do sistema público de saúde de Galicia, conforme aos principios obxectivos da concepción integral da saúde, na cal se inclúe a promoción da saúde, a protección fronte á situación e circunstancias que supoñen un risco para ela, a calidade dos servizos e a mellora continua da organización sanitaria, a atención ás necesidades de saúde da poboación, así como a eficiencia, efectividade e eficacia na xestión do sistema sanitario.

Así mesmo correspóndelle o exercicio das competencias que para situacións sanitarias urxentes ou de necesidade se recollen na Lei Orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública .

1. Competencias da conselleira ou conselleiro:

É a superior autoridade da consellería, e con tal carácter desempeña e exerce as competencias que lle confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica de Galicia e demais normativa de aplicación.

2. Competencias da Secretaría Xeral Técnica

A Secretaría Xeral Técnica exerce as funcións e competencias establecidas no artigo 29 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia en relación con todas as unidades e servizos dependentes da consellería e a inspección de servizos, centros e organismos dependentes ou adscritos á consellería, sen prexuízo das funcións que se lles atribúan a outros órganos das diferentes consellerías da administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Tamén lle corresponde:

- Con respecto aos sistemas e tecnoloxías da información e baixo a perspectiva de articular un proxecto único para a Consellería de Sanidade e para o Servizo Galego de Saúde, o deseño da estrutura básica do sistema de información do sistema sanitario de Galicia, a normalización, mantemento e explotación dos sistemas e tecnoloxías de información e a definición, coordinación e supervisión dos plans de información e sistemas

da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, sen prexuízo das funcións atribuídas a outros órganos das consellerías da administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou a outras entidades instrumentais. A Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade poderá definir e articular as comisións técnicas necesarias para o seu desenvolvemento.

- A inspección que se exercerá sobre todos os centros, servizos, establecementos e prestacións sanitarias e farmacéuticas de titularidade pública ou privada da Comunidade Autónoma de Galicia. Os efectivos que desenvolvan esta función dependerán organicamente da xefatura territorial que corresponda e funcionalmente da Secretaría Xeral Técnica.
- A ordenación das actuacións preliminares ou investigacións reservadas previas, e a iniciación dos procedementos disciplinarios e o exercicio das potestades disciplinarias dos recursos humanos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde sen prexuízo das competencias atribuídas á Consellería de Facenda.
- A ordenación das actuacións preliminares ou investigacións reservadas previas e a iniciación e resolución dos procedementos sancionadores a centros, servizos e establecementos sanitarios, incluídas as oficinas de farmacia e almacéns farmacéuticos de distribución, dos servizos de farmacia e depósitos de medicamentos, dos botiquíns e dos establecementos de fabricación, distribución e de venda de produtos sanitarios, sen prexuízo dos supostos en que a resolución dos procedementos corresponda a outros órganos distintos, de acordo co previsto na normativa vixente.
- O exercicio das funcións e competencias que lle son atribuídas en materia de oficinas de farmacia e a realización das certificacións de cumprimento das normas de boas prácticas de fabricación e de distribución de medicamentos.
- A elaboración, redacción, seguimento e avaliación dos plans de traballo establecidos no ámbito da sanidade galega, así como as funcións de coordinación, apoio e documentación nas relacións que, en materia sanitaria, mantén a consellería con outras administracións públicas e o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.
- A coordinación da biblioteca virtual "Bibliosaúde" do sistema público de saúde de Galicia, para o cal contará co apoio da Comisión Técnica Asesora de Bibliosaúde.
- A coordinación das actuacións relacionadas coa planificación, ordenación, aseguramento sanitario e o sistema de información poboacional do Sistema sanitario público de Galicia, sendo competente para resolver as solicitudes de incorporación de técnicas, tecnoloxías e procedementos á súa carteira de servizos, sen prexuízo das competencias atribuídas a outras entidades.
- Aquelas competencias que lle atribúa a normativa en vigor e o exercicio das funcións que lle sexan singular ou especificamente encomendadas ou delegadas pola persoa titular da Consellería.
- A autorización, modificación, revogación e peche dos biobancos.

3. Competencias da dirección xeral de Saúde Pública:

É o órgano encargado da promoción e protección colectiva da saúde da poboación galega e o desenvolvemento de programas sanitarios en materia de saúde pública.

A súa misión é a mellora da saúde da poboación galega dende unha perspectiva comunitaria. Para iso, identifica perigos para a saúde, os problemas de saúde e as poboacións máis susceptibles; avalía os riscos asociados aos perigos e os problemas de saúde identificados; vixía e monitoriza os perigos, os riscos e os problemas de saúde que afectan a poboación galega e, de acordo coas políticas de saúde da Comunidade Autónoma de Galicia, propón, planifica e, se procede, desenvolve programas e actuacións para controlar os riscos de enfermarse ou morrer prematuramente. Así mesmo, levará a cabo a avaliación do sistema sanitario e a abordaxe da protección radiolóxica.

Corresponde a esta dirección xeral, no marco da actuación sanitaria, o desenvolvemento das actividades como autoridade competente en materia de saúde pública e exercer a potestade sancionadora nos termos previstos na lexislación vixente. Para tal efecto, poderá acordar o inicio, de oficio, de expedientes sancionadores en materia de seguridade alimentaria, sanidade ambiental, alcohol, tabaco ou outras comprendidas no seu ámbito de actuación.

Así mesmo, a Dirección Xeral de Saúde Pública emitirá o informe vinculante a que fai referencia o artigo 4 da Lei 5/1995, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos sanitarios.

1.2.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

Para o axeitado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, configúrase o Servizo Galego de Saúde como un organismo autónomo de natureza administrativa, dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins. Está adscrito á Consellería de Sanidade e rexerese polo establecido na Lei 1/1989, do 2 de xaneiro e na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia.

I. Competencias do Consello de Dirección:

- Definir os posicionamentos, orientacións e liñas de actuación de carácter estratéxico do Servizo Galego de Saúde, de acordo cos criterios emanados da Consellería de Sanidade.
- Definir as políticas de financiamento e orzamentos do Servizo Galego de Saúde de acordo cos criterios emanados da Consellería de Sanidade.
- Emitir informe sobre o anteproxecto de orzamentos do Servizo Galego de Saúde e elevalo á Consellería de Sanidade.

- Definir as políticas de recursos humanos, os proxectos de carácter estratéxico e o cadro de mando de alta dirección do organismo.
- Elaborar todos os informes de materia da súa competencia que lle sexan solicitados pola Consellería de Sanidade.
- Definir o acordo de xestión anual entre os servizos centrais e as estruturas de xestión integrada.
- Realizar o seguimento dos acordos de xestión.
- Realizar avaliacións periódicas e o seguimento dos obxectivos, programas e procesos pactados.
- Cantas outras deriven da normativa vixente e lle sexan encomendadas pola persoa titular da Consellería.

2. Competencias do Comité Executivo:

- Efectuar o seguimento e acordar actuacións nas políticas e estratexias do Servizo Galego de Saúde.
- Realizar o seguimento e acordar actuacións nas políticas de investimentos e recursos humanos.
- Definir actuacións nas políticas de financiamento e orzamentaria e realizar o seu seguimento.
- Acordar as actuacións nos proxectos conforme as estratexias definidas e realizar o control e seguimento deles.
- Efectuar o seguimento e acordar actuacións nos programas e procesos a desenvolver.
- Realizar as reorientacións do cadro de mando sobre os resultados obtidos, no seu caso, e controlar o seu seguimento.
- A resolución de incidencias no seu ámbito.

3. Competencias da presidencia:

A persoa titular da consellería con competencias en materia de sanidade, como autoridade superior, é a máxima responsable da consellería, e ademais preside o Servizo Galego de Saúde, e como tal correspóndenlle as seguintes funcións:

- A representación legal do organismo.
- Asinar os convenios en nome do organismo e actuar como órgano de contratación.
- Aprobar os plans de obras, instalacións e equipamentos centralizados do Servizo Galego de Saúde.
- O exercicio da xefatura superior do persoal adscrito ao organismo.
- A disposición e a proposta da ordenación dos pagamentos do organismo.

4. Competencias da Xerencia do Servizo Galego de Saúde:

A Xerencia do Servizo Galego de Saúde, que terá a consideración de alto cargo e rango de secretaría xeral, é o órgano responsable dos servizos de asistencia sanitaria e ten, baixo a dependencia da persoa titular da consellería de adscrición, a dirección e control do Servizo Galego de Saúde, e como tal correspóndenlle as seguintes funcións:

- A dirección, avaliación e control de todas as actividades do organismo autónomo relacionadas coas funcións encomendadas a este polas disposicións legais que o rexen, sen prexuízo das facultades e competencias do Consello de Dirección e da Consellería de Sanidade.
- A elevación ao Consello de Dirección do anteproxecto de orzamentos do organismo.
- A execución dos acordos do Consello de Dirección.
- A xestión do patrimonio do organismo.
- A xestión económica e do persoal do organismo.
- A presentación ao Consello de Dirección da memoria anual de actividades do organismo.
- A resolución dos conflitos de atribucións que xurdan entre as autoridades dependentes do organismo.

5. Competencias da Dirección de Asistencia Sanitaria:

É o órgano responsable da coordinación asistencial das estruturas de xestión integrada e dos centros e servizos de financiamento público. Correspóndenlle as seguintes funcións:

- A definición de programas e obxectivos asistenciais das entidades, organismos, estruturas e centros sanitarios, no marco da planificación sanitaria elaborada pola Consellería de Sanidade e especialmente da Estratexia Sergas 2014 e do Plan de prioridades sanitarias.
- A coordinación, control e avaliación das actividades asistenciais dos centros sanitarios.
- O desenvolvemento da función de compra de servizos sanitarios e sociosanitarios, a determinación e avaliación de obxectivos de carácter asistencial que deben cumprir os centros a través das fórmulas que en cada momento se determinen, e aquelas outras funcións relacionadas e necesarias para conseguir estes obxectivos.
- O establecemento das directrices de carácter xeral e o seguimento das actividades asistenciais desenvolvidas polas estruturas de xestión integrada, organismos e centros do Sistema público de saúde de Galicia mediante a subscrición dos oportunos acordos de xestión.
- A análise das necesidades de concertación de centros e servizos, así como a proposta de subscrición dos correspondentes concertos e o seu seguimento e control.

- A promoción da integración e a coordinación de todos os dispositivos e recursos, fomentando as actuacións multidisciplinares dos diferentes ámbitos ou niveis, para garantir a continuidade asistencial.
- O impulso da efectividade e da eficiencia nos procesos asistenciais.
- A actualización e transformación organizativa e funcional dos centros e estruturas de xestión integrada para mellorar os niveis de efectividade, calidade, seguridade e eficiencia.

6. Competencias da Dirección de Recursos Económicos:

É o órgano encargado, con carácter xeral, da dirección económica e financeira e da planificación, execución e control dos programas de investimentos de obras, instalacións, servizos e subministracións e da coordinación da xestión económico-administrativa, de compras, loxística e de servizos xerais dos centros do organismo. Para iso correspóndelle o exercicio das seguintes funcións:

- A elaboración e redacción do anteproxecto de orzamentos do Servizo Galego de Saúde, o establecemento das bases e directrices da súa xestión económica, así como levar a cabo as actuacións de control e avaliación da xestión económica e orzamentaria dos seus centros de gasto.
- A tramitación das modificacións orzamentarias e dos expedientes de gasto que non fosen obxecto de delegación noutros órganos.
- Os actos de execución da xestión do patrimonio do organismo.
- A planificación, execución e control dos programas de investimentos relativos a obras, instalacións e equipamentos dos centros asistenciais, en coordinación coa Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.
- A xestión contractual e económico-administrativa da actividade desenvolvida polos órganos centrais do organismo e da asistencia sanitaria prestada con medios alleos.
- A coordinación dos servizos económico-administrativos, de contratación, de aprovisionamento, hoteleiros, de mantemento técnico e loxística en xeral dos centros do organismo.
- A declaración de uniformidade dos bens e servizos de adquisición centralizada do organismo e a coordinación e potenciación dos sistemas de información económica.

7. Competencias da Dirección de Recursos Humanos:

É o órgano encargado de deseñar e executar a política de persoal do organismo. Correspóndelle a xestión de todos os colectivos que se integran nel e na Consellería de Sanidade, sen prexuízo das competencias que teñan atribuídas outros órganos da Consellería de Facenda en relación cos funcionarios públicos regulados no Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da Lei de función pública, e o persoal suxeito ao convenio

colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia. Para iso correspóndelle o exercicio das seguintes funcións:

- A proposta, tramitación e ordenación de gastos e pagamentos referentes ás retribucións do persoal de centros de gasto do organismo que non posúan esta atribución, así como a aprobación dos expedientes de modificación do persoal dos centros sanitarios, de conformidade co previsto para os efectos pola Lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma.
- A colaboración na redacción do plan anual de formación do persoal do organismo autónomo, así como na elaboración da proposta do plan de formación do persoal de xestión e servizos.
- As funcións de impulso, participación cos órganos de representación de persoal e coordinación en materia de prevención de riscos laborais do persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.
- De acordo co establecido na Lei 55/2003, do 16 de decembro do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, correspóndelle a elaboración e modificación, se é o caso, dos plans de ordenación de recursos humanos do Servizo Galego de Saúde e a súa elevación ao Consello de Dirección para a súa aprobación. Así mesmo, correspóndelle a participación nas mesas sectoriais de negociación e a elaboración e tramitación de proxectos de pactos e acordos.
- A elaboración, desenvolvemento, dirección, xestión e seguimento do expediente profesional electrónico dos profesionais do Sistema público de saúde de Galicia.
- Calquera outra que lle poida corresponder de acordo coa normativa vixente.

8. Competencias das Xerencias das Estructuras de Xestión Integrada

- Elaborar o plan estratéxico dentro do seu ámbito e establecer os obxectivos dos servizos integrados e a súa avaliación, de acordo coas directrices emanadas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.
- Xestionar todos os recursos sanitarios do seu ámbito territorial e as prestacións e programas sanitarios que desenvolvan.
- Propoñerlle á Xerencia do Servizo Galego de Saúde a subscripción e resolución dos concertos necesarios para cubrir a demanda asistencial no seu ámbito.
- Programar, dirixir e controlar a execución da actividade, a través dos medios persoais e materiais dispoñibles e a coordinación das súas unidades.
- Organizar os recursos humanos, materiais, tecnolóxicos e financeiros no seu ámbito.
- Xestionar os plans de calidade, seguridade e atención ao/ á paciente.
- Fomentar a investigación, o desenvolvemento e a transferencia de coñecemento do ámbito sanitario.
- Supervisar a actividade docente que se realice nos centros da súa competencia.

I.2.3. DAS ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS DE CONSULTA OU ASESORAMENTO

I.2.4. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

Figuran adscritas á Consellería de Sanidade as seguintes axencias públicas:

- Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, creada mediante o Decreto 112/2015, do 31 de xullo, para a xestión da docencia, formación, investigación, innovación e avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios.
- Axencia Galega do Sangue, Órganos e Tecidos, creada mediante o Decreto 142/2015, do 17 de setembro. A creación da Axencia responde á necesidade de acadar a coordinación, aumentar a eficacia e a eficiencia nas distintas actividades que se agrupan e que responden aos seguintes fins xerais:
- Garantir o abastecemento de sangue e dos seus derivados aos provedores de servizos sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo os estándares de calidade vixentes.
- Coordinar a doazón, os transplantes de órganos e o implante de células e tecidos, velando polo cumprimento dos estándares de calidade vixentes.
- Asumir a organización e garantir a dispoñibilidade de mostras de máxima calidade de células e tecidos.

I.2.5. DAS ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS

Figura adscrita á Consellería de Sanidade a seguinte sociedade mercantil:

GALARIA S.A.

Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A, creada en virtude do Decreto 209/2008, do 28 de agosto, polo que se modifica a denominación e os estatutos do Instituto Galego de Medicina Técnica, S.A, creado polo Decreto 229/1994, do 14 de xullo, coa finalidade de adaptar a denominación e o obxecto social do citado instituto ás novas finalidades e necesidades públicas detectadas.

Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A., ten por obxecto o desenvolvemento, execución e explotación de infraestruturas sanitarias, a prestación de servizos de consultoría no

campo sanitario, así como a prestación de servizos relacionados co ámbito sanitario. Coa entrada en vigor do Decreto 88/2015, do 25 de xuño, intégranse no Servizo Galego de Saúde as unidades de cirurxía cardíaca e cardioloxía intervencionista, que dependían de Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.

I.2.6. DOS CONSORCIOS AUTONÓMICOS

I.2.7. DAS SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

I.2.8. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

Figuran adscritas á Consellería de Sanidade as seguintes fundacións públicas:

- Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía.
- Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061.
- Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica.

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2018

II.1. DA CONSELLERÍA

O obxectivo xeral da Consellería de Sanidade é desenvolver unha política sanitaria que garanta unha atención de calidade aos galegos e galegas en tempo e forma, coherente ás súas necesidades e en condicións de igualdade efectiva.

Na revisión do Plan de Prioridades Sanitarias identifícanse os principais problemas de saúde, e priorízanse en función do seu nivel de impacto. A Directiva 2011/24/UE relativa á aplicación dos dereitos dos pacientes na asistencia sanitaria transfronteiriza, supuxo cambios nalgúns aspectos da mobilidade dos pacientes. Por outro, a Estratexia Sergas 2020 e a Estratexia da Cronicidade levarán consigo cambios importantes na abordaxe sanitaria e socio sanitaria dos pacientes con patoloxías crónicas.

Os instrumentos de política sanitaria deben adoptar desde unha óptica integral, a priorización dos principais problemas de saúde, abordando tamén os hábitos de vida e comportamentos individuais que son responsables dunha grande parte da carga de enfermidade actual, e aqueles outros aspectos que non responden adecuadamente ás principais expectativas dos usuarios, sen obviar os cambios organizativos que impliquen melloras no funcionamento máis eficiente dos servizos sanitarios.

Son liñas de actuación para o ano 2018: Mellorar a saúde dos galegos, a través de accións que diminúan a carga de enfermidade, potenciar ferramentas para a prevención e promoción da saúde, dispensar a mellor asistencia sanitaria cos mellores recursos dispoñibles, facer reais os dereitos legalmente recoñecidos, e asegurar a sustentabilidade financeira do sistema público mediante a aplicación de criterios de xestión eficiente. Potenciar as novas tecnoloxías e perfeccionar os servizos e prestacións sanitarias á cidadanía están como próximos retos do futuro.

A revisión do Plan de Prioridades Sanitarias identificaba os problemas con máis impacto na saúde dos galegos, ao mesmo tempo que se formulaban accións de mellora. Rematado este, é preciso establecer un novo plan para os próximos catro anos, e nel se debe empezar a traballar. O punto de partida ten que ser o resultado acadado co plan actual, a Estratexia Sergas 2020 (ES2020) e fundamentalmente as directrices, metas e compromisos de política sanitaria que constitúen o marco de actuación da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde. Estas directrices xiran en torno as seguintes liñas estratéxicas:

- Mellorar a saúde da poboación diminuíndo a carga de enfermidade
- Prestar os servizos sanitarios que necesitan as persoas, con equidade e calidade
- Fomentar o exercicio dos dereitos recoñecidos na normativa sanitaria
- Actuar de forma eficiente para asegurar a sustentabilidade do sistema sanitario público.

Para elo é preciso, como requisito básico, seguir mantendo un forte aseguramento sanitario Público, cuxo acceso se acredita a través da tarxeta sanitaria e que se sustenta nunha base de datos na que están os e as cidadáns con dereito a asistencia. Este aseguramento ordinario seguirá complementándose con outros programas propios para cidadáns estranxeiros con dificultade de acceso pola vía anterior.

En canto á accesibilidade da poboación aos servizos sanitarios, e ademais doutras actuacións que teñen como finalidade a ampliación, mellora e apertura de novos centros sanitarios, cobra especial importancia o acceso á atención farmacéutica como servizo imprescindible para chegar a atención sanitaria aos cidadáns. Por este motivo, a Consellería de Sanidade ten prevista a apertura de novas oficinas de farmacia naqueles concellos que, atendendo aos módulos establecidos na Lei 5/1999, de ordenación farmacéutica de Galicia, precisan dalgún establecemento máis dos existentes na actualidade.

O novo mapa farmacéutico determina as delimitacións territoriais concretas nas que se prevé a apertura de novas farmacias. Para a adxudicación das mesmas, previsiblemente no ano 2018, convocarase un concurso público no que a experiencia profesional no traballo en oficina de farmacia será o principal factor que a determine. Tamén se ampliará o período mínimo obrigatorio no que deben permanecer abertas estas novas farmacias para evitar posibles especulacións que causarían prexuízos aos usuarios.

Outras modificacións en materia de Farmacia veñen dadas pola necesidade de adaptar a vixente Lei de Ordenación Farmacéutica, do ano 1999, á lexislación básica do estado en materia de sanidade ditada con posterioridade, de xeito que permita afrontar e dar solución, de maneira máis eficaz, ás actuais demandas tanto dos profesionais farmacéuticos como dos usuarios.

Preténdese coa nova regulación lograr unha maior profesionalización do sector e dotar aos procesos de autorización e adxudicación de novas oficinas de farmacia dunha maior axilidade, recollendo como novidades a desaparición da caducidade das autorizacións administrativas ao cumprir 70 anos de idade as persoas titulares, a elevación do período mínimo para poder transmitir as oficinas de farmacia outorgadas por concurso público, a actualización dos dereitos dos cidadáns en relación coa atención farmacéutica e a incorporación dun epígrafe correspondente ás súas obrigas e deberes, a incorporación das novas tecnoloxías, a actualización do réxime de incompatibilidades dos profesionais farmacéuticos así como do réxime sancionador, tanto en materia de infraccións como de sancións.

Así mesmo, ao longo deste ano vaise proceder á modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, prevendo a configuración de 14 distritos sanitarios que toman como referencia a institución hospitalaria no seu ámbito territorial, mantendo a agrupación de concellos que se realiza no decreto que regula as Estruturas Organizativas de Xestión Integrada, para a coordinación dos dispositivos de atención primaria, hospitalaria e sociosanitaria.

O novo mapa sanitario de Galicia realizarase a partires desta división, tendo en conta as EOXIs existentes.

A modificación da lei ten tamén como finalidade simplificar as canles de participación, recoñecer a condición de autoridade sanitaria á inspección de servizos sanitarios, á inspección de Saúde Pública e ás persoas titulares das xefaturas territoriais, así como establecer os principios básicos para a regulación da investigación, a transferencia de coñecemento e o réxime de colaboración con sistema público de saúde de Galicia.

Créase así mesmo a Comisión Interdepartamental en materia de Educación e Saúde.

No marco do exercicio da autoridade sanitaria a desenvolver na Consellería de Sanidade continuarase a executar o Plan de Inspección sobre centros, servizos, establecementos e prestacións sanitarias para o período 2014-2017 (actualmente en fase de revisión e actualización), centrado nas seguintes liñas de acción:

- A tutela de dereitos dos pacientes e usuarios.
- A garantía de calidade de toda a asistencia que se presta a cargo do Servizo Público de Saúde.
- A garantía de calidade da asistencia prestada en todos os centros, servizos e establecementos sanitarios que están instalados no ámbito territorial da comunidade autónoma.
- A loita contra a fraude nas prestacións sanitarias, instrumentando actuacións específicas para a detección de irregularidades no seu uso, así como posibles desviacións ou utilizacións indebidas.
- Desenvolver o Sistema de Xestión de Calidade, que se aplicará ao conxunto dos servizos que presta a Subdirección Xeral de Inspección, Auditoría e Acreditación de Servizos adaptada aos requirimentos da norma internacional ISO 9001:2015.
- Así mesmo, a Consellería de Sanidade, como responsable de planificar, executar e/ou coordinar calquera iniciativa que se leve a cabo no ámbito dos sistemas y tecnoloxías da información na propia Consellería de Sanidade, no Servizo Galego de Saúde e no resto de entidades adscritas, continúa executando o Plan de sistemas e tecnoloxías da información de sanidade 2016-2018 .
- As liñas de actuación de cara ao vindeiro ano son:
- Mobilidade: Recolle actuacións tendentes a dotar aos profesionais e cidadáns de sistemas de información e dispositivos que faciliten a realización das súas actividades en mobilidade.
- Empoderamento dos usuarios e administración electrónica: Recolle actuacións tendentes a dar autonomía á cidadanía, permitindo a mellora da xestión do estado de saúde e da formación dos usuarios respecto á autoxestión da súa enfermidade.

- Traballo en rede: Recolle as actuacións tendentes a facilitar a integración entre os distintos niveis organizativos, a compartición da información, a colaboración e o traballo en grupo.
- Seguridade e calidade: Recolle as actuacións tendentes a facilitar a seguridade e calidade dos sistemas de información cara a cidadanía e os profesionais sanitarios, os procedementos de manexo e xestión da información, e as plataformas tecnolóxicas implantadas.
- Dixitalización: Recolle as actuacións tendentes a eliminar o uso do papel na práctica diaria de todos os centros sanitarios e administrativos.
- Reforzo e renovación de infraestruturas: Recolle as actuacións tendentes a mellorar e renovar a infraestrutura TIC actualmente existente e dar respaldo a todos os sistemas de información instalados no marco da sanidade pública de Galicia.
- Mellora dos procesos asistenciais: Recolle as actuacións TIC tendentes a mellorar os procesos asistenciais da organización.
- Eficiencia e mellora da xestión económica e xestión do persoal: Recolle as actuacións TIC tendentes a mellorar a xestión dos recursos económicos e a xestión do persoal da organización sanitaria.
- Explotación e normalización da información: Recolle as actuacións e proxectos relacionados coa explotación da información para a facilitar a investigación dos nosos profesionais (Big Data) e acceso por parte da cidadanía a datos relevantes da organización (Open Data).
- Innovación: Recolle as actuacións que fomenten a construción de novos produtos TIC no ámbito da sanidade a través do mecanismo de compra pública de tecnoloxía innovadora, aproveitando os fondos tecnolóxicos existentes en Europa.

Respecto ao Plan de inspección e auditorías que desenvolve a Dirección Xeral de Saúde Pública, e que se centra nas seguintes liñas de acción:

- A planificación, xestión e difusión da información das actividades de control oficial en materia de seguridade alimentaria, no marco do Plan Nacional de Control Oficial da Cadea Alimentaria 2016-2020 e do Plan de Control Oficial en materia de sanidade ambiental, así como a coordinación e seguimento das actuacións no marco das redes de alerta alimentaria e ambiental (sustancias químicas, calidade do aire, etc.).
- Implantación da política de calidade establecida para os servizos de inspección de saúde pública.
- Actividades de laboratorio de Saúde Pública que darán soporte aos programas de control oficial en materia de seguridade alimentaria e sanidade ambiental, debendo emitir os resultados obtidos mediante métodos acreditados.

Por outra banda desenvolveranse as seguintes liñas no ámbito da Saúde Pública, promoción e prevención da saúde:

- O programa de vacinacións para o 2018 continuará coas cambios introducidos o ano pasado, para rematar a súa implantación (calendario de vacinación do adulto e calendario de vacinación infantil).
- Fomentar un estilo de vida saudable en todas as políticas.
- Os programas de cribado poboacionais continuarán no seu proceso de mellora constante empezando o ano co cribado de colon xa implantado en todas as áreas sanitarias.
- Saúde bucodental: Para cumprir as recomendacións da OMS, a realización dunha nova enquisa.
- Manter os Programas de prevención e control de VIH – ITS e Tuberculose.
- Nova rede de vixilancia: A situación epidemiolóxica en relación coas novas enfermidades emerxentes transmisibles (dengue, chikunguya, zika, infección polo virus do Nilo occidental, febre hemorráxica Crimea – Congo, enfermidade de Lyme, etc...) fan necesario un novo sistema de vixilancia epidemiolóxica centrada nos seus vectores.
- Vixilancia sanitaria augas de consumo público para desenvolver as competencias asignadas á autoridade sanitaria para esta vixilancia.
- Vixilancia de alérxenos polínicos en suspensión a través da rede galega de aerobioloxía.
- Manter os programas de prevención de trastornos aditivos renovándoos a adaptándoos á situación actual, cunha especial intensidade no caso do consumo de alcohol por menores de idade, desenvolvendo unha estratexia multisectorial priorizando os programas de prevención no ámbito da familia.

II.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

O Servizo Galego de Saúde terá como principal obxectivo obter resultados en saúde satisfactorios para os pacientes e para poboación en xeral.

A Estratexia Sergas 2020 reflicte as directrices do Servizo Galego de Saúde para os vindeiros catro anos, concibida para xerar un proceso de transformación e modernización do actual sistema sanitario que consolida no ano 2018 despois do seu gran impulso nos anos anteriores.

O obxectivo para o ano 2018 segue sendo mellorar a saúde dos cidadáns galegos. A prestación de servizos sanitarios efectivos, eficientes e de calidade, de forma equitativa, accesible e sostible e o paciente crónico e pluripatolóxico serán unha prioridade, pero tamén o serán as patoloxías oncolóxicas; a súa detección precoz, o diagnóstico e tratamento continuarán sendo un importante reto para o Servizo Galego de Saúde. Estes pacientes son os principais destinatarios das liñas de acción do Sergas, para os que se pretende ampliar dereitos cun sistema de garantía de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias que se establezan.

Continuarán sendo tamén retos para o ano 2018:

- Mellorar a cercanía dos servizos e prestacións sanitarias aos pacientes, a continuidade asistencial, a humanización dos servizos sanitarios e a confianza dos doentes.
- Aumentar a eficiencia, coidar aos profesionais comprometidos.
- Incorporar liñas innovadoras na xestión e na provisión da asistencia sanitaria pública.
- Mellorar os sistemas de información como potente ferramenta para a continua avaliación de resultados na organización e autoxestión.

As liñas de acción seguirán a apostar polo investimento en infraestruturas, incorporación de alta tecnolóxica; poñer todos os recursos e as ferramentas posibles das novas tecnoloxías da información e comunicación para seguir buscando vías de asistencia que aporten cercanía, proximidade e accesibilidade ao paciente e á vez adaptar a nova medicina para mellorar a relación do profesional-paciente, demandada por ambos colectivos; humanización dos servizos sanitarios.

As liñas de acción operativas para o ano 2018 englobadas nos 4 eixos estratéxicos da Estratexia Sergas 2020 son:

EIXO I: Atención integral adaptada ás necesidades dos pacientes, familiares e cuidadores.

I.1. Consolidación da rede de atención ao ICTUS. Cos seguintes obxectivos:

- Aumentar o número de pacientes con ictus que recibe atención especializada urgente.
- Diminuír a morbilidade e as secuelas secundarias a ictus.
- Aumentar o número de tratamentos trombolíticos.
- Reducir o tempo entre o inicio dos síntomas e o inicio do tratamento.
- Incremento en número de pacientes tratados en menos de 4,5 horas.
- Redución en máis dun terzo os ingresos hospitalarios.
- Establecer criterios organizativos para os centros asistenciais que prestan esta atención. Pretende incorporar os avances que supón a Tele medicina.

I.2. Humanizar a asistencia sanitaria para adaptar os servizos sanitarios aos requirimentos e expectativas dos cidadáns; para elo é preciso analizar, avaliar e mellorar os aspectos da calidade da información, a confidencialidade, o trato ou a accesibilidade aos servizos. As áreas de traballo para o 2018 serán: Continuar na mellora dos espazos de hospitais de día, diálise, pediatría, UCIs, urxencias e Centros de Saúde; na mellora das unidades HADO; na renovación das instalacións de Radioloxía en Atención Primaria; nos sistema de información e xestión de quendas en centros de saúde e consultas externas ou na extensión da wi-fi para espazos de atención a doentes, ou programas de formación e habilidades de comunicación con pacientes para o persoal do Sergas.

I.3. A rehabilitación do Dano Cerebral Adquirido (DCA) para atender as lesións súbitas no cerebro que producen diversas secuelas consecuencia dun ictus.

Fomentar e desenvolver un proceso de rehabilitación das persoas que se encontran en estados vexetativos sen resposta e estados de mínima conciencia secundario a ictus isquémicos.

Mellorar a rehabilitación das secuelas dun ictus en pacientes con alteracións motoras ou sensitivas producidas por un accidente vascular cerebral.

I.4. Implantar o Plan Galego de Atención á Cronicidade para desenvolver unha integración de todos os recursos dispoñibles e centrar na atención primaria a súa resolución, utilizando a tele medicina e tele asistencia como ferramentas potentes para o seguimento e resolución dos problemas de saúde do paciente crónico en Galicia. A consolidación da Estratificación dinámica da poboación por risco como ferramenta de xestión e atención asistencial cunha historia clínica electrónica adaptada ao proceso patolóxico principal do paciente.

Para o ano 2018, elaborárase o Proceso Asistencial Integrado do Paciente Crónico Complexo, como paso seguinte ao desenvolvemento do Plan Galego de Atención á Cronicidade. Nel establecerase o proceso asistencial organizativo das persoas con enfermidades crónicas avanzadas e definirase cal será o modelo asistencial adecuado. Este será un modelo de atención sociosanitaria en que se integrará a atención desenvolvida tanto polos profesionais sanitarios como sociais implicados na súa atención.

I.5. Implantar o Programa galego de atención socio sanitaria que contemple a atención a domicilio: implantación, pilotaxe e avaliación inicial de resultados para a súa posterior consolidación na organización.

Na mesma liña seguirase coa ordenación do Plan Marco de Atención Socio-sanitaria e integración efectiva dos servizos sociais e sanitario-asistenciais, e a creación dos Comités Sociosanitarios de Área, como instrumento necesario para coordinar e xestionar os recursos sociosanitarios dentro de cada área sanitaria. Nestes Comités estarán representados profesionais de cada EOXI e da Consellería de Política Social e en forma de convidados poderán asistir calquera profesional con responsabilidade directa na xestión de un paciente concreto.

I.6. Crear o Rexistro de pacientes con Enfermidades Raras da Comunidade Autónoma de Galicia: para a mellora da información para unha mellor abordaxe; as enfermidades raras son aquelas que, con perigo de morte ou invalidez crónica, teñen unha prevalencia menor de 5 casos por cada 10.000 habitantes. Preténdese acadar os seguintes obxectivos: Proporcionar información sobre a súa incidencia e prevalencia; dispor de coñecemento sobre a evolución destas enfermidades permitindo orientar a planificación e xestión sanitaria, as actividades preventivas e asistenciais e a investigación neste campo;

colaborar co rexistro Nacional de Enfermidades Raras facilitando así a comparación entre as comunidades autónomas e con outros países en relación con estas enfermidades.

I.7. Definir e implantar Procesos asistenciais integrados (PAI): que garanten unha ordeación dos recursos, diminuír a variabilidade clínica e continuar coa máxima integración dos recursos asistenciais.

Actualizar os PAI existentes e adecualos ás novas evidencias, así como definir os fluxos de traballo necesarios para mellorar a calidade da atención á cidadanía galega.

I.8. Desenvolver a Consulta de alto risco de cancro hereditario e asesoramento xenético en todas as EOXIS, para normalizar o procedemento de atención e identificación das persoas con elevado risco de padecer síndromes de cancro hereditario colorrectal ou de mama e ovario, proporcionar o asesoramento e seguimento clínico correcto á poboación san con elevado risco de cancro hereditario.

I.9. Atención a grupos poboacionáis:

I.9.1 Pediatría:

- Definición e implantación da Unidade Galega de Oncoloxía pediátrica para super especializar o seu diagnóstico e tratamentos, e potenciar a investigación asistencial neste eido.
- Actualizar o Programa do Neno San que permitirá incluír as novas actividades que se realizan nas consultas de pediatría de Atención Primaria.
- Desenvolvemento do programa na atención integral odontolóxica a menores discapacitados; inclusión de implantes dentais a pacientes con malformacións conxénitas que cursan con anodoncia (fisurados, malformacións linfáticas, displasia ectodérmica, síndromes craneofaciais...)
- Planificar e reordenar a atención pediátrica segundo necesidades e recursos dispoñibles.
- Seguir coa consecución de mellores obxectivos dentro da Estratexia de abordaxe integral da dor infantil.

I.9.2 Saúde Mental:

- Implantación do Plan de Saúde Mental de Galicia 2018-2022, que permitirá establecer as prioridades das intervencións en saúde mental, fixar obxectivos e definir os programas necesarios para mellorar os resultados en saúde mental da cidadanía galega. Desenvolver programas para o trastorno mental grave, destinados á atención integral do paciente dende as fases precoces.
- Implantación do Plan de Prevención do Suicidio en Galicia, co obxectivo fixado pola OMS de redución dun 10% das mortes por suicidio no ano 2020
- Especial atención á psiquiatría infanto-xuvenil; desenvolver programas de rehabilitación psiquiátrica en colaboración con servizos sociais; desenvolver progra-

mas de atención para o tratamento dos trastornos aditivos e da alimentación (anorexia e bulimia); potenciación da investigación en saúde mental; continuar cos programas dirixidos a evitar o estigma social, xa iniciados con importante participación.

1.9.3 Atención ao paciente ancián: estase a traballar, e continuarase no ano 2018 nas seguintes liñas:

- Impulsar a atención domiciliaria e a atención non presencial utilizando as novas tecnoloxías (fogar dixital, TELEA, É-saúde).
- Traballar de forma coordinada e conxunta coa Consellería de Política Social, de cara a incorporar a atención social nun modelo de atención integral.
- Continuar cos convenios de colaboración entre a Consellería de Sanidade e o Terceiro Sector para o establecemento de accións que ofrezan aos nosos anciáns a posibilidade de manterse de forma activa no seu domicilio, como por exemplo, o Programa Saúde Constante da Cruz Vermella.
- Desenvolver o programa de pacientes polimedicados cun novo enfoque.

1.9.4 Atención á muller: Continuarase en 2018:

- Desenvolvendo programas específicos de prevención de cancro xenital (citología e vacinación contra HPV); programas de detección precoz e vías rápidas para o cancro de mama; planificación familiar; educación sexual; prevención de enfermidades de transmisión sexual; preparación ao parto; atención ao embarazo, parto e puerperio (incluíndo medidas para reducir a taxa de cesáreas); consulta perimenopáusicas; prevención e atención a casos de violencia machista.
- Promoción da lactación materna mediante a creación de puntos de apoio á lactación nos Centros de Saúde.
- Participación no novo Plan Integral de Apoio á muller embarazada: unha abordaxe dun novo Plan Integral, coa participación activa de profesionais do Servizo Galego de Saúde.
- Poñendo en marcha actividades de educación para a prevención de violencia de xénero a través da Escola Galega de Saúde para Cidadáns.
- E todo isto coa elaboración, implantación e avaliación de procesos asistenciais integrados e de vías rápidas.

1.10 Accesibilidade aos servizos e prestación sanitarias.

- Garantir os tempos de espera establecidos para consulta, probas e intervencións cirúrxicas especialmente aquelas de maior prioridade. As sete vías rápidas con tempo máximo de espera seguirán desenvolvéndose (mama, colon, próstata, melanoma, pulmón, vexiga e cabeza e colo).
- Ampliar os dereitos para os pacientes a través do desenvolvemento da Lei de Garantías; implantación do decreto que establece o sistema de garantía de tempo máximo de acceso ás prestacións sanitarias públicas. Pasar dunha xestión de

tempos de espera por prioridades global (para todas as doenzas) a unha xestión individual por patoloxía concreta.

- Seguirase a evolucionar na mellora da accesibilidade ás prestacións e servizos sanitarios. O programa Conecta-72 é unha mellora significativa de seguimento dos pacientes trala alta hospitalaria que pretende evolucionar a mellores prestacións.
- Traballarase no ano 2018 para estender a "visita única", resolvendo nun mesmo día, para os procesos seleccionados, as consultas, exploracións e probas necesarias para chegar a un diagnóstico e, no seu caso, empezar a recibir o tratamento ou realizar a indicación cirúrxica correspondente.
- Seguir coa información e o acceso dos cidadáns ao sistema sanitario, de forma interactiva, potenciando os servizos a través das novas tecnoloxías da información e a comunicación e as diversas canles (teléfono, web, sms). Coa consulta telefónica como medida organizativa fundamental orientada a mellorar a accesibilidade daqueles pacientes con maiores dificultades para seren atendidos de xeito presencial, para facilitar a conciliación da vida familiar e laboral e, en definitiva, para solucionar problemas sanitarios e/ou administrativos que non requiran a presenza do usuario nos centros de saúde, que se continuará impulsando no ano 2018. A ampliación de servizos asistenciais a través da e-consulta.
- Continuarase a potenciar a tramitación electrónica dos procedementos administrativos para as prestacións sanitarias.

1.11. Atención domiciliaria e hospitalización a domicilio: continuarase no 2018, entendendo que é necesario reforzar o papel do domicilio como lugar de atención, o que implica desenvolver iniciativas en dous ámbitos:

- Desenvolvemento do plan funcional e organizativo da hospitalización domiciliaria co obxectivo de unificar e potenciar a atención domiciliaria desde as unidades HADO ofrecendo aos pacientes coidados médicos e de enfermería, continuadas e de igual calidade que no hospital, así como de asistencia e apoio aos seus familiares.
- Potenciar a atención domiciliaria reforzando as unidades existentes.
- Potenciar e actualizar programas de alta hospitalaria precoz, con implicación da atención primaria e enfermería comunitaria para o soporte domiciliario axeitado.
- Desenvolvemento de plataformas electrónicas para seguimento asistencial dos doentes. TELEA: Telea trátase dunha plataforma de teleseguimento e monitorización dos pacientes crónicos do Servizo Galego de Saúde. Telea permite que un paciente poida ser monitorizado e seguido dende o seu domicilio polo seu equipo de médico/a e enfermeira/o responsable. Continuarase coa implantación de Telea en todo o territorio de Galicia, co obxectivo de que en decembro de 2018 calquera cidadá/n galega/o poida ser seguido por esta plataforma.
- Fomentar a atención ao domicilio dende atención primaria co establecemento dun Programa de consultas programadas ao domicilio para pacientes inmobilizados.

1.12. Coidados Paliativos: continuarase no ano 2018 favorecendo a permanencia do paciente no seu ámbito (domicilio) e establecendo os procesos asistenciais que aseguren unha rápida resposta ante calquera necesidade que se formule, con estes obxectivos:

- Desenvolvemento da Lei 5/2015, do 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais
- Elaboración da Estratexia Galega de Coidados Paliativos 2018-2022.
- Difundir a filosofía dos coidados paliativos de forma transversal dentro do sistema sanitario de Galicia, implicando a todos os servizos hospitalarios e de Atención Primaria nunha atención de calidade nos coidados ao final da vida a toda a cidadanía de Galicia.
- Definición dun modelo para toda a Comunidade de Coidados Paliativos Pediátricos que ofrezca a mellor atención posible tanto aos nenos e nenas como ás súas familias.
- Mellorar a organización para prestar unha atención integral aos pacientes con necesidades de coidados paliativos.
- Reforzar o traballo en rede das unidades de referencia de coidados paliativos.
- Asegurar a asistencia continuada aos pacientes, garantindo un coidado integral.
- Potenciación da Comisión Galega de Coidados Paliativos para potenciar a súa actuación como comisión asesora neste ámbito.
- Impulso aos Comités Técnicos-Sanitarios de Coidados Paliativos de área.

1.13. Continuar co desenvolvemento dos programas de prevención e promoción da saúde:

- Programas de formación a través da Escola Galega de Saúde para Cidadáns para fomentar os auto coidados, a maior responsabilidade do paciente e a promoción de hábitos de vida saudables (exercicio físico, hábitos dietéticos)
- Programas de prevención e promoción dende os centros sanitarios, en relación a:
 - Prevención de enfermidades crónicas
 - Plan de Trastornos Aditivos: Consumo de alcohol, tabaco e outras drogas
 - Obesidade infantil, no marco do Plan Xermola
 - Infeccións de transmisión sexual
 - Cancro de mama
 - Cancro de colon
 - Hipoacusia neonatal
 - Metabolopatías
 - Riscos micro biolóxicos en hospitais
 - Desenvolvemento do programa de promoción da actividade física.

- Reforzar o rol da enfermería na promoción da saúde e na prevención da enfermidade; papel transcendente na captación activa para a administración da vacina da gripe para grupos de poboación de risco (poboación 65-70 anos) a través da cita telefónica.
- Aproveitar a potencialidade das redes sociais para a promoción de estilos de vida saudables, particularmente a través do programa "xente con vida", a Escola Galega de Saúde para Cidadáns e o desenvolvemento da plataforma e-saúde.

I.14. Política de calidade e seguridade do paciente: para acadar un modelo corporativo de xestión integrada da calidade, coa realización das seguintes actuacións:

- Implantación no o ámbito específico da vixilancia, prevención e control da infección.
- Creación da Comisión Galega de enfermidades infecciosas e política de antibióticos: Comisión multi e interdisciplinar que ten como obxectivo a mellora das políticas de vixilancia e control da infección para diminuír as taxas de infección e as resistencias aos antibióticos.
- Elaboración, implantación e desenvolvemento do Código Sepsis en todos os centros hospitalarios galegos: preténdese crear unha plataforma multidisciplinar dinámica para a implementación de medidas en todas as dimensións asistenciais co obxectivo de diminuír a mortalidade por sepsis grave e shock séptico en Galicia.
- Avaliación e análise da hixiene de mans en centros do SERGAS: deseño dun programa a través de observadores/auditores externos que permita obxectivar o cumprimento de prácticas adecuadas en hixiene de mans. No ano 2018 analizaranse os resultados das accións realizadas no ano anterior e se implantarán as medidas correctoras adecuadas e se ampliará o estudo.
- Creación e implementación de programas de optimización de uso de antibióticos (PROA) no ámbito hospitalario: preténdese mellorar os resultados clínicos dos pacientes con infeccións, minimizar os efectos adversos relacionados cos antimicrobianos e garantir a administración de tratamentos coste-efectivos.
- Implantación do aplicativo informático InNoCBR en todos os servizos de medicina preventiva dos centros asistenciais do SERGAS: ferramenta que permite a vixilancia da infección nosocomial así como o desenvolvemento das políticas de prevención e tratamento axeitadas.
- Continuar co programa de Infección Zero nas Unidades de Críticos.
- Continuar co Sistema de Notificación e Aprendizaxe para a Seguridade do Paciente (SINAPS).
- Implantación dun Plan de Humanización da asistencia sanitaria na rede de centros e servizos do Servizo Galego de Saúde.
- Continuarase co sistema de identificación nai-neno e de pacientes en urxencias en todos os hospitais. Ademais da implantación do sistema de identificación do paciente cirúrxico.

- Continuarase cun sistema de minimización de erros na medicación, especialmente naqueles fármacos máis facilmente confundibles e con efectos adversos máis graves.
- Certificación novos servizos e unidades, potenciando o desenvolvemento dunha rede de auditores formada con profesionais expertos do propio Sergas con formación en sistemas de calidade.
- Actualización e impulso do Plan de Minimización de Riscos Microbiolóxicos nos Hospitais Galegos.
- Continuarase co sistema de rexistro e avaliación da dor na historia clínica electrónica, potenciando a súa implantación nos servizos de atención primaria.
- Constituída a Comisión da dor, seguirase traballando na implantación e aplicación da Estratexia de Atención Integral ao Paciente con Dor.
- Inclusión e actualización dos indicadores de seguridade de pacientes no cadro de mandos e nos acordos de xestión corporativos.

I.15. Participación dos cidadáns e dos pacientes:

- Continuar co Programa "Paciente experto e paciente competente", a evolución da Plataforma É-Saúde, a Escola Galega de Saúde para Cidadáns, novos modelos de comunicación coa sociedade, Consello Asesor de Paciente, o programa QUERES e o CONTACTE CONNOSCO.

EIXO 2: Profesionais comprometidos

A estabilidade no emprego constitúe unha das liñas básicas da ordenación dos recursos humanos do Sistema Sanitario Público de Galicia. Neste senso, manterase a convocatoria periódica de procedementos selectivos para a adquisición da condición de persoal fixo co fin de reducir ás taxas de temporalidade no Servizo Galego de Saúde.

Convocaranse procedementos de mobilidade voluntaria, de carácter aberto e permanente, a efectos de facilitar aos profesionais novos destinos próximos a súas localidades de residencia e/ ou con maiores expectativas de desenvolvemento profesional.

Adaptaranse os recursos existentes ás necesidades asistenciais da poboación a través de medidas de reordenación de efectivos para garantir a continuidade asistencial, sen menoscabo dos dereitos dos profesionais recoñecidos no marco normativo vixente.

Prestarase, ademais, especial atención á captación de novos profesionais para postos asistenciais que requiran unha especial cualificación ou responsabilidade, desenvolvendo accións específicas neste ámbito.

Incidiremos na especialización dos recursos humanos e na definición dun mapa de competencias para mellora das habilidades e actitudes dos profesionais en beneficio da atención dos usuarios do servizo público.

Reforzase os principios da conciliación da vida familiar e laboral dos empregados públicos da saúde, facéndoo compatibles coas necesidades da atención permanente e continua da poboación galega.

Fomentase un sistema retributivo baseado na valoración do cumprimento de obxectivos, na avaliación do rendemento, na elección do paciente, e na calidade asistencial no sistema público.

Seguirase incorporando as novas tecnoloxías da información á xestión do persoal, e propiciaremos a permanente actualización das aptitudes dos profesionais mediante o establecemento de accións formativas adaptadas ás necesidades da organización.

O inicio e desenvolvemento dun modelo corporativo de xestión do coñecemento na organización e poñer en valor a figura do investigador en Galicia.

No ano 2018 desenvolverase a simulación Médica enmarcada como excelencia na capacitación sanitaria cun programa de adestramento e capacitación corporativo, baseado na simulación médica.

Deseño de propostas formativas innovadoras adaptadas ás necesidades dos profesionais e do entorno co obxectivo de desenvolver e coordinar un modelo de innovación aberta, así como atracción, promoción e coidado do talento investigador en saúde.

Outras accións complementarias que seguirán desenvolvéndose ao longo do ano 2018 son:

- Consolidar e avanzar na mellora da biblioteca virtual “Bibliosaúde” que constitúe un instrumento moi eficaz para xestionar os recursos bibliotecarios do Sistema Sanitario Galego e o coñecemento na nosa organización sanitaria.
- Desenvolver e posta en funcionamento do repositorio do Sistema Sanitario Público de Galicia e participar en repositorios nacionais e internacionais.
- Potenciar e seguir a desenvolver a ferramenta electrónica SOPHOS para coñecer a actividade científica de todos os investigadores da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.
- Potenciar as novas tecnoloxías da información para a formación “on-line”, que facilita a mesma para todos os traballadores do Sergas.
- Potenciar a aprendizaxe con ferramentas que permitan compartir as mellores prácticas en toda a organización.
- Reforzar o Programa de Simulación a través dos dispositivos específicos dos centros do Servizo Galego de Saúde.

- Continuar desenvolvendo os nodos de innovación no ámbito das Estructuras Organizativas de Xestión Integrada
- Desenvolver un novo modelo de xestión do coñecemento a través do proxecto "Profesional 3.0".

Excelencia docente na formación sanitaria especializada e na formación continuada, mediante a incorporación das mellores prácticas e procedementos e fortalecendo as relacións e a coordinación con todos os axentes implicados. Para iso realizaranse as seguintes actuacións:

- Reforzar o papel dos centros do sistema público de saúde e dos seus profesionais na formación pregrao e pos grao.
- Manter a colaboración e cooperación coas universidades galegas.
- Reforzar o papel das comisións docentes en todos os centros.
- Analizar e avaliar as necesidades de especialistas na nosa comunidade autónoma co fin de adecuar cada vez máis a oferta e a demanda.
- Avaliar as ofertas de formación continuada co fin de que cada vez máis se adapten ás necesidades da organización e ás expectativas dos traballadores.
- Continuar o desenvolvemento e mellora do Sistema SAGA para a xestión da acreditación da formación continuada.
- Manter a aposta polo aproveitamento das novas tecnoloxías de comunicación.

EIXO 3: Xestión eficiente

As principais liñas de actuación para o ano 2018 neste eixo son:

3.1. Promocionar a utilización eficiente dos recursos fármaco terapéuticos e mellores prácticas de prescrición e dispensación de medicamentos:

- Impulsar o Programa de mellora da calidade na atención aos pacientes crónicos e polimedicados incorporando novas estratexias de actuación por parte de todos os profesionais sanitarios encargados da atención ao paciente.
- Promover a conciliación da medicación durante as transicións asistenciais.
- Proporcionar novas ferramentas de axuda á prescrición que faciliten a selección e o seguimento dos tratamentos coas máximas garantías de eficacia e seguridade para os nosos pacientes.
- Fomentar e garantir aos profesionais sanitarios unha formación científica, actualizada e obxectiva dos medicamentos a través de distintas canles, incluíndo as tecnoloxías da información.

- Establecer mecanismos de análise dos resultados en saúde acadados polos medicamentos innovadores de cara a formular acordos de pago por resultados coa industria farmacéutica.
- Desenvolver programas de colaboración cos Colexios Oficiais de Farmacéuticos co obxectivo de deseñar programas que permitan mellorar os resultados en saúde da poboación e optimizar a eficiencia da atención farmacéutica e da prestación farmacéutica dispensada aos pacientes.

3.2. Historia clínica e receita electrónica: Continuar coa cobertura, case ao 100%, da historia clínica electrónica, da receita electrónica e da imaxe dixital en todos os centros sanitarios, e impulsar, á súa vez, o desenvolvemento da tele medicina e o traballo en rede.

- A implantación total da historia clínica electrónica engloba a máis de 7.000 facultativos e a máis de 14.000 sanitarios non facultativos, repartidos nos diferentes centros que dan servizo á sociedade galega. Isto implicará, ter que seguir coas seguintes accións:
- Rematar o despregamento da historia clínica electrónica en todos os ámbitos, incluídos os centros concertados e /ou as residencias de maiores.
- Manter o despregamento da receita electrónica en todos os centros sanitarios e oficinas de farmacia.
- Redeseñar a historia clínica electrónica para que permita unha mellor accesibilidade á información clínica relevante do paciente e unha maior facilidade de comunicación entre profesionais, orientándoa aos procesos asistenciais.
- Dixitalizar os arquivos de historias clínicas eliminando circuítos en papel.
- Completar a imaxe dixital en todas as áreas (Xinecoloxía, Neurofisioloxía, Anatomía Patolóxica,...) e integrar a información clínica relevante xerada por todos os equipos electromédicos.

3.3. Seguir avanzando no despregamento da imaxe médica en rede.

- Dotar aos profesionais de equipamento informático para proporcionar mobilidade (áreas de hospitalización, cirurxía, atención domiciliaria, ambulancias, consultas...).
- Manter a implementación de novas funcionalidades na historia clínica informatizada (consentimento informado, petición electrónica de probas,...)
- Mellorar a seguridade do paciente coa automatización da detección da posibilidade de eventos adversos e a xeneralización do uso de alarmas automáticas dos mesmos.
- Adecuar os accesos do paciente ao sistema de últimas vontades.
- Finalizar a integración dos centros sanitarios do Sergas coas fundacións dependentes do Sergas.
- Integrar os indicadores de calidade e seguridade nos procesos.
- Reforzar o compromiso coa intimidade e confidencialidade nos accesos á historia clínica electrónica.

3.4. Concertación de servizos sanitarios: existe unha provisión de asistencia sanitaria pública a través da concertación de servizos, complementario ao sector público. Para mellorar o ámbito de colaboración das entidades concertadas, o Servizo Galego de Saúde realizará actuacións nos seguintes ámbitos:

- Integrar os sistemas de información: manterase a conexión á rede do Servizo Galego de Saúde dos centros concertados, permitíndolles a consulta da información clínica do paciente derivado, a elaboración dos informes directamente na historia clínica, e o envío da imaxe dixital ao centro de referencia.
- Desenvolver un modelo de planificación asistencial da actividade nos centros concertados que se orixine nas estruturas de xestión integrada, establecendo unha coordinación asistencial que garanta os resultados en saúde.

3.5. Proporcionar a todos os profesionais ferramentas que permitan aumentar a eficiencia, a calidade e a capacitación do traballo: Continuar coa dotación a todos os profesionais da organización de ferramentas informáticas que lles faciliten o traballo, aumenten a súa capacitación e rendemento e favorezan o cumprimento de obxectivos por parte da organización sanitaria. Para iso realizaranse as seguintes actuacións:

- Seguir dotando de ordenadores e dispositivos electrónicos en todas as consultas e áreas de traballo: quirófanos, salas de exploracións especiais, etc.
- Seguir deseñando e implantando procesos electrónicos na asistencia sanitaria (laboratorio, hospital de día...) así como na tramitación administrativa internos para mellorar a relación cos profesionais, e externos para mellorar a relación cos cidadáns.
- Incorporación da maioría dos programas desenvolvidos dentro dos proxectos Hospital 2050 e Innova Saúde para incorporarse como procesos propios corporativos da organización.
- Impulsar a implantación de plataformas electrónicas de xestión: de trazabilidade de pacientes, de imaxes radiolóxicas, (incluída a dixitalización) ou para xestión de quirófanos.

3.6. Adaptar os sistemas de información nos seguintes ámbitos:

- Normalización dos protocolos de codificación de neoplasias en anatomía patolóxica: esta normalización permitirá, entre outras cousas, a operatividade do rexistro galego de tumores.
- Desenvolvemento e implantación das seguintes ferramentas: estratificación, HEXIN; LEX-net, dixitalización radiolóxica e historia clínica dixital do SNS.
- Potenciar e canalizar as actividades e proxectos de innovación relacionadas coas tecnoloxías da información e comunicación.
- Desenvolver un sistema multicanal para pacientes, cidadáns e profesionais (desenvolvemento e evolución da plataforma E-Saúde.).

- En todo caso, garantindo a dispoñibilidade, seguridade, confidencialidade e calidade da información sanitaria.

3.7. Responsabilidade Social Corporativa: Continuar coa integración dos valores sociais, medioambientais e de sustentabilidade económica de acordo cos criterios xerais internacionais, seguir mellorando a cualificación enerxética dos edificios, e potenciando o uso de enerxías renovables, alumado máis eficiente, mellora das envolventes de edificios e aproveitar os recursos naturais como a biomasa. Realizaranse as seguintes actuacións:

- Continuarase co desenvolvemento do Plan Integral de Eficiencia Enerxética nos centros do Servizo Galego de Saúde.
- Incorporación nas licitacións que se realicen polo Sergas, da exigencia da máxima eficiencia enerxética.
- Integración de criterios medioambientais na contratación do Sergas.
- Mellorar e homoxeneizar a xestión de residuos nas Estruturas Organizativas de Xestión Integrada e darlle un tratamento máis limpo e respectuoso co medio ambiente.

3.8. Xestionar os recursos de forma rigorosa e eficiente:

- Continuar co impulso da xestión corporativa de compras.
- Confección e desenvolvemento do Plan de Compras Integradas 2018-2019 do Servizo galego de Saúde.
- Realización de concursos de compras centralizadas de produtos sanitarios, produtos farmacéuticos, produtos non sanitarios e servizos.
- Rematado o proceso de integración das Estruturas Organizativas de Xestión Integrada na Plataforma Loxística do Servizo Galego de Saúde, cumpre levar a cabo medidas de mellora na súa xestión.
- Incrementar os procesos de automatización de distribución de produtos ás Unidades de Consumo: incremento do sistema kanban e despregue dos armarios de radiofrecuencia para a xestión de implantes e produtos en xestión unitaria.
- Racionalizar os volumes de existencias na Plataforma Loxística e nas Unidades de Consumo.
- Ampliar o alcance do proxecto ás entidades dependentes do Servizo Galego de Saúde: Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e Galaria.
- Primeiro desenvolvemento da Central de Compras do Servizo Galego de Saúde.
- Homoxeneización da xestión de produtos na Plataforma Loxística.
- Análise funcional dos procesos de xestión da Central de Compras de cara a súa informatización.
- Establecemento de alianzas con provedores estratéxicos de tecnoloxías médicas e sistemas de información.
- Mellorar a xestión corporativa do mantemento do equipamento:

- Desenvolver unha aplicación única de xestión do mantemento.
- Establecer un modelo de xestión do equipamento electromédico.
- Xestión financeira/orzamentaria: analizar alternativas de financiamento.
- Organización de procesos asistenciais, coas seguintes accións:
 - Impulsar a eficiencia na xestión dos procedementos diagnósticos,
 - Desenvolver alternativas á hospitalización tradicional como a ambulatorización de procesos.
 - Continuar coa reorganización de especialidades/procedementos de referencia que melloren a calidade e seguridade para os pacientes.
 - Manter o desenvolvemento de medidas para a redución do impacto da incapacidade temporal nos centros do Servizo Galego de Saúde.
 - Plataformas de diagnóstico por imaxe e laboratorios clínicos.

3.9 Carteira de servizos, técnicas, procedementos e referencias do Servizo Galego de Saúde. As técnicas e procedementos dos servizos clínicos asistenciais encóntanse en continua evolución e transformación. Para o ano 2018 desenvolverase a prestación de implantes dentais para pacientes oncolóxicos que afectan á cavidade oral (cancro de cabeza e colo) que impliquen a perda de dentes relacionada directamente coa patoloxía ou o seu tratamento, e pacientes con malformacións conxénitas que cursan con anodoncia.

EIXO 4: A adecuación das infraestruturas, dos equipamentos sanitarios e dos sistemas de información.

As infraestruturas sanitarias, o seu mantemento, a súa mellora, e a súa continua adaptación á evolución das tecnoloxías sanitarias.

4.1. Centros de Saúde

Finalización da construción e equipamento de novos centros de saúde nos seguintes concellos: Ares e Gondomar.

Inicio da construción do PAC de Laracha e dos novos centros de saúde de Narón, Milledoiro, Melide, Pereiro de Aguiar, Pademe de Allariz, O Saviñao, A Estrada, ampliación da Illa de Arousa e Salceda de Caselas, o centro de saúde integral do barrio da residencia en Lugo.

Tamén se valorará a necesidade de iniciar a redacción de novos proxectos para a construción de centros de saúde que se consideren necesarios e reformar algúns dos xa existentes. Así mesmo, é preciso contemplar un plan de necesidades para a atención primaria, para o mantemento e/ou actualización de equipos.

4.2. Centros hospitalarios:

- a) Estructura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI) A Coruña: Continuarase realizando novas actuacións para desenvolver o Plan Director. Entre elas a reforma das urxencias do Hospital Materno-Infantil e as cubertas do HUAC.
- b) EOXI de Ferrol: execución do Plan Director, redacción do proxecto da fase I e inicio das obras, así como a reforma dos servizos de anatomía patolóxica, cociña provisional e lavandaría no H Naval.
- c) EOXI de Santiago de Compostela: reorganización asistencial das infraestruturas da EOXI para a construción da nova facultade de medicina, elaboración dun novo plan director para o complexo hospitalario, así como a ampliación das urxencias do Hospital do Barbanza.
- d) EOXI de Lugo, Cervo e Monforte: Ampliación do Hospital de A Costa (Burela), fase I do Plan Director, dotación de equipamento, proxecto de mellora da envolvente e da iluminación dentro do plan de eficiencia enerxética.
- e) EOXI De Ourense, Verín e Valdeorras: posta en funcionamento das instalacións do novo edificio de hospitalización no CHUO, obra para a instalación da segunda resonancia magnética do CHUO, inicio das obras de instalación da nova cociña e redacción do proxecto da seguinte fase do Plan Director do CHUO.
- f) EOXI de Vigo: continuar co equipamento do Hospital Álvaro Cunqueiro e iniciar o plan renove do equipamento trasladado. Execución da envolvente do Hospital Meixoeiro dentro do plan de eficiencia enerxética. Reforma do Hospital do Meixoeiro para a mellora da Unidade de Mama e dos servizos de Radioterapia e Medicina Nuclear.
- g) EOXI de Pontevedra e o Salnés: inicio das obras de ampliación e reforma do hospital de Montecelo así como as actuacións necesarias para a instalación dunha nova central de esterilización no hospital do Salnés e dunha segunda sala de resonancia magnética no Hospital de Montecelo.

4.3. Renovación equipamentos alta tecnoloxía diagnóstica e terapéutica:

Continuarase a desenvolver no ano 2018 as actuacións e compromisos derivados do contrato socio tecnolóxico.

Renovación das salas de radioloxía convencional en centros de saúde e hospitais, renovación do sistema de biopsia prona de mama na EOXI da Coruña.

Dotación don TC intraoperatorio no Hospital Álvaro Cunqueiro.

Dotación dunha plataforma centralizada de planificación cirúrxica e renovación dos sistemas de neuronavegación.

4.4. Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC):

Co fin de optimizar custos, unificar criterios tecnolóxicos e evolucionar dunha forma conxunta os sistemas de información do SERGAS, a maior parte da contratación TIC

realizase dun xeito centralizado. Para esta finalidade, xestionase a contratación dos servizos asociados, a dotación, explotación e mantemento da infraestrutura informática do SERGAS (comunicacións, servidores, almacenamento, pc's...), así como o desenvolvemento, implantación, mantemento, soporte e seguridade dos sistemas de información sanitarios.

A infraestrutura que é preciso manter pode resumirse en máis de 21.000 pc's, 1.700 servidores, 2.300 TB de almacenamento, 30.000 extensións telefónicas, 1.300 liñas de comunicación, 1.600 equipos de comunicacións ou 10 CPDs.

Durante o ano 2018 seguirase impulsando a dixitalización de todas as actividades, dando continuidade os máis de 200 sistemas de información instalados no SERGAS.

Abordarase tamén a posta en produción dos sistemas desenvolvidos a través dos proxectos Hospital 2050 e Innova Saúde.

Os proxectos Innova Saúde e Hospital 2050 supuxeron o maior proxecto de innovación sanitaria de Galicia e van permitir desenvolver un novo modelo asistencial baseado nas novas tecnoloxías, o que axudará ao SERGAS a mellorar a súa eficiencia e calidade asistencial.

II.3. DAS ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS DE CONSULTA OU ASESORAMENTO

II.4. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE.

Creada en virtude do Decreto 112/2015, do 31 de xullo, ten como fins xerais e obxectivos básicos realizar a xestión da formación no Sistema público de saúde de Galicia, o fomento e a coordinación da investigación nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, a coordinación e o impulso da actividade innovadora da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e a avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios.

Asume as competencias e medios persoais e materiais que lle correspondían á Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria. Asume tamén desde a súa posta en funcionamento as competencias e medios persoais e materiais que lle corresponden ao Servizo de Axencia de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias e todas as competencias en materia de investigación, innovación e formación.

As liñas de acción para o ano 2018 son:

- Desenvolvemento da política da investigación, transferencia de coñecemento e difusión de resultados: promoción, coordinación e avaliación da investigación.
- Análise das necesidades formativas dos profesionais do Sistema Público de Saúde de Galicia.
- Execución do Plan AFEDAP (Acordo de Formación de Emprego do Persoal das Administracións Públicas).
- Execución do plan PEF (Plan estratéxico de Formación).
- Promover a captación de investigadores de recoñecido prestixio no marco do decreto Opportunius.
- Difundir a toda a sociedade a actividade investigadora desenvolvida no ámbito sanitario e accións de difusión que permitan visibilizar a investigación feita en Galicia.
- Coordinación e potenciación de estruturas de soporte da investigación.
- Valorización dos resultados da investigación.
- Continuar co programa de apoio á valorización, o Programa PRIS2, execución do proxecto CÓDIGO 100.
- Coordinación e execución dos proxectos europeos EMPATTICS, TITTAN e Código-Mais.
- Internacionalización e fomento da cultura innovadora
- Participación do Sistema de Saúde Público de Galicia na rede EIPonAHA.
- Continuar coa dinamización da Plataforma de Innovación sanitaria e a rede de Nodos de Innovación.
- Avaliación de tecnoloxías sanitarias: Informes especializados e a participación na Rede Europea de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias, HTA NETWORK e na EUROPEAN NETWORK FOR HTA, EUnetHTA.
- Avaliación de tecnoloxías sanitarias: realización de informes, solicitados pola Comisión asesora para a incorporación de técnicas, tecnoloxías e procedementos e por outros servizos da Consellería de Sanidade e o SERGAS; xeración de evidencia científica, no ámbito da Rede española de axencias de avaliación de tecnoloxías e prestacións do SNS, consistente en informes de avaliación, procedementos metodolóxicos, guías de práctica clínica e outros produtos baseados na evidencia; así como participación na Rede Europea de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias, HTA NETWORK e na EUROPEAN NETWORK FOR HTA, EUnetHTA.

AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS

De acordo co Decreto 142/2015, do 17 de setembro a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, desenvolverá as súas liñas de actuación para o ano 2017 dirixidas á consecución dos obxectivos fundacionais:

- Garantir o abastecemento de sangue e dos seus derivados aos provedores de servizos sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo os estándares de calidade vixentes no mercado e na lexislación de aplicación.
- Coordinar a doazón, os transplantes de órganos e o procesamento, almacenamento, distribución e implante de células e tecidos, velando polo cumprimento dos estándares de calidade vixentes no mercado e na lexislación de aplicación.
- Asumir a organización e garantir a dispoñibilidade de mostras de máxima calidade de células e tecidos.
- Coordinar as actuacións de Galicia nos ámbitos da doazón, transfusión, transplante de órganos e tecidos coas comunidades autónomas do Estado español, co Goberno de España e cos organismos internacionais.
- De conformidade co establecido na Lei 6/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público de Galicia, a realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da competencia dos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou das entidades de dereito público dependentes dela, poderá ser encomendada intrasubxectivamente a outros órganos da mesma administración ou entidade que o encomendante, por razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios idóneos para o seu desempeño.

Deste xeito a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos desenvolve para o Servizo Galego de Saúde os seguintes servizos:

- Servizos Hemoterápicos.
- Denomínanse servizos hemoterápicos a subministración dos diferentes compoñentes sanguíneos aos hospitais. Esta denominación como servizo débese a que o sangue non se fabrica nin sofre alteracións na súa composición. Os elementos subministrados (hemacias, plaquetas e plasma) obtéñense por procesos de separación e realízanse sobre eles as probas de detección precisas para ser transfundidos.
- Servizo de probas analíticas.
- Dentro deste servizo inclúense determinacións analíticas das áreas de inmunohematoloxía, seroloxía e bioloxía molecular de enfermidades transmisibles, e estudos de histocompatibilidade, que sexan solicitados desde o ámbito hospitalario.
- Servizos de Criopreservación.
- Dentro deste servizo atópanse os concentrados de hemacias e plaquetas criopreservadas e os proxenitores hematopoéticos.
- Servizo de medicamentos derivados do plasma.
- É a subministración aos hospitais da rede pública do SERGAS, dos medicamentos procedentes do fraccionamento industrial de plasma excedentario.
- Así obtéñense albumina, Factor VIII humano, Inmunoglobulina humana inespecífica, Alpha I Antitripsina, medicamentos todos eles de uso habitual nos hospitais.

II.5. DAS ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS

GALARIA, EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS, S.A.

Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A., é unha sociedade pública autonómica, adscrita ao Servizo Galego de Saúde, de capital integramente público, creada mediante Decreto da Presidencia da Xunta de Galicia o 14 de xullo de 1994 para levar a cabo actividade asistencial, así como para o desenvolvemento, execución e xestión de infraestruturas sanitarias, a prestación de servizos de consultoría no eido sanitario, e para proporcionar outros servizos relacionados co ámbito sanitario.

Trátase dunha das organizacións que se puxeron en marcha no sistema nacional de saúde, baixo a fórmula xurídica de empresa pública autonómica, co obxectivo de mellorar os rendementos e controlar os custes da actividade asistencial e garantir a súa sustentabilidade, sen renunciar aos principios básicos de universalidade, equidade e gratuidade da asistencia sanitaria.

Galaria é un medio propio instrumental da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, para a execución das actividades que lle sexan encomendadas, dentro das materias que constitúen o seu obxecto social.

Os Obxectivos para o ano 2018 son:

- Satisfacer a demanda asistencial no eido da oncoloxía radioterápica na Unidade instalada no Hospital do Meixoeiro de Vigo.
- Satisfacer a demanda asistencial no ámbito do diagnóstico por imaxe, con equipos de resonancia magnética, tanto fixos como móbiles, da máis avanzada tecnoloxía.
- Satisfacer a demanda asistencial no ámbito da medicina nuclear (tanto tradicional como PET).
- Subministrar radiofármacos aos equipos PET da rede sanitaria de Galicia e en concreto Fludesoxiglicosa marcada con flúor 18 (FDG) e 18 F Colina.
- Colaborar, en proporción a súa participación empresarial, no subministro de radiofármacos convencionais a todas as unidades de medicina nuclear de Galicia.
- Asesorar ao Servizo Galego de Saúde na adquisición de equipamentos de alta tecnoloxía, na planificación estratéxica de investimentos, plans funcionais e dotación integral do equipamento de centros hospitalarios e de atención primaria.
- Proporcionar servizos de protección radiolóxica e física médica aos servizos do Sergas que contan con instalacións médicas que empregan radiacións ionizante.
- Continuar coa xestión da plataforma multiservizo “Saúde en Liña”, na que se centraliza a cita previa telefónica dos centros de atención primaria de Galicia.

- E seguir a colaborar na oficina de seguimento da Central de Compras do Servizo Galego de Saúde.

Galaria seguirá desenvolvendo as seguintes actuacións:

- Proporcionar asistencia sanitaria a través de unidades de alta tecnoloxía e alta especialización: no ámbito da Oncoloxía Radioterápica para todo o Sur de Galicia mediante a súa unidade do Hospital do Meixoeiro de Vigo; en Diagnóstico por Imaxe, con especialización en resonancia magnética, nos Hospitais do Meixoeiro e Álvaro Cunqueiro de Vigo e en toda a Comunidade mediante as súas unidades móbiles; no eido da Medicina Nuclear convencional, por medio de unidades instaladas no Hospital Santa María Nai de Ourense e no Hospital do Meixoeiro de Vigo e no PET-TC, para toda a zona sur de Galicia mediante a súa unidade situada tamén neste último centro.
- Producir e subministrar radiofármacos aos hospitais do Servizo Galego de Saúde que contan con equipos de diagnóstico PET a través da Unidade de radiofármacos
- Proporcionar asesoramento ao Servizo Galego de Saúde en materia de avaliación, planificación, adquisición, organización e xestión de recursos asistenciais a través da súa División de Consultoría.
- Levar a cabo o control de calidade e a medición de niveis de radiación dunha gran parte das instalacións de radiodiagnóstico da rede hospitalaria pública de Galicia a través do seu Servizo de Radiofísica e da súa Unidade Técnica de Protección Radiolóxica (UTPR).
- Xestionar a plataforma multiservizo "Saúde en Liña", na que se centraliza a cita previa telefónica dos centros de atención primaria de Galicia e a Oficina Técnica de Seguimento do Servizo Loxístico Integral do Servizo Galego de Saúde.
- Realizar os cambios necesarios na Organización para obter, en 2018, a certificación de calidade ISO 9001/2015 (ata agora, Galaria conta coa certificación segundo a norma de 2008, en todas a súas unidades asistenciais e produtivas).

II.6. DOS CONSORCIOS AUTONÓMICOS

II.7. DAS SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

II.8. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

FUNDACIÓN PÚBLICA MEDICINA XENÓMICA

- Promover a coordinación cos servizos hospitalarios da rede sanitaria pública de Galicia, tanto na atención primaria coma na atención especializada, no eido da medicina xenómica.
- Garantir o acceso dos cidadáns a probas xenómicas útiles que precisen, en condicións de equidade, a través da definición dunha carteira de servizos de medicina xenómica, baseada en criterios de seguridade, eficiencia e efectividade.
- Promover o desenvolvemento dunha medicina xenómica competitiva en Galicia e a súa integración nas redes nacionais e internacionais existentes, tanto no eido clínico coma no da investigación molecular.
- Dispor dos recursos tecnolóxicos e humanos necesarios para o eficaz desenvolvemento da investigación xenómica en Galicia, establecendo programas e estándares de calidade.
- Promover a constitución de equipos multidisciplinares, integrados por clínicos, xenetistas, informáticos, enxeñeiros, investigadores de base, e outros profesionais necesarios para o desenvolvemento de proxectos e traballos na xenómica.
- Difundir as actividades relacionadas coa xenómica, así como as actividades, programas, logros e avances, realizados pola Fundación.
- Poñer en funcionamento programas sobre coñecementos moleculares básicos.
- Emitir informes, recomendacións e realizar protocolos, dirixidos aos profesionais, sobre a aplicación das técnicas e a información subministrada aos pacientes.
- Fomentar a utilización de ferramentas bioinformáticas para o acceso á información.
- Incorporar á carteira da Fundación novas determinacións correspondentes a enfermidades relevantes, por prevalencia ou importancia en materia da súa prevención, diagnose e tratamento.
- Potenciar a demanda asistencial como centro de referencia en materia de estudos xenómicos do mesmo xeito que da onco-hematoloxía.
- Validar os resultados das novas tecnoloxías - SOLID, ION TORRENT, HRM no eido asistencial e da investigación.
- Dispor da acreditación/certificación do laboratorio en materia de sistemas de calidade de cara a ofrecer uns servizos de prestixio.

FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA 061

A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, constituída o 4 de decembro do ano 1995, foi creada polo Goberno de Galicia ante a necesidade de desenvolver unha estratexia de resposta ás urxencias sanitarias que se producen fóra do ámbito hospitalario.

A súa actividade principal consiste en xestionar e coordinar a asistencia e o transporte no medio prehospitalario, en casos de urxencia e emerxencia, promovendo a eficacia, a eficiencia e a seguridade na asistencia sanitaria.

Presta servizos sanitarios que poden ser sen necesidade de mobilizar recursos asistenciais, mediante a atención telefónica: información sanitaria, consulta sanitaria e consello médico, asesoría a profesionais fundamentalmente de atención primaria.

Tamén presta servizos de asistencia e transporte sanitario, mediante os dispositivos da rede de transporte sanitario urxente de Galicia que son mobilizados ante situacións nas que se requira asistencia sanitaria presencial, transporte sanitario ou ambas as dúas cousas.

A súa misión é: “Ofrecer ao cidadán a solución máis axeitada ao seu problema de saúde” e a súa visión, é dicir, o que quere ser no futuro é: “Liderar a atención á urxencia e á emerxencia extra hospitalaria en Galicia, de forma integral e centrada no paciente”.

Do Plan estratéxico 2018 emanan os seguintes obxectivos estratéxicos:

- Satisfacción das necesidades sanitarias da poboación: optimizando a adecuación da atención, potenciando a accesibilidade á atención sanitaria.
- Integración pro activa coa estratexia SERGAS: aumentando o dinamismo e pro actividade organizativa, desenvolvendo procesos de urxencia extra hospitalaria integrados, avanzando na xestión por procesos e orientándose cara os resultados.
- Xestión da mellora continua: aliñando aos provedores coa nosa estratexia.
- Visibilidade na sociedade: redefinindo a estratexia de comunicación externa mediante o deseño dun plan de comunicación externo e incorporando a xestión de grupos de interese externos.
- Sustentabilidade: mantendo o equilibrio orzamentario e a autoxestión.
- Xestión das persoas: mantendo un elevado nivel de capacitación do persoal, acadando a súa aliñación cos obxectivos da organización e mellorando a comunicación interna.

Programas do 061

A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia tamén xestiona diversos programas asistenciais. Os máis relevantes son:

- Programa PROGALIAM. Programa de atención ao infarto agudo de miocardio.
- Programa Alerta Corazón. Programa que ten por obxectivo facilitar a atención urxente daqueles pacientes que teñen patoloxía cardíaca grave.
- Programa de Desfibrilación Externa Semiautomática (DESA). O programa ten por obxecto facilitar a desfibrilación precoz nos casos de parada cardíaca.
- Programa Acougo. Este programa baséase na intervención coordinada de recursos entre distintos niveis asistenciais ou institucións para prestar unha atención rápida e integrada aos cidadáns que sofren unha crise psiquiátrica.

- Programa Alerta Escolar. Programa que se centra en achegar, de forma coordinada co profesorado, unha atención sanitaria inmediata e eficaz aos nenos escolarizados de entre 0-16 anos que padecen patoloxías crónicas susceptibles de descompensación.
- Plan Ictus. Programa de asistencia ao ictus en Galicia, ten como finalidade prestar unha atención coordinada e de calidade ao ictus.

FUNDACIÓN PÚBLICA INSTITUTO GALEGO DE OFTALMOLOXÍA

Esta fundación ten como obxectivo xeral a prestación de servizos especializados de oftalmoloxía. Os seus obxectivos para o ano 2018 son os seguintes:

- Manter a oferta de exploracións especiais baseadas na tecnoloxía de alto custo e complexidade (diagnóstico por imaxe) a todos os Servizos de Oftalmoloxía dos Hospitais do Servizo Galego de Saúde.
- Contribuír, a través de programas de consultas de saúde e cirurxía, á diminución da lista de espera de oftalmoloxía na área de Santiago de Compostela.
- Manter e elevar a calidade de servizos tecnolóxicos da atención sanitaria.
- Realizar programas de prevención.
- Realizar unha oferta formativa continua para facultativos.

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 411A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE SANIDADE:

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

É o programa de soporte xeral dos servizos xerais da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Profesionais que desenvolven o seu labor profesional nos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e Sergas, así coma nas estruturas organizativas de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde e na Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde. Este programa ten carácter universal.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Profesionais que desenvolven o seu labor profesional nos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e Sergas, así coma nas estruturas organizativas de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde e na Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde. Este programa ten carácter universal.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia
- Lei 14/1986, do 25 do abril, xeral de sanidade
- Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia
- Decreto 41/2013, do 21 de febreiro polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade.
- Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a axencia galega para a xestión do coñecemento en saúde
- Estratexia Sergas 2020.
- Plan de Saúde (en fase de estudio)
- Estratexia Galega de Atención Integral á Cronicidade
- Plan Marco Socio-sanitario
- Plan de Trastornos Aditivos

- Plan de Ordenación de Recursos Humanos

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

- Facer real e efectiva a cercanía dos servizos e prestacións sanitarias aos pacientes, a continuidade asistencial, a humanización dos servizos sanitarios e a confianza dos doentes no servizo público de saúde.
- Aumentar a eficiencia na utilización de todos os recursos sanitarios.
- Incorporar liñas innovadoras na xestión e na provisión da asistencia sanitaria pública.
- Mellorar os sistemas de información como potente ferramenta para a continua avaliación de resultados na organización e autoxestión.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

- Facer real e efectiva a cercanía dos servizos e prestacións sanitarias aos pacientes, a continuidade asistencial, a humanización dos servizos sanitarios e a confianza dos doentes no servizo público de saúde.
- Aumentar a eficiencia na utilización de todos os recursos sanitarios.
- Incorporar liñas innovadoras na xestión e na provisión da asistencia sanitaria pública.

- Mellorar os sistemas de información como potente ferramenta para a continua avaliación de resultados na organización e autoxestión.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesional e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA.

INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Toda a sociedade.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Consellería de Sanidade:

1101 Secretaría Xeral Técnica

Servizo Galego de Saúde

5001 Servizos Centrais

Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde

III.1.2. PROGRAMA 412A E 412B - ATENCIÓN ESPECIALIZADA E ATENCIÓN PRIMARIA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Ambos programas comprenden aquelas actividades asistenciais e de xestión de servizos xerais nos centros hospitalarios e de atención primaria do Servizo Galego de saúde, así como nos centros concertados para dar resposta efectiva ás necesidades dos cidadáns con calidade e garantías.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Nas estruturas organizativas de xestión integrada (EOXIs) postas xa en funcionamento en toda Galicia, ambos programas xestionáanse de xeito conxunto.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Estes programas teñen carácter universal; as actividades que se financian a través deles van dirixidas á consecución de obxectivos asistenciais que xiran arredor da mellor atención ao paciente, de calidade e seguridade, que redundan na mellora da saúde da poboación.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A Estratexia Sergas 2020 realiza unha análise da situación da asistencia sanitaria, identifica retos e oportunidades de mellora e constitúe a folia de ruta do Servizo Galego de Saúde para os vindeiros 4 anos. Os retos do futuro están centrados en potenciar as novas tecnoloxías e en perfeccionar a cercanía e a accesibilidade dos servizos e prestacións ao usuario, co obxectivo estratéxico de realizar un proceso de transformación e modernización cara aos retos do século XXI para seguir avanzando en novos fluxos de atención adaptados ás necesidades por patoloxías (Procesos Asistenciais Integrados), vías para potenciar cercanía e accesibilidade, reforzo na inversión en innovación tecnolóxica e no ámbito dos profesionais a reordenación de categorías, mobilidade voluntaria e protección de riscos laborais).

As oportunidades que se identifican son:

- Acercar os servizos e prestacións aos pacientes, mellorando a accesibilidade e potenciando as tecnoloxías da información.
- Incorporar a humanización dos servizos nos centros do Servizo Galego de Saúde.
- Incorporar liñas novas e innovadoras
- Aumentar a eficiencia na utilización dos recursos.
- Coidar aos profesionais do sistema sanitario público.
- Mellorar a continuidade asistencial garantindo unha asistencia integral.
- Potenciar a credibilidade das organizacións ante a cidadanía.
- Potenciar servizos sanitarios personalizados, acercándoos o máis posible ao paciente (domicilio).
- Mellorar a estandarización da práctica clínica; mellorar os sistemas de información.
- A vixilancia, prevención e control da infección.

Esta Estratexia recolle catro eixos estratéxicos e máis de 123 liñas de actuación. Os obxectivos estratéxicos son:

- EIXO 1: Atención integral adaptada ás necesidades dos pacientes, familiares e coidadores.
- EIXO 2: Profesionais comprometidos e coidados pola organización.
- EIXO 3: Xestión eficiente que contribúa á sustentabilidade do sistema sanitario.
- EIXO 4: Infraestruturas, equipamentos sanitarios e sistemas de información adaptados ás necesidades de pacientes e profesionais.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

- Decreto 43/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde.
- Estratexia Sergas 2020: Mellorar a saúde da cidadanía.
- Acordos de Xestión con cada EOXI (ADX 2018).
- Decreto 168/2010, do 7 de outubro, polo que se establece a estrutura organizativa de xestión integrada do Sergas e se crean as estruturas organizativas de xestión integrada da Coruña e Santiago de Compostela
- Decreto 162/2011, do 28 de xullo, polo que se regula a estrutura organizativa de xestión integrada de Pontevedra e O Salnés
- Decreto 163/2011, do 28 de xullo, polo que se regula a estrutura organizativa de xestión integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.
- Decreto 193/2010, do 18 de novembro, polo que se regula a estrutura organizativa de xestión integrada de Ferrol.
- Decreto 46/2013, do 7 de marzo, polo que se regula a estrutura organizativa de xestión integrada de Vigo.
- Decreto 55/2013, do 21 de marzo, polo que se regula a estrutura organizativa de xestión integrada das áreas de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos.
- Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a axencia galega para a xestión do coñecemento en saúde.
- Decreto 142/2015, do 17 de setembro, polo que se crea a axencia de órganos, sangue e tecidos.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Dentro dos obxectivos e liñas de actuación destes programas hai que destacar:

- Continuar coa implementación de medidas que permitan garantir os obxectivos de tempos de espera xa acadados, en enfermos con sospeita de cancro ou patoloxías graves, tanto para o seu diagnóstico (vías rápidas) como para o seu tratamento (prioridade I). Desenvolver e actualizar procesos asistenciais integrados.
- Impulsar o modelo de xestión de enfermidades crónicas: A definición do Plan Galego de Atención á Cronicidade e o Proceso Asistencial Integrado do Paciente Crónico Complexo, como paso seguinte.
- Seguir consolidando as vías rápidas de atención, e seguir coa implantación das garantías de atención sanitaria (intervencións cirúrxicas, probas e consulta).
- A vixilancia, prevención e control da infección: Comisión Galega de enfermidades infecciosas e política antibiótica, Código Sepsis, Programas PROA (programas de optimización de uso de antibióticos)...
- Potenciar a telemedicina, a atención domiciliar e a atención non presencial co fin de acercar todos os recursos, tanto materiais como de recursos humanos, aos pacientes.

- Potenciar o traballo en rede, aproveitando as posibilidades das novas tecnoloxías, para maior eficiencia.
- Prestar programas sanitarios específicos con necesidades diferenciadas como son os pacientes anciáns, nenos, a muller e a saúde mental.
- Mellorar a información e o acceso dos cidadáns ao sistema sanitario de forma interactiva, potenciando os servizos a través das novas tecnoloxías de información e a comunicación e as diversas canles (teléfono, web, sms).
- Seguir incorporando novos servizos no Centro de Servizos Sanitarios Multicanle e de relación paciente-Administración Sanitaria como é o canal É-saúde.
- Facilitar información sobre educación sanitaria e prevención e promoción da saúde a través da Escola Galega de Saúde para Cidadáns, e seguir aproveitando as vantaxes que ofrecen as redes sociais para a promoción de hábitos de vida saudables, como o programa "xente con vida".
- Manter a implantación da receita electrónica en todos os centros sanitarios e a súa interoperabilidade no resto do SNS.
- Continuar cos programas de bo uso dos medicamentos, e continuar xestionando os recursos farmacoterapéuticos dispoñibles de forma eficiente, potenciando a prescrición de medicamentos xenéricos e biosimilares.
- Ampliar o programa de atención ao paciente polimedicado e seguir facilitando información aos profesionais a través da unidade de apoio á prescrición con incorporación de novos servizos.
- Continuar co programa de atención farmacéutica ás residencias de maiores e residencias de discapacitados a través do servizo de farmacia dos hospitais da rede, co apoio dos farmacéuticos de atención primaria.
- Realización de concursos de compras centralizadas de produtos sanitarios, produtos farmacéuticos, produtos non sanitarios e servizos.
- Potenciar a xestión eficiente e o uso adecuado do transporte sanitario e prestación ortoprotésica.
- Continuar cos programas de seguridade do paciente.
- Potenciar a utilización da Historia Clínica en todos os eidos de traballo e continuar incorporando novas funcionalidades.
- Aposta polas novas tecnoloxías que faciliten o traballo dos nosos profesionais e ao mesmo tempo a accesibilidade dos nosos pacientes.
- Renovar e modernizar as infraestruturas sanitarias, de xeito sostible e no menor tempo posible, para mellorar a asistencia prestada aos cidadáns e o contorno de traballo dos profesionais.
- Seguir incorporando equipamento tecnolóxico punteiro e modernizar ou renovar as infraestruturas sanitarias (tanto Centros de Saúde como Hospitais).

- Continuar coa integración dos valores sociais, medioambientais e de sustentabilidade económica de acordo cos criterios xerais internacionais, seguir mellorando a cualificación enerxética dos edificios, e potenciando o uso de enerxías renovables, alumado máis eficiente, mellora das envolventes de edificios e aproveitar os recursos naturais como a biomasa.

É dicir, seguir xestionando de forma rigorosa e eficiente en todos os eidos para realizar investimento nos servizos e prestación que melloran a saúde e calidade de vida dos pacientes.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

En xeral, as persoas beneficiarias deste programa é a totalidade da poboación.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE

APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesional e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU

PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Toda a sociedade.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Servizo Galego de Saúde:

5001 Servizos Centrais

1501 Estrutura de Xestión Integrada da Coruña.

1505 Estrutura de Xestión Integrada de Ferrol.

1571 Estrutura de Xestión Integrada de Santiago de Compostela.

2701 Estrutura de Xestión Integrada de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos

3201 Estrutura de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras

3601 Estrutura de Xestión Integrada de Vigo

3603 Estrutura de Xestión Integrada de Pontevedra e o Salnés

Fundación Pública Urxencias Sanitarias 06 I

Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía

Fundación Pública de Medicina Xenómica

Axencia Galega do Sangue, Órganos e Tecidos

Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios.

III.1.3. PROGRAMA 413A - PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE PÚBLICA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O programa de Promoción e Protección da Saúde ten como obxectivo fundamental mellorar a saúde da poboación diminuíndo a incidencia e a carga das enfermidades a través da identificación dos factores protectores e de risco e incidindo sobre os axentes sociais para que estes actúen no sentido de favorecer ou diminuír, respectivamente, estes factores. Para todo isto impulsaranse accións de asesoramento, información, formación, vixilancia e control, sanción e elaboración de normativa de protección da saúde. É tamén o programa soporte dos servizos administrativos das xefaturas territoriais da Consellería de Sanidade.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Mellorar a saúde da poboación diminuíndo a incidencia e a carga das enfermidades a través da identificación dos factores protectores e de risco, e a promoción de hábitos e estilos de vida saudables así como o desenvolvemento de actividades de avaliación de tecnoloxías no marco da Rede Española de Axencias de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias e Prestacións do Sistema Nacional de Saúde.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa ten carácter universal, pois as actividades que se financian a través del van dirixidas ao total da poboación galega.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A Dirección Xeral de Saúde Pública ten como obxectivo fundamental mellorar a saúde da poboación de Galicia, diminuíndo a incidencia e a carga das enfermidades a través da identificación dos factores protectores e de risco e incidindo sobre os axentes sociais para que estes actúen no sentido de favorecer ou diminuír, respectivamente, estes factores.

Para isto, é preciso continuar co mantemento e actualización dos programas que se veñen levando a cabo, nos ámbitos da promoción de estilos de vida saudable, da prevención de enfermidades transmisibles, dos programas de cribado, dos programas de seguridade alimentaria, sanidade ambiental e protección radiolóxica e dos programas de vixilancia epidemiolóxica.

Relación dos principais problemas ou carencias que se teñen que afrontar:

- É necesario fortalecer as infraestruturas para poder expandir o programa de detección precoz de cancro colorectal á poboación de toda a comunidade autónoma.
- É preciso reforzar os programas de protección e promoción da saúde, en particular con aqueles orientados á prevención das enfermidades crónicas e os seus determinantes, con especial fincapé nos estilos de vida saudables.
- Actuar sobre os problemas de saúde que ocasiona o consumo de alcohol en menores.
- Son necesarias melloras no programa de detección de metabolopatías para mellorar a súa calidade.
- É necesario desenvolver un novo sistema de vixilancia entomolóxica para responder os retos que a introdución de novos vectores de enfermidades poden orixinar á poboación galega.

A situación á que se quere chegar é a seguinte:

- Manter e actualizar os programas de protección e promoción da saúde que se veñen levando a cabo:

- Programas de vacinación, de control de tuberculose e de prevención das infeccións de transmisión sexual, incluíndo o VIH/SIDA.
 - Programas de promoción de estilos de vida saudable, como eixe da loita contra as enfermidades crónicas.
- Mantemento e mellora da eficiencia e a efectividade dos programas de seguridade alimentaria, sanidade ambiental e protección radiolóxica, cunha adaptación constante aos cambios normativos e ás esixencias establecidas nos Órganos de consenso a nivel nacional e europeo.
- Mellora e constante actualización da carteira de servizos do Laboratorio de Saúde Pública de Galicia como soporte esencial aos programas de control oficial en materia de seguridade alimentaria, sanidade ambiental e investigación de abrochos.
- Programa de sistema de Información de Saúde Pública.
- Intervir sobre o consumo de alcohol en menores, de actuacións intersectoriais que impliquen a todos os actores que poidan influír de xeito directo ou indirecto, con especial fincapé na prevención no ámbito familiar.
- Realización da enquisa quinquenal de saúde bucodental, seguindo as indicacións da Organización Mundial da Saúde (OMS), para monitorizar a evolución dos índices do estado de saúde bucodental dos escolares de 6 e 12 anos de Galicia, cara a consecución dos obxectivos OMS 2020.
- Manter a cobertura dos programas poboacionais de cribado, ampliando a cobertura do programa de detección precoz de cancro colorectal a toda a poboación da Comunidade Autónoma.
- Necesidade de mantemento e impulso da rede de aerobioloxía de Galicia, como pilar básico para un mellor diagnóstico e tratamento da alerxia, así como unha ferramenta básica no eido da prevención.
- Programa de Vixilancia Entomolóxica para detección e seguimento de vectores posibles transmisores de novas enfermidades como a Febre do Nilo, o Chikungunya, a Zica, a Febre Hemorráxica de Crimea Congo, ...
- Fomentar e impulsar estratexias encamiñadas a diminuír a exposición da poboación ao radon.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei Orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de Saúde Pública.
- Lei 33/2011, do 4 de outubro, Xeral de Saúde Pública.
- Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.
- Lei 2/1996, do 8 de maio, de Galicia, sobre Drogas.
- Lei 11/2010, do 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.

- Decreto 41/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade.
- Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde
- Regulamento CE 882/2004, do Parlamento Europeo e do Consello do 29 de abril de 2004 sobre os controis oficiais efectuados para garantir a verificación do cumprimento da lexislación en materia de pensos e alimentos e a normativa sobre saúde animal e benestar animal.
- Regulamento CE 854/2004 do Parlamento Europeo e do Consello do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas para a organización de controis oficiais dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A Dirección Xeral de Saúde Pública é o centro directivo encargado da promoción e protección da saúde da poboación galega. A Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, ACIS, é a entidade instrumental responsable do desenvolvemento das estratexias de avaliación de tecnoloxías.

As principais actividades nestes ámbitos de actuación son as seguintes:

- A promoción de estilos de vida saudables e a realización de actividades de prevención e control de enfermidades non transmisibles.
- O fomento de actividades de prevención e control de trastornos aditivos e, en xeral, o desenvolvemento do plan neste ámbito.
- A detección precoz de enfermidades mediante os programas de cribado aprobados e financiados.
- A xestión dos sistemas de información da Saúde Pública e a vixilancia e control mediante a coordinación do Sistema de Alerta Epidemiolóxica de Galicia.
- O fomento de actividades de prevención e control das enfermidades transmisibles, incluíndo a estratexia fronte á infección polo VIH/SIDA.
- As actividades programadas e financiadas do programa galego de vacinacións.
- As actividades de protección da saúde fronte aos riscos asociados ao consumo de alimentos e o seguimento da Rede de Alerta Alimentaria.
- As actividades de protección da saúde fronte aos riscos ambientais específicos.
- O exercicio das funcións de protección radiolóxica.
- A coordinación e control da rede de laboratorios de saúde pública.
- A coordinación e apoio nos diferentes ámbitos da xestión ás unidades centrais e periféricas que conforman a área de saúde pública.

Dentro do ámbito do Servizo Galego de Saúde as finalidades deste programa son as seguintes:

- Actividades correspondentes ao Plan de loita contra as drogodependencias, mellorando e ampliando os recursos de incorporación social de drogodependentes, e reforzando a rede asistencial de drogodependencias.
- Mellorar a eficiencia dos recursos socio sanitarios para aqueles enfermos xeralmente crónicos que polas súas características se beneficien de actuacións sinérxicas para aumentar a súa autonomía, paliar as súas limitacións e facilitar a súa reinserción social e laboral.
- Atención á saúde mental desenvolvendo programas de trastorno mental grave destinados á atención integral do paciente desde as fases precoces, desenvolvendo os programas de psicoxeriatría e potenciando a investigación en saúde mental.
- Establecer unha completa coordinación e circuitos cos outros niveis asistenciais e integración funcional completa das redes de asistencia a patoloxías mentais e a trastornos aditivos de igual forma que se presta atención dende o SERGAS aos outros trastornos da saúde.
- Completar o mapa de recursos asistenciais e de reinsertión social de acordo cos plans estratéxicos.
- Integrar dentro da rede do Servizo Galego de Saúde a prestación da asistencia sanitaria e consulta aos enfermos con estas patoloxías.
- Coordinar a través da atención pública mediante convenios, concertos ou outro tipo de relación xurídica con outras entidades, as prestacións de atencións de media ou longa estancia de pacientes crónicos.
- Fomentar a formación dos profesionais sanitarios nestas patoloxías.
- Impulsar estudos para detectar carencias e necesidades de abordaxe terapéutico e de recursos para mellorar a atención sanitaria a estes pacientes
- Impulsar o desenvolvemento da atención sociosanitaria, a través do desenvolvemento do plan estratéxico e en coordinación cos servizos sociais.
- Establecer unha completa e axeitada coordinación entre todos os recursos sociais que atenden a colectivos de perfil sociosanitario e os recursos sanitarios.
- Definir e optimizar os recursos sociosanitarios actualmente dispoñibles.
- Homoxeneizar a continuidade de coidados nos doentes de perfil sociosanitario institucionalizados e non institucionalizados.
- Impulsar o uso das novas tecnoloxías na coordinación asistencial e de coidados nos doentes de perfil sociosanitario, e como medio de comunicación cos pacientes e para prestar novos servizos.
- A avaliación das prestacións sanitarias para o seu financiamento polo SNS, e a avaliación de novos procedementos e técnicas para a súa incorporación á rede pública sanitaria.

- A avaliación de tecnoloxías sanitarias antes da súa introdución.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

En xeral os beneficiarios deste programa son todos os galegos e galegas. Se ben é certo que algunhas actividades poden ter un impacto diferente en homes e mulleres, e nos distintos grupos de idade. Por exemplo a vacina do virus do papiloma humano adminístrase nas nenas aos 12 anos; o cribado de cancro de mama realízase en mulleres entre 50 e 69 anos, e o cribado de cancro de colon nas persoas entre 50 e 69 anos.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	

Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Programa dirixido en xeral a toda a sociedade.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Consellería de Sanidade:

I 101 Secretaria Xeral Técnica

I 102 Dirección Xeral de Saúde Pública
Xefaturas Territoriais

Servizo Galego de Saúde:

5001 Servizos Centrais.

III.1.4. PROGRAMA 414A - FORMACIÓN DE GRADUADOS E POSTGRADUADOS: A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Este programa comprende o conxunto de actividades dirixidas a actualizar os coñecementos dos profesionais sanitarios, así como desenvolver os plans de formación dos futuros especialistas.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa comprende o conxunto de actividades dirixidas a:

- Actualizar os coñecementos e habilidades dos profesionais do sistema sanitario, no aspecto asistencial, preventivo e de xestión.
- Desenvolver un plan de excelencia na formación sanitaria especializada que articule, coordine, impulse e execute iniciativas encamiñadas a mellorar a aprendizaxe dos futuros especialistas.
- Colaborar co sistema educativo tanto nos niveis preuniversitarios como universitarios e posgraduado, na formación dos seus alumnos nos centros do Servizo Galego de Saúde.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Dende o punto de vista asistencial, este programa ten carácter universal, pois as actividades que se financian a través del van dirixidas á consecución de obxectivos xerais que redundan no benestar da poboación protexida polo Sistema de Saúde; porén, o colectivo ao que se dirixen as actividades formativas, é o conxunto dos profesionais sanitarios que realizan o seu labor asistencial no SERGAS.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A Estratexia Sergas 2020, contén unha análise de situación da asistencia sanitaria, identificando oportunidades de mellora en distintos ámbitos. No ámbito dos profesionais e da formación especializada destacar:

- Contar cun modelo integral de xestión do coñecemento baixo unha plataforma tecnolóxica que permita identificar expertos en áreas específicas e compartir o coñecemento e contidos xerados en beneficio de toda a organización.

- Potenciar a motivación dos profesionais e implementar canles de comunicación interna.
- Fomentar un sistema de xestión de coñecemento en investigación sanitaria que permita recompilar a información e compartir o coñecemento xerado por todos os grupos de investigación da organización.
- Establecer novos procedementos para a ordenación, desenvolvemento e avaliación da docencia práctica de grao impartida nos centros sanitarios, que favorezan o desenvolvemento da incorporación das estruturas académicas españolas ao Espazo Europeo de Educación Superior.
- Fomentar e apoiar a formación MIR complementaria e común a todas as especialidades co fin de acadar unha maior calidade na asistencia prestada.
- Facilitar o desenvolvemento e promoción profesional cun sistema de xestión de competencias baseado na formación, avaliación e no recoñecemento profesional.
- Contar con equipos directivos e de xestión profesionais e cos mellores coñecementos e habilidades neste ámbito.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 16/2003, do 28 maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde.
- Lei 44/2003, do 21 novembro, de ordenación das profesións sanitarias.
- Estratexia Sergas 2020.
- Real Decreto 1142/2007, do 31 de agosto, polo que se determina a composición e funcións da Comisión de Formación Continuada das Profesións Sanitarias e se regula o sistema de acreditación da formación continua.
- Decreto 8/2000, do 7 de xaneiro, polo que se regula a organización do sistema acreditador da formación continuada dos profesionais sanitarios na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 13 de novembro de 2007 pola que se establece o procedemento para tramitación e xestión das solicitudes de formación práctica de alumnas/os de universidades non pertencentes ao sistema universitario de Galicia en centros asistenciais adscritos ao Servizo Galego de Saúde.
- Resolución do 5 abril 2006, da Dirección Xeral de Traballo, sobre Formación Profesional Continua.
- Real Decreto 183/2008, do 8 de febreiro, polo que se determinan e clasifican as especialidades en Ciencias da Saúde e se desenvolven determinados aspectos do sistema de formación sanitaria especializada.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Na aposta por un novo modelo produtivo baseado na economía do coñecemento e innovación, o Servizo Galego de Saúde inviste en novas plataformas que ademais de xestionar programas e itinerarios formativos xestionen a transferencia do coñecemento depositado no

conxunto dos profesionais, e actúen como elementos de comunicación, identificación, participación e motivación dos profesionais.

No ámbito da formación de profesionais sanitarios, realizaranse as seguintes actuacións:

- Desenvolver un plan de excelencia na formación sanitaria especializada que articule, coordine, impulse e execute iniciativas encamiñadas a mellorar a aprendizaxe dos futuros especialistas.
- Reforzar o papel das comisións docentes en todos os centros para mellorar a formación sanitaria especializada, co fin de acadar a excelencia docente e ser cada vez máis atractivos para a formación de especialistas. coordinar e impulsar o traballo da Rede de Comisións de Docencia de Galicia (REDEGA).
- Fortalecer a figura do titor de formación sanitaria especializada. Desenvolver un modelo de xestión da calidade docente.
- Analizar e avaliar as necesidades de especialistas na nosa comunidade autónoma co fin de adecuar cada vez máis a oferta e a demanda.
- Seguir traballando na elaboración dun Plan de Formación Continuada orientado tanto ás necesidades estratéxicas da organización coma ás demandas dos profesionais, para adaptar e mellorar as súas competencias.
- Axilizar e simplificar o sistema de detección e análise de necesidades formativas.
- Mellorar e estender o proceso de auditorías in situ das actividades docentes acreditadas.
- Avaliar as ofertas de formación continuada co fin de que cada vez máis se adapten ás necesidades da organización e ás expectativas dos traballadores.
- Manter a colaboración e cooperación coas universidades para o desenvolvemento das súas titulacións a través dos correspondentes concertos e convenios.
- Seguir favorecendo os novos ámbitos de aprendizaxe e potenciar as novas metodoloxías docentes, aproveitando as TICs: ámbitos virtuais, teleformación, simulación médica. O fin último é aumentar e garantir a seguridade dos pacientes, por medio da sistematización do adestramento dos profesionais, homoxeneizando criterios de valoración, para optimizar a transferencia do coñecemento á habilidade.
- Seguir desenvolvendo estratexias de formación de formadores.
- Proporcionar formación de calidade en xestión sanitaria a través da escola de directivos.
- Facilitar a difusión a toda a organización das mellores prácticas, a través de programas como o Divulga.
- Impulsar a Rede de Capacitación e Entrenamento Sanitario (RED CASA).
- Impulsar novas dinámicas de innovación educativa.

ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Os programas de formación van dirixidos a acadar a excelencia nos profesionais, independentemente do xénero. Se ben é certo que se fomenta a participación igualitaria nas distintas actividades de formación postas en marcha.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X

Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Toda a sociedade.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Servizo Galego de Saúde

5001 Servizos Centrais

1501 Estrutura de Xestión Integrada da Coruña.

1505 Estrutura de Xestión Integrada de Ferrol.

- 1571 Estrutura de Xestión Integrada de Santiago de Compostela.
- 2701 Estrutura de Xestión Integrada de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos
- 3201 Estrutura de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras
- 3601 Estrutura de Xestión Integrada de Vigo
- 3603 Estrutura de Xestión Integrada de Pontevedra e o Salnés

III.1.5. PROGRAMA 561C - INVESTIGACIÓN SANITARIA :

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa ten como finalidade xenérica facilitar a investigación e a innovación no ámbito sanitario, e o desenvolvemento de criterios, procedementos e sistemas de xestión que ordenen os recursos dedicados á I+D+i en saúde do Sistema Sanitario Público cara a excelencia científica para a mellora da saúde dos cidadáns, cun importante foco na transferencia do coñecemento á sociedade.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa ten carácter universal, pois está dirixido á consecución de obxectivos xerais que redundan no benestar da poboación protexida polo Sistema Público de Saúde de Galicia. As actividades que se realizan e financian no marco do programa desenvólvense a través do traballo conxunto coas estruturas de xestión e apoio aos grupos e entidades de investigación.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A Estratexia 2020 contén unha análise de situación da asistencia sanitaria, identificando fortalezas e oportunidades de mellora en distintos ámbitos. O Servizo Galego de Saúde conta con magníficos profesionais e grupos no ámbito da investigación biomédica, con traxectoria acreditada, polo que se quere reforzar a coordinación entre as estruturas e organizacións relacionadas, en particular os tres Institutos de Investigación Sanitaria de Galicia.

É preciso seguir a desenvolver un modelo de investigación e innovación aberto á participación dos profesionais e no que converxan catro axentes principais: as persoas usuarias, os centros xeradores de coñecemento (institutos de investigación sanitaria, universidades e outros organismos públicos de investigación), as empresas biosanitarias e o Servizo Galego de Saúde.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

- Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.
- Estratexia Sergas 2020
- Plan de Saúde da Consellería de Sanidade (en fase análise previa)
- Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia RIS3
- Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia.
- Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Dentro dos obxectivos e liñas de actuación deste programa, cabe destacar:

- Orientar as políticas e actividades de I+D+i cara á resolución dos problemas de saúde que afectan á poboación galega.
- Identificar e definir liñas prioritarias de investigación, potenciando a investigación traslacional.
- Impulsar o Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, o Instituto de Investigación Sanitaria de A Coruña, e o Instituto de investigación sanitaria Galicia Sur, fomentando o seu traballo en rede como elemento para a captación de recursos.
- Promover o desenvolvemento de redes de investigación e grupos colaboradores multidisciplinares e facilitar a agregación para mellorar a competitividade.
- Potenciar as tres Fundacións de xestión da investigación sanitaria, que coinciden cos tres campus e os tres Institutos de Investigación.
- Seguir potenciando a biblioteca virtual Bibliosaúde como ferramenta na xestión de coñecemento no Sistema Sanitario Público de Galicia. Colaborar na posta en marcha do repositorio do Sistema Sanitario Público de Galicia (RUNA) e participar en repositorios nacionais (CVN) e internacionais (ORCID).
- Ordenar e coordinar aos distintos axentes de investigación sanitaria. Manter un marco fluído e aberto de relacións cos axentes externos de investigación sanitaria (universidade, centros sanitarios, e empresas). Aliñar esforzos coas nosas necesidades de saúde e do sistema sanitario, tendo presente os retos definidos na Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia, RIS3.
- Potenciar a Plataforma de Innovación e a súa Rede de Nodos de Innovación como canle para recibir, avaliar e impulsar de forma estruturada dentro do sistema as iniciativas innovadoras xurdidas dos nosos profesionais, e articular un sistema integral de xestión destas iniciativas, focalizado nos problemas de saúde dos cidadáns, así como un espazo de encontro onde converxan usuarios, centros xeradores de coñecemento, empresas e o Servizo Galego de Saúde.
- Colaborar coas asociacións empresariais do ámbito biosanitario, coo BIOGA e o Clúster da Saúde, para contribuír ao incremento do tecido empresarial biosanitario galego,

e aportar valor incrementando a competitividade das empresas galegas que se agrupen neste Clúster.

- Valorizar os resultados da investigación. Promover a transferencia de resultados mediante a posta en marcha de iniciativas como o programa PRIS, dirixido a dar soporte aos proxectos de investigación xurdidos dos nosos hospitais e que teñan potencialidade de chegar ao mercado. Apoiar, tanto desde o punto de vista normativo como funcional, a creación de empresas biosanitarias (spin-off), o desenvolvemento de patentes e demais accións emprendedoras, como dinamizador económico de Galicia.
- Fortalecer e desenvolver o traballo en rede dos catro biobancos do Servizo Galego de Saúde autorizados con fines de investigación biomédica conforme ao RD 1716/2011, do 18 de novembro, ao resultar plataformas de apoio á investigación imprescindibles que poden actuar como nexos de unión entre doadores/as, clínicos/as e investigadores/as.
- Seguir desenvolvendo procedementos para axilizar e facilitar a investigación e a innovación na Comunidade Autónoma de Galicia dentro dos marcos ético-legais vixentes a través dunha dinámica de traballo e estrutura funcional eficiente na Xestión da Ética da Investigación. Adaptación ás futuras normativas nacionais e europeas. Dinamizar a xestión administrativa dos estudos de investigación a través de ferramentas telemáticas.
- Desenvolver unha dinámica de traballo en rede entre os tres Comités Territoriais de Ética da Investigación, Coruña-Ferrol, Santiago-Lugo e Pontevedra-Vigo-Ourense eles, e co Comité Autonómico de Ética da Investigación (CAEI) de Galicia.
- Impulsar a Oficina de Apoio á Investigación-IDI saúde como facilitadora e provedora de servizos aos investigadores.
- Facilitar a participación da organización e dos grupos de investigación en consorcios cooperativos europeos e incrementar o financiamento dependente de convocatorias europeas.
- Desenvolver accións de fomento, recoñecemento, incentivo e apoio aos investigadores, especialmente aos emerxentes, incluíndo programas docentes de investigación.
- Facilitar o acceso aos programas de investigación máis relevantes da Unión Europea e ás axencias financiadoras a nivel nacional e internacional, a través do establecemento de redes galegas estables e sostibles a longo prazo para a investigación. En particular, impulsar a participación e competitividade dos nosos grupos e profesionais no marco do programa H2020.
- Promover a participación a coordinación do Sistema Público de Saúde de Galicia en programas de investigación e innovación internacionais, en particular mediante a coordinación de proxectos de especial valor engadido para a nosa Comunidade.
- Continuar colaborando no desenvolvemento da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia RIS3, en particular no seu Reto 3 “Novo modelo de vida saudable cimentado no envellecemento activo da poboación”.

- Potenciar proxectos de innovación a través de Compra Pública Innovadora, como o Plan de Innovación Código 100, dirixido a mellorar a asistencia sanitaria á poboación envellecida.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Os programas de investigación van dirixidos a acadar a excelencia nos profesionais e mellorar a calidade dos servizos que prestan, independentemente do xénero. Ademais, perseguen o obxectivo de contribuír ao desenvolvemento económico e social e a creación de riqueza da nosa sociedade. Se ben é certo que se fomenta a participación igualitaria nas distintas actividades de formación postas en marcha.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
--	--

Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Toda a sociedade.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Servizo Galego de Saúde:

5001 Servizos Centrais

1501 Estrutura de Xestión Integrada da Coruña

1505 Estrutura de Xestión Integrada de Ferrol.

1571 Estrutura de Xestión Integrada de Santiago de Compostela

2701 Estrutura de Xestión Integrada de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos

3201 Estrutura de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras

3601 Estrutura de Xestión Integrada de Vigo

3603 Estrutura de Xestión Integrada de Pontevedra e o Salnés

IV. CADROS DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Programa: 411A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE SANIDADE	
Eixe: E2 - Benestar das persoas e as familias e cohesión social	
Prioridade de Actuación: PA01 - Sistema sanitario sustentable e de calidade. Fomento da saúde pública e dos hábitos de vida saudables	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Promover a atención integral adaptada ás necesidades dos e das pacientes, familiares e cuidadores/as.	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI10 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Fomentar a promoción da saúde e a prevención da enfermidade	
0002 - Xestionar os recursos asistenciais para dar resposta ás necesidades da cidadanía en tempo e forma	
0008 - Formación e docencia.	
0009 - Investigación, innovación e transferencia de resultados	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E03 - Xerar as condicións necesarias para conseguir profesionais comprometidos/as e coidados/as pola organización, utilizando as vantaxes das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) e desenvolvendo uns sistemas de información que faciliten a práctica clínica e a toma de decisións.	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0001 - Desenvolvemento, soporte, mantemento e implantación da infraestrutura TIC e os sistemas de información do SERGAS	
Indicador	Valor Previsto
DOE019 - Poboación beneficiada por servizos dixitais de xestión patoloxías crónicas ou outros servizos específicos na área de e-s	780.000
P00129 - Número de e-interconsultas	97.888
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E04 - Xestión eficiente que contribúa á sustentabilidade do sistema sanitario.	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI02 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: I01 - Garantir o funcionamento operativo dos servizos administrativos do sistema sanitario de Galicia.	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI02 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Garantir o funcionamento operativo dos servizos administrativos do sistema sanitario de Galicia	
Programa: 412A ATENCIÓN ESPECIALIZADA	
Eixe: E2 - Benestar das persoas e as familias e cohesión social	
Prioridade de Actuación: PA01 - Sistema sanitario sustentable e de calidade. Fomento da saúde pública e dos hábitos de vida saudables	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Promover a atención integral adaptada ás necesidades dos e das pacientes, familiares e cuidadores/as.	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI10 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
OI12 - GASTOS DE PERSOAL	
0002 - Xestionar os recursos asistenciais para dar resposta ás necesidades da cidadanía en tempo e forma	
0003 - Xestionar os recursos de atención urxente para dar resposta ás necesidades da cidadanía en tempo e forma	
0006 - Garantir a prestación de servizos no lugar e momento adecuados, cos niveis de calidade e seguridade comprometidos	
Indicador	Valor Previsto
P00121 - Número de consultas en atención hospitalaria	6.013.983
P00353 - Persoas beneficiarias de prestacións ortoprotésicas	36.832
P01004 - Número de efectivos	24.949
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E04 - Xestión eficiente que contribúa á sustentabilidade do sistema sanitario.	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI02 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

0001 - Promover o uso eficiente e responsable dos recursos	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E05 - Adecuar as infraestruturas e o equipamento sanitario ás necesidades de pacientes e profesionais	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0001 - Manter e mellorar as infraestruturas sanitarias en atención hospitalaria	
Indicador	Valor Previsto
P00163 - Centros hospitalarios construídos e/ou mellorados	39
Programa: 412B ATENCIÓN PRIMARIA	
Eixe: E2 - Benestar das persoas e as familias e cohesión social	
Prioridade de Actuación: PA01 - Sistema sanitario sustentable e de calidade. Fomento da saúde pública e dos hábitos de vida saudables	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Promover a atención integral adaptada ás necesidades dos e das pacientes, familiares e cuidadores/as.	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0I10 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0I12 - GASTOS DE PERSOAL	
0002 - Xestionar os recursos asistenciais para dar resposta ás necesidades da cidadanía en tempo e forma	
0007 - Integración sanitaria da saúde mental e trastornos aditivos e desenvolvemento da coordinación sociosanitaria	
Indicador	Valor Previsto
P00122 - Número de consultas en atención primaria	26.809.182
P01004 - Número de efectivos	8.419
P402.H - Persoas beneficiarias de programas de atención á drogodependencia e á saúde mental. Homes	709
P402.M - Persoas beneficiarias de programas de atención á drogodependencia e á saúde mental. Mulleres	547
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E04 - Xestión eficiente que contribúa á sustentabilidade do sistema sanitario.	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0I02 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Promover o uso eficiente e responsable dos recursos	
Indicador	Valor Previsto
P00071 - Custe medio por receita	14
P01003 - Número de receitas dispensadas	61.948.524
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E05 - Adecuar as infraestruturas e o equipamento sanitario ás necesidades de pacientes e profesionais	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0002 - Manter e mellorar as infraestruturas sanitarias en atención primaria	
Indicador	Valor Previsto
P00162 - Centros de saúde construídos e/ou mellorados	33
Programa: 413A PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE PÚBLICA	
Eixe: E2 - Benestar das persoas e as familias e cohesión social	
Prioridade de Actuación: PA01 - Sistema sanitario sustentable e de calidade. Fomento da saúde pública e dos hábitos de vida saudables	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Promover a atención integral adaptada ás necesidades dos e das pacientes, familiares e cuidadores/as.	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0I10 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0I12 - GASTOS DE PERSOAL	
0001 - Fomentar a promoción da saúde e a prevención da enfermidade	
0002 - Xestionar os recursos asistenciais para dar resposta ás necesidades da cidadanía en tempo e forma	
0007 - Integración sanitaria da saúde mental e trastornos aditivos e desenvolvemento da coordinación sociosanitaria	
0009 - Investigación, innovación e transferencia de resultados	

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Indicador	Valor Previsto
P00005 - Número de doses administradas en menores de 15 anos	350.000
P00007 - Número de doses de vacinas administradas a persoas adultas	620.000
P00011 - Participantes no programa de cribado de cancro de colon	45
P00012 - Participantes no programa de cribado de cancro de mama	83
P01004 - Número de efectivos	953
P402.H - Persoas beneficiarias de programas de atención á drogodependencia e á saúde mental. Homes	12.948
P402.M - Persoas beneficiarias de programas de atención á drogodependencia e á saúde mental. Mulleres	3.304
P408.H - Persoas beneficiarias de programas de atención sociosanitaria. Homes	1.102
P408.M - Persoas beneficiarias de programas de atención sociosanitaria. Mulleres	401
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E04 - Xestión eficiente que contribúa á sustentabilidade do sistema sanitario.	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI02 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
Programa: 414A FORMACIÓN DE GRADUADOS E POSGRADUADOS	
Eixe: E2 - Benestar das persoas e as familias e cohesión social	
Prioridade de Actuación: PA01 - Sistema sanitario sustentable e de calidade. Fomento da saúde pública e dos hábitos de vida saudables	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Promover a atención integral adaptada ás necesidades dos e das pacientes, familiares e cuidadores/as.	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI12 - GASTOS DE PERSOAL	
0008 - Formación e docencia.	
Indicador	Valor Previsto
P01004 - Número de efectivos	1.451
Programa: 561C INVESTIGACIÓN SANITARIA	
Eixe: E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente	
Prioridade de Actuación: PA01 - Impulso da consolidación das políticas de gastos vencelladas á I+D+i. Integrar a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Potenciar a I+D+i mediante o fomento da absorción de coñecemento por parte dos profesionais e das empresas, a mobilización e atracción de capital privado para os procesos de innovación galegos, o fomento da transferencia de investigación dende os axentes de xeración, a difusión do coñecemento cara o mercado e o apoio ao descubrimento emprendedor en todos os eidos.	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI14 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0016 - Apoio da investigación no Sistema Público de Saúde de Galicia dirixida as necesidades dos e das pacientes co obxectivo de mellorar a súa atención e a transferencia dos resultados á sociedade	
Indicador	Valor Previsto
DE021H - Investigadores/ano participando en proxectos cofinanciados.(Homes)	8
DE021M - Investigadores/ano participando en proxectos cofinanciados.(Mulleres)	8

V. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos					
	01	02	80	A1	A2	Total
411A-Dirección e servizos xerais de sanidade	7.352	2.137	42.049	2.223		53.761
412A-Atención especializada			2.442.084		24.454	2.466.538
412B-Atención primaria			1.213.672			1.213.672
413A-Protección e promoción da saúde pública	12.009	49.802	11.886	605		74.302
414A-Formación de graduados e posgraduados			50.544			50.544
561C-Investigación sanitaria			1.815	803		2.618
Total	19.361	51.939	3.762.049	3.631	24.454	3.861.435

(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos							
	I	II	IV	V	VI	VII	VIII	Total
411A-Dirección e servizos xerais de sanidade	17.408	3.327	52		32.583		392	53.761
412A-Atención especializada	1.147.133	1.122.069	82.577	31.917	79.703	2.880	258	2.466.538
412B-Atención primaria	448.365	28.245	727.736		8.712	615		1.213.672
413A-Protección e promoción da saúde pública	38.400	1.403	12.904		21.594			74.302
414A-Formación de graduados e posgraduados	50.164	2			378			50.544
561C-Investigación sanitaria	1.102				1.516			2.618
Total	1.702.572	1.155.046	823.269	31.917	144.486	3.495	650	3.861.435

(Miles de Euros)

DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

01 SECRETARÍA XERAL TECNICA	2017	2018	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	15.980	16.058	0,5
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.935	1.935	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	44	44	0,0
Cap. VI - Invetimentos reais	1.077	1.325	23,0
Total	19.035	19.361	1,7

(Orzamento Modificado e Homoxeneizado 2017) (Miles de Euros)

02 D.X. DE SAÚDE PÚBLICA	2017	2018	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	29.255	29.737	1,6
Cap. IV - Transferencias correntes	1.461	1.461	0,0
Cap. VI - Invetimentos reais	20.095	20.741	3,2
Total	50.811	51.939	2,2

(Orzamento Modificado e Homoxeneizado 2017) (Miles de Euros)

80 SERVIZO GALEGO DE SAUDE	2017	2018	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.613.360	1.645.328	2,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.066.610	1.138.387	6,7
Cap. IV - Transferencias correntes	790.264	821.747	4,0
Cap. V - Fondo de continxencia	31.917	31.917	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	127.429	120.525	-5,4
Cap. VII - Transferencias de capital	4.195	3.495	-16,7
Cap. VIII - Activos financeiros	650	650	0,0
Total	3.634.426	3.762.049	3,5

(Orzamento Modificado e Homoxeneizado 2017) (Miles de Euros)

A1 AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE	2017	2018	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.501	1.739	15,9
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	647	662	2,3
Cap. IV - Transferencias correntes	8	18	119,8
Cap. VI - Investimentos reais	1.350	1.212	-10,2
Total	3.506	3.631	3,6

(Orzamento Modificado e Homoxeneizado 2017) (Miles de Euros)

A2 AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS	2017	2018	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	9.519	9.710	2,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	14.662	14.062	-4,1
Cap. VI - Investimentos reais	82	682	731,7
Total	24.262	24.454	0,8

(Orzamento Modificado e Homoxeneizado 2017) (Miles de Euros)

SERVIZOS	2017	2018	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL TECNICA	19.035	19.361	1,7
02 D.X. DE SAUDE PÚBLICA	50.811	51.939	2,2
80 SERVIZO GALEGO DE SAUDE	3.634.426	3.762.049	3,5
A1 AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE	3.506	3.631	3,6
A2 AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS	24.262	24.454	0,8
Total	3.732.041	3.861.435	3,5

(Orzamento Modificado e Homoxeneizado 2017) (Miles de Euros)

Consellería, Organismos Autónomos, Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e Axencias Públicas Autonómicas

	Consellería		00.AA , EE.CC.AA. e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2017	2018	2017	2018	2017	2018	2017	2018
Cap. I - Gastos de persoal	45.235	45.794	1.624.380	1.656.778	0	0	1.669.614	1.702.572
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.935	1.935	1.101.444	1.174.813	19.524	21.702	1.083.854	1.155.046
Cap. IV - Transferencias correntes	3.331.952	3.473.162	790.272	821.764	3.330.447	3.471.658	791.777	823.269
OPERACIÓNS CORRENTES	3.379.121	3.520.891	3.516.096	3.653.355	3.349.972	3.493.359	3.545.245	3.680.887
Cap. V - Fondo de continxencia	0	0	31.917	31.917	0	0	31.917	31.917
Cap. VI - Investimentos reais	21.173	22.067	128.861	122.419	0	0	150.034	144.486
Cap. VII - Transferencias de capital	129.923	121.977	4.195	3.495	129.923	121.977	4.195	3.495
Cap. VIII - Activos financeiros	0	0	650	650	0	0	650	650
OPERACIÓNS DE CAPITAL	151.096	144.043	165.623	158.482	129.923	121.977	186.796	180.548
Total	3.530.217	3.664.935	3.681.719	3.811.836	3.479.895	3.615.336	3.732.041	3.861.435

(Orzamento Modificado e Homoxeneizado 2017) (Miles de Euros)

Medios Persoais

Consellería de Sanidade	2018
Altos Cargos	3
Persoal Funcionario	1.036
Subgrupo A1	660
Subgrupo A2	103
Subgrupo C1	100
Subgrupo C2	158
Agrupacións profesionais	15
Persoal Laboral	148
Grupo I	23
Grupo II	2
Grupo III	48
Grupo IV	65
Grupo V	10
TOTAL	1.187

Medios Persoais

Servizo Galego de Saúde	At. pri- maria	At. espe- cia.	Serv. Xe- rais	Formación de grad. y post- grad.	Total
Altos cargos			4		4
P. Directivo	37	119			156
P. Estatutario Facultativo	2.785	4.547			7.332
P. Estatutario Sanitario non facultativo	2.635	13.460			16.095
P. de Xestión e Servizos	2.010	6.165			8.175
P. Funcionario	475	479	172		1.126
P. laboral	2	99	20		121
P. en formación				1.447	1.447
P. de cota	475	28			503
Outro persoal		52			52
TOTAL	8.419	24.949	196	1.447	35.011

Medios Persoais

Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde	2018
Persoal Funcionario	9
PERSOAL FUNCIONARIO SUBGRUPO A1	5
PERSOAL FUNCIONARIO SUBGRUPO C1	2
PERSOAL FUNCIONARIO SUBGRUPO C2	2
PERSOAL LABORAL	2
PERSOAL LABORAL GRUPO IV	1
PERSOAL LABORAL GRUPO VII	1
Outro persoal	21
TOTAL	32

Medios Persoais

Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos	2018
Persoal Funcionario	1
PERSOAL FUNCIONARIO SUBGRUPO C2	1
PERSOAL LABORAL	83
PERSOAL LABORAL GRUPO I	27
PERSOAL LABORAL GRUPO II	24
PERSOAL LABORAL GRUPO III	17
PERSOAL LABORAL GRUPO IV	6
PERSOAL LABORAL GRUPO V	9
Outro persoal	126
TOTAL	210

Entidades Públicas Empresariais, Consorcios, Sociedades Mercantís e Fundacións do Sector Público Autonómico

Fundacións do sector público autonómico	Explotación	Capital
Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía	1.243	64
Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia 061	52.696	
Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica	4.234	240
Sociedades mercantís públicas autonómicas	Explotación	Capital
Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.	14.968	1.197
Total	73.142	1.501

(Miles de Euros)



CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

SECCIÓN 12

I. ESTRUCTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

I.1. ESTRUCTURA ORGÁNICA

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia ademais de aclarar, ordenar e sistematizar a estrutura do sector público autonómico trouxo consigo a introdución de medidas en orde a súa racionalización e simplificación.

É neste marco onde se aproba a estrutura orgánica da Xunta de Galicia polo Decreto 146/2016, do 13 de novembro, e se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia mediante o Decreto 177/2016, do 15 de decembro.

De acordo co isto, a Consellería de Política Social estrutúrase nos seguintes órganos:

- O/a conselleiro/a.
- Secretaría Xeral Técnica.
- Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.
- Dirección Xeral de Inclusión Social.
- Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade.
- Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

Así mesmo, queda adscrita a esta consellería a Axencia Galega de Servizos Sociais, creada polo Decreto 40/2014, do 20 de marzo.

A Axencia Galega de Servizos Sociais, configúrase como unha entidade pública instrumental pertencente ao tipo de axencias públicas autonómicas, dotada de personalidade xurídica propia e á que se lle encomenda a xestión de servizos públicos en materia de servizos sociais, de acordo co previsto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e no decreto polo que se aproban os seus estatutos.

Igualmente adscrito, e mentres non se extinga de acordo co punto 3 da Disposición Adicional Segunda do devandito Decreto 40/2014, está o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, entidade de dereito público de carácter interadministrativo constituída pola Xunta de Galicia e os concellos galegos asinantes do convenio de colaboración para a constitución do Consorcio (convenio de data 3 de xullo de 2006, DOG do 7 de xullo de 2006), así como aqueles outros concellos galegos incorporados de acordo co establecido no artigo 33 dos seus estatutos.

I.2. COMPETENCIAS

I.2.1. DA CONSELLERÍA

A estrutura orgánica da Xunta de Galicia establecida no Decreto 146/2016, do 13 de novembro, está integrada, entre outras, pola Consellería de Política Social. Esta consellería é o órgano da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que, ademais daquelas competencias e funcións establecidas pola Lei 1/1982, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, lle corresponde, de conformidade co Estatuto de autonomía e coa Constitución, propoñer e executar as directrices xerais do goberno no ámbito social.

Trátase de competencias en materia de servizos sociais, incluíndo as políticas de familia, infancia, dinamización demográfica, inclusión social, servizos comunitarios, atención ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia e as políticas de xuventude, participación e voluntariado.

O exercicio destas funcións e competencias desenvólvese a través de:

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

Exercerá as funcións e competencias establecidas na Lei 16/2010, do 17 de decembro de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en relación con todas as unidades e servizos dependentes da Consellería de Política Social, así como as que lle atribúa a normativa en vigor e as que lle sexan encomendadas por delegación da persoa titular da consellería.

En particular exercerá as competencias mencionadas na Orde do 3 de marzo de 2016 sobre delegación de competencias nos órganos de dirección e nos/nas xefes/as das xefaturas territoriais desta consellería.

A título singular pódense sinalar as seguintes:

- Coordinar, baixo a dirección da persoa titular da consellería, os programas e actuacións das diferentes direccións xerais e entes do sector público adscritos á consellería e actuar como órgano de comunicación coas demais consellerías.
- Dirixir e xestionar os servizos comúns da Consellería e velar pola organización, simplificación e racionalización administrativa.
- Exercer as funcións relativas ao rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais, o réxime de control, inspección, acreditación e sancionador, de ser o caso, así como a súa coordinación cos demais órganos e coas xefaturas territoriais en aplicación e de conformidade coa Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia; coa Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia; coa Lei 3/2011 do 30 de xuño de apoio á familia

e á convivencia de Galicia; as normas de accesibilidade e supresión de barreiras e demais normas de aplicación, sen prexuízo das encomendadas aos órganos da Xunta de Galicia competentes en materia de avaliación e reforma administrativa.

- As que lle atribúa a normativa en vigor e as que lle sexan encomendadas por delegación.
- Aquelas outras desenvolvidas polos órganos que constitúen a súa estrutura e que veñen definidas no Decreto 176/2015 mencionado.

DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA

Correspóndelle á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica o deseño, a coordinación, a avaliación e a xestión do conxunto das políticas da Consellería de Política Social en materia de familia, infancia e dinamización demográfica.

En relación coa Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia correspóndelle deseñar, promover e desenvolver políticas públicas de apoio ás familias que contribúan ao seu benestar, de xeito que se garantan a súa protección económica e social e a igualdade de oportunidades para os seus membros, ao tempo que promovan a igualdade de xénero e a solidariedade interxeracional. Correspóndelle igualmente a promoción e defensa dos dereitos da infancia, así como cantas actuacións de prevención de situacións de risco ou de desamparo lles poidan afectar. Esta garantía de dereitos tamén abrangue ás e aos menores infractores, aplicándoseles a Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.

Tamén ten atribuídas as competencias derivadas da Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar co obxectivo de que se cree un marco adecuado de convivencia no seo da unidade familiar.

Neste eido corresponderanlle as seguintes funcións:

- Exercer as políticas autonómicas en materia de acción social de apoio á familia, á infancia e adolescencia, segundo o disposto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, e na Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar.
- Protexer e tutelar as persoas menores en situación de risco ou desamparo e executar as medidas ditadas polos xulgados de menores, nos termos establecidos na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.
- Exercer as políticas destinadas a favorecer e impulsar o crecemento demográfico, a renovación xeracional e a reverter o envellecemento poboacional.
- Promover e adoptar as medidas que aseguren a conciliación da vida persoal, familiar e laboral como medio para garantir un ambiente favorable para a creación e o libre desenvolvemento das familias.

- Elaborar as propostas normativas no ámbito da familia, infancia e adolescencia e para o desenvolvemento normativo da Lei 3/2011, do 30 de xuño, da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e da Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar.
- Exercer a potestade sancionadora no ámbito das súas competencias, de conformidade coa normativa de aplicación.
- Elaborar o anteproxecto do orzamento e da memoria de funcionamento do órgano, así como a súa xestión, seguimento e avaliación.
- Elaborar as estatísticas nas materias da súa competencia.
- O seguimento da xestión da Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas-Funga.

DIRECCIÓN XERAL DE INCLUSIÓN SOCIAL

A Dirección Xeral de Inclusión Social, órgano de dirección da Consellería de Política Social, corresponderanlle as seguintes funcións:

- Exercer as políticas autonómicas en materia de servizos sociais, inclusión social e inmigración, segundo o disposto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- Impulsar o deseño, a coordinación, a avaliación e a xestión das políticas da Xunta de Galicia en materia de benestar social, inclusión social, inmigración e servizos sociais comunitarios de Galicia.
- Elaborar as propostas normativas no ámbito dos servizos sociais, inmigración e inclusión social e para o desenvolvemento normativo da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- Coordinar o funcionamento dos órganos colexiados de asesoramento e participación nas materias de competencia da Dirección Xeral.
- Exercer a potestade sancionadora no ámbito das súas competencias, de conformidade coa normativa de aplicación.
- Elaborar o anteproxecto do orzamento e a memoria de funcionamento do órgano, así como a súa xestión, seguimento e avaliación.
- Elaborar as estatísticas nas materias da súa competencia.

DIRECCIÓN XERAL DE MAIORES E PERSOAS CON DISCAPACIDADE

Á Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade correspóndelle dirixir, controlar, exercer e supervisar as políticas da Consellería de Política Social en materia de benestar destinadas á atención das persoas maiores, ás persoas con discapacidade e persoas dependentes en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de

dependencia, así coma planificar, coordinar, avaliar e xestionar as políticas da Xunta de Galicia en materia de benestar social.

Tendo en conta a necesidade dunha aposta pola innovación en materia social, á Dirección tamén lle corresponden as competencias relativas á planificación das políticas da Dirección Xeral nas materias de innovación tecnolóxica e investigación e innovación na xestión dos programas e servizos sociais, así como a iniciativa da proposta normativa nesta materia, a coordinación das iniciativas de I+D+i no ámbito das TIC sociais e a supervisión da/s plataforma/s tecnolóxica/s que dean soporte a estas actividades dentro do sistema de servizos sociais, sen prexuízo das que lle correspondan a outros órganos.

Por último tamén está na esfera competencial desta dirección, a xestión e coordinación do funcionamento dos órganos colexiados de asesoramento e participación en materia de benestar social, nas competencias asumidas pola mesma.

DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO

Á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado corresponderanlle as seguintes funcións:

- A xestión das actuacións en materia de xuventude, así como as políticas xuvenís de carácter interdepartamental e de apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil.
- A planificación en materia de xuventude, especialmente a través do Plan estratéxico de xuventude de Galicia, así como a coordinación na elaboración, execución e avaliación das políticas transversais de xuventude.
- O fomento da participación da xuventude na vida social, especialmente mediante o asociacionismo xuvenil e a participación no Consello Asesor e consultivo da Xuventude de Galicia.
- A coordinación e a supervisión do funcionamento das instalacións xuvenís, tanto as propias da consellería como as dependentes doutras entidades, e a prestación da asistencia técnica necesaria para dar un servizo de calidade.
- O fomento da mobilidade xuvenil e dos intercambios xuvenís, tanto no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia como no resto do Estado e no ámbito internacional.
- A organización e o funcionamento do Instituto da Xuventude de Galicia e, no seo deste, da Escola Galega de Xuventude.
- O seguimento na xestión da Rede galega de información xuvenil e a súa promoción e desenvolvemento, en coordinación cos centros de información da Administración Xeral do Estado e das comunidades autónomas, velando pola prestación dun servizo innovador e de calidade.

- A coordinación das funcións informativas e de documentación dos servizos da Rede galega de información xuvenil e a coordinación dos servizos prestados na Rede galega de centros de xuventude. Espazo Xove.
- A xestión do rexistro autonómico das entidades xuvenís, nos termos que establece a Lei 6/2012, de xuventude de Galicia, e todas aquelas actuacións que se deriven da aplicación da citada lei.
- A dirección e xestión das actuacións en materia de voluntariado, a elaboración e o seguimento dos instrumentos de planificación, de rexistro, da xestión dos órganos Colexiados e todas aquelas actuacións en aplicación da Lei galega 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria.
- A elaboración do anteproxecto de orzamento e a memoria de funcionamento correspondente ao órgano, así como a súa xestión, seguimento e avaliación

I.2.2. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS

A Axencia Galega de Servizos Sociais, creada polo Decreto 40/2014, do 20 de marzo, é unha entidade pública instrumental pertencente ao tipo de axencias públicas autonómicas, de conformidade coa autorización contida no artigo 34.1 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, así como da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, así mesmo, e de conformidade co establecido no artigo 47 e seguintes da dita Lei 16/2010, do 17 de decembro.

Para o cumprimento dos seus fins a Axencia Galega de Servizos Sociais está dotada de personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesouraría propios e autonomía de xestión, e facultada para exercer as potestades administrativas necesarias para o cumprimento dos seus obxectivos e funcións no ámbito dos programas correspondentes ás políticas públicas da Comunidade Autónoma de Galicia nas materias propias da súa competencia, así como respecto de todas aquelas actividades e funcións que correspondan a ela mesma, agás a potestade expropiadora.

Á Axencia Galega de Servizos Sociais, como axencia pública autonómica encoméndaselle, en réxime de descentralización funcional e xestión por obxectivos, a xestión de servizos públicos en materia de servizos sociais, de acordo co previsto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, e no decreto polo que se aproban os seus estatutos.

A Axencia exercerá as seguintes funcións:

- Acadar un aproveitamento óptimo e a racionalización no emprego dos recursos dedicados aos servizos sociais, asegurando o maior nivel de eficacia e eficiencia na xestión e prestación deles.

- Velar pola plena efectividade do principio de responsabilidade pública na prestación dos servizos sociais.
- Xestionar equipos, prestacións económicas, programas e servizos sociais de competencia autonómica.
- Coordinar o exercicio das actuacións públicas e privadas en materia de servizos sociais, promovendo o establecemento de convenios, concertos ou calquera outra fórmula de coordinación ou cooperación que permita unha utilización óptima e racional.

Segundo o apartado 3 da disposición adicional primeira do Decreto 40/2014, do 20 de marzo, a Axencia Galega de Servizos Sociais asumiu, desde a súa posta en funcionamento, as competencias atribuídas en materia de xestión de escolas infantís á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica (antiga Dirección Xeral de Familia e Inclusión), subrogándose en todas as relacións xurídicas, bens, dereitos e obrigas derivados do exercicio das ditas competencias.

I.2.3. DOS CONSORCIOS AUTONÓMICOS

CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E DE BENESTAR

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ten como misión primordial, segundo o artigo 6º dos seus Estatutos, a participación na dirección, avaliación e control da xestión dos servizos sociais de ámbito local, con especial atención na xestión integral das escolas infantís e na atención educativa e asistencial aos nenos e nenas menores de tres anos na forma de recursos, equipamentos, proxectos, programas e prestacións, e no ámbito territorial dos municipios que o compoñen, co obxecto de:

- Garantir o acceso de todos os galegos e galegas a uns servizos sociais públicos de calidade, a través dunha oferta de recursos suficiente e equilibrada territorialmente, que contribúa a reforzar a igualdade de oportunidades na utilización da rede social de atención.
- Incrementar de xeito notable a cobertura, intensidade e horario de atención dos distintos servizos e prestacións.
- Contribuír á mellora das condicións de vida e sociais das persoas que presentan especiais necesidades de protección social nos concellos galegos, ao respecto da súa autonomía persoal, e calidade de vida persoal, familiar e de grupo. Na mesma liña, prestarase especial atención ás familias que asumen tarefas de atención e coidado.
- Proceder a unha efectiva distribución dos servizos e prestacións a fin de dar resposta ás necesidades reais da poboación, asignando equitativamente o uso e acceso aos recursos sociais dispoñibles, a través de procesos de planificación previa, e tendo como principio de actuación o mantemento das persoas no seu contorno propio.

E neste sentido, no cumprimento dos seus fins o Consorcio exercerá en todo caso, e no ámbito territorial dos entes consorciados, as competencias específicas que se enumeran no artigo 7º dos Estatutos, correspondéndolle, entre outras:

- O estudo das necesidades básicas en materia de servizos sociais de atención en todos os municipios consorciados e a elaboración de cantos plans e proxectos se estimen oportunos para satisfacer as ditas necesidades, así como a investigación e formación do persoal na dita materia;
- O establecemento de directrices xerais de cara a prestación de servizos sociais de ámbito local por parte dos concellos integrantes do Consorcio;
- A determinación e/ou execución en colaboración cos concellos, se é o caso, das obras de construción, reforma e/ou adaptación de instalacións que poidan ser necesarias para a prestación dos servizos;
- A prestación daqueles outros servizos que resulten necesarios para acadar os fins do Consorcio, sempre que os entes consorciados o acorden así expresamente.

I.2.4. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA PARA A TUTELA DE PERSOAS ADULTAS (FUNGA)

A Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (FUNGA) é unha entidade sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia, declarada de interese galego e que ten afectado o seu patrimonio á realización dos fins de interese xeral que se recollen polo miúdo no artigo 6 dos seus estatutos.

A FUNGA foi constituída no ano 1996 coa denominación de Fundación Galega para a Tutela de Adultos en cumprimento da obriga do goberno autonómico de prestar unha atención persoal, xurídica e patrimonial especializada ás persoas maiores de idade coa capacidade de obrar modificada xudicialmente ou incursas nun procedemento sobre a capacidade das persoas e das que os órganos xudiciais atribuían á Xunta de Galicia o desempeño dos diversos cargos protectores. Dende este intre a Xunta de Galicia conta, a través da FUNGA, cun ente estable, especializado e con dedicación exclusiva ao cumprimento das citadas funcións mediante o exercicio dos cargos protectores pertinentes.

Dende o seu nacemento, varias foron as adaptacións e modificacións que se levaron a cabo nos estatutos da Fundación, para aumentar as súas competencias (en concreto as vinculadas á dependencia), especializar as funcións tutelares, para adaptar estes ás distintas normativas que lle afectaban ou para modificar o seu nome ata o actual de Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas.

Os fins da Fundación serán sempre de interese xeral e teñen como cometido a defensa e protección das persoas beneficiarias dos servizos prestados pola FUNGA. Na actualidade, tales fins podemos agrupalos na protección xurídica, social, persoal e patrimonial dos/as beneficiarios/as a través do exercicio da tutela e da curadoría, no caso de persoas coa capacidade de obrar modificada xudicialmente, da defensa xudicial, no caso das persoas incursas nun procedemento sobre a capacidade das persoas ou de nomeamento da persoa ou entidade a exercer o cargo protector, e a través da administración xudicial do patrimonio nos casos nos que proceda.

Terán a condición de beneficiarias as persoas físicas que reúnan as seguintes condicións:

- Ser maiores de idade.
- Residir na comunidade autónoma galega.
- Ter a capacidade de obrar modificada xudicialmente ou estar incursas nun proceso sobre a capacidade das persoas.
- Carecer de familia, persoa ou institución que poida desempeñar o apoio determinado no proceso sobre a capacidade da persoa ou, existindo, estas non sexan consideradas idóneas por parte da autoridade xudicial para o desempeño do citado apoio, isto é, que se atopen en situación de desamparo.

Asemade, poderán ser beneficiarias as persoas que sen estar incluídas nos apartados anteriores precisen recursos de información, orientación, apoio, intervención e asesoramento individual ou comunitario nas materias propias do ámbito da Fundación.

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2018

II.1. DA CONSELLERÍA

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

A Secretaría Xeral Técnica, órgano de dirección con relación xerárquica directa co/a conselleiro/a e coordinador dos programas e actuacións das diferentes direccións xerais e entes do sector público adscritos á consellería, ten como principal liña de actuación a de facilitar a consecución dos obxectivos xerais da mesma impulsando dinámicas de colaboración e apoio a eses órganos.

Así mesmo como responsable da xestión das súas propias unidades administrativas ten como obxectivo a mellora permanente das súas actuacións, avaliando e planificando en calquera caso respostas ás novas necesidades que se produzan.

Neste contexto, os principais liñas de acción son:

- Desenvolver un sistema de coordinación operativo e institucional estable, suxeito aos principios de austeridade e eficacia, favorecendo a consecución dunha maior eficiencia na coordinación interadministrativa así como no deseño dos procedementos. Trátase de facilitar unha mellor realización dos obxectivos das distintas unidades administrativas da consellería para así conseguir optimizar as accións que se levan a cabo ao servizo do administrado.
- Coordinar a xestión dos distintos servizos e órganos adscritos á consellería, racionalizando e mellorando os procedementos administrativos tanto de xestión propiamente ditos como tamén en materia de réxime interno e persoal.
- Mellorar a coordinación e impulso da contratación administrativa de toda a consellería.
- Xestionar o mantemento das dependencias da consellería, así como dar resposta ás necesidades xeradas pola posta en funcionamento de novos espazos, tanto centrais coma periféricos.
- Introducción da perspectiva de xénero en todas as actividades da consellería.
- Racionalización e mellora na tramitación das disposicións normativas da consellería, con especial incidencia nos procedementos de xestión de subvencións.
- Adoptar políticas de racionalización do gasto.
- Impulsar e coordinar a elaboración do anteproxecto de orzamento da consellería.
- Coordinación das taxas e prezos públicos dos distintos servizos da consellería.
- Planificación, desenvolvemento de execución, e coordinación coas xefaturas territoriais e co resto dos servizos da consellería, dos investimentos en materia de obras e subministracións, así como da contratación centralizada da consellería en materia de servizos e subministracións susceptibles da mesma.

- Desenvolvemento das aplicacións estatísticas.
- Modificación e ampliación da normativa para a acreditación de centros e servizos para persoas maiores e/ou con discapacidade, en consonancia aos estándares de calidade establecidos no marco do Consello Territorial previsto na Lei 39/2006 para autonomía persoal e atención á dependencia.
- Aqueles outros derivados da xestión dos recursos humanos e materiais, a contratación, e outros correspondentes aos servizos comúns desta consellería.
- Colaboración na execución de fondos FEDER.

DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA

No exercicio das competencias que ten encomendadas trata de acadar os seguintes obxectivos e liñas básicas de acción:

- Coordinar o desenvolvemento dunha acción transversal de goberno para a dinamización e revitalización demográfica que aborde os distintos desafíos dun modo transversal e interdisciplinar.
- Dispoñer de recursos de atención á infancia accesibles, sustentables e de calidade en todo o territorio da nosa comunidade.
- Ofrecer a todos os nenos e nenas galegos/as unha educación e coidado de calidade na súa primeira infancia como factor clave para o seu desenvolvemento integral.
- Proporcionar oportunidades e recursos que garanten a igualdade entre mulleres e homes e possibiliten a conciliación corresponsable entre a vida persoal, familiar e laboral e un ambiente favorable para a creación e o libre desenvolvemento das familias.
- Avanzar na corresponsabilidade da Administración Pública e das empresas no desenvolvemento da ampliación e consolidación de medidas de conciliación.
- Promover o establecemento de servizos e recursos complementarios de apoio para o coidado dos nenos e nenas.
- Diseñar, promover e desenvolver políticas públicas de apoio ás familias que contribúan ao seu benestar, de xeito que se garantan a súa protección económica e social e a igualdade de oportunidades para os seus membros, ao tempo que promovan a igualdade de xénero e a solidariedade interxeracional.
- Potenciar a formación de axentes de políticas de convivencia e política familiar, de xeito que se cree un marco adecuado de convivencia no seo da unidade familiar.
- Potenciar os medios, axudas e servizos que atendan a familias en situación de risco social ou de especial debilidade.
- Promover a adopción de medidas normativas no ámbito laboral, fiscal e de seguridade social que contemplan as diversas circunstancias familiares.

- Coordinar as distintas actuacións na atención á infancia de todas as áreas administrativas implicadas, garantindo a plena operatividade do principio de transversalidade e promovendo a inclusión da perspectiva da infancia e de xénero no deseño e execución de políticas públicas.
- Apoiar e fomentar a colaboración de todos os sectores e, en particular, das corporacións locais e do terceiro sector, na garantía dos dereitos dos nenos e nenas.
- Sensibilizar e concienciar á sociedade galega acerca da responsabilidade compartida no respecto e promoción dos dereitos dos nenos e nenas, no fomento do bo trato á infancia e na loita contra as situacións de risco e desprotección.
- Acadar a coordinación efectiva de todas as administracións públicas e entidades da sociedade civil na prestación de servizos e atención ás necesidades da infancia.
- Potenciar as actuacións tanto de tipo preventivo como de intervención integral ante situacións de desprotección, de xeito que se acade a efectiva atención e protección dos nenos, nenas e adolescentes no seo das súas propias familias e no seu contorno comunitario.
- Promover a inclusión social das e dos menores infractores mediante o desenvolvemento de programas de intervención integral.
- Promover a inserción social e laboral dos mozos e mozas infractores ou que, sendo menores de idade, se beneficiaron de medidas de protección, evitando a consolidación da situación de dependencia dos servizos sociais.
- Responsabilizar os/as menores que cometeran delitos ou faltas a través da aplicación de medidas educativas e socializadoras que se poidan desenvolver tanto no seu contorno natural como nun centro axeitado ao réxime acordado en sede xudicial.

A partir destas liñas xenéricas as actividades que se van realizar son as seguintes:

- Elaboración dunha lei para o impulso demográfico de Galicia.
- Participación en foros nacionais e internacionais co obxectivo de situar a cuestión demográfica na axenda política nacional e europea.
- Impulso e consolidación do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica.
- Apoio económico ás familias nas que se produce o nacemento ou adopción dun neno ou dunha nena mediante a Tarxeta Benvida e da Prestación Familiar por Fillos e Fillas menores de 3 anos.
- Creación de recursos de atención á infancia e desenvolvemento de programas de mellora da súa calidade.
- Investimento na mellora das infraestruturas e do equipamento das escolas infantís 0-3 e dos puntos de atención á infancia (PAI).
- Apoio ás escolas infantís 0-3 de titularidade das entidades privadas de iniciativa social para garantir ás familias unha oferta de prazas suficiente.

- Apoio ás familias para o acceso ás escolas infantís 0-3 de titularidade privada con prazas concertadas.
- Apoio ás familias para o acceso ás escolas infantís 0-3 non sostidas con fondos públicos a través do programa Bono Concilia.
- Atención das necesidades de conciliación, así como a contribución á revitalización demográfica e cohesión territorial a través de concesión de axudas para a posta en marcha das Casas Niño.
- Atención das necesidades puntuais de conciliación a través de axudas económicas ás familias para a atención personalizada a domicilio de nenos/as menores de tres anos a través do programa Bono Coidado.
- Apoio ás familias e atención das necesidades de conciliación a través das axudas económicas para a creación de escolas infantís 0-3 en polígonos industriais e parques empresariais.
- Desenvolvemento normativo da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
- Adaptación da normativa autonómica ás leis estatais de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.
- Creación do Rexistro de acreditación de familias monoparentais.
- Mantemento do rexistro de Mediadores Familiares de Galicia e desenvolvemento dos programas de mediación familiar, especialmente a través dos Gabinetes de Orientación Familiar.
- Constitución e posta en marcha do Observatorio Galego da Familia e Infancia.
- A execución e coordinación de programas de apoio ás familias en situación de risco, risco prenatal, así como aos e ás menores en situación de desprotección.
- Impulso do acollemento familiar de menores en situación de risco ou desamparo.
- Planificación, xestión, coordinación e mellora da rede de centros residenciais e de atención de día para menores en situación de risco ou desamparo e o desenvolvemento de programas de calidade naqueles.
- Xestión e mellora do procedemento adoptivo na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Execución de programas de inclusión sociolaboral dirixidos a menores ou mozos/as en risco de exclusión social.
- Exercicio das accións civís ou penais que resulten procedentes en defensa dos dereitos da infancia e da adolescencia.
- Implantación de programas e actuacións que, coordinadas coas doutros departamentos e administracións, favorezan a diminución da delincuencia xuvenil en Galicia.
- Execución e coordinación das medidas xudiciais previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores a través de centros e programas de intervención individual.

- Realización de campañas de sensibilización e cursos de formación, seminarios, xornadas sobre temas de competencia da dirección xeral.

DIRECCIÓN XERAL DE INCLUSIÓN SOCIAL

As principais liñas de acción a desenvolver por esta dirección xeral son:

- Manter a cobertura e capacidade de resposta da rede de servizos sociais comunitarios prestada polas corporacións locais de maneira concertada coa administración Autonómica, de acordo coa distribución de funcións e competencias establecida para o Sistema Galego de Servizos Sociais na Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia, así como a accesibilidade universal en todo o territorio galego ás prestacións básicas dos servizos sociais.
- Coordinar os servizos sociais de titularidade pública cos que prestan as entidades de iniciativa social apoiadas con fondos públicos nas áreas de atención social comunitaria e inclusión e en favor da poboación inmigrante, coa finalidade de atender de forma coordinada e global ás novas e emerxentes necesidades sociais derivadas da crise económica, para o máximo rendemento dos recursos dispoñibles e a prestación duns servizos de calidade que eviten os desequilibrios territoriais e estimulen a cultura de participación da sociedade e das propias persoas afectadas como elemento esencial na provisión dos servizos sociais.
- Garantir a través da Renda de Inclusión Social de Galicia, RISGA, recursos económicos de subsistencia ás persoas tecnicamente valoradas en situación ou risco de exclusión social de conformidade co establecido na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- Atender as necesidades básicas das persoas en situación de pobreza, vulnerabilidade ou exclusión social.
- Posibilitar, a través do desenvolvemento de proxectos personalizados de inclusión sociolaboral, o apoio sociofamiliar e unha saída laboral ás persoas que estean en risco ou situación de exclusión social, con independencia de que sexan ou non perceptoras da Renda de Inclusión Social de Galicia, RISGA.
- Coordinar os distintos departamentos da administración autonómica para garantir a abordaxe integral dos procesos de exclusión.

Particularmente as actuacións que se van desenvolver son as seguintes:

- Apoio económico e técnico á rede básica de servizos sociais comunitarios das corporacións locais para que podan exercer as súas competencias e cumprir coas súas obrigas segundo a normativa vixente.
- Apoio económico para mantemento dunha rede de iniciativa social de centros de inclusión e emerxencia social (albergues, comedores, centros de día, centros de acollida e inclusión, etc.).

- Apoio á promoción de actividades de servizos sociais comunitarios e de inclusión social xestionados por entidades de iniciativa social e outras administracións de carácter local.
- Potenciación dos programas de dinamización e participación das persoas maiores a través da rede de centros sociocomunitarios e das asociacións.
- Potenciar e mellorar a coordinación coas corporacións locais nos ámbitos de competencia desta dirección xeral.
- Mantemento no territorio dos equipos de inclusión sociolaboral para mellorar o acceso aos recursos de inclusión e garantir unha actuación coordinada ante as situacións de vulnerabilidade.
- Mellora das ferramentas técnicas, dos sistemas de información e dos programas destinados a profesionais e persoas usuarias dos servizos sociais.
- Atención das solicitudes de incorporación á Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA), así como das de Axudas de Inclusión Social (AIS).
- Desenvolvemento normativo da Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia.
- Fomento das intervencións preventivas e inclusivas con grupos sociais con alto risco de exclusión social e en situación de pobreza severa (sen teito, barrios degradados, poboación afectada por exclusión territorial, etc.) a través de entidades especializadas do terceiro sector de acción social.
- Consolidación do programa Reconduce co fin de evitar desafiuzamentos da vivenda habitual.
- Implementación de actuacións integrais previstas na Estratexia de Inclusión Social de Galicia e na Estratexia de Inclusión Social da Poboación Xitana en Galicia para o período 2014-2020, destacando o perfeccionamento das liñas de acción e medidas comprendidas na Nova Axenda Social de Galicia.

DIRECCIÓN XERAL DE MAIORES E PERSOAS CON DISCAPACIDADE

- Dentro do ámbito de atención á dependencia:

Especial relevancia, no contexto actual, adquiren neste orzamento as políticas de atención ás persoas en situación de dependencia consolidando a atención ás persoas en situación de dependencia con grao recoñecido, tendo en conta a incorporación no ano 2015 do grao I, que segue a implicar novos esforzos na procura dunha atención integral para este grao con especial importancia no despregue dos servizos de promoción da autonomía persoal.

A este fin, establécense os seguintes obxectivos:

- Evolución dos medios materiais e técnicos precisos para a xestión dos procedementos establecidos, especialmente desenvolvendo escenarios de tramitación electrónica e interoperabilidade con outros sistemas, así como a consolidación da Historia Social Única Electrónica.

- Desenvolvemento das políticas de prevención e detección precoz da dependencia e de promoción da autonomía persoal, con particular incidencia nas persoas recoñecidas en grao I.
- Elaboración de políticas sociais que redunden na mellora dos sistemas de protección social para persoas con dependencia.
- Fomento e impulso das accións de atención a persoas dependentes e de apoio ás persoas cuidadoras contemplando medidas de mantemento no seu contorno a través da carteira de servizos dispoñibles e do fomento da aplicación das novas tecnoloxías para a atención das persoas dependentes, co obxectivo da procura dunha mellora na súa calidade de vida.
- Planificación de recursos para atención á dependencia e promoción da autonomía, fomentando actuacións de innovación tecnolóxica e investigación e innovación na xestión dos programas e servizos sociais.
- Coordinación, racionalización e optimización dos recursos existentes .
- Xestión dos recursos derivados do mantemento dos servizos de atención residencial e de atención diúrna públicas e en forma de concertos.
- Apoio material e técnico aos centros de persoas maiores e persoas con discapacidade así como coordinación dos equipamentos necesarios.
- Dedicar un esforzo especial ás persoas maiores e persoas con discapacidade máis vulnerables, as persoas máis dependentes.
- Impulsar o desenvolvemento da actuación 5.1.1.1 destinada á "Mellora dos servizos e infraestruturas que faciliten a permanencia no fogar das persoas en situación de dependencia", contempladas nos plans de competitividade para o impulso económico das provincias de Ourense e Lugo (Plans Impulsa Lugo e Impulsa Ourense) e a dotación de prazas polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para a atención diúrna de persoas en situación de dependencia e o desenvolvemento polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar de programas a centros de día orientados á diversificación dos seus servizos.

As actuacións a desenvolver para facer efectivas as anteriores coberturas son as seguintes:

- Evolución dos medios tecnolóxicos e telemáticos actuais para a mellora da xestión administrativa, procurando unha resposta áxil na tramitación administrativa e na resposta ao cidadán.
- Mellora e evolución das aplicacións informáticas para a xestión do procedemento de recoñecemento da situación de dependencia.
- Consolidación da mellora na coordinación coa administración local a través de medios técnicos.

- Potenciar unha atención integral determinando os servizos máis adecuados á situación da persoa en situación de dependencia dentro do catálogo da nova carteira de servizos de atención á dependencia
 - Potenciar os servizos destinados a apoiar a permanencia das persoas en situación de dependencia no seu fogar a través de recursos de proximidade en desenvolvemento dos plans de competitividade para o impulso económico das provincias de Ourense e Lugo, implementando actuacións de innovación tecnolóxica e investigación e innovación na xestión dos programas e servizos sociais (Plans Impulsa Lugo e Impulsa Ourense).
 - Consolidación dos recursos dedicados a libranzas da dependencia, potenciando en particular as dedicadas ao asistente persoal e á prestación vinculada ao servizo, así como a permanencia no contorno habitual a través da libranza de coidados no contorno familiar.
 - Programa de formación a coidadores habituais non profesionais de persoas en situación de dependencia, desenvolvendo accións de formación básicas así coma especializadas.
 - Optimización dos equipamentos dende os que, na actualidade, se prestan servizos a fin de permitir a posta en marcha de novas modalidades de servizos de atención a persoas dependentes.
 - Actuacións de mellora tecnolóxica en centros de titularidade e xestión propia da Xunta de Galicia, destinados a atender persoas maiores e persoas dependentes.
 - Consolidación da nova carteira de servizos sociais de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas con dependencia en Galicia.
 - Carteira de servizos específicos para persoas dependentes con Alzheimer.
 - Carteira de servizos específicos por tipoloxías de discapacidade: física, parálise cerebral, dano cerebral adquirido, discapacidade intelectual, trastorno do espectro autista e enfermidade mental.
- Dentro do ámbito da prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal:

Os servizos de promoción de autonomía persoal teñen por finalidade desenvolver e manter a capacidade persoal de control, afrontar e tomar decisións a cerca de como vivir de acordo coas normas e preferencias propias, e facilitar a execución das actividades da vida diaria.

Establécense os seguintes obxectivos:

- Desenvolvemento da estratexia en materia de prevención e detección precoz da dependencia en Galicia, procurando un salto cualitativo nas actuais políticas dende sistemas asistenciais, terapéuticos e de rehabilitación cara a prevención e detección precoz da dependencia en Galicia, buscando novas sinerxías a través da coordinación e cooperación e fomentando a creación de novos programas, servizos e actuacións neste eido.
- Desenvolvemento da Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020, a través do seu Plan de acción 2018-2020.
- Desenvolvemento da Estratexia galega de envellecemento activo dende a innovación 2016-2020

- Consolidación dos programas e servizos que teñan acreditada a súa eficacia como instrumentos de integración social, de promoción da autonomía persoal e de mellora da calidade de vida dos colectivos integrados polas persoas maiores e persoas con discapacidade.
- Fortalecemento dos servizos e programas que posibiliten e favorezan a permanencia tanto da persoa maior como da persoa con discapacidade no contorno familiar e social, onde desenvolve a súa vida, con especial atención aos que viven en áreas rurais diseminadas e as persoas maiores ou con discapacidade que viven soas, e que faciliten, a través dos medios de apoio axeitados, a promoción da súa autonomía persoal.
- Impulsar o desenvolvemento de políticas que favorezan a vida independente para as persoas con discapacidade como garantía de igualdade efectiva e integración social implementando actuacións de innovación tecnolóxica e investigación e innovación na xestión dos programas e servizos sociais .
- Promover a coordinación cos demais departamentos da Xunta de Galicia e con outras institucións públicas e privadas que teñan competencias ou desenvolvan actuacións nos ámbitos e atención ás persoas maiores e ás persoas con discapacidade, especialmente no relativo ao desenvolvemento da estratexia en materia de prevención e detección precoz da dependencia en Galicia, horizonte 2020.
- Impulsar o desenvolvemento das actuacións destinadas respectivamente á “Mellora dos servizos e infraestruturas que faciliten a permanencia no fogar das persoas maiores en situación de dependencia” e á “Potenciación e mellora dos servizos de Autonomía Persoal”, contempladas nos plans de competitividade para o impulso económico das provincias de Ourense e Lugo (Plans Impulsa Lugo e Impulsa Ourense).
- Desenvolvemento dos servizos de prevención e promoción da autonomía persoal, da carteira de servizos sociais da atención ás persoas dependentes en Galicia, e fomentando a colaboración e a implicación das entidades locais como axentes implicados na promoción das políticas de envellecemento activo.

Actuacións a desenvolver coa finalidade de facer efectivos os anteditos obxectivos:

- Impulsar o desenvolvemento de políticas de envellecemento activo como forma de prevención de situacións de dependencia, xerando espazos nos que os maiores poidan desenvolver as súas capacidades e favorezan a súa socialización, e procurando a implicación das entidades locais neste obxectivo.
- Potenciar a aplicación das novas tecnoloxías nos servizos destinados a apoiar a permanencia dos colectivos máis vulnerables no seu fogar, en desenvolvemento dos plans de competitividade para o impulso económico das provincias de Ourense e Lugo (Plans Impulsa Lugo e Impulsa Ourense).
- Ampliar na comunidade autónoma os servizos vinculados a aplicación das novas tecnoloxías que favorezan a permanencia dos colectivos máis vulnerables no fogar.
- Favorecer a adquisición e o intercambio de axudas técnicas e produtos de apoio.

- Mantemento dos programas de acollemento e potenciación do servizo de estancias temporais.
- Desenvolvemento do proxecto piloto "A casa do Maior"
- Promover os servizos de atención as persoas maiores e ás persoas con discapacidade, e promover a difusión dos distintos programas e servizos de carácter público destinados a eles.
- Promover liñas de acción no ámbito da accesibilidade universal concibidas como aspecto integrador e facilitador da calidade de vida de todas as persoas que integran a sociedade no seu conxunto, e non como concepto cuxos efectos transformadores, se dirixen a un sector concreto da poboación.
- Desenvolvemento de estudos, protocolos e demais instrumentos que favorezan a actuación coordinada dos diversos axentes que interveñan nun mesmo ámbito de atención ás persoas maiores e ás persoas con discapacidade.
- Promover o desenvolvemento de programas de atención específicos destinados aos distintos colectivos de persoas con discapacidade en función da tipoloxía desta, a través das distintas federacións en que se agrupan, apoiando o tecido asociativo e federativo destinado á atención das persoas con discapacidade.
- Promover o desenvolvemento de programas de atención específicos destinados ás persoas maiores que viven soas, tanto dirixidos a que poidan permanecer residindo no seu fogar de forma segura e independente así como o desenvolvemento de programas de acompañamento.
- Fomentar o envellecemento activo das persoas maiores a través da promoción e desenvolvemento de programas, tanto propios como en colaboración coas entidades locais así como tamén coas universidades e outras entidades.
- Promover o envellecemento saudable e calidade de vida das persoas maiores a través da nutrición.
- Mellorar a eficacia na atención aos colectivos indicados a través da modernización e mellora dos procedementos administrativos existentes.
- Impulsar a consolidación e extensión da Rede galega de atención temperá.
- Mellorar a formación do persoal das entidades do terceiro sector en materia de accesibilidade universal.
- Mellorar a inserción socio-laboral das persoas con discapacidade a través de programas de formación e asesoramento, cunha base de actuación individualizada para cada participante.
- Mellorar o acceso aos servizos de promoción da autonomía persoal que permita ás persoas con discapacidade asumir este tipo de servizos a través do establecemento dun sistema de axudas que lles facilite acceder dun xeito máis rápido e polo tanto acadar así un maior éxito da intervención.

- Articular novos modelos de intervención social eficientes, integradores e accesibles que permitan consolidar unha densa rede de apoio de atención as persoas maiores e as persoas con discapacidade.

Partindo dos obxectivos anteditos, as grandes liñas de acción para o exercicio orzamentario 2018 son as seguintes:

- Mellorar a eficiencia do gasto público, focalizando como indicadores as persoas destinatarias das políticas sociais e aproveitando de xeito coordinado as actuacións das diferentes administracións públicas e as entidades privadas.
- Incremento da utilización das tecnoloxías da información e comunicación (TICs) para mellora da eficacia e eficiencia na atención aos usuarios.
- Potenciar a rede de recursos de proximidade e de promoción da autonomía persoal para abordar a atención das persoas recoñecidas en grao I trala efectividade do dereito
- Consolidación das accións de atención a persoas con dependencia e de apoio aos seus cuidadores contemplando medidas de mantemento no seu contorno así como aloxamentos alternativos.
- Garantir a accesibilidade das persoas con discapacidade aos contornos, espazos, bens, produtos e servizos en igualdade de condicións co resto da Rede galega de atención temperá.
- Mellorar a calidade e capacidade de atención dos servizos e recursos da Rede galega de atención temperá.
- Mellorar o acceso aos recursos dos servizos sociais e asistenciais de proximidade destinados ás persoas maiores e ás persoas con discapacidade, especialmente a aquelas que vivan no rural cara a mellorar a súa calidade de vida.

DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO

As liñas de acción a seguir pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado para o ano 2018 son as seguintes:

- Elaborar, aprobar e poñer en marcha unha nova estratexia de planificación interdepartamental para os vindeiros catro anos, logo da expiración da vixencia do Plan estratéxico de xuventude de Galicia 2014-2016.
- Posta en marcha das previsións establecidas no novo marco lexislativo derivado da entrada en vigor da primeira Lei de xuventude de Galicia e do Decreto 57/2014, do 8 de maio polo que se aproba o Regulamento do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia, coa posta en funcionamento do órgano.
- Tramitación e posterior publicación da demais normativa de desenvolvemento da Lei de xuventude.

- Acadar unha maior visualización e coordinación das políticas en materia de xuventude de todos os departamentos da Xunta de Galicia a través do Comité Galego de Políticas de Xuventude.
- Apoiar os programas de mobilidade para reforzar a empregabilidade e as competencias profesionais dos/as mozos/as non ocupados/as e non integrados/as nos sistemas de educación ou formación, contribuíndo á mellora da súa formación mediante a adquisición de experiencia profesional para a súa incorporación ao mercado de traballo, ao tempo que se apoia a adquisición de competencias en idiomas estranxeiros.
- Impulsar programas de educación non formal que faciliten a adquisición de destrezas e aptitudes altamente valoradas polos empregadores, que nesta medida favorezan o acceso da mocidade ao emprego.
- Apoiar as accións de mobilidade xuvenil e intercambios con outras Comunidades Autónomas e con outros países.
- Fomentar no conxunto da xuventude a mentalidade emprendedora, o seu espírito de protagonismo e liderado, o desenvolvemento das súas capacidades creativas, a innovación e as expresións culturais e artísticas, entre outros.
- Implantar medidas que faciliten o acceso ao emprego por parte da mocidade galega.
- Traballar no recoñecemento oficial e validación das competencias derivadas da participación en programas de educación non formal.
- Facerlle chegar á sociedade unha imaxe máis realista do voluntariado galego poñendo de relevo a importancia do traballo dos voluntarios/as na sensibilización cívica.
- Implementación da normativa de desenvolvemento da Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria de Galicia.
- Posta en marcha das previsións establecidas no marco legislativo derivado da entrada en vigor da Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria de Galicia, coa regulación do Decreto do Observatorio Galego de Acción Voluntaria, a planificación e a formación.
- Desenvolvemento, fortalecemento e optimización de diferentes liñas de acción voluntaria, ambiental, social, de seguridade viaria, tecnolóxica e cultural, en coordinación cos departamentos da Xunta que teñan atribuídas as competencias nas distintas materias.
- Dinamización da Estratexia de Acción Voluntaria 2015-2018.
- Fomentar a mobilidade internacional entre a xuventude galega en programas de voluntariado xuvenil.
- Impulso ás medidas de apoio e vertebración do movemento de acción voluntaria en Galicia e no estranxeiro.
- Continuar co fomento e apoio aos proxectos de voluntariado xuvenil que poñan en marcha as distintas entidades.

- Colaborar coas entidades de acción voluntaria na realización da súa actividade voluntaria en xeral, así como colaborar con elas na posta en marcha do Plan anual de Formación do voluntariado.
- Incidir na certificación das experiencias voluntarias das persoas voluntarias e no seu valor como documento acreditativo de educación non formal.
- Incidir na incorporación de homes aos programas de acción voluntaria nos diferentes tramos de idade.
- Impulsar o empoderamento das entidades de acción voluntaria e proporcionarlles recursos para poder gozar de maior autonomía na súa xestión.

II.2. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS

A Axencia Galega de Servizos Sociais ao abeiro do Decreto 40/2014 do 20 de marzo, polo que se crea e se aproban os seus estatutos e no exercicio das competencias que ten encomendadas, trata de acadar os seguintes obxectivos e liñas básicas de acción en materia de escolas infantís:

- Mellorar os servizos educativos e de apoio á infancia, asumindo o carácter da etapa infantil como unha etapa educativa vital, garantindo unha adecuada distribución territorial, que permita o equilibrio entre o rural e o urbano na prestación de servizos, e un alto nivel de calidade mediante o desenvolvemento de actuacións que incidan na mellora pedagóxica de educación infantil 0-3, e impulsar políticas que promovan a corresponsabilidade na vida laboral e familiar.
- Promover o establecemento de servizos complementarios de apoio ao coidado dos nenos e nenas.

Tendo en conta o exposto e a partir destas liñas xenéricas, as actividades a realizar pola Axencia Galega de Servizos Sociais, irán encamiñadas a lograr un aproveitamento óptimo dos recursos dedicados as escolas infantís para a consecución dunha mellor eficacia e eficiencia do servizo, tales como buscar a cooperación doutras consellerías ou organismos das distintas administracións, levar a cabo actividades que supoñan a participación dos usuarios. Promover a mellora da calidade e eficiencia do servizo mediante a potenciación de boas prácticas, con programas de apoio á innovación e mediante a realización de programas formativos para os traballadores dos centros, e accións que melloren a accesibilidade os mesmos, como a adecuación dos horarios de apertura.

II.3. DOS CONSORCIOS AUTONÓMICOS

CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR

No terreo dos maiores, o principal ámbito de actuación do Consorcio segue a ser o crecemento e o mantemento da Rede Pública de Centros de Atención ás Persoas Maiores. Neste sentido os centros de día do Consorcio veñen definidos como centros xerontolóxicos de alcance social e terapéutico e de apoio ás familias, que prestan atención diúrna ás persoas maiores con dependencia ou en grave risco de padecela, promovendo a súa autonomía persoal, a actividade relacional e a permanencia no entorno habitual.

Xunto cos centros, o programa de comida a domicilio Xantar na Casa facilita o benestar e a atención social a persoas maiores, dependentes ou en risco de exclusión, facilitando e garantindo unha alimentación equilibrada e de calidade adaptada ás súas necesidades.

Por outra banda, o Consorcio participa da xestión da Rede Galega de Escolas Infantís, un proxecto educativo de calidade para nenos de entre tres meses e tres anos que ten por obxecto, dende a tolerancia e o respecto, permitir a conciliación da vida laboral e persoal da cidadanía galega.

Outro dos ámbitos de actuación dentro do Consorcio é a loita contra a pobreza e a exclusión social a través da estratexia de inclusión social de Galicia 2014 - 2020. Nesta actuación traballan 18 equipos nas diferentes oficinas de inclusión repartidas polo territorio e outro equipo máis no Módulo Xove do Centro Penitenciario de Teixeira, todos eles baixo a coordinación de persoal dos servizos centrais do Consorcio en Santiago.

A atención á xuventude ten tamén cabida no Consorcio, a través da xestión dos Centros Quérote + nos que se está a desenvolver o programa de asesoramento e de carácter informativo aos mozos e mozas posto en marcha pola Dirección Xeral de Xuventude.

Por último, o Consorcio xestiona tamén o Centro de Emerxencia para Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero na cidade de Vigo, que, integrado na Rede Galega de Acollemento dependente da Secretaría Xeral de Igualdade, ofrece acollemento de urxencia e atención psicolóxica, xurídica e social ás mulleres e ás persoas menores ao seu cargo.

II.4. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

FUNDACIÓN GALEGA PARA A TUTELA DE PERSOAS ADULTAS (FUN-GA)

O número de beneficiarios/as dos servizos prestados pola Fundación non deixaron de medrar dende a súa creación no ano 1.996, sendo a previsión actual que tal tendencia se manteña nos vindeiros anos. A base fundamental de tal previsión é o progresivo envellecemento da poboación galega así como o incremento nos últimos tempos do número de persoas diagnosticadas con trastornos mentais. Todo isto subliñado polo desarraigo familiar existente na nosa sociedade en relación con estes sectores da poboación, motivado en moitos casos polas dificultades que lles entraña ás familias a atención das persoas con este tipo de padecementos.

A través do seguinte cadro expónse de forma gráfica tal evolución nos últimos anos:

FUNCIÓNS TUTELARES	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
TUTELAS	833	926	1016	1114	1198	1358	1516	1678	1790
CURADORÍAS	84	105	122	140	177	204	232	259	294
DEFENSAS XUDICIAIS	245	275	323	400	485	588	588	631	715
ADM. BENS	4	6	7	11	11	17	28	37	39
PRETUTELAS	125	129	134	141	144	155	157	164	172
FALECIDOS	88	84	90	92	110	112	138	151	151
BAIXAS	27	43	75	68	87	116	116	113	88
TOTAL	1406	1568	1767	1966	2212	2550	2775	3033	3249

Tal e como se expón, a FUNGA prevé que a tendencia de incremento anual do número de persoas beneficiarias dos servizos da Fundación se siga incrementando, cando menos a curto ou medio prazo, polos motivos aos que se facía referencia. Tal tendencia recomenda continuar traballando na liña seguida ata agora, consistente na especialización e enfoque das súas actuacións, no cumprimento das responsabilidades derivadas do exercicio dos apoios nos procedementos de modificación da capacidade de obrar. Tal liña de actuación, herdada da modificación estatutaria levada a cabo no ano 2011, posibilita unha adaptación da estrutura e recursos da FUNGA á súa realidade diaria do traballo, logrando deste xeito un funcionamento máis eficiente e, consecuentemente, a prestación dun servizo máis adaptado ás necesidades e esixencias que esta Fundación recibe no cumprimento dos seus fins.

A partir da liña de acción marcada para o ano 2016 e co fin de acadar unha mellora continua do servizo prestado, a FUNGA propónse para o próximo ano 2018 acadar os seguintes obxectivos:

- Atención ao benestar social a través da promoción da cohesión social, benestar e calidade de vida das persoas beneficiarias.
 - Tal mellora pretende instrumentarse mediante a execución de medidas nos distintos eidos de protección desempeñados pola Fundación:

-
- Promover o incremento da atención persoal mediante o aumento do número de visitas.
 - Aumentar a cobertura xurídica en aras a acadar a súa protección xurídica integral.
 - Revisar as prestacións das que son beneficiarios os pupilos co fin de acadarlles as máis beneficiosas tanto dende o punto de vista económico como asistencial, así como solicitarlles a valoración de dependencia nos casos nos que proceda.
 - Acadar un funcionamento da FUNGA máis áxil e eficaz que permita actuar coa maior celeridade posible ante os problemas e necesidades dos/as beneficiarios/as.
 - Lograr a maior eficiencia na administración do patrimonio dos pupilos.
 - Convenios de Colaboración con entidades co fin promover a realización, sexa directa ou indirectamente, de programas que faciliten o desenvolvemento social das persoas tuteladas.

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 311A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE PROMOCIÓN SOCIAL:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O programa 311A desagrégase nun conxunto de actuacións tendentes a facilitar a operatividade da estrutura administrativa das distintas áreas da consellería.

Trátase de pór os medios para que a estrutura administrativa vinculada ás distintas áreas da consellería acadese os seus obxectivos coa maior eficiencia e funcionalidade.

Este programa actúa como soporte económico das actuacións que permiten ás distintas unidades administrativas e centros vinculados ás distintas áreas da consellería desenvolver adecuadamente as súas competencias e xestión.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

En tanto que programa facilitador das actuacións dunha organización administrativa dirixida a acadar o benestar dos distintos colectivos demandantes de servizos sociais pódese afirmar a súa vocación de universalidade.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A situación de partida ven determinada pola priorización de políticas de gasto encamiñadas a potenciar os sectores fundamentais para a recuperación da actividade económica, nun contexto marcado pola contención do gasto corrente sen descoidar os servizos públicos esenciais, nomeadamente a atención á dependencia, así como a inevitable atención ás demandas dun grande número de unidades administrativas e centros de benestar que obrigan a unha constante intervención.

Así mesmo é significativo o grande número, variada tipoloxía e antigüidade dos centros dependentes da consellería o que obriga a unha constante intervención acometendo actuacións de diverso tipo, ás veces, con elevados custos, imprevisibles e inaprazables.

ANALISE DAFO

- I. Como fortalezas destacan a existencia de procedementos e metodoloxías de traballo consolidadas así como contar con persoal cualificado e con experiencia na xestión.

2. Hai que tentar que as limitacións orzamentarias non impliquen insuficiencia de recursos para atender a unha demanda crecente, así como contar coa complexidade na tramitación dalgún dos procedementos a desenvolver.
3. Como oportunidade a aproveitar está o rigor na asignación dos recursos orzamentarios no desenvolvemento das distintas políticas de gasto conxugado cun crecente grao de concienciación social sobre a necesidade e a utilidade dunha adecuada asignación e bo uso dos recursos dispoñibles.
4. Cómpre ter presente a ameaza que supón a dificultade de trasladar con axilidade a recuperación económica á asignación dos recursos.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco de actuación deste programa pasa polo establecemento dun sistema de coordinación interna e interadministrativa estable de acordo aos principios inspiradores da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia e o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Con este programa preténdese atender á problemática concreta das distintas unidades administrativas e centros dependentes da consellería intentando dar solución inmediata e áxil ás situacións que unha organización destas características esixe no marco dunha estratexia de facilitarle ao administrado, en tanto que destinatario último das políticas de benestar, unha resposta adecuada ás súas demandas.

Así mesmo, entre as actuacións a desenvolver neste programa estarían as relacionadas con:

- Facilitar a xestión das distintas unidades administrativas tanto a nivel central como periférico.
- A elaboración e difusión multimedia de compilacións normativas, estudos monográficos e calquera tipo de actuación de interese para a cidadanía que ilustren de xeito claro e preciso as liñas de traballo da consellería.
- A definición de programas de información e comunicación en materia de benestar na liña de establecer un sistema de información dos servizos e prestacións e uns procedementos administrativos comprensibles e sinxelos.
- A potenciación na difusión e comunicación das liñas das políticas de benestar da consellería.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

III.1.2. PROGRAMA 312A - PROTECCION E INSERCIION SOCIAL:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Con este programa trátase de cubrir necesidades básicas de persoas con carencia de recursos económicos en risco de exclusión social e prestar atención ás persoas e familias en situación de especial dificultade.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións que se realizan a través deste programa van destinadas a persoas con carencia de medios económicos e en situación de risco ou exclusión social, mediante prestacións de inclusión social, así como mediante o apoio ás entidades de iniciativa social, coa finalidade de atender de forma coordinada e global ás necesidades, mellorar o rendemento dos recursos dispoñibles, procurar a calidade na prestación dos servizos, evitar os desequilibrios territoriais e estimular a cultura de participación da sociedade e das propias persoas afectadas como elemento esencial na provisión dos servizos sociais.

Hai que ter en conta que no ano 2016 a porcentaxe de mulleres respecto do total de beneficiarias de RISGA é dun 60,25 %, e que o perfil xeral das persoas beneficiarias, obtido dos informes estatísticos de RISGA, é dunha muller de entre 35 e 54 anos, solteira ou separada con cargas familiares, por tanto con esta prestación estase a atender maioritariamente a persoas e familias en risco de exclusión social que na súa meirande parte é poboación feminina.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Pártese da existencia dunha situación persistente de crise económica que eleva a porcentaxe da poboación galega con carencia de recursos económicos e en risco ou situación de exclusión social. Todo isto plasmouse nun incremento sostido nos últimos anos no número total de solicitudes de RISGA e AIS presentadas, que no ano 2016 ascenderon a 11.079, rexistrando por vez primeira un leve descenso.

Por outra parte, a atención destas persoas con carencia de medios económicos suficientes e problemas de integración social fai preciso o apoio ás entidades de iniciativa social que prestan unha cobertura de última barreira de contención dos problemas de necesidade económica e marxinalidade.

O número total de persoas beneficiarias da RISGA no ano 2016 foi de 14.223, tendo en conta que na RISGA se contempla unha persoa perceptora por unidade de convivencia; iso significa que o impacto que se acadou foi un apoio en mais de 14.000 fogares, aos cales hai que sumar as persoas que recibiron axuda indirectamente a través das entidades de iniciativa social.

En canto ás Axudas de Inclusión Social (AIS) concedéronse en 2016 un total de 2.879.

Finalmente no ano 2016 recibiron unha axuda extraordinaria 39.471 persoas beneficiarias de Pensións non contributivas, Fondo de Asistencia Social e Subsidio de Garantía de Ingresos Mínimos.

Análise DAFO:

1. Como fortalezas destacan a existencia dun marco legal coa configuración das prestacións como dereito subxectivo, a existencia dunha metodoloxía consolidada, contar con persoal altamente cualificado e con experiencia na xestión das axudas e prestacións.
2. Hai que prever unha dotación orzamentaria suficiente que permita atender a demanda e cumprir os prazos de resolución legalmente establecidos.
3. Como oportunidades está o rigor na asignación dos recursos económicos con respecto á norma, o grao de concienciación social e mediática acadado na cidadanía sobre a necesidade, a utilidade e o bo uso dos recursos, e a constatación obxectiva de que o custo económico en caso da non intervención social compensatoria fronte ás situacións de exclusión é exponencialmente maior.
4. Cómpre ter presente a ameaza que supón o crecemento das desigualdades e a concentración espacial da pobreza, especialmente en zonas urbanas desfavorecidas e en zonas rurais.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020.
- Estratexia de Inclusión Social da Poboación Xitana en Galicia 2014-2020.
- Decreto 61/2016, do 11 de febreiro, polo que se define a Carteira de servizos sociais de inclusión.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

As distintas actuacións do programa están destinadas a consolidar a acción protectora das persoas con carencia de recursos económicos e en situación de risco e exclusión social; para iso continuarase facendo fronte ás altas no listado de persoas perceptoras de RISGA e ás solicitudes de Axudas de Inclusión Social e se manterá a Axuda extraordinaria ás persoas beneficiarias de Pensións non contributivas, Fondo de Asistencia Social e Subsidio de Garantía de Ingresos Mínimos. Tamén se dará cobertura ás demandas das persoas que acoden ás entidades de iniciativa social para a satisfacción das súas necesidades máis básicas e daquelas que son usuarias das entidades que prestan apoio aos grupos sociais máis desfavorecidos ou en risco de marxinalidade.

Trátase de que as persoas máis marxinas teñan unha oportunidade de supervivencia e de acceso aos servizos sociais. Polo tanto, as axudas e prestacións contempladas neste programa actúan como un elemento de cohesión social. Así mesmo, como efecto colateral, pódese indicar que toda prestación outorgada a este segmento de poboación redonda nun efecto reactivador da circulación monetaria e, en consecuencia, da actividade económica.

A aplicación da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia permitiu seguir avanzando na procura do equilibrio de dous aspectos básicos: o acceso a ingresos mínimos en situacións de grave pobreza e exclusión e o dereito a un acompañamento a apoio profesional e financeiro para a adquisición de novas capacidades e cualificacións.

A asignación dos recursos realízase de maneira taxada, medida, avaliada e fiscalizada polos órganos competentes.

A consecución das anteditas finalidades levarase a cabo mediante as seguintes accións:

- Tramitación, resolución e pagamento das AIS.
- Tramitación, resolución e pagamento da RISGA.
- Elaboración e pagamento da nómina de FAS.
- Tramitación e pagamento da axuda extraordinaria ás persoas beneficiarias de Pensións non contributivas, do Fondo de Asistencia Social e do Subsidio de Garantía de Ingresos Mínimos.
- Convocatoria e xestión dunha orde de axudas destinada a entidades de iniciativa social para programas de servizos sociais (funcionamento da rede de centros de inclusión: comedores sociais, albergues, casas de acollida, e programas específicos de atención).
- Convocatoria e xestión dunha orde de axudas destinada a corporacións locais para a posta en marcha de programas de axudas económicas a familias con menores a cargo para a compensación dos seus gastos farmacéuticos.
- Convenio de colaboración coa Federación Galega de Banco Alimentos.
- Colaboración coa Fundación Monte do Gozo para o desenvolvemento do programa educativo-terapéutico "Proxecto Home" de atención, rehabilitación e reinserción social de persoas adictas.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X

Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A nivel xeral, o perfil das persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios corresponde a un 60 % son mulleres e un 40 % homes.

Respecto da RISGA o perfil maioritario das 14.223 persoas beneficiarias en 2016, obtido dos informes estatísticos, é dunha muller de entre 35 e 54 anos, solteira, casada ou separada con cargas familiares que vive soa ou coa familia nuclear en zona urbana.

En canto ás AIS concedidas no ano 2016, o 61,17 % das persoas perceptoras foron mulleres.

A porcentaxe de mulleres do total de persoas que recibiron a Axuda Social Extraordinaria de Pensións non contributivas, Fondo de Asistencia Social e Subsidio de Garantía de Ingresos Mínimos é do 67,5 %.

O seguimento do programa faise a través dos seguintes indicadores, todos eles desagregados por sexo: número de persoas beneficiarias da RISGA, número de persoas beneficiarias de AIS, número de persoas beneficiarias de FAS, número de persoas beneficiarias da Axuda extraordinaria.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X

Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS

As actuacións previstas neste programa de gasto van dirixidas a todas as persoas e grupos sociais en risco de exclusión; non obstante os datos de xestión indican que benefician maioritariamente a mulleres.

Dado o maior perfil de risco que presentan as mulleres, a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, prevé unha acción positiva de xénero para o acceso á RISGA e as AIS establecendo que, en condicións de igualdade de cumprimento dos requisitos, darase

preferencia a unha das mulleres integrantes da unidade de convivencia. Tamén está previsto un tratamento específico das situacións de violencia de xénero axilizando a tramitación dos expedientes para estes supostos.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

No exercicio 2018 espérase acadar cifras de atención similares ou incluso superiores e que a distribución por sexo se siga mantendo nas mesmas porcentaxes.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Inclusión Social

III.1.3. PROGRAMA 312B - PROGRAMAS DE PRESTACIÓNS ÁS FAMILIAS E Á INFANCIA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Con este programa trátase por unha banda de abordar a dinámica de declive demográfico de Galicia e por outra de atender as necesidades das familias nas súas distintas modalidades e de garantir o seu benestar e libre desenvolvemento, así como a súa protección integral, na orde xurídica, económica e social, como unidade e de cada un dos seus membros, e especialmente dos nenos, nenas e adolescentes en situación de desprotección e/ou penalmente responsables.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Aínda que as actuacións para a dinamización demográfica teñen diversos públicos obxectivos, dende a poboación xeral a axentes sociais e económicos do territorio, a poboación destinataria final do programa son tanto as familias en xeral como, en actuacións máis específicas, as persoas menores de idade en situación de desprotección e as súas familias e as persoas maiores de catorce anos e menores de dezoito anos ás que se lles esixe responsabilidade pola comisión de feitos tipificados como delitos no Código Penal ou nas leis penais especiais.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Galicia é a terceira comunidade española con maior porcentaxe de poboación envellecida. O índice conxuntural de fecundidade en Galicia é o terceiro máis baixo de España, con 1,2 nace-

mentos por cada mil mulleres en idade fértil, fronte á media estatal de 1,33 (INE datos provisionais 2016) e os 1,58 da Unión Europea (Eurostat 2015, UE-28). Así mesmo, as persoas de entre 14 e 30 anos supoñen o 14,94 % da poboación total de Galicia fronte ao 17,32 % no conxunto do Estado e os 19,68 % de Europa.

Pola súa banda, as familias galegas demandan cada vez máis medidas e recursos de calidade que permitan compatibilizar as responsabilidades laborais coas tarefas de atención e coidado necesarias para o sostemento da vida no ámbito privado.

As dúas premisas anteriores e a experiencia comparada no contexto da Unión Europea permite concluír que unha política de conciliación axeitada é esencial para que as persoas poidan manter o equilibrio nas diferentes dimensións da vida e para mellorar o seu benestar, saúde e capacidade de traballo, repercutindo na participación no mercado laboral ou nas taxas de fertilidade.

Para atender estes desafíos é preciso que as familias dispoñan de recursos accesibles e de calidade para a atención infantil 0-3; considérase necesario ademais apoiar os maiores gastos que supón a crianza durante os primeiros anos de vida, obxectivo ao que responden as medidas recollidas neste programa de gasto.

A situación actual incide no aumento das crises familiares e a demanda dos programas de orientación e mediación familiar mantense alta confirmando a tendencia dos últimos anos.

Igualmente mantense a demanda na solicitude de expedición de títulos de familia numerosa. Máis de 22.000 familias numerosas gozan dos beneficios que lles outorgan os máis de 70.000 carnés familiares expedidos.

Así mesmo, existe ao redor dun 4 % de familias con menores de 3 anos con rendas inferiores ao límite establecido pola Agencia Estatal de Administración Tributaria para facer a declaración da renda. Neste sentido, o tramo autonómico do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, contempla unha dedución de 360 € para o primeiro fillo ou filla e de 1.200 € para o segundo fillo ou filla e de 2.400 para o terceiro e sucesivos, para aquelas unidades familiares que en tributación conxunta ou individual non superen os 22.000 € anuais. O programa de prestación económica por fillos e fillas menores de tres anos para familias non obrigadas a presentar a declaración da renda, que se segue a manter dende o ano 2002, tivo no ano 2016 máis de 2.500 beneficiarios.

Por outra banda, actualmente teñen expediente de protección á infancia abertos en Galicia preto de 4.000 menores, dos cales 2.000 están en situación de tutela ou garda da Administración por terse apreciado que se atopaban en situación de desamparo, así como outros tantos menores beneficiarios de programas de prevención ou apoio por atoparse en situación de risco. Por outra banda, no ano 2016 un total de 76 nenos españois ou estranxeiros foron integrados en familias galegas a través da adopción.

Nos últimos anos constátase un aumento constante na apertura de expedientes de protección da infancia: 377 no ano 2013, 621 no 2014, 943 no 2015 e 1.141 no 2016.

Para atender esta poboación empréganse programas e recursos que abranguen todas as vertentes da intervención, desde a detección do problema (a través da liña de axuda á infancia ou o Rexistro Unificado de Maltrato Infantil) ata a busca de familia alternativa para os nenos e nenas que non poden permanecer na súa de orixe, ben sexa de forma permanente (a través do acollemento permanente ou adopción) ou provisoria (acollemento temporal), pasando por toda unha serie de programas que tratan de satisfacer o conxunto das necesidades dos menores, desde o punto de vista material, educativo, sanitario, psicolóxico, de integración laboral, etc.

Merece especial mención o esforzo da Xunta de Galicia na preparación dos menores dos sistemas de protección e reforma para a vida independente e na súa formación para acadar unha adecuada inserción social e laboral. A tal fin desenvólvese o Programa Mentor de inserción socio-laboral de mozos e mozas en risco social, dirixido a aqueles mozos e mozas entre 16 e 21 anos (excepcionalmente ata os 25 anos), que estean ou estivesen baixo tutela ou garda da Administración pública, suxeitos a medidas xudiciais ou que sexan usuarios doutros programas de atención.

Respecto da execución de medidas impostas polos xulgados de menores pola comisión de feitos delituosos, cuxa competencia corresponde á Consellería de Política Social, no ano 2016, executáronse un total de 211 medidas de internamento, que afectaron a 153 menores, e 715 medidas distintas ao internamento (medio aberto) sobre 521 mozos.

Para a execución das medidas de internamento, a Comunidade Autónoma de Galicia conta con 3 centros en réxime pechado, semiaberto ou aberto, cun total de 102 prazas e un centro de internamento terapéutico que conta con 23 prazas en réxime pechado, semiaberto ou aberto.

Para a execución das medidas distintas ao internamento (denominadas de medio aberto) cóntase con cinco equipamentos situados en cada capital de provincia e na cidade de Vigo e dous dispositivos de atención nas cidades de Santiago e Ferrol.

Ao mesmo tempo, desenvólvese o programa de “Organización do Traballo Remunerado e a Formación Ocupacional dos Menores Internos en Centros” destinado a facilitar a súa inserción laboral e incorporación ao mercado de traballo mediante a realización de prácticas laborais, cursos de formación profesional ocupacional, programas que melloren a súa competencia e capacidade laboral ou mediante a contratación laboral en actividades, basicamente de xardinería, panadería e mantemento, desenvolvidas no propio centro.

Análise DAFO:

I. Fortalezas:

- A dinamización demográfica é un eixo transversal do Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020.

- A Administración autonómica estase a dotar de ferramentas, como o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, para a integración da perspectiva demográfica en todas as actuacións da súa competencia e do Observatorio Galego da Familia e Infancia.
 - Participación da comunidade autónoma en redes europeas e nacionais de territorios afectados polo cambio demográfico.
 - Galicia supera a ratio de cobertura do 33 %, chegando ao 38 % da poboación infantil menor de tres anos aconsellada pola Unión Europea en canto a prazas en escolas infantís.
 - Sistema estruturado e sólido, homoxéneo e equiparable ao das outras CCAA.
 - Experiencia e profesionalidade do persoal que forma parte dos equipos de valoración e intervención, orientación e mediación familiar, centros e equipamentos.
 - Responsabilidade e implicación das entidades colaboradoras.
2. Debilidades:
- Precariedade dos instrumentos de xestión e tratamento de datos.
 - Insuficiencia dos programas e servizos de intervención coas familias, especialmente no ámbito preventivo.
 - Existencia de áreas de competencia non definida entre servizos sociais, educación e sanidade, para a intervención e tratamento de problemas da infancia e de saúde mental.
3. Oportunidades:
- Existencia de canles de diálogo abertas para dar a coñecer as nosas peculiaridades demográficas e situar esta cuestión na axenda política nacional e europea
 - Posibilidade de seguir actualizando o marco normativo a través das normas de desenvolvemento da Lei 3/2011 e da súa adaptación ás leis estatais de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia
 - Gran número de proxectos e iniciativas presentadas, preparadas para poñer en marcha no momento en que haxa capacidade orzamentaria.
 - Posibilidade de poñer en marcha protocolos de actuación común e coordinación con outras administracións (tanto local como autonómica).
 - Gran demanda dos usuarios e boa aceptación dos programas.
 - Posibilidade de por en marcha novos servizos de atención á infancia.
 - Descenso do número de menores con medidas xudiciais en termos absolutos, que de consolidarse permitiría mellorar a calidade da intervención.
4. Ameazas:
- Falta de visibilidade, coñecemento e percepción axeitada da realidade demográfica polos diferentes axentes sociais e económicos e pola sociedade en xeral.
 - Dinámica poboacional diferente entre as provincias occidentais e orientais que dificulta nestas últimas o acceso en condicións de igualdade aos servizos.

- Falta de implicación do tecido empresarial no deseño e desenvolvemento de políticas de conciliación eficaces.
- Insuficiencia do traballo preventivo realizado polos servizos sociais de base.
- Escaseza de recursos específicos para a atención de menores con problemas de comportamento e saúde mental.
- Posible modificación do sistema competencial en materia de servizos sociais.
- Demanda de atención a necesidades que deberían ser abordadas desde outros ámbitos, dun xeito transversal, onde se implicarían a todos os sectores: educativo, sanitario, empresarial, ...
- Incremento do número de medidas xudiciais de internamento terapéutico, para as que o recurso existente queda escaso.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores (BOE núm. 11, do 13 de xaneiro).
- Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia (BOE núm. 175, do 23 de xullo).
- Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia (BOE núm. 180, do 29 de xullo).
- Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís (BOE núm. 162 do 7 de xullo).
- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia (DOG núm. 134, do 13 de xullo).
- Lei 13/2008 do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia (DOG núm. 245, do 18 de decembro).
- Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia (DOG núm. 124, do 29 de xuño).
- Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar (DOG núm. 117, do 18 de xuño).
- Real decreto 1774/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores (BOE núm. 209, do 30 de agosto).
- Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia (DOG núm. 156, do 16 de agosto).
- Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, polo que se regula a figura do mediador familiar, o Rexistro dos Mediadores familiares de Galicia e o recoñecemento da mediación gratuíta (DOG núm. 34, do 18 de febreiro).
- Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia (DOG núm. 45, do 6 de marzo).
- Decreto 104/2016, do 28 de xullo, polo que se crea e regula o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica.

- Decreto 68/2017, do 13 de xullo, polo que se modifica o Decreto 104/2016, do 28 de xullo, polo que se crea e regula o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica
- Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas (BOE núm. 277, do 19 de novembro).
- Real decreto 1621/2005, do 30 de decembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas (BOE núm. 15, do 18 de xaneiro de 2006).
- Plan para a Dinamización Demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020.
- Plan Galego de Política Familiar 2017-2020.
- Estratexia de Apoio para as Familias Numerosas de Galicia 2013-2016, horizonte 2020.
- Estratexia Galega para a Infancia e a Adolescencia 2017-2020 .

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Con este programa preténdese conseguir os obxectivos seguintes:

- Promover a mellora das condicións de vida das familias galegas mediante axudas económicas.
- Crear un ambiente social favorable no que non entren en conflito as responsabilidades parentais de coidado co acceso e permanencia no mercado de traballo
- Formar as familias dotándoas de habilidades parentais e das necesarias para enfrontarse ás súas necesidades.
- Informar, asesorar e orientar ás familias para evitar ou saír de procesos de conflictividade familiar. Preservar a relación entre as e os menores e as súas familias en situación de crise.
- Consolidar, axustándoa ás necesidades reais, unha rede de centros e prazas públicas de atención á infancia, que serva como axente dinamizador e potenciador do asentamento demográfico.
- Satisfacer as necesidades materiais, psicolóxicas, educativas, afectivas e doutra índole dos menores en situación de desamparo.
- Promover a mellora das condicións familiares que permitan a permanencia do neno/a na súa familia de orixe ou a súa reintegración no prazo máis curto posible.
- Buscar, formar e apoiar a familias substitutas, que de xeito temporal ou permanente ofrezan un fogar aos nenos/as que non poden reintegrarse ás súas familias.
- Consolidar, axustándoa ás necesidades reais, unha rede de centros residenciais tanto públicos como concertados, para aqueles menores para os que non sexa posible ou conveniente a integración nunha familia, e mellorar a calidade na intervención levada a cabo neles.

- Preparar para a vida independente e acadar a integración social e laboral dos adolescentes e mozos/as que estean próximos a acadar a maioría de idade e non conten con apoios familiares.
- Promover a mellora das competencias e habilidades do menor que permitan a súa integración na sociedade no prazo máis curto posible.
- Prever e evitar a reincidencia dos menores con medidas xudiciais en execución.
- Dar resposta de calidade ás necesidades derivadas da intervención con menores sometidos ao cumprimento de medidas xudiciais.
- Preparar para a vida independente aos adolescentes, mozas e mozos que non conten con apoios familiares.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Dado que o programa se dirixe á poboación xeral, a potencial poboación beneficiaria é a totalidade das persoas que se atopan en Galicia, polo tanto, a fendas de xénero son as identificadas con carácter xeral para a poboación de Galicia. Para abordalas convenientemente o programa prevé actuacións especificamente orientadas a promover a igualdade e prever a violencia de xénero que se relacionan no apartado específico desta memoria e ademais incorpora transversalmente a perspectiva de xénero.

E, por último, a maioría das estatísticas e datos cuantitativos manexados e obtidos no proceso de desenvolvemento deste programa están desagregas por sexo.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	X
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HO-

MES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS

- GOF virtual. Servizo que se pon en marcha para ofrecer apoio e asesoramento ás familias galegas e a calquera persoa, poderá e dará información sobre a igualdade, os dereitos e recursos e servizos que prestan atención ás mulleres en situación de violencia de xénero, podendo realizar unha derivación axeitada á demanda aos servizos especializados máis adecuados a cada caso.
 - Indicadores:
 - N° de mulleres atendidas.
 - N° de homes atendidos.
 - Persoas as que vai dirixida: toda a sociedade.

- Adecuación e racionalización de horarios e prazas nas escolas infantís 0-3.
 - Indicadores:
 - N° de escolas que abren no mes de agosto.
 - N° de escolas que cambian o seu horario pola demanda de atención noutra franxa horaria.
 - N° de escolas que ofertan prazas ás persoas non residentes no concello no que está situado o equipamento.
 - Persoas as que vai dirixida: toda a sociedade.

- Reforzo das accións que se veñen a realizar en relación á temática da igualdade como contido transversal nos centros que dependen da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, a través da remisión de todo tipo de documentación que facilite e mellore o traballo que xa se ven realizando.

Indicadores:

 - N° de iniciativas.
 - Persoas as que vai dirixida: toda a sociedade.

- Prioridade e bonificación ás familias monoparentais nas escolas infantís 0-3.
 - Indicadores:
 - N° de familias monoparentais beneficiadas.
 - Persoas as que vai dirixida: toda a sociedade.

- Reserva do 5 % das prazas de escolas infantís dependentes da Xunta para casos urxentes (fillos/as de mulleres que se atopen en casas de acollida e/ou sexan vítimas de violencia de xénero).
 - Indicadores:
 - N° de menores beneficiados.
 - Persoas as que vai dirixida: toda a sociedade.

- Educación en igualdade e corresponsabilidade e fomento de roles non sexistas en ámbitos de convivencia (centros de menores).
 - Indicadores:
 - N° menores beneficiados.
 - Persoas as que vai dirixida: nenos, nenas e adolescentes usuarios de centros de menores.

- Impartición de módulos de igualdade e perspectiva de xénero nas actividades de orientación e inserción sociolaboral.
 - Indicadores:
 - N° menores beneficiados.
 - Persoas as que vai dirixida: mozos e mozas usuarios do programa de inserción sociolaboral de menores.

- Desenvolvemento de cursos e talleres específicos sobre educación sexual, promoción da saúde e educación en valores destinados a menores responsables de cometer delitos relacionados coa violencia de xénero ou agresións sexuais.
 - Indicadores:
 - N° de actividades realizadas.
 - N° de menores que realizaron actividades.
 - Reincidencia na mesma tipoloxía delituosa.
 - Persoas as que vai dirixida: toda a sociedade.

- Uso da igualdade entre mulleres e homes como criterio de valoración nos procesos de contratación de servizos públicos.
 - Indicadores:
 - % dos procedementos de contratación nos que se incorporou o criterio de igualdade.
 - Persoas as que vai dirixida: toda a sociedade.

- Estatísticas con perspectiva de xénero.
 - Indicadores:

- Estatísticas publicadas.
- Persoas as que vai dirixida: toda a sociedade.
- Integrar a perspectiva de xénero no desenvolvemento normativo.
 - Indicadores:
 - % de proxectos normativos nos que se emprega a linguaxe non sexista.
 - Persoas as que vai dirixida: toda a sociedade.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

Todas as actuacións dirixidas a atención das necesidades de conciliación das familias favorecen a igualdade entre mulleres e homes, dado que son as mulleres as que maioritariamente se veñen facendo cargo das responsabilidades de atención e coidado dos fillos e fillas.

Por outra banda, actuacións concretas como a posta en marcha de casas niño no rural poñen en valor cualificacións maiormente posuídas polas mulleres, o que favorece o seu acceso ao mercado laboral.

En 2016 superouse en recursos de atención á infancia a ratio de cobertura do 33 % recomendada pola Unión Europea. Así mesmo logrouse no ter lista de espera para o acceso a estes recursos.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO, NO EXERCICIO 2016

Casas niño, ao abeiro desta iniciativa no 2016 puxéronse en marcha 30 casas niño en concellos rurais de Galicia de menos de 5.000 habitantes. Con esta actuación aténdese as necesidades de conciliación das familias e ao mesmo tempo póñense en valor cualificacións maiormente posuídas polas mulleres, o que favorece o seu acceso ao mercado laboral e a súa permanencia no territorio, e contribúe tanto a promocionar a igualdade entre mulleres e homes como a frear o declive demográfico

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

III.1.4. PROGRAMA 312C - SERVIZOS SOCIAIS RELATIVOS ÁS MIGRACIÓNS:

A. DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Con este programa trátase de cubrir necesidades básicas de persoas con carencia de recursos económicos en risco de exclusión social e prestar atención ás persoas e familias en situación de especial dificultade.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

A poboación de Galicia no ano 2016 (datos publicados en xaneiro de 2017) é de 2.718.525 persoas, das cales 87.966 son persoas estranxeiras, que representa o 3,24 % da poboación.

Do total de persoas estranxeiras, 52.423 son persoas ás que se lles aplica o réxime xeral e 35.543 pertencen a UE.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Polo que atinxe á política en materia de inmigración, a situación actual presenta unha serie de debilidades como é a dispersión xeográfica deste colectivo (mais de 40 concellos de Galicia contan cunha porcentaxe de poboación inmigrante extracomunitaria superior ao 2 % do seu padrón municipal, e estes concellos non son na súa maior parte limítrofes). Na mesma liña, a diversidade da orixe das persoas inmigrantes: existen mais de 25 países de orixe que aportan inmigrantes á sociedade galega, o que esixe unha atención adaptada as necesidades e particularidade das persoas, moi diferentes segundo a súa procedencia.

Ademais, hai que engadir a falla de coñecemento das linguas de acollida e as dificultades na validación dos estudos realizados no país de orixe.

Así mesmo, os efectos da crise deixáronse notar de forma notable neste colectivo, sendo necesario un reaxuste entre a demanda empresarial de man de obra e a cualificación da poboación inmigrante.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

No referente á inmigración as normas que se teñen que ter en conta son as seguintes:

- Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereito e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.
- Real decreto 557/2011, do 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Lei orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, tras a súa reforma pola Lei orgánica 2/2009.
- Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020.
- Estratexia de Inclusión Social da Poboación Xitana en Galicia 2014-2020.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

No ámbito da inmigración o obxectivo é avanzar na inclusión da poboación inmigrante entendendo que a mellor maneira de acadala é a través do emprego, pero que non hai que descoidar outros aspectos importantes como a eliminación das barreiras idiomáticas, o coñecemento da sociedade de acollida e a xestión da diversidade sociocultural poñendo o acento na convivencia.

Preténdese atender as necesidades destas persoas con independencia dos seus países de orixe e da localidade na que residan.

As principais actuacións que se enmarcan neste programa pretenden conseguir unha poboación inmigrante cualificada que responda ás necesidades do mercado laboral, para iso en moitos casos é preciso desenvolver itinerarios personalizados de inclusión sociolaboral, que proporcionen a formación prelaboral e laboral precisa e incluso a formación en competencias clave, que lles permitirá logo participar en accións formativas de competencias de profesionalidade.

Nestes itinerarios será preciso afondar tamén nos coñecementos de idiomas, e darlle a necesaria importancia ao asesoramento especializado en materia de estranxeiría que ofrecen as entidades que traballan neste eido, por ser moi variadas as situacións nas que pode estar unha persoa inmigrante en función do seu país de procedencia, das súas relacións familiares, da súa situación laboral, da homologación dos seus títulos académicos..., aspectos todos eles que teñen cabida nas convocatorias de axudas que se tramitan anualmente.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

As actuacións previstas no programa 312C levaranse a cabo con perspectiva de xénero e terase en conta ademais a realización de accións positivas a prol da igualdade entre mulleres e homes tendo en conta que os roles de xénero soen estar moi definidos debido a que as sociedades emisoras teñen normalmente valores patriarcais. Así obsérvase, que a carencia de emprego nos sectores nos que habitualmente traballaban os homes inmigrantes, ocasionou que as mulleres decidiran incorporarse ao mercado laboral por ter maior empregabilidade que os homes, pero aínda sen deixar de lado as súas responsabilidades familiares e o seu rol tradicional.

Por iso nas convocatorias de axudas a entidades para a realización de programas para inmigrantes incluíranse como criterio de valoración o enfoque de xénero.

Segundo datos obtidos nas convocatorias de subvencións do ano 2015 a participación das mulleres nas actuacións financiadas foi superior á dos homes, así podemos indicar que 1.011 mulleres inmigrantes participaron en accións dirixidas á súa inclusión social mentres que o número de homes que participaron é de 560, o que representa un 64,35 % do total.

Todas estas actuacións son medibles a través dos seguintes indicadores, todos eles desagregados por sexo:

- Persoas desempregadas, incluídas as de longa duración.
- Persoas inactivas.
- Persoas con emprego, incluídos os traballadores por conta propia.
- Persoas menores de 25 anos de idade.
- Migrantes, participantes de orixe estranxeira, minorías (incluídas comunidades marxina-das como a poboación romaní).
- Participantes con discapacidade.
- Outras persoas desfavorecidas.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X

Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	X
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	X
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	X
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS

Incorporación nas convocatorias de axudas como criterio do baremo de concesión a realización de actividades específicas de promoción da igualdade de xénero.

Así mesmo, na metodoloxía das actuacións esíxese que incorporen a perspectiva de xénero, describindo os axustes que se introducirán en función dos roles diferentes que asumen homes e mulleres na sociedade e que poden condicionar o acceso e a calidade da súa participación.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

Contribuír a través das actuacións subvencionadas á igualdade entre mulleres e homes, á corresponsabilidade no fogar e á redución das diferenzas de participación nos diferentes ámbitos derivadas da concepción tradicional do que significa ser home e muller.

A previsión para 2018 é que se beneficien dun xeito directo deste programa 1.000 mulleres inmigrantes e 500 homes, a través de accións formativas e de itinerarios personalizados de inclusión.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Inclusión Social

III.1.5. 312D - PROGRAMA DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Servizos sociais de atención ás persoas dependentes

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A atención ao colectivo de poboación con algún tipo de discapacidade ou limitación, que lle causou ou lle pode chegar a causar unha dependencia para as actividades da vida diaria ou necesidades de apoio para a súa autonomía persoal en igualdade de oportunidades, convértese nun reto ineludible para os poderes públicos, que require unha resposta firme, sostida e adaptada ao noso actual modelo de sociedade. Así se establece na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, cando no seu artigo 3 formula, como un dos obxectivos do Sistema Galego de Servizos Sociais "garantir a vida independente e a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia integrando, para estes efectos, o catálogo de prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia".

Este programa pretende dar cobertura ás necesidades de atención que precisan as persoas en situación de dependencia que, por razóns derivadas da idade, a enfermidade ou a discapacidade e vinculadas á falla de ou á perda de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, requiren da atención doutra persoa ou precisan de axudas importantes para realizar actividades básicas da vida diaria.

Especial incidencia tivo no ano 2015 a entrada en calendario do grao I que supuxo a necesidade do despregue dos servizos necesarios para a súa atención, especialmente importante na área dos servizos de promoción da autonomía persoal.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O programa vai dirixido a persoas dependentes (sexan persoas maiores, persoas con discapacidade ou persoas enfermas coas limitacións sinaladas no parágrafo anterior) nos graos III, II e I. Para estes efectos é necesario un despregue de actuacións e servizos vinculados ao incremento notable de poboación dependente que deberá atenderse. Neste senso, haberá que potenciar a atención no ámbito da prevención da dependencia e da promoción da autonomía persoal, co fin de adiar situacións de dependencia grave ou moi grave que limitan de xeito importante a autonomía e capacidade das persoas ao tempo que requiren servizos máis custosos e que en moitos casos requiren a institucionalización daquelas.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Galicia é a segunda comunidade autónoma máis avellentada do Estado cunha tendencia a que este rango se acentúe aínda máis nos próximos anos. Isto, unido ao aumento da esperanza de vida, está a provocar unha demanda, cada vez máis crecente, dos servizos de atención á dependencia.

Estímase que en 2020 se reduza a poboación nun 1,5 %, mentres que o número de persoas maiores de 65 anos se incremente nun 10,7 %.

Na actualidade arrástrase una situación deficitaria na atención as persoas en situación de dependencia, derivada inicialmente do volume de persoas desatendidas que se xerou nos inicios da implementación da Lei 39/2006 na nosa comunidade. Esta situación agravouse coa entrada en calendario en xullo do ano 2015 do grao I, que supuxo o acceso ao Sistema de 15.000 novas persoas xa recoñecidas neste grao.

Todo elo nun contexto no que o volume de persoas que continúan solicitando atención a través da Lei 39/2006, aínda que paulatinamente o fluxo de entrada é menor, e no que se constata que ao redor do 85,21 % das persoas que solicitan o recoñecemento da dependencia, son efectivamente valoradas con algún grao de dependencia con dereito de atención (grao III, II e I) o que supón arredor do 23,39 % do total dos graos recoñecidos.

Da combinación destas variables (situación herdada da continuación do fluxo de solicitudes e novas persoas recoñecidas con dereito de atención), resulta que aínda co considerable esforzo que se leva realizando nos dous últimos anos, tanto orzamentario coma de xestión, a redución da porcentaxe de persoas desatendidas con dereito recoñecido en 38,51 puntos porcentuais, non é suficiente e resulta imprescindible e necesario seguir avanzando na dotación de recursos orzamentarios que permitan a creación de novos servizos cos que dar atención ás persoas así como

o mantemento de recursos materiais (medios técnicos e telemáticos) como recursos humanos para mellorar o procedemento de xestión.

Porcentaxe de desatención en xuño 2009: 65 %.

Porcentaxe de desatención en xuño 2017: 26,49 %.

Cómpre salientar que da evolución da poboación prevista para os vindeiros anos, cun incremento exponencial da poboación maior de 80 anos (que supón o 80 % dos solicitantes de recoñecemento da situación de dependencia), só pode deducirse que, aínda absorbendo o déficit de atención da situación actual, seguirá sendo necesaria a implantación de novos recursos de atención e máis fundamentalmente o desenvolvemento dunha rede de servizos de promoción da autonomía e prevención da dependencia que permita retrasar o maior tempo posible a utilización de recursos asistenciais de menor custo económico e maior aceptación social, xa que a maioría da poboación e dos profesionais comparten a necesidade de fomentar os maiores niveis de autonomía posibles.

Particularmente a situación a 30 de xuño de 2017 consonte a información incorporada ao SISAAD presenta os seguintes datos: solicitudes: 79.424; ditames: 78.204; persoas beneficiarias con dereito a prestacións: 66.641; persoas atendidas: 48.989.

A mellora nos tempos de tramitación permitiu unha atención pronta ao cidadán na maioría dos supostos, que nalgúns casos se incrementa por enriba da media o tempo de tramitación debido ao recurso solicitado, polo que aínda segue a ser preciso afondar en melloras tecnolóxicas, así como no mantemento dos recursos humanos destinados á xestión do procedemento, especialmente na consolidación dos escenarios de tramitación electrónica implementados.

Doutra banda o volume acadado na xestión tanto das solicitudes coma das persoas atendidas, require dun maior esforzo no control e seguimento dos expedientes e as situacións de altas e baixas do sistema.

O importante avance na creación de novos recursos asistenciais durante os dous últimos anos, tanto en prazas residenciais como de centros de día, así como en relación ao servizo de axuda no fogar, non só permitiu dar resposta a persoas en espera de atención senón que ao mesmo tempo incrementou a rateo de rotación de persoas nos servizos.

No entanto aínda hai modalidades de atención non suficientemente cubertas no ámbito das persoas con discapacidade en situación de dependencia. Neste senso a nova carteira de servizos para a promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, supón un cambio de paradigma na forma de atender ás persoas en situación de dependencia, prevención da dependencia e autonomía persoal, pasando dun modelo baseado en centros de atención a outro baseado en servizos, e á súa vez esta prestación de servizos adecuarase ás persoas usuarias ao configurarse como un servizo flexible, onde se poderán combinar os diferentes servizos necesarios para atención das súas necesidades.

Por outra banda, a rede de servizos de promoción e prevención da dependencia continúa a ser una debilidade do servizo de atención a dependencia (SAAD) na nosa comunidade, que urxe abordar xuntamente coas medidas de coordinación sociosanitaria para acadar uns niveis adecuados de eficiencia nos servizos.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.
- Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.
- Resolución de 23 de abril de 2013, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia sobre criterios, recomendacións e condicións mínimas para a elaboración dos plans de prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal; datos básicos do sistema de información do SAAD e Catálogo de referencia de servizos sociais.
- Plan estratéxico 2010-2014. Horizonte 2020
- Plans de competitividade para o impulso económico das provincias de Ourense e Lugo.
- Estratexia para a prevención e detección precoz da dependencia en Galicia, horizonte 2020.
- Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Coas actuacións contidas no programa 312D preténdese:

Dotar de cobertura asistencial, consolidando e aumentando os recursos sociais e prestacións dedicados ás persoas en situación de dependencia, garantindo os niveis de calidade axeitados.

Dotar de cobertura asistencial, implementando os servizos de promoción e de proximidade ás persoas en situación de dependencia leve, particularmente importante coa efectividade do grao I a partir de xullo do ano 2015.

Facilitar a integración mediante a implantación de programas propios destinados a atender a dependencia nas persoas maiores, persoas con demencia e con discapacidade así como o apoio aos seus cuidadores.

Fomentar a aplicación das novas tecnoloxías para a atención das persoas dependentes procurando unha mellora na súa calidade de vida.

Favorecer o desenvolvemento da actuación 5.1.1.1 "Mellora dos servizos e infraestruturas que faciliten a permanencia no fogar das persoas en situación de dependencia" contempladas nos Plans de competitividade para o impulso económico das provincias de Ourense e Lugo respectivamente e a dotación de prazas polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para a atención diúrna de persoas en situación de dependencia e o desenvolvemento polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar de programas en centros de día orientados á diversificación dos seus servizos.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Máis da metade das persoas con discapacidade oficialmente recoñecida son mulleres, concretamente 53 %.

O 70 % das persoas en situación de dependencia son mulleres, debido ao alargamento da esperanza de vida que inflúe na aparición das situacións de dependencia.

En torno ao 80 % das persoas cuidadoras non profesionais son mulleres.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS

Formación a persoas cuidadoras de persoas en situación de dependencia. Tendo en conta que o 80 % das persoas cuidadoras son mulleres, esta actuación está destinada preferentemente ás mulleres.

Prestacións económicas destinadas a coidados non profesionais, vinculada á adquisición dun servizo e á asistencia persoal. Tendo en conta que o 80 % das persoas cuidadoras son mulleres, esta actuación está destinada preferentemente ás mulleres facilitando a conciliación da vida familiar e laboral, así como un soporte económico para os coidados non profesionais das persoas en situación de dependencia.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

O 70 % das persoas en situación de dependencia son mulleres, en torno a esta mesma porcentaxe de mulleres corresponde o perfil de cuidador familiar da dependencia, polo que en consecuencia o número de mulleres destinatarias deste programa de gasto é substancialmente superior ao dos homes.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO, NO EXERCICIO 2016

O 70 % das persoas cuidadoras familiares de persoas en situación de dependencia son mulleres, polo que en consecuencia a través deste programa, e dende a perspectiva de xénero, este programa mellorou a conciliación da vida persoal e familiar de preto de 42.000 persoas.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

III.1.6. PROGRAMA 312E - PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E AS PERSOAS MAIORES:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Servizos sociais de atención ás persoas maiores e con discapacidade.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Promover a atención social e o benestar das persoas con discapacidade e das persoas maiores mediante o financiamento de recursos, servizos e o desenvolvemento de programas, orientados a favorecer a súa autonomía persoal, a súa integración sociofamiliar e laboral, a permanencia da persoa no seu contorno e o seu benestar físico e psíquico, tanto por medios propios como en colaboración con entidades que prestan atención aos citados colectivos.

O conxunto de actuacións que configuran este programa están dirixidas a desenvolver e consolidar servizos e prestacións que atendan as necesidades sociais que poidan afectar especificamente ás persoas en situación de dependencia, ás persoas maiores e ás persoas con discapacidade; así mesmo xunto a acción que lle corresponde aos poderes públicos tamén cómpre seguir apoiando tanto as entidades de iniciativa social que traballan na defensa dos intereses destes colectivos así como ao movemento asociativo no que se integran e participan estas persoas.

Mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade e das persoas maiores, en termos de autonomía persoal, así como prever as situacións de dependencia, son por tanto as necesidades estratéxicas que pretende atender este programa.

En resumo, este programa busca cubrir as necesidades de persoas en risco ou situación de dependencia procurando o desenvolvemento e mantemento da capacidade persoal de controlar, afrontar e tomar decisión sobre o xeito de vivir conforme ás normas e preferencias propias. Todo isto, coa finalidade de favorecer a participación, integración social e ou benestar físico e psíquico da persoa no seu contorno social. Deste xeito, é fundamental actuar de xeito preventivo para contribuír a aumentar a esperanza de vida libre de dependencia, procurando unha actitude positiva ante o envellecemento e tamén a discapacidade, e promover os coñecementos e as condicións necesarias para conseguir o aumento e/ou mantemento das capacidades destas persoas, para o desenvolvemento da súa vida diaria e, polo tanto, evitar ou retrasar no posible a aparición da dependencia, promovendo así mesmo o desenvolvemento tecnolóxico no eido da prevención e detección precoz da dependencia, así como promover a accesibilidade universal e o deseño para toda a cidadanía, e fomentar a eliminación de calquera tipo de barreira que impida a participación das persoas con discapacidade en termos de igualdade.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Colectivos integrados polas persoas maiores (65 anos ou máis) e polas persoas con discapacidade; así como tamén polas persoas que están na franxa de idade de 55 ata 64 anos como parte fundamental das políticas de envellecemento activo.

Finalidades a alcanzar:

- Promover servizos de promoción da autonomía persoal e prevención da dependencia destinados ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores.
- Facilitar unha axeitada cota de benestar, avaliando as problemáticas sociais e contribuíndo ao desenvolvemento individual e dos grupos na comunidade, favorecendo a promoción da súa autonomía persoal e a súa integración social e familiar.
- Consolidar e reforzar un sistema que complemente a dispoñibilidade dos servizos e prestacións da administración mediante o apoio á iniciativa social, con ou sen ánimo de lucro, complementando a cobertura das necesidades derivadas do envellecemento e da discapacidade.
- Fomentar e apoiar o tecido asociativo no ámbito das persoas maiores e no ámbito das persoas con discapacidade co fin de potenciar a participación destes colectivos nos ámbitos cultural, social, deportivo e educativo e promover a súa participación en todas aquelas actuacións que afecten aos seus dereitos e intereses co fin de garantir a igualdade de oportunidades e a súa plena integración en tódolos ámbitos.
- Favorecer a inserción social dos colectivos con especiais dificultades de, normalización das condicións de vida dos segmentos de poboación con menos recursos e a resposta ante necesidades emerxentes e excepcionais.
- Garantir a atención ás persoas maiores e ás persoas con discapacidade, consolidando os servizos e recursos sociais dedicados a este fin.
- Promover o envellecemento activo das persoas maiores a través do desenvolvemento de programas, tanto propios como en colaboración coas entidades locais, así como con universidades e outras entidades, e servizos, especialmente servizos innovadores de proximidade que, nestes momentos están sendo obxecto de desenvolvemento a fin de incluílos nunha norma regulamentaria pola que se aprobe a carteira de servizos sociais para persoas maiores e/ou con discapacidade autónomas.
- Desenvolvemento da Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020.
- Desenvolvemento da Estratexia galega de envellecemento activo dende a innovación 2016-2020.
- Aumentar a esperanza de vida libre de dependencia, procurando unha actitude positiva ante o envellecemento e tamén a discapacidade.
- Fomentar iniciativas de investigación, innovación e mellora dos servizos sociais para a instauración de novos modelos de intervención social e de envellecemento activo.

- Mellorar o acceso aos recursos dos servizos sociais e asistenciais de proximidade destinados as persoas maiores e as persoas con discapacidade, especialmente a aquelas que vivan no rural cara a mellorar a súa calidade de vida.
- Articular novos modelos de intervención social eficientes, integradores e accesibles que permitan consolidar unha densa rede de apoio.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Segundo a información dispoñible no IGE, o número total de persoas con discapacidade en Galicia a decembro 2016 é de 227.696, dos que o 53 % son mulleres.

Segundo a variable sexo, a maioría da poboación feminina que presenta algunha discapacidade ten máis de 65 anos (en concreto o 58,96 %). Mentres que só o 41,03 % dos homes que teñen algunha discapacidade superan os 65 anos.

As persoas que pertencen a este colectivo precisan de servizos que, constituíndo un apoio, promovan a súa autonomía e lles faciliten o desenvolvemento individual previndo a súa dependencia.

En Galicia, das 227.096 persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % que constan no Censo de persoas con discapacidade, o 45,61 % son persoas en idade laboral, tendo en conta ademais que das persoas en idade laboral, 8.476 son mozos/as de entre 16 e 30 anos.

Galicia é unha das comunidades autónomas cunha menor taxa de actividade entre as persoas con discapacidade a nivel estatal, 23,7 % fronte ao 33,9 % da media española (fonte INE. Datos 2015 Estudio empleo personas con discapacidad). Así mesmo a taxa de paro das persoas con discapacidade en Galicia está ao redor do 28 % fronte ao 19,3 % da poboación xeral galega segundo datos da antedita fonte.

Tamén cómpre ter en conta a relevancia da cifra de persoas maiores de 65 anos con discapacidade en Galicia, que supón o 51,81 % das persoas con discapacidade.

Polo tanto, eses datos reflicten a necesidade de abordar medidas en diversos ámbitos cara a acadar que se mellore a calidade de vida e as oportunidades de participación na sociedade destas persoas.

Son tamén importantes datos de referencia ao respecto do colectivo das persoas maiores que viven en Galicia, polo impacto que supón no deseño das políticas públicas cara a que a súa calidade de vida sexa a mellorar, atendendo aos diferentes perfís sociais, educativos, de residencia, etc. que existen. Sen dúbida é necesario ter presente que a poboación de 65 ou máis anos en Galicia supón o 24,30 % da poboación total; sendo xa este un dato relevante aínda o é máis o feito de que no ámbito das políticas de envellecemento activo e as estratexias que neste sentido se están a traballar tanto a nivel autonómico, como estatal e mundial, a franxa de idade ao que se destinan as políticas en materia de envellecemento activo, comeza nos 55 anos de idade,

con accións de carácter preventivo e tamén de preparación para a etapa de xubilación, e neste sentido en Galicia a poboación de 55 ou máis anos, acada a cifra de 1.002.326 persoas, (fonte IGE datos 31/12/2016), o que ven a supoñer o 36,84 % da poboación total.

Outro aspecto relevante é a tipoloxía de fogares que caracteriza a Galicia determinado polos anteditos datos de idade, e así temos que do total de 1.060.792 fogares existentes en Galicia, 229.780 son fogares unipersoais, e destes 121.297, é dicir, o 52,78 % son fogares unipersoais de persoas de 65 ou máis anos. (Fonte IGE. Datos 31/12/2016)).

A estas circunstancias tamén hai que engadirlle o lugar de residencia como factor determinante no acceso aos recursos para este sector da poboación, e que debe contemplarse como factor non excluínte que impida ter as cotas axeitadas de benestar e calidade de vida.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia
- Seguindo as especificacións da Lei 39/2009, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. Horizonte 2020
- Estratexia española de Discapacidade 2012-2020
- Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020 e o seu Plan de acción, na súa segunda fase 2018-2020.
- Estratexia galega de envellecemento activo dende a innovación 2016-2020
- Estratexia para a prevención e detección precoz da dependencia en Galicia, Horizonte 2020, seguindo as especificacións da Lei 39/2009, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá
- Decreto 99/2014, do 24 de xullo, polo que se regula o Servizo galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou en situación de dependencia
- Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia
- Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020
- Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020
- Resolución de 23 de abril de 2013, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia sobre criterios, recomendacións e condicións mínimas para a elaboración dos plans de prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal; datos básicos do sistema de información do SAAD e Catálogo de referencia de servizos sociais.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Facilitar ás persoas con discapacidade e persoas maiores unha axeitada cota de benestar, avaliando as problemáticas sociais e contribuíndo ao desenvolvemento individual e dos grupos na comunidade, favorecendo a promoción da súa autonomía persoal e a súa integración social e familiar.

Garantir a ausencia de discriminación, a plena igualdade de oportunidades, a accesibilidade universal e a equiparación de dereitos das persoas con discapacidade co resto da cidadanía, a través da promoción da súa autonomía persoal, a normalización, a supresión de barreiras arquitectónicas, de comunicación e actitudinais, e, ao mesmo tempo, reequilibrar situacións de desigualdade entre mulleres e homes deste colectivo.

Consolidar e reforzar un sistema que complemente a dispoñibilidade dos servizos e prestacións da administración mediante o apoio á iniciativa social con ou sen ánimo de lucro, complementando a cobertura das necesidades derivadas do envellecemento e da discapacidade.

Favorecer a inserción social dos colectivos con especiais dificultades á normalización das condicións de vida dos segmentos de poboación con menos recursos e a resposta ante necesidades emerxentes e excepcionais.

Aplicación e desenvolvemento das medidas contempladas na Estratexia galega sobre discapacidade a través do seu Plan de acción 2018-2020.

Promover a formación e o asesoramento para persoas con discapacidade para a mellora da súa inserción socio laboral.

Garantir a atención ás persoas maiores e ás persoas con discapacidade, consolidando os servizos e recursos sociais dedicados a este fin.

Promover o envellecemento activo das persoas maiores a través do desenvolvemento de programas, tanto propios como en colaboración coas entidades locais, así como coas universidades e outras entidades, tendo en conta transversalmente a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Promover o envellecemento saudable e a calidade de vida das persoas maiores a través da nutrición.

Aplicación e desenvolvemento da Estratexia galega de envellecemento activo dende a innovación 2016-2020.

Desenvolvemento de medidas de actuación a prol dun envellecemento activo, seguindo as liñas marcadas pola estratexia para a prevención precoz da dependencia de Galicia.

Garantir a accesibilidade das persoas con discapacidade aos contornos, espazos, bens, produtos e servizos en igualdade de condicións co resto da poboación, e establecer sistema de axudas que lles facilite asumir servizos de promoción da autonomía persoal de xeito máis rápido e acadar así un maior éxito na intervención.

Fomentar a colaboración cos concellos para a promoción de recursos e servizos destinados ao fomento do envellecemento activo da poboación e da autonomía persoal.

Mellorar a calidade e capacidade de atención dos servizos e recursos da Rede galega de atención temperá.

Prover de servizos públicos sociais e asistenciais de proximidade axeitados ás características da poboación, cun maior peso das persoas maiores.

Favorecer o mantemento da poboación maior de 55 anos na súa casa tanto tempo como sexa posible en condicións de seguridade e dotados dos servizos axeitados, así como coas condicións de habitabilidade necesarias, e tamén empoderamento da poboación maior a través da súa participación e integración na sociedade.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Segundo estudos existentes en diferentes ámbitos da xeografía europea e tamén en España, as mulleres con discapacidade afrontan desigualdades no acceso e control dos recursos (espazos de participación social e a toma de decisións e a bens e servizos públicos.), no goce dos seus dereitos fundamentais (como os sexuais e reprodutivos) e na súa situación e posición social con respecto á educación, ao emprego, á xustiza, á protección social ou ás relacións afectivas. Diferenzas que tamén se poden observar en relación á súa autopercepción e á imaxe que delas ten a sociedade en xeral e mesmo a que presentan os medios de comunicación.

De todo iso dérivase unha situación de discriminación, de desigualdade, de desvantaxe que dificultan a consecución de obxectivos de vida considerados como esenciais, porque imprime unha especificidade ás súas necesidades e intereses estratéxicos.

Hoxe en día este grupo de persoas segue a tratarse como un "colectivo invisible" en moitos ámbitos. No caso das mulleres, esta situación de invisibilidade amósase máis acusada, a pesar de que se estima que en España existen 3,85 millóns de persoas que manifestan ter discapacidade (o que supón o 8,5 % da poboación española) das cales o 59,8 % son mulleres. No caso de Galicia, segundo os datos da mesma enquisa, afectaría case ao 12 % da poboación, sendo o 61,8 % mulleres.

Segundo os datos referidos a decembro de 2015 que constan no Censo de Persoas con Discapacidade máis da metade das persoas cunha discapacidade oficialmente recoñecida en Galicia son mulleres, concretamente o 52,01 % , sendo estes datos a nivel provincial os seguintes: no caso da provincia de A Coruña supoñen o 43,58 %, na de Lugo o 6,52 %, en Ourense o 8,56 % e no caso de Pontevedra o 41,32 %.

Esa maior porcentaxe de mulleres entre o colectivo concéntranse nos grupos con idades superiores aos 65 anos, ata o punto de que hai un claro predominio da poboación masculina en todos os tramos de idade que se reverte cando se chega a ese grupo de máis de 65.

As mulleres con discapacidade afrontan outras desigualdades como é incluso o acceso aos servizos sociais. De feito, sendo maior o número de mulleres que de homes con discapacidade, elas acceden en menor medida aos recursos sociais que la Administración pon a súa disposición. Por isto, afrontar a atención a estas persoas desde unha perspectiva de xénero é fundamental para que as mulleres teñan as mesmas posibilidades de acceso aos servizos que se ofrecen.

Así mesmo, outra das áreas de actuación que comprende este programa de gasto é a área de atención ás persoas maiores. Na Comunidade Autónoma Galega o colectivo conformado polas persoas de 65 anos en diante supera o 24 % do total da poboación. Este dato implica, necesariamente, que o deseño e implementación de medidas destinadas á intervención social con persoas maiores e ao logro do seu benestar e calidade de vida ademais de ser unha condición

indispensable para a consecución dun alto grao de benestar social xeral ten que supoñer tamén unha prioridade fundamental na estratexia de intervención e actuación governamental.

Unha das preocupacións que se manifesta a raíz do envellecemento dunha poboación, é como evolucionan os índices relativos a esta tendencia; así e segundo datos do IGE sobre proxeccións da poboación a curto prazo os datos de indicadores de envellecemento proxectados amosan a seguinte información para 2018: índice de envellecemento (relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación de menos de 20 anos) para 2018 estímase en 157,3 (en 2017: 155,1); o índice de sobreenvellecemento (relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64 anos) para 2018 estímase en 18,3 (en 2017: 17,6).

Deste xeito, os cambios sociodemográficos e socioeconómicos producidos caracterízanse, esencialmente, por unha intensificación dos índices de envellecemento poboacional na nosa comunidade coas conseguíntes repercusións nos niveis de incidencia de enfermidades asociadas á vellez, coma o Alzheimer e outras demencias neurodexenerativas. Igualmente neste senso hai que sinalar as profundas transformacións experimentadas nas estruturas familiares, e dentro delas as derivadas da incorporación progresiva da muller ao mercado laboral, o que implicou o abandono do campo e a migración a vilas e cidades, o cal unido a unhas maiores expectativas de vida e a unha vida máis saudable, repercutiron determinadamente tanto nunha maior incidencia de situacións de persoas maiores que viven soas como nunha maior demanda de equipamentos e recursos destinados á atención deste colectivo.

A xeito de exemplo pódese facer referencia á ampliación dos servizos de teleasistencia domiciliaria así como outros servizos e prestacións como é o caso do servizo galego de apoio á mobilidade persoal. Así mesmo hai que ter en conta o importante avance das novas tecnoloxías que, ao igual que noutros ámbitos, ten propiciado tamén a aparición dun elevado número de posibilidades de actuación destinadas á atención das necesidades das persoas maiores, fundamentalmente no ámbito da teleasistencia avanzada.

Pero ademais hai que ter en conta que as proxeccións de poboación en Galicia evidencian que o colectivo poboacional composto polas persoas maiores de 65 anos, lonxe de perder importancia, seguirá incrementando o seu peso relativo con respecto ás cifras totais de poboación da comunidade. Concretamente e en base aos datos consultados do IGE, considerando un escenario a 2020, a cifra de poboación maior de 65 anos estímase que acadará nese ano un total de 684.226 persoas, o que suporá o 25,65 % da poboación total proxectada para ese ano en Galicia (2.666.740).

Ao respecto sinalar tamén que os galegos de 65 ou máis anos viven maioritariamente en fogares compostos unicamente por persoas dese grupo de idade.

As provincias de Ourense e A Coruña son as que presentan maiores porcentaxes de persoas de 65 ou máis anos que viven en fogares con todos os seus membros neste grupo de idade.

Por outra parte os fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos son maioritariamente unipersoais (52,78 %).

O estado civil máis habitual tanto en Galicia como en España das persoas de 65 ou máis anos é o de “casado”; esta porcentaxe aproxímase ao 60 % en ambos os dous casos.

Por outra banda, cando se analiza o perfil das persoas maiores, e cando se pretende que esta análise sirva como ferramenta útil no proceso de planificación do conxunto de medidas destinadas a proporcionar unha atención integral a este colectivo, é importante considerar cuestións relativas ás limitacións que no grao de autonomía persoal provoca, en moitos casos, o avance da idade. Neste sentido é importante sinalar que en Galicia hai 117.669 persoas maiores de 65 anos con algún tipo de discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33 %, o que supón un 51,81 % do total da poboación galega con algún tipo de discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33 %.

Así mesmo, tal e como xa antes se indicou, os aspectos socioeconómicos das persoas, e no ámbito de actuación deste programa de gasto, nomeadamente o colectivo das persoas maiores, cómpre sinalar que os ingresos medios mensuais nos fogares en que o sustentador principal ten 65 ou máis anos, é de 1.515 euros, un 20,7 % menos que o ingreso medio mensual dun fogar galego xeral. Os ingresos mensuais que perciben os fogares compostos por membros de 65 ou máis anos, atópase nun rango de entre 600 e 1000 euros ao mes.

Tendo en conta que a estrutura dos ingresos das persoas perceptoras de 65 ou máis anos está constituída maioritariamente polas prestacións (94,5 %), que neste tipo de poboación proceden basicamente das pensións contributivas da Seguridade Social, a clave de xénero vai amosar tamén datos relevantes como pode ser o dato da contía das pensións, de xeito que os homes de 55 a 74 anos perciben unha pensión media de 1100 euros, mentres que no caso das mulleres está por debaixo dos 770 euros, independentemente da idade da perceptora, e que reporta unha precariedade económica maior no caso das mulleres que dos homes.

Estes datos apoian o feito de que ao redor do 11 % dos galegos e galegas maiores de 65 anos se atopan nunha situación de risco de pobreza, situación peor no caso das mulleres que na dos homes.

Polo tanto coas accións que se desenvolvan ao abeiro deste programa, estímase que a poboación beneficiaria directa serán: no ámbito da discapacidade, as 227.096 persoas con discapacidade que residen en Galicia (47 % homes e 53 % mulleres) e as preto de 661.314 persoas maiores de 65 anos que residen en Galicia (42,54 % homes e 57,46 % mulleres), sen esquecer que no público destinatario das accións de envellecemento activo a franxa de idade abrangue dende os 55 anos, de xeito que na dita franxa atópanse en Galicia máis de 1 millón de persoas.

Para medir as actuacións realizadas empregaranse indicadores sobre o número de persoas total e desagregado por sexo que son beneficiarias das accións, así como tamén o número de familias que participan no programa de acollemento familiar, e para as accións vinculadas á

promoción de hábitos de vida saudables, usarase como indicador o nº de proxectos, así como tamén o nº de persoas beneficiarias maiores de 55 anos (mulleres) y nº de persoas beneficiarias maiores de 55 anos (total).

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS

Unha das actividades principais, desenvólvese a través dos convenios de colaboración coas entidades representativas das persoas con discapacidade en Galicia e que teñen como fin primordial a realización e desenvolvemento de programas dirixidos ás persoas con discapacidade, e aplicando a perspectiva de xénero cun enfoque dual, é dicir, de xeito transversal pero tamén con accións específicas para atender a situación desigual das mulleres con discapacidade.

Así mesmo, outra das áreas de actuación que comprende este programa de gasto é a área de atención ás persoas maiores. Na comunidade autónoma galega o colectivo conformado polas persoas de 65 anos en diante representa máis do 24 % do total da poboación. Este dato implica, necesariamente, que o deseño e implementación de medidas destinadas á intervención social con persoas maiores e ao logro do seu benestar e calidade de vida ademais de ser unha condición indispensable para a consecución dun alto grao de benestar social xeral ten que supoñer tamén unha prioridade fundamental na estratexia de intervención e actuación governamental. Son varias as liñas de acción tanto a través de convenios con entidades representativas dos intereses das persoas maiores como a través da posta a disposición destas persoas de servizos e recursos como o programa de acollemento familiar. Neste caso para estas principais liñas de acción estímase un orzamento de setecentos cincuenta mil euros.

Tamén neste programa encádrase o servizo de apoio á mobilidade persoal para as persoas con discapacidade e/ou dependentes que ten como finalidade propiciar unha integración social efectiva destas persoas poñendo a disposición das mesmas os medios axeitados para facilitar a súa mobilidade e favorecendo así a súa comunicación e participación no seu entorno habitual.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

De acordo coas actuacións previstas, os resultados determinaranse en función dos indicadores citados no apartado anterior.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO, NO EXERCICIO 2016

En base a tipoloxía das actuacións levadas a cabo, a repercusión obxecto de valoración refírese exclusivamente a porcentaxe de representación que supón a participación de homes e mu-

lles nas ditas actuacións, e que polo peso porcentual que supoñen as mulleres nos datos tanto de persoas con discapacidade como de poboación de 65 ou máis anos, reflicte, en consecuencia datos tamén dunha maior participación en termos absolutos. Unha análise dende o punto de vista cualitativo pasa por analizar a tipoloxía de actividades que se ofrecen e que por suposto deben ser deseñadas con perspectiva de xénero e do mesmo xeito promover actividades específicas que teñan en conta as diferentes inquiredanzas, necesidades, etc. de homes e mulleres, aspecto este que non se está a dar con toda a intensidade que sería necesaria, e que é necesario polo tanto reforzar cara a futuras programacións.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO

O programa de gasto responde en termos xerais aos principios reitores establecidos na Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020, entre os que como principio transversal establécese a igualdade de xénero, dado que o xénero é unha variable que afonda nas desigualdades e que ven supoñendo unha dobre discriminación para as mulleres con discapacidade. Deste xeito, estase a traballar para que a dimensión da igualdade de xénero sexa unha dimensión transversal, o cal ven a supoñer que ademais do enfoque integrado de xénero que deben cumprir todas as actuacións, tamén deberán contemplarse e reforzarse accións específicas dirixidas a reducir a brecha de xénero nos ámbitos en que sexa necesario. En todo caso, é necesario reforzar a implicación das entidades colaboradoras no desenvolvemento dos programas no que atinxe a que a programación das súas accións respondan as necesidades de homes e mulleres.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

III.1.7. PROGRAMA 312F - PROGRAMAS DE SOLIDARIEDADE:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O programa engloba unha serie de medidas encamiñadas a garantir a inclusión social e os dereitos básicos das persoas máis desfavorecidas e fomentar a participación da cidadanía en xeral, establecendo programas orientados a colectivos específicos, entre eles persoas maiores, dependentes e con discapacidade, perseguindo o fortalecemento e posta en valor da acción voluntaria.

Pretende así mesmo, incidir na formación das persoas voluntarias e das persoas responsables da xestión das entidades de voluntariado facilitando programas formativos que axuden a un mellor desenvolvemento da súa labor no eido da solidariedade e a participación social, e fomentando a igualdade entre homes e mulleres.

Persegue a promoción da cultura da solidariedade impulsando a participación cidadá na realización de accións de voluntariado e participación, a través de campañas de sensibilización e apoio, incidindo na igualdade entre homes e mulleres co obxectivo de acadar unha maior participación dos homes nas accións voluntarias.

Busca a implantación dun recoñecemento social da labor das persoas voluntarias, que faga visible a súa achega a sociedade en xeral.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O contexto económico que estamos a vivir ten como unha das súas consecuencias o aumento da poboación obxectivo das entidades de Acción Voluntaria, así como unha redución dos medios cos que contan para realizar os seus programas e unha maior desigualdade entre homes e mulleres.

Considérase imprescindible a formación e especialización tanto das persoas voluntarias como das persoas xestoras destas entidades para optimizar os recursos dos que dispoñen para afrontar esta situación.

Do mesmo xeito, o aumento da demanda de intervención por parte dos colectivos en dificultade, fai necesario máis que nunca a promoción e recoñecemento desta actividade, para conseguir unha maior participación da poboación en xeral nestas actividades, incidindo na incorporación de homes á acción voluntaria.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O programa ten carácter universal dirixíndose a toda a sociedade susceptible de realizar accións de voluntariado e participación, incidindo nos mozos e mozas como garantes do futuro da participación social.

Ademais, na situación de crise actual, é preciso reforzar a colaboración coas entidades de acción voluntaria de carácter privado, a través de axudas que lles permitan desenvolver as súas actividades habituais con persoas voluntarias de calquera rango de idade. Contarase tamén coas ditas entidades para a posta en marcha do Plan anual de Formación do voluntariado.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Na actualidade existen 906 entidades inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia, calculándose que preto de 39.838 persoas voluntarias colaboran dun ou doutro xeito nos pro-

gramas que estas desenvolven. Os programas de formación desenvoltos pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado dende 2009 permitiron formar a mais de 10.000 persoas voluntarias e se amosan como un instrumento válido e de absoluta vixencia para mellorar as accións desenvolvidas por estas, así como optimizar a xestión das entidades de acción voluntaria.

As liñas de axudas aos programas de concellos e mancomunidades de municipios permitiron atender, dende o ano 2009, 673 solicitudes de axudas (das que foron concedidas en total 554) para desenvolver os seus programas de voluntariado, sendo o importe medio das axudas de 2.601,87 euros por proxecto e ano. Así mesmo, dende o ano 2009 atendéronse 1.333 solicitudes de axudas para programas realizados polas entidades de acción voluntaria (das que foron concedidas un total de 1.124) cunha axuda media de 1.989,07 euros.

No ano 2011 creouse o programa de Voluntariado Xuvenil para a promoción do voluntariado entre os mozos e mozas, e que ten como obxectivo principal impulsar a súa incorporación ás entidades de acción voluntaria. Este programa xa permitiu achegar a 3.120 mozas e mozos aos programas de acción voluntaria desenvolvidos polas entidades locais e entidades de acción voluntaria, ao concibirse como un instrumento axeitado para a implicación da sociedade na acción Voluntaria.

En concreto, no ano 2016 e ao abeiro do programa de voluntariado xuvenil, houbo 72 solicitudes de entidades locais e 94 de entidades de acción voluntaria, entre as a que se repartiu un importe de 373.627,14 euros, do que 173.983,20 euros foron parar a entidades locais, e 199.643,94 euros, a entidades de acción voluntaria.

Outra liña de axudas foi destinada a entidades de acción voluntaria de carácter privado das que houbo un total de 98 solicitudes entre as que se repartiu un importe de 145.245 €.

Para o ano 2018 preténdese manter as dúas liñas de axudas ás entidades de acción voluntaria e a concellos e a entidades de acción voluntaria de carácter privado para o fomento e a realización de actividades de voluntariado por parte de persoas voluntarias de calquera idade. Na mesma orde de axudas permitírase que as entidades presenten as súas ofertas formativas (previa proposta do curso por parte do Servizo de Voluntariado e Participación) para a posta en marcha do Plan anual de Formación do Voluntariado.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O programa desenvolverase dentro do marco normativo vixente, establecido pola Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria e a súa normativa de desenvolvemento. En canto aos instrumentos de planificación, está en proceso de deseño a Estratexia de Acción Voluntaria 2015-2018, que atende ao disposto en voluntariado no Plan Estratéxico da Xunta de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O programa ten por finalidade principal a sensibilización da sociedade galega en materia de voluntariado, e na igualdade de xénero, así como a formación das persoas voluntarias e dos responsables da xestión das entidades de voluntariado.

Do mesmo xeito persegue a promoción da cultura da solidariedade impulsando á cidadanía a participar nas accións voluntarias a través de campañas de información e apoio e incidindo na participación dos homes na acción voluntaria.

Aposta por incidir na participación dos mozos e mozas e promove a certificación das actividades de voluntariado e a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.).	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Promoción do voluntariado e apoio as entidades que desenvolven programas no eido da igualdade entre homes e mulleres, na incorporación de homes ao mundo do voluntariado e no eido do acompañamento a vítimas da violencia de xénero.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social.	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU

PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS

- Priorizar nas ordes de axudas aquelas entidades que desenvolvan programas relacionados coa promoción da igualdade de xénero.
- Apoiar cos medios técnicos dispoñibles a incorporación de voluntarias e voluntarios nos programas que neste eido desenvolvan as entidades de acción voluntaria que así o demanden.
- Promocionar a incorporación de homes aos programas de voluntariado.
- Estas medidas están destinadas á sociedade en xeral.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

Prevese a mellora da implicación social e corresponsabilidade entre homes e mulleres coa finalidade de acadar un desenvolvemento pleno das persoas no ámbito do traballo, afectivo, familiar, persoal, de ocio... mantendo o equilibrio nas distintas dimensións da vida e así contribuír á mellora do benestar social, a saúde e a capacidade de traballo persoal.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO NO EXERCICIO 2016

O éxito das medidas radica na súa universalización ao aplicarse tanto a homes como mulleres xa que do que se trata é de promover a igualdade de oportunidades entre ambos sexos evitando os efectos perversos e a discriminación que no ámbito social se produce ao ser as mulleres as que maioritariamente se implican.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIAN O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRIPCIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO

Para o vindeiro exercicio incorporamos a perspectiva de xénero nos diferentes proxectos en previsión, especificamente en programas de voluntariado de maiores e con maiores vinculados coa temática de envellecemento demográfico e envellecemento activo contribuíndo a un espazo de desenvolvemento, persoal e colectivo, de inclusión a nivel comunitario e de resistencia aos tradicionais roles de xénero establecidos entre homes e mulleres maiores e de distintas xeracións.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

III.1.8. PROGRAMA 313A - SERVICIOS Á XUVENTUDE:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Programa de apoio á xuventude mediante políticas globais de benestar e igualdade

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa tenta levar a cabo un conxunto de actuacións dirixidas a atender as necesidades e intereses dos mozos e mozas galegos/as, creando as condicións favorables para que a xuventude desenvolva as súas capacidades, aproveite o seu potencial, traballe e participe activamente na sociedade e en condicións de igualdade desde a perspectiva de xénero. Principalmente se tratará de facilitar a adquisición daquelas habilidades e aptitudes vinculadas á mellora da súa empregabilidade e inserción no mercado laboral. Para isto poñeranse en marcha distintos mecanismos como liñas de axuda específicas en distintos ámbitos, orientadas sobre todo a temas de participación xuvenil en proxectos e actividades de educación non formal como paso previo ao emprego así como á adquisición de habilidades e coñecementos que axuden a completar o desenvolvemento persoal e futura formación profesional dos mozos e mozas galegos. Se convocarán accións formativas priorizando as vinculadas á empregabilidade xuvenil, posta en marcha de programas de mobilidade xuvenil, de educación non formal, de prácticas laborais, accións de fomento do asociacionismo e da información xuvenil, dos camés de servizos para os mozos e mozas, prevención de condutas de risco, etc., sempre en igualdade de oportunidades entre mozos e mozas.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O programa inclúe accións e medidas dirixidas ao colectivo da poboación xuvenil da Comunidade Autónoma de Galicia, entendida como a poboación con idades comprendidas entre os 14 e 30 anos, se ben, excepcionalmente, se amplían determinadas accións á poboación con idade inferior ou superior a estas.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A mocidade segue a constituír un dos colectivos de atención prioritaria no actual contexto económico. Temos que falar dunha tendencia demográfica xeneralizada segundo a cal se acrecenta o proceso de envellecemento da poboación. Os xoves se caracterizan por ter un número

reducido de fillos e a idades tardías. A crise consolidou a tendencia clásica á tardía emancipación residencial e familiar da poboación nova.

O desemprego xuvenil é un dos elementos que identifican os efectos da pasada crise económica sobre a situación laboral da mocidade. A evolución do desemprego por grupos de idade evidencia que o grupo de idade máis castigado foi o das persoas menores de 25 anos. O factor determinante da maior vulnerabilidade da xuventude é a precariedade asociada coa temporalidade do emprego. A crise afectou especialmente a mozos e mozas con niveles formativos intermedios baixos, o que se explica na gran concentración de este colectivo en postos de traballo con alta temporalidade, baixos requirimentos de cualificación e menor produtividade, o que fai que sexan máis vulnerables ante os axustes das empresas.

Nesta situación as ameazas principais son as derivadas da situación de crise económica xeneralizada que levou á falta de oportunidades para a mocidade, a dificultade de acceso a bens e servizos, a precariedade laboral da xuventude, a insuficiencia dos recursos destinados á súa protección, a escaseza de perspectivas, etc. As debilidades veñen dadas pola falta de formación da mocidade que non ten emprego, pola súa inexperiencia, pola falta de confianza nas súas posibilidades por parte de terceiros, falta de decisión nalgúns casos, etc. As fortalezas son moitas: o potencial e capacidades da mocidade galega, o seu bo nivel formativo, o seu dinamismo e compromiso, a actitude positiva, o inconformismo, boa saúde, flexibilidade, etc. E entre as oportunidades están o fácil acceso á información, a expansión das novas tecnoloxías e especialmente de internet na actualidade, o apoio institucional do colectivo, etc.

A realidade social da xuventude esixe unha renovación das políticas globais que transcendan os tradicionais enfoques centrados no ocio e o tempo de lecer, impulsando a autonomía e a participación real dos mozos e mozas, centrando os recursos nas accións vinculadas á mellora da empregabilidade xuvenil como factor clave para o incremento do seu benestar.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O programa se desenvolve no marco da normativa vixente no ámbito da xuventude, constituída polo nova Lei de xuventude de Galicia, a Lei 6/2012, do 19 de xuño, e en tanto non se publique a súa normativa de desenvolvemento, segue vixente o Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude e o Decreto 58/2012, do 12 de xaneiro, de modificación do anterior para a súa adaptación á Directiva de servizos.

Resulta de aplicación o Decreto 57/2014, do 8 de maio, polo que se aproba o Regulamento do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia.

Polo que se refire ás actuacións en mobilidade, se enmarcan dentro do Programa Operativo de Emprego Xuvenil, cofinanciado pola Iniciativa de Emprego Xuvenil e o Fondo Social Europeo para o período 2014-2020, en particular:

- Eixe 5. Integración sustentable no mercado de traballo das persoas mozas que non se atopan empregadas nin participan en actividades de educación e formación, en particular, no contexto da garantía xuvenil.
 - Prioridade de investimento 8.2. Integración sustentable no mercado de traballo das persoas mozas que non se atopan empregadas nin participan en actividades de educación nin formación, así como os mozos que corren o risco de sufrir exclusión social e os procedentes de comunidades marxinadas, en particular no contexto da garantía xuvenil.
 - Obxectivo específico 8.2.2. Reforzar a empregabilidade e as competencias profesionais das persoas mozas non ocupadas nin integradas nos sistemas de educación ou formación.
 - Medida 8.2.2.8. Programa de axudas para proxectos de mobilidade transnacional dirixido a mozos e mozas menores de 25 anos para a realización de prácticas formativas en empresas de países europeos, de modo que complementan a súa competencia profesional e persoal, incrementando así as súas posibilidades de inserción laboral.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O fin último que se quere conseguir a través deste programa é mellorar a calidade de vida da xuventude galega e incrementar o seu benestar en condicións de igualdade, centrándonos principalmente en frear o desemprego xuvenil. E para conseguir isto se poñerán en marcha unha serie de iniciativas e accións coas que se pretende incidir indirectamente na consecución dese obxectivo final. O resultado que se quere alcanzar é ampliar as posibilidades de acceso da xuventude ao mercado laboral así como aos distintos bens e servizos en igualdade de condicións para homes e mulleres, creando máis oportunidades para eles e elas, mellorar o seu acceso á sociedade e garantir unha participación o máis plena posible na mesma en condicións de igualdade.

Para lograr iso vaise tratar de atender a necesidades e problemas concretos da mocidade a través de distintos mecanismos de actuación. Entre estes mecanismos, a educación non formal é un ámbito formativo que cada vez adquire maior relevancia tendo en conta a súa incidencia no marco das competencias requiridas polo dinámico e globalizado mercado laboral. Os estudos realizados evidencian que é clave para o emprego da mocidade xa que capacita a mozas e mozos con experiencias e competencias que non sempre se poden adquirir na educación formal (Comisión Europea).

Tamén se poñerán en marcha convocatorias de axudas específicas para o fomento das iniciativas e proxectos xuvenís tanto por parte de entidades xuvenís como por parte dos concellos e entidades locais, axudas para o fomento da mobilidade vinculadas coa empregabilidade de mozos e mozas, axudas para a realización de estadias ou visitas formativas que permitan un primeiro contacto co tecido empresarial da nosa comunidade autónoma, con carácter previo ao inicio da educación superior, tamén para a realización de prácticas en empresas ou entidades, desenvolvemento e posta en marcha de programas de educación non formal como paso previo ao mercado de traballo, accións formativas diversas en ámbitos de interese para a xuventude

incidindo especialmente na ampliación de aptitudes e coñecementos recoñecidos como necesarios para o mercado laboral; accións de apoio ao asociacionismo xuvenil como instrumento fundamental de cara á consecución dunha cidadanía activa e participativa; potenciación da información xuvenil como facilitadora do coñecemento dos recursos para a mocidade, actuar cara a profesionalización do sector do tempo libre, e tratando de conseguir na atención á mocidade a debida coherencia nas políticas e accións dirixidas a mozas e mozos a través do Comité Galego de políticas de xuventude.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.).	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Os destinatarios do programa son os mozos e mozas galegos sen distincións por razón de xénero, non contando con datos en función do sexo, se ben existen estudos que para o conxunto da poboación moza do Estado constatan unha serie de variables como que a redución nas taxas de emancipación ten sido maior entre os homes que entre as mulleres, o que podería estar indicando que os homes retrasan a emancipación ata atopar un traballo, mentres que no caso das mulleres, a pesar das dificultades laborais se independizan para formar parella e familia (Baseado nun informe nacional de Xuventude).

Tamén se constata que en xeral as mulleres xoves tardan máis que os homes mozos en atopar emprego e que é maior a porcentaxe de varóns que reciben axuda dos pais que a porcentaxe de mulleres, se ben as mulleres reciben en maior medida axuda económica da súa

parella que os varóns, o que nos está indirectamente indicando certa dependencia das mulleres novas respecto dos varóns.

Segue sendo tamén máis elevada a proporción de mulleres totalmente dependentes con respecto aos varóns e a media de ingresos mensuais das mulleres é máis reducida que a dos homes.

En Galicia, igual que no resto de España, o desemprego de longa duración afecta en maior medida aos homes que ás mulleres, a diferenza doutros países onde este tipo de desemprego é fundamentalmente feminino (European Commission, 2012).

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X

Outros (especificar)	
----------------------	--

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

Se espera unha participación igualitaria por xénero nos distintos programas e accións levadas a cabo, así como achegar a cultura da igualdade á nosa xuventude a través de todas as actuacións enmarcadas no programa

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO NO EXERCICIO 2016

Constátase unha participación equitativa dende o punto de vista de xénero nos distintos programas e iniciativas levados a cabo.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

III.1.9. PROGRAMA 313C - SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

En situacións de crise económica, como a que vimos de soportar, o número de persoas e familias que sofren un grave deterioro das súas condicións económicas e sociais ata atoparse en risco de exclusión social vese incrementado de forma notable. Precisamente polo incremento desta demanda nos últimos anos fixéronse esforzos por mellorar os instrumentos de protección social do Sistema Galego de Servizos Sociais e optimizar todos os recursos públicos e privados na procura da inclusión social.

Neste sentido, é necesario continuar:

- Facilitando o acceso próximo e universal ao Sistema Galego de Servizos Sociais, co apoio económico e técnico á prestación dos servizos sociais comunitarios básicos por parte das entidades locais, para que poidan exercer en cada caso as súas competencias e cumprir coas obrigas establecidas na normativa vixente.

- Posibilitando a adecuada tramitación dos expedientes relativos aos servizos e prestacións sociais xestionados polos servizos técnicos e administrativos desta Consellería de Política Social mediante a imprescindible (é preceptiva) intervención, cooperación e seguimento dos servizos sociais comunitarios municipais.
- Evitando a cronicidade das persoas beneficiarias das prestacións sociais que ampara o programa de gasto 312A, mediante dispositivos específicos e recursos humanos destinados á inclusión sociolaboral, utilizando a metodoloxía dos itinerarios personalizados de inclusión.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O Sistema Galego de Servizos Sociais, e especialmente os servizos sociais comunitarios básicos de titularidade municipal como porta de entrada ao dito sistema, están dirixidos a atender con carácter xeral a toda a cidadanía, aínda que con máis intensidade á poboación máis vulnerable (persoas en situación de dependencia, de exclusión social, de discapacidade, persoas sen fogar, menores de idade en risco de desprotección, vítimas de violencia de xénero, persoas con problemas de condutas aditivas como drogodependencia, alcoholismo, ludopatía, anorexia, etc.).

Sen prexuízo do anterior, existen grupos sociais afectados por determinados factores de vulnerabilidade, e nos que están a incidir fortemente as consecuencias da crise económica, nos que o risco de exclusión social é moi elevado e para os que é necesario establecer dispositivos que minimicen as problemáticas que padecen, como son as minorías étnicas, persoas sen fogar ou en situación de habitabilidade precaria, reclusas e exreclusas, inmigrantes, perceptores de rendas mínimas.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Coa finalidade de proporcionarlles apoio financeiro e técnico ás corporacións locais para que poidan executar as súas competencias e cumprir coas obrigas establecidas na normativa vixente, desde o ano 1988 xa se viña desenvolvendo un convenio-programa entre o Ministerio de Traballo e Seguridade Social e a Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento das prestacións básicas de servizos sociais polas corporacións locais ("Plan Concertado de Prestacións Básicas de Servizos Sociais de Corporacións Locais"). Nos últimos exercicios véñense facendo esforzos por consolidar a rede de servizos sociais comunitarios para dar unha axeitada resposta aos cambios derivados da lei de servizos sociais do ano 2008.

Coa aprobación do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, desenvolveuse a regulación das competencias e obrigas establecidas previamente polas leis de réxime local e de servizos sociais para as diferentes entidades integrantes da administración local (deputacións e concellos) en materia de servizos sociais, regúlase o apoio económico da administración autonómica ás corporacións locais para a prestación destes servizos e séntanse as bases para unha adecuada coordinación operativa entre os servizos sociais comunitarios e o resto do sistema galego de servizos sociais.

A necesidade de incremento dos recursos das corporacións locais en materia de servizos sociais implica tamén a necesidade de dispoñer de infraestruturas sociais, ben de titularidade municipal ou do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, como entidade de dereito público que institucionaliza a cooperación interadministrativa entre as corporacións locais e a Xunta de Galicia nesta materia mentres non se proceda á súa liquidación e extinción e posterior integración na Axencia Galega de Servizos Sociais, quen asumirá as súas competencias.

Por outro lado, a Xunta de Galicia, consciente da crecente necesidade de establecer medidas e dispositivos dirixidos á atención de persoas e grupos sociais en situación de especial vulnerabilidade, elabora a Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014/2020, a cal ten por finalidade abordar os factores de exclusión e atender ás persoas máis desfavorecidos socialmente, afrontando os procesos de inclusión desde unha formulación centrada en dar respostas globais e integradas.

Hai que ter en conta que o número total de persoas usuarias das prestacións de servizos sociais comunitarios básicos municipais rexistrados na aplicación "Prestacións Básicas de Servizos Sociais (PBSS)" ao longo do ano supón máis dun 16 % do total da poboación de Galicia.

Ademais o número de persoas usuarias que figuran cunha intervención social aberta rexistrada no "Sistema de Información de Usuarios de Servizos Sociais (SIUSS)" supón máis dun 14 % do total da poboación de Galicia durante o ano e máis da terceira parte delas son obxecto de seguimento e actualización.

Por outra banda o número de persoas atendidas polos equipos de inclusión sociolaboral con problemáticas diversas supera cada ano a cifra de 2.000 e desas persoas son inseridas laboralmente aproximadamente a terceira parte. E en torno a 3.000 persoas son atendidas e/ou formadas por entidades de iniciativa social colaboradoras nas medidas de inclusión social.

A continuación pasamos a expoñer a análise DAFO da situación de partida exposta:

1. Como fortalezas cabe destacar a existencia dun marco legal que garante os dereitos das persoas a determinadas prestacións públicas dirixidas especificamente a paliar as necesidades e/ou problemáticas que presentan. Tamén conta o mantemento duns dispositivos como referentes técnicos axeitados na atención das problemáticas expostas, o emprego dunha metodoloxía avalada tanto polos resultados obtidos no territorio da comunidade autónoma como pola Unión Europea, a experiencia do persoal altamente cualificado e a configuración do Sistema Galego de Servizos Sociais como un sistema multicompetencial, que atribúe responsabilidades compartidas ás administracións autonómica e local, de xeito que se suman os recursos públicos de ambas as dúas esferas administrativas para tratar de atender á poboación máis vulnerable.
2. Necesidade de seguir afondando nos mecanismos de coordinación entre as dúas administracións públicas implicadas, autonómica e local (concellos e deputacións).

3. Como oportunidades para aproveitar está o alto grao de concienciación social sobre a necesidade, utilidade e bo uso destes servizos sociais, o consenso dos colexios profesionais implicados sobre o modelo e metodoloxía consolidados, o respaldo das mesas de diálogo social na racionalización dos dispositivos de atención á exclusión e no impulso desta liña de actuación, o cal queda plasmado no proceso seguido na elaboración da lei de inclusión e a importancia que se lle concede na Estratexia europea 2020 ás medidas a favor da inclusión social como as contidas na Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014/2020 a sabendas da incorporación da citada estratexia na lei de inclusión.
4. É moi importante destacar o aforro de custo económico que supón o investimento na loita contra a exclusión social, porque a non intervención eleva exponencialmente o custo económico que teñen que asumir as administracións públicas ao ter que compensar as problemáticas derivadas: incremento dos custos noutros sistemas de protección social, como a sanidade ou a educación, dos custos en termos de mala imaxe, influencia negativa no turismo, incremento do gasto en materia de seguridade cidadá, etc. E sobre todo cabe destacar as consecuencias desta non intervención para a vida económica e social da comunidade autónoma no futuro. Hai que ter en conta a repercusión que ten no índice de pobreza infantil a existencia de pobreza e exclusión social dunha parte das persoas adultas, impacto que se ve moito máis agravada a longo prazo polo seu efecto multiplicador.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 111/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Orde do 26 de maio de 2015 pola que se aproba o modelo de informe social para a área da inclusión (ISI) e a súa utilización no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020.
- Estratexia de Inclusión Social da Poboación Xitana en Galicia 2014-2020.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Dentro dos obxectivos que se pretenden acadar sinálanse os seguintes:

- Manter a rede de servizos sociais comunitarios básicos.

- Dotar a rede de centros de servizos sociais comunitarios de titularidade municipal con traballadores/as sociais, como profesionais de referencia encargados de xestionar o expediente social básico de cada unha das persoas usuarias do Sistema Galego de Servizos Sociais.
 - Dotar a rede de servizos sociais comunitarios de titularidade municipal con outro persoal técnico e profesional, xestores/as de caso, en concellos de máis de 20.000 habitantes.
 - Apoiar o desenvolvemento de prestacións e programas básicos de servizos sociais comunitarios.
 - Procurar a adecuada tramitación dos expedientes de solicitude de prestacións de dependencia, RISGA, PNC, axudas de inclusión social, mediante a necesaria cooperación entre os servizos sociais comunitarios municipais e a administración autonómica.
 - Procurar a dispoñibilidade de centros e equipamentos sociais adaptados ás esixencias da normativa aplicable para atender a importante demanda existente.
- Procurar itinerarios de inclusión sociolaboral a persoas beneficiarias de RISGA e outros grupos en situación ou risco de inclusión social.
 - Atender as persoas que padecen factores de especial vulnerabilidade: persoas sen fogar ou en situación de habitabilidade precaria, minorías étnicas, etc.
 - Garantir que os equipamentos funcionais dos centros de menores dean unha resposta integral e de calidade ás diferentes necesidades das persoas destes centros.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A nivel xeral, o perfil das persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios corresponde a un 60 % mulleres e un 40 % homes.

As mulleres que viven soas sofren máis pobreza que os homes que viven sos. Cando os fogares están formados por unha persoa adulta con fillos/as a cargo, a inmensa maioría son mulleres soas con cargas familiares, sendo esta a forma de convivencia máis castigada polo risco de pobreza segundo o indicador AROPE.

Así mesmo, as mulleres galegas teñen unha taxa de actividade menor ca os homes e unha taxa de desemprego maior e a situación económica das maiores de 65 anos é considerablemente peor que a situación dos homes para o mesmo rango de idade. Todos estes factores apuntan a un maior risco de pobreza das mulleres.

Por outra banda, as mulleres, ao atender maioritariamente as tarefas domésticas, teñen máis dificultades para participar nos itinerarios de inclusión. Ademais, cando padecen exclusión social severa, teñen un maior número de problemáticas asociadas que os homes.

No desenvolvemento do programa utilízanse os seguintes indicadores, todos eles desagregados por sexo:

- Persoas beneficiadas.
- Persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios con intervención social aberta rexistrados no SIUSS.
- Persoas de etnia xitana beneficiadas.
- Persoas desempregadas, incluídas as de longa duración.
- Persoas inactivas.
- Persoas con emprego, incluídos os traballadores por conta propia.
- Persoas menores de 25 anos de idade.
- Participantes con discapacidade.
- Outras persoas desfavorecidas.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X

Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	X
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	X
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	X
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS

Incorporación nas convocatorias de axudas como criterio do baremo de concesión a realización de actividades específicas de promoción da igualdade de xénero.

Así mesmo, na metodoloxía das actuacións esíxese que incorporen a perspectiva de xénero, describindo os axustes que se introducirán en función dos roles diferentes que asumen homes e mulleres na sociedade e que poden condicionar o acceso e a calidade da súa participación.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

Contribuír a través das actuacións subvencionadas á igualdade entre mulleres e homes, á corresponsabilidade no fogar e á redución das diferenzas de participación nos diferentes ámbitos derivadas da concepción tradicional do que significa ser home e muller.

A previsión para 2018 é que se beneficien dun xeito directo deste programa 2.000 mulleres e 1.700 homes, a través de accións formativas e de itinerarios personalizados de inclusión.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Inclusión Social

Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

IV. CADROS DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Programa: 311A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE PROMOCIÓN SOCIAL	
Eixe: E2 - Benestar das persoas e as familias e cohesión social	
Prioridade de Actuación: PA03 - Mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación e á promoción da igualdade, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: I02 - Contribuír aos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI02 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Contribuír aos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación	
Programa: 312A PROTECCIÓN E INSERCIÓN SOCIAL	
Eixe: E2 - Benestar das persoas e as familias e cohesión social	
Prioridade de Actuación: PA04 - Deseño dunha estratexia de integración social que mellore o benestar da cidadanía, axude ás persoas máis desfavorecidas a retornar o máis axiña posible a situacións socioeconómicas aceptables e que fomente a igualdade de xénero	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Consolidar e mellorar a acción protectora das persoas con carencia de recursos económicos en situación de risco e exclusión social e con especiais dificultades de inserción social	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0001 - Renda de Inclusión Social de Galicia	
0002 - Axudas de Inclusión Social	
0003 - Axuda Extraordinaria Pensións non contributivas (PNC), Fondo de Asistencia Social (FAS) e subsidio de garantía de ingresos mínimos (SGIM).	
0004 - Programas para cubrir as necesidades básicas de persoas con carencias económicas e especiais dificultades de inserción, a través da colaboración das entidades de iniciativa social	
Indicador	Valor Previsto
P345.H - Persoas perceptoras da RISGA. Homes	4.617
P345.M - Persoas perceptoras da RISGA. Mulleres	6.183
Programa: 312B PROGRAMAS DE PRESTACIÓNS ÁS FAMILIAS E Á INFANCIA	
Eixe: E2 - Benestar das persoas e as familias e cohesión social	
Prioridade de Actuación: PA03 - Mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación e á promoción da igualdade, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Garantir o dereito de todos os e as menores a vivir en familia e contribuír á revitalización demográfica e ás condicións que favorezan a natalidade.	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI03 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
OI04 - Transferencias internas (Actuacións de soporte e apoio)	
0001 - Impulsar a natalidade e fomento da conciliación da vida persoal, familiar e laboral.	
0002 - Favorecer as condicións necesarias para que as persoas menores poidan integrarse nunha familia ou desenvolver o seu propio proxecto de vida nas mellores condicións.	
Indicador	Valor Previsto
DOC035 - Capacidade de coidado de nenos ou de infraestruturas de educación subvencionadas	23.890
P1030H - Menores en situación de acollemento familiar. Homes	621
P1030M - Menores en situación de acollemento familiar. Mulleres	622
P112.H - Menores participantes nos programas Mentor e de traballo remunerado e formación ocupacional en centros de reeducación. H	420
P112.M - Menores participantes nos programas Mentor e de traballo remunerado e formación ocupacional en centros de reeducación. M	246
Programa: 312C SERVIZOS SOCIAIS RELATIVOS ÁS MIGRACIÓNS	
Eixe: E2 - Benestar das persoas e as familias e cohesión social	
Prioridade de Actuación: PA04 - Deseño dunha estratexia de integración social que mellore o benestar da cidadanía, axude ás persoas máis desfavorecidas a retornar o máis axiña posible a situacións socioeconómicas aceptables e que fomente a igualdade de xénero	

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

<p>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Impulsar os servizos e prestacións á emigración galega e ás súas entidades, así como ás persoas retornadas, para garantir o seu benestar. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza das persoas inmigrantes e calquera forma de discriminación.</p>	
<p>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</p>	
<p>0007 - Programas específicos de inclusión social realizados polas corporacións locais e/ou polas entidades de iniciativa social prestadoras de Servizos Sociais</p>	
<p>Indicador</p>	<p>Valor Previsto</p>
<p>SC15.H - Migrantes, participantes de orixe estranxeira, minorías (incluídas comunidades marxinadas, como a poboación romaní) (Hom</p>	<p>560</p>
<p>SC15.M - Migrantes, participantes de orixe estranxeira, minorías (incluídas comunidades marxinadas, como a poboación romaní) (Mul</p>	<p>1.011</p>
<p>Programa: 312D PROGRAMA DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA</p>	
<p>Eixe: E2 - Benestar das persoas e as familias e cohesión social</p>	
<p>Prioridade de Actuación: PA02 - Desenvolvemento do sistema de servizos sociais de atención ás persoas maiores e dependentes</p>	
<p>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Incrementar a cobertura de atención ás persoas en situación de dependencia</p>	
<p>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</p>	
<p>OI03 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)</p>	
<p>0001 - Incremento dos servizos de atención residencial, atención diurna, de axuda no fogar, de promoción da autonomía en equipamentos especiais.</p>	
<p>Indicador</p>	<p>Valor Previsto</p>
<p>P241.H - Participantes nos servizos para persoas en situación de dependencia. Homes</p>	<p>16.794</p>
<p>P241.M - Participantes nos servizos para persoas en situación de dependencia. Mulleres</p>	<p>34.268</p>
<p>Programa: 312E PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E AS PERSOAS MAIORES</p>	
<p>Eixe: E2 - Benestar das persoas e as familias e cohesión social</p>	
<p>Prioridade de Actuación: PA02 - Desenvolvemento do sistema de servizos sociais de atención ás persoas maiores e dependentes</p>	
<p>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade e das persoas maiores, en termos de autonomía persoal, así como previr as situacións de dependencia</p>	
<p>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</p>	
<p>OI05 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)</p>	
<p>0001 - Fomentar actitudes positivas cara o coidado da saúde e á promoción da autonomía persoal: fomento da actividade física e doutros hábitos de vida saudables, implantación de programas e obradoiros prácticos de preparación para a xubilación</p>	
<p>0002 - Favorecer a permanencia no domicilio e contorno habitual durante o maior tempo posible</p>	
<p>0003 - Promover unha vida autónoma e activa, principalmente mediante solucións TIC e novos recursos para actividades preventivas e hábitos saudables.</p>	
<p>0004 - Facilitar a accesibilidade universal como requisito para unha vida autónoma.</p>	
<p>Indicador</p>	<p>Valor Previsto</p>
<p>P140.H - Participantes en programas de prevención da dependencia. Homes</p>	<p>9.888</p>
<p>P140.M - Participantes en programas de prevención da dependencia. Mulleres</p>	<p>22.587</p>
<p>P241.H - Participantes nos servizos para persoas en situación de dependencia. Homes</p>	<p>5.120</p>
<p>P241.M - Participantes nos servizos para persoas en situación de dependencia. Mulleres</p>	<p>6.439</p>
<p>SC16.H - Participantes con discapacidade (Homes)</p>	<p>39.512</p>
<p>SC16.M - Participantes con discapacidade (Mulleres)</p>	<p>42.277</p>
<p>Programa: 312F PROGRAMAS DE SOLIDARIEDADE</p>	
<p>Eixe: E2 - Benestar das persoas e as familias e cohesión social</p>	
<p>Prioridade de Actuación: PA03 - Mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación e á promoción da igualdade, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación</p>	
<p>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Impulsar a solidariedade e o voluntariado para axudar ás persoas en situación de risco de pobreza e/ou con necesidades</p>	
<p>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</p>	
<p>OI03 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)</p>	

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

0001 - Elaborar novos programas de voluntariado e plans de formación co obxecto de dar saída ás demandas de participación e mellorar a preparación e calidade do voluntariado.	
0002 - Fomentar a participación xuvenil nos programas de voluntariado e promover a inscrición das experiencias dos voluntarios que faciliten a certificación dos mesmos.	
Indicador	Valor Previsto
P233.H - Participantes en proxectos de voluntariado (Homes)	663
P233.M - Participantes en proxectos de voluntariado (Mulleres)	1.311
Programa: 313A SERVIZOS Á XUVENTUDE	
Eixe: E2 - Benestar das persoas e as familias e cohesión social	
Prioridade de Actuación: PA03 - Mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación e á promoción da igualdade, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E04 - Mellorar a calidade de vida da xuventude galega e incrementar o seu benestar en condicións de igualdade.	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI03 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Fomentar e apoiar os programas de mobilidade transnacional xuvenil, para a mellora da cualificación e para facilitar o acceso ao mercado laboral dos mozos e mozas.	
0002 - Impulsar a participacións dos mozos e mozas en actividades de educación non formal que permitan a adquisición de competencias e habilidades altamente valoradas polos empregadores.	
Indicador	Valor Previsto
P1025H - Persoas mozas que reciben axudas. Homes	305
P1025M - Persoas mozas que reciben axudas. Mulleres	450
P1026H - Participantes en programas de xuventude. Homes	4.552
P1026M - Participantes en programas de xuventude. Mulleres	5.938
Programa: 313C SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS	
Eixe: E2 - Benestar das persoas e as familias e cohesión social	
Prioridade de Actuación: PA04 - Deseño dunha estratexia de integración social que mellore o benestar da cidadanía, axude ás persoas máis desfavorecidas a retornar o máis axiña posible a situacións socioeconómicas aceptables e que fomente a igualdade de xénero	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E04 - Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI06 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Atención a participantes a través de dispositivos de inclusión social da Administración autonómica.	
0002 - Programas específicos de inclusión social realizados polas corporacións locais e polas entidades de iniciativa social prestadoras de Servizos Sociais.	
0003 - Mantemento da rede de servizos sociocomunitarios	
0004 - Investimentos para a adecuación dos centros de inclusión social.	
0005 - Programa de apoio ás persoas sen fogar.	
Indicador	Valor Previsto
SE01.H - Participantes en situación ou risco de exclusión social. Homes	5.371
SE01.M - Participantes en situación ou risco de exclusión social. Mulleres	5.203

V. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos			
	01	02	03	04
311A-Dirección e servizos xerais de promoción social	21.994		8.525	9.154
312A-Protección e inserción social			77.045	
312B-Programas de prestacións ás familias e á infancia		119.002		
312C-Servizos sociais relativos ás migracións			1.119	
312D-Programa de atención á dependencia				368.974
312E-Programa da autonomía persoal e prevención da dependencia para persoas con discapacidade e as persoas maiores				35.591
313C-Servizos sociais comunitarios		625	28.503	
Total	21.994	119.627	115.193	413.719

(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos (continuación)

Programas	Servizos		
	05	A1	Total
311A-Dirección e servizos xerais de promoción social			39.672
312A-Protección e inserción social			77.045
312B-Programas de prestacións ás familias e á infancia		13.607	132.609
312C-Servizos sociais relativos ás migracións			1.119
312D-Programa de atención á dependencia			368.974
312E-Programa da autonomía persoal e prevención da dependencia para persoas con discapacidade e as persoas maiores			35.591
312F-Programas de solidariedade	1.425		1.425
313A-Servizos á xuventude	15.106		15.106
313C-Servizos sociais comunitarios			29.128
Total	16.531	13.607	700.670

(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos					
	I	II	IV	VI	VII	Total
311A-Dirección e servizos xerais de promoción social	28.029	3.707	1.961	4.201	1.775	39.672
312A-Protección e inserción social			77.045			77.045
312B-Programas de prestacións ás familias e á infancia	28.166	42.047	56.503	754	5.139	132.609
312C-Servizos sociais relativos ás migracións			1.119			1.119
312D-Programa de atención á dependencia	66.169	135.071	167.544	190		368.974
312E-Programa da autonomía persoal e prevención da dependencia para persoas con discapacidade e as persoas maiores	9.139	9.487	14.218	337	2.409	35.591
312F-Programas de solidariedade	357	237	770	61		1.425
313A-Servizos á xuventude	5.824	4.556	4.292	435		15.106
313C-Servizos sociais comunitarios	610	2.069	23.385	257	2.807	29.128
Total	138.293	197.173	346.838	6.235	12.130	700.670

(Miles de Euros)

DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

01 SECRETARIA XERAL TECNICA	2017	2018	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	10.930	10.350	-5,3
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	3.718	3.707	-0,3
Cap. IV - Transferencias correntes	1.961	1.961	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	4.843	4.201	-13,3
Cap. VII - Transferencias de capital	775	1.775	129,1
Total	22.227	21.994	-1,1

(Orzamento Modificado e Homoxeneizado 2017) (Miles de Euros)

02 D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA	2017	2018	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	15.806	17.410	10,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	35.067	39.950	13,9
Cap. IV - Transferencias correntes	53.385	56.503	5,8
Cap. VII - Transferencias de capital	7.631	5.764	-24,5
Total	111.890	119.627	6,9

(Orzamento Modificado e Homoxeneizado 2017) (Miles de Euros)

03 D.X. DE INCLUSIÓN SOCIAL	2017	2018	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	8.404	9.135	8,7
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.529	2.069	-18,2
Cap. IV - Transferencias correntes	97.797	101.549	3,8
Cap. VI - Investimentos reais	157	257	63,7
Cap. VII - Transferencias de capital	2.182	2.182	0,0
Total	111.069	115.193	3,7

(Orzamento Modificado e Homoxeneizado 2017) (Miles de Euros)

04 D.X. DE MAIORES E PERSOAS CON DISCAPACIDADE	2017	2018	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	83.321	84.462	1,4
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	140.929	144.559	2,6
Cap. IV - Transferencias correntes	159.600	181.762	13,9
Cap. VI - Investimentos reais	1.218	528	-56,7
Cap. VII - Transferencias de capital	1.366	2.409	76,4
Total	386.434	413.719	7,1

(Orzamento Modificado e Homoxeneizado 2017) (Miles de Euros)

05 D.X. DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO	2017	2018	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	6.131	6.181	0,8
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	4.788	4.792	0,1
Cap. IV - Transferencias correntes	15.772	5.062	-67,9
Cap. VI - Investimentos reais	230	496	115,4
Total	26.921	16.531	-38,6

(Orzamento Modificado e Homoxeneizado 2017) (Miles de Euros)

A1 AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS	2017	2018	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	10.545	10.756	2,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.000	2.097	4,9
Cap. VI - Investimentos reais	675	754	11,7
Total	13.220	13.607	2,9

(Orzamento Modificado e Homoxeneizado 2017) (Miles de Euros)

SERVIZOS	2017	2018	% Var.
01 SECRETARIA XERAL TECNICA	22.227	21.994	-1,1
02 D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA	111.890	119.627	6,9
03 D.X. DE INCLUSIÓN SOCIAL	111.069	115.193	3,7
04 D.X. DE MAIORES E PERSOAS CON DISCAPACIDADE	386.434	413.719	7,1
05 D.X. DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO	26.921	16.531	-38,6
A1 AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS	13.220	13.607	2,9
Total	671.762	700.670	4,3

(Orzamento Modificado e Homoxeneizado 2017) (Miles de Euros)

Consellería, Organismos Autónomos, Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e Axencias Públicas Autonómicas

	Consellería		00.AA , EE.CC.AA. e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2017	2018	2017	2018	2017	2018	2017	2018
Cap. I - Gastos de persoal	124.592	127.538	10.545	10.756	0	0	135.137	138.293
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	187.031	195.076	2.000	2.097	0	0	189.031	197.173
Cap. IV - Transferencias correntes	339.610	358.341	0	0	11.095	11.503	328.515	346.838
OPERACIÓNS CORRENTES	651.234	680.955	12.545	12.853	11.095	11.503	652.684	682.305
Cap. VI - Investimentos reais	6.449	5.481	675	754	0	0	7.124	6.235
Cap. VII - Transferencias de capital	12.629	12.884	0	0	675	754	11.954	12.130
OPERACIÓNS DE CAPITAL	19.078	18.365	675	754	675	754	19.078	18.365
Total	670.312	699.320	13.220	13.607	11.770	12.257	671.762	700.670

(Orzamento Modificado e Homoxeneizado 2017) (Miles de Euros)

Medios Persoais

Consellería de Política Social	2018
Altos Cargos	6
Persoal Funcionario	733
Subgrupo A1	250
Subgrupo A2	74
Subgrupo C1	125
Subgrupo C2	254
Agrupacións profesionais	30
Persoal Laboral	3.049
Grupo I	251
Grupo II	643
Grupo III	181
Grupo IV	1.036
Grupo V	938
TOTAL	3.788

Medios Persoais

Axencia Galega de Servizos Sociais	2018
Persoal Funcionario	1
Subgrupo A2	1
Persoal Laboral	361
Grupo II	36
Grupo III	203
Grupo V	122
TOTAL	362

Entidades Públicas Empresariais, Consorcios, Sociedades Mercantís e Fundacións do Sector Público Autonómico

Consorcios autonómicos	Explotación	Capital
Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar	71.918	4.573
Fundacións do sector público autonómico	Explotación	
Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas	1.029	
Total	72.947	4.573

(Miles de Euros)



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

SECCIÓN 13

I. ESTRUCTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

I.1. ESTRUCTURA ORGÁNICA

O Decreto 116/2015, do 4 de outubro, (DOG nº 190 de 5/10/2015) establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 129/2015, do 8 de outubro (DOG nº 194 do 9/10/2015) fixa a estrutura orgánica das Consellerías da Xunta de Galicia.

A actual estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural apróbase a través do Decreto 166/2015, do 13 de novembro, (DOG núm. 220 do 18/11/2015). No seu artigo 2 fixa a estrutura da Consellería nos seguintes órganos superiores e de dirección:

1. O conselleiro/a.
2. A Secretaría Xeral Técnica.
3. A Dirección Xeral de Ordenación Forestal.
4. A Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.
5. A Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.

Quedan adscritos a esta consellería as seguintes entidades públicas instrumentais do sector público autonómico:

1. O organismo Fondo Galego de Garantía Agraria.
2. O ente público Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.
3. O ente público Instituto Galego de Calidade Alimentaria.

I.2. COMPETENCIAS

I.2.1. DA CONSELLERÍA

De acordo co disposto no artigo 1 do Decreto 166/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Rural, esta é o órgano da Administración galega ao cal lle corresponde propor e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito rural, que engloba as competencias en materia de agricultura, gandería, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias agroalimentarias e forestais, montes, prevención e defensa dos incendios forestais.

O artigo 30.1.3 do Estatuto de Autonomía para Galicia dispón que lle corresponde á Comunidade Autónoma Galega “nos termos do disposto nos artigos 38, 131 e 149.1.11 e 13 da Constitución”, a competencia exclusiva da agricultura e a gandería”.

Por outra banda, o Estatuto de Autonomía de Galicia dispón que lle corresponde á Comunidade Autónoma Galega a competencia exclusiva nas seguintes materias:

Montes, aproveitamentos forestais, vías pecuarias e pastos, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución. (art. 27, apartado 10).

- Réxime xurídico dos montes veciñais en man común (art. 27, apartado 11).
- O réxime das fundacións de interese galego (art. 27, apartado 26)
- Confraría de Pescadores, Cámaras de Propiedade, Agrarias, de Comercio, Industria e Navegación e outras de natureza equivalente, sen prexuízo.
- Asemade, Galicia asumiu a competencia exclusiva en materia de cooperativas en virtude da transferencia feita pola Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, ampliando a recollida no artigo 28.7 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Os reais decretos polos que se aprobaron os traspasos de funcións e servizos producidos ata o momento en materia competencia da consellería son os seguintes:

- Real decreto 2423/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de reforma e desenvolvemento agrario.
- Real decreto 3424/1983, do 28 de decembro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de investigación agraria.
- Real decreto 244/1985, do 6 de febreiro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de sementes e plantas de viveiro.
- Real decreto 795/1985, do 30 de abril, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia Sociedades Agrarias de Transformación.
- Real decreto 1632/1985, do 19 de abril, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de laboratorios agrarios e de sanidade e produción animal.
- Real decreto 2165/1994, do 4 de novembro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de defensa contra fraudes e calidade agroalimentaria.

Indícanse a continuación as competencias distribuídas en cada órgano superior e de dirección en que se estrutura a consellería:

O CONSELLEIRO/A

Como titular do órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia é a superior autoridade da consellería e con tal carácter está investido das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

A SECRETARÍA XERAL TÉCNICA.

Como órgano de dirección da Consellería do Medio Rural, a Secretaría Xeral Técnica exercerá as competencias e funcións establecidas na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, todas aquelas que lle sexan encomendadas pola persoa titular da consellería e é a autoridade de xestión do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR).

A DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN FORESTAL

Exercerá as competencias inherentes á ordenación, fomento e mellora da produción forestal, as medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Ademais, correspóndelle, no ámbito do sector agrícola, gandeiro, forestal e agroalimentario, as funcións de programación, coordinación e impulso da investigación e a innovación tecnolóxica, en coordinación co departamento desta administración competente en materia de investigación e desenvolvemento tecnolóxico, a formación, a transferencia e adopción dos resultados da investigación; a realización de programas formativos dirixidos ao persoal dependente da consellería que melloren a súa capacitación e o seu coñecemento técnico no eido agroforestal, sen prexuízo das competencias en materia de formación doutros departamentos desta administración.

En relación coas actuacións comprendidas dentro destes ámbitos competenciais, supervisará e inspeccionará os proxectos de obras e a súa execución material, tanto nos supostos de adjudicación como nos de execución pola Administración.

Como Administración ou órgano forestal, no ámbito das súas competencias e baseada en métodos de xestión integrada de pragas, velará pola protección dos montes promovendo as medidas de prevención, protección e tratamento, tanto silvícolas como sanitarias, que favorezan a súa vitalidade e a utilización de axentes biolóxicos que impidan o incremento das poboacións de axentes nocivos, así como o control e certificación de sementes, materiais forestais de reprodución e producións forestais.

A DIRECCIÓN XERAL DE GANDARÍA, AGRICULTURA E INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS

Correspóndelle á Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias a elaboración, a proposta e o desenvolvemento das directrices de política agraria da consellería en materia de ordenación, fomento e mellora da produción agrogandeira, executando entre outras,

as medidas de apoio ao sector lácteo e gandeiro de Galicia; a protección e control da sanidade animal e vexetal, incluíndo a dirección das actuacións de prevención e loita contra os axentes nocivos, así como a definición dos medios de defensa da produción nos cultivos vexetais agrícolas e os seus produtos, incluídos os aproveitamentos de árbores e arbustos para froito, e de procedementos relacionados coa seguridade alimentaria; de formación, promoción e fomento do asociacionismo agrogandeiro, e a elaboración, a proposta e o desenvolvemento das directrices da política agraria en materia de mellora da estrutura das explotacións agrarias. Así mesmo lle compete a ordenación, fomento, e os procedementos relacionados coas industrias agroalimentarias así como todo o relacionado coa promoción e o fomento dos produtos agroalimentarios, as denominacións de orixe e de calidade do sector agroalimentario e o control da calidade comercial dos alimentos.

A DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Correspóndelle a elaboración, proposta e desenvolvemento das actuacións de fomento do desenvolvemento socioeconómico do territorio rural galego, da dinamización das áreas rurais de Galicia, da formulación de iniciativas e programas de desenvolvemento das zonas rurais e da execución das accións que contribúan á diversificación económica no medio rural. Así mesmo, realizará as funcións de coordinación e xestión do Plan de Desenvolvemento Comarcal e a proposta de configuración das distintas comarcas nas cales se divide o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Correspóndelle, ademais, a elaboración, a proposta e o desenvolvemento das directrices da política agraria en materia de mellora e modernización das infraestruturas rurais e do medio rural, mobilidade de terras con vocación agraria e xestión de zonas regables, todo isto sen prexuízo das funcións atribuídas pola Lei 5/2000, do 28 de decembro, á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

I.2.2. ORGANISMOS AUTÓNOMOS

FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA (FOGGA)

Regulado pola Lei 7/1994, do 29 de decembro, e coa denominación actual segundo a Lei 7/2002, do 27 de decembro, de medidas fiscais e réxime administrativo, e polo Decreto 7/2014, do 16 de xaneiro, polo que se aproban os seus estatutos, é un organismo autónomo dos regulados na sección 2ª do capítulo II do título III DA Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Atópase adscrito á Consellería do Medio Rural e ten por obxecto executar as políticas desta consellería, no referente á aplicación das medidas de ordenación, fomento, reestruturación e mellora do sector lácteo e gandeiro, levando a cabo a execución das accións necesarias para a aplicación na Comunidade Autónoma da Política Agraria Común (PAC) e para o funcionamento das distintas organizacións de mercados y a mellora das estruturas agropecuarias; apoiar e promover a

mellora e modernización do sector lácteo gandeiro nas diferentes áreas de actuación; promover a participación do sector nas labores de planificación, xestión e financiación dos programas de mellora e desenvolvemento daquel.

1.2.3. AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER)

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), foi creada pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, configurándose como un instrumento para o fomento e coordinación do desenvolvemento no territorio rural galego para mellorar as condicións de vida e evitar o despoamento dese territorio. Ademais, de acordo coa modificación introducida pola disposición derradeira terceira da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, AGADER posibilitará a creación e ampliación de explotacións agrarias e gandeiras mediante a xestión do Banco de Terras de Galicia e será o órgano competente en materia de desenvolvemento comarcal, que exercerá como instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia para o deseño, a aplicación, a coordinación e o seguimento do Plan de desenvolvemento comarcal.

As funcións de AGADER de acordo coa disposición adicional sexta da Lei 5/2000, modificadas e ampliadas na alínea Un do artigo segundo da Lei 12/2008 quedaron do seguinte xeito:

- Elaborar estratexias e plans integrados de valorización do medio rural, que coordinen actuacións de diversa natureza e contén coa participación dos axentes socioeconómicos públicos e privados.
- Difundir e realizar o seguimento das políticas de desenvolvemento rural aplicables en cada momento.
- Impulsar a formulación e aplicación a nivel comarcal de estratexias de desenvolvemento rural integrado, en especial mediante a dinamización e coordinación dos grupos de desenvolvemento rural encargados da súa execución.
- Articular proxectos de desenvolvemento rural con carácter piloto e innovador, dirixidos ao reforzamento da base produtiva das áreas rurais, á valorización dos seus recursos e á mellora da calidade de vida dos seus habitantes.
- Promover e favorecer a cooperación entre os axentes públicos e privados cuxas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais.
- Contribuír ao reforzamento do tecido social e á mellora da capacidade organizativa das áreas rurais.
- Xestionar as medidas e actuacións que se lle encomenden no marco da programación 2014-2020 dos fondos agrarios de desenvolvemento rural.

- Aplicar outras medidas e actuacións que teñan por obxecto, en particular, a dinamización do tecido produtivo e a fixación de poboación nas áreas rurais, realizando as actuacións precisas para promover a igualdade efectiva de mulleres e homes, en aplicación do artigo 30 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, dos artigos 31.3º e 38.3º da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, e do artigo 30 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- A dinamización comarcal, a través dos centros de desenvolvemento comarcal dependentes da Xunta de Galicia.

Finalmente, despois da reorganización dos instrumentos de xestión do desenvolvemento rural prevista na Lei 15/2010, ademais das funcións sinaladas na Lei 12/2008, AGADER realizará tamén as seguintes, que lle atribúe a alínea Dous da disposición derradeira terceira da Lei 15/2010:

- Xestionar as medidas e actuacións que se lle encomenden no marco da programación dos fondos agrarios de desenvolvemento rural.
- Xestionar e aplicar as medidas contidas nos programas de desenvolvemento rural sustentable (PDRS), no marco da aplicación da Lei estatal 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural, ou da norma que a substitúa, sen prexuízo das competencias que nesta materia teñan outros órganos da Administración autonómica.
- A xestión dos bens e dos dereitos incorporados ao Banco de Terras de Galicia.
- A realización da función do servizo de transmisión mediante arrendamento respecto dos predios rústicos procedentes de explotacións nas que cesase anticipadamente a persoa titular, sen seren cedidas a terceiras persoas.

E, por último, en relación ás funcións referentes ao Banco de Terras de Galicia, a disposición transitoria segunda da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, tamén lle atribúe a AGADER o exercicio das funcións xestoras do Banco de Terras de Galicia. Esas funcións están pomenorizadas no artigo 9 da citada Lei 6/2011.

De acordo co disposto na disposición transitoria terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, as normas de organización e funcionamento de AGADER adecuaranse ao disposto nesa lei para as axencias públicas autonómicas.

INSTITUTO GALEGO DE CALIDADE ALIMENTARIA (INGACAL)

A Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, crea no artigo nº 31 o Instituto Galego da Calidade Alimentaria (INGACAL), configurándoo

como un ente de dereito público dos previstos no artigo 12.1º b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e adscrito á consellería competente en materia de agricultura.

A Lei 16/2010 de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia na súa disposición transitoria terceira establece que as normas de organización e funcionamento do INGACAL adecuaranse ao disposto nesa lei para as axencias públicas autonómicas.

Na Lei 2/2005 defínense os seus obxectivos e funcións, as súas facultades, o seu réxime xurídico e mais os seus órganos de goberno, e establécense as liñas xerais do seu réxime económico, patrimonial e de persoal.

Estes aspectos foron obxecto de desenvolvemento regulamentario posterior, mediante a aprobación do Decreto 259/2006, do 28 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do Instituto Galego da Calidade Alimentaria.

De acordo coa lei de creación, o INGACAL será o instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia en materia de promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos acollidos aos distintos indicativos de calidade.

Así mesmo, será obxecto do Instituto o desenvolvemento da investigación agrícola, gandeira e alimentaria e o desenvolvemento e transferencia tecnolóxica no sector alimentario, para o que coordina os centros de investigación, estacións experimentais e o Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia, dependentes da consellería.

1.2.4. DAS SOCIEDADES MERCANTÍLS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, S.A. (Seaga)

Seaga é unha sociedade pública, creada mediante o Decreto 260/2006 do 28 do decembro, para a realización, como medio propio da administración galega, e ao seu servizo, de todo tipo de actuacións, obras, traballos e prestación de servizos en materias agrícolas, gandeiras, forestais, de desenvolvemento rural, de conservación e protección do medio natural e medioambiental, de acuicultura e pesca, así como os necesarios para o mellor uso e xestión dos recursos naturais e para a mellora dos servizos e recursos públicos, ademais da prevención e loita contra os incendios forestais en particular, e, en xeral, contra as pragas e enfermidades vexetais e animais.

XENÉTICA FONTAO, S.A.

O obxecto social da sociedade anónima Xenética Fontao, S.A., de acordo co Decreto 237/1998, do 18 de setembro, é a prestación de asesoramento e servizos ás persoas tanto

físicas como xurídicas e organizacións dedicadas á mellora xenética animal. A través do Decreto 237/1998, do 30 de xullo, fóronlle adscritos os bens e dereitos que integran o Centro de Escolma e Reprodución Animal de Fontao-Lugo.

1.2.5. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE

A Fundación Centro Tecnolóxico da Carne é unha fundación de interese galego, sen ánimo de lucro, dependente da Consellería do Medio Rural, constituída ao abeiro do artigo 34, apartado primeiro, da Constitución Española, e inscrita no Rexistro Público de Fundacións de Interese Galego, o 5 de novembro de 2003, número de inscrición: 2003/28, sita no Parque Tecnolóxico de Galicia.

Dende a súa apertura, a Fundación vén desenvolvendo unha actividade moi significativa no impulso da I+D+i dentro do sector cárnico, como se reflicte na colaboración mantida con diversas entidades públicas e privadas e os numerosos proxectos de innovación promovidos ao abeiro de diferentes convocatorias.

Son fins do Centro Tecnolóxico da Carne (CTC) o desenvolvemento tecnolóxico das empresas relacionadas co sector cárnico, en todos os terreos de actividade e todas as cabanas existentes e en particular: fomentar a investigación e o desenvolvemento en materia cárnica; mellorar as técnicas de xestión produtiva; coordinar a correcta utilización de todos os medios tecnolóxicos existentes en Galicia; asistir ao sector nos procesos de adaptación legislativa; atender a formación profesional dos recursos humanos; establecer as estruturas organizativas que sexan pertinentes; prestación de servizos oportunos; promover estudos e publicacións; elaboración de normativa legal e regulamentaria.

As liñas de acción do CTC baséanse en catro eixes fundamentais: servizos ás empresas cárnicas; I+D+i no ámbito cárnico; asesoramento e transferencia tecnolóxica ao sector cárnico; e a formación.

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2018

II.1. DA CONSELLERÍA

Ben é sabido que Galicia non pode entenderse sen o seu medio rural e sen a actividade agrogandeira e forestal que da vida á súa estrutura socioeconómica. Como toda dimensión vinculada á realidade financeira, o noso agro non foi alleo ao contexto de crise e dificultade económica que nos afectou e que aínda comeza dar sinais de esvaecemento. Con todo, este episodio trouxo tamén unha volta ao rural que evidencia esta vinculación senlleira que temos coas actividades primarias ligadas ao campo e ao monte.

Neste senso, a saída da crise terá moito que ver coa capacidade de aplicar de forma eficaz e eficiente as ferramentas que a Política Agraria Común pon nas mans dos gobernos e administracións dos Estados e rexións que forman parte da Unión Europea, especialmente daquelas que forman parte do entrabado orzamentario que se suxeita a esta política. A súa influencia e capacidade motriz debe ser aproveitada de forma exhaustiva, facendo especial fincapé en asegurar o fortalecemento dos diferentes sectores produtivos naqueles aspectos nos que se deron eivas estruturais endémicas e que poden lastrar o seu futuro, así como en abordar cuestións conxunturais que ameacen a viabilidade da actividade agrogandeira e forestal.

Así, a chegada do novo FEADER e das achegas directas aos produtores deben estar encamiñadas a promover o investimento produtivo e xerador de riqueza e emprego, sen esquecer a necesidade de continuar acurtando a brecha que entre o rural e o urbano se pode dar en termos de servizos aos cidadáns, facendo sempre especial referencia á loita contra o despoboamento.

Deste xeito se sinala neste orzamento as liñas principais de investimento e apoio, que recolle a orientación fundamental das pretensións desenvoltas na negociación da PAC para que fose acáida a Galicia e aos seus sectores produtivos agrogandeiros e forestais. Mellorar a comercialización dos produtos agroalimentarios, fortalecer a sustentabilidade e competitividade do sector lácteo, diversificar e apuntalar a potencialidade produtiva do monte e avanzar nos servizos prestados no rural son eixes fundamentais nos que se centra a aposta dos orzamentos, tendo sempre como acompañamento a achega de ferramentas normativas e facendo complementarias as mesmas.

Tendo en conta este contexto e estas premisas de actuación, a continuación detállanse as principais liñas de acción da consellería para o ano 2018.

A Consellería do Medio Rural, ten como principio fundamental de acción, contribuír a que as zonas rurais e os sectores agrario, gandeiro e forestal participen do progreso social e económico, reducindo as desigualdades entre os territorios e que os sectores primarios se adopten ao contexto dunha economía máis global e competitiva.

As liñas básicas de acción da consellería centraranse na mellora da calidade de vida e a diversificación económica nas zonas rurais, como medio para frear o despoboamento e o en-

velleemento da poboación; na mellora da renda agraria; na garantía de produción de alimentos sans e seguros; na mellora da transformación e a comercialización dos produtos; na innovación tecnolóxica e na valorización do monte.

As prioridades da Consellería na área do Medio Rural para o ano 2018 son, polo tanto, e sen prexuízo do seu detalle nos concretos programas de gasto, as seguintes:

- A mellora da calidade de vida no medio rural, para o que se incidirá na mellora dos servizos básicos, incluída a mellora das comunicacións terrestres e telemáticas.
- Un obxectivo constante de adaptación a un contexto nacional e internacional cada vez máis competitivo é o da mellora da competitividade das explotacións agrarias e gandeiras, mediante a redución dos custos de produción, a elevación das garantías sanitarias e de calidade dos produtos, a incorporación de novas tecnoloxías e a diversificación da produción. Para iso, fomentárase o rexuvenemento do sector coa incorporación de mozos e mozas ás actividades agrarias, gandeiras e forestais, así como o apoio aos investimentos mediante plans de mellora das explotacións agrarias.
- Avanzar na mellora da estrutura agrarias redimensionando a base territorial das explotacións (reestruturación parcelaria, mellora de accesos as explotacións, etc.) de xeito que logren unha diminución de custos e, doutra, incrementen os seus ingresos, mellorando os sistemas de produción (posta en cultivo de terras improdutivas, modernización e consolidación de regadíos, etc.)
- O fomento do dimensionamento cooperativo e do asociacionismo agrario como ferramenta para acadar unha maior competitividade das producións mediante cooperativas e outras entidades asociativas ben dimensionadas e da utilización da maquinaria común.
- O mantemento dos procesos axeitados para mellorar, consolidar e soste os niveis sanitarios das explotacións gandeiras e controlar a calidade e a seguridade das producións.
- O incremento na rendibilidade das producións gandeiras, e a recuperación das razas tradicionais, permitindo a implantación de sistemas de produción sustentables.
- A xestión dos seguros agrarios como ferramenta eficaz de protección das persoas agricultoras e gandeira contra as adversidades metereolóxicas e outros fenómenos alleos ao seu control que poidan causar perdas nas súas explotacións.
- O fomento e mellora da transformación e da comercialización dos produtos, como medio para gañar valor engadido nas producións, identificando ao produto galego como sinónimo de produto de calidade, a través do apoio ás denominacións e indicacións de calidade.
- As actuacións de formación agroforestal iran dirixidas a implantar novas ofertas formativas, deseñar e desenvolver novas ferramentas que consolide unha oferta formativa que poda chegar a todas as áreas xeográficas do rural galego á adquisición e actualización de competencias profesionais, e accións formativas que optimicen a utilización das TIC aplicadas ao sector e coa finalidade de mellorar as competencias profesionais do sector agrario e forestal, así como impulsar as boas prácticas e conseguir unha maior competi-

tividade profesional no sector. Impulsaranse accións de intercambios, visitas e demostracións que amosen aos distintos profesionais do sector outras formas de facer e mellorar as súas prácticas a través dunha transferencia de coñecementos interactiva co sector.

- Na area de I+D+i intensificarase as actuacións dirixidas a fomentar a innovación no marco da Asociación Europea de la Innovación (AEI) impulsando a formulación de proxectos de innovación como busca de solucións a problemas concretos detectados na nosa comunidade autónoma, así como estudos de carácter básico ou estratéxico para o sector agrario galego relacionadas coa innovación e mellora das producións agroforestal e /ou agroalimentaria. As actuacións nas áreas de investigación agroforestal e innovación tecnolóxica, xunto coas de formación serviran como base para a diversificación e o aumento da eficiencia e calidade dos sistemas da produción nos sectores agrícola, gandeiro e forestal.
- A valoración e unha correcta xestión do monte en todas as súas funcionalidades e producións, dentro do contexto da loita contra o cambio climático. Dentro dun plan de fomento da produción forestal, estableceranse medidas para a mellora e o aumento da produción dos materiais forestais de reprodución; para o control e seguimento do estado de saúde e vitalidade dos ecosistemas forestais; para a consolidación de masas de alta produtividade forestal; para o fomento da aplicación de modelos silvícolas dirixidos á obtención de madeira de serra en quendas máis longas; para a consolidación e expansión de rexenerados naturais de frondosas; e para a recuperación do potencial forestal danado por incendios forestais e outras catástrofes. Ademais do aproveitamento madeireiro, fomentaranse as producións alternativas do monte, como o aproveitamento enerxético da biomasa forestal, o fomento da produción de castañas, cogomelos e outros froitos do monte, así como a creación de áreas silvopastoris. Tamén se impulsará a creación e mellora de empresas de aproveitamentos forestais e o fomento da certificación forestal.
- Así mesmo, fomentaranse a ordenación dos montes e os sistemas de xestión forestal conxunta para alcanzar unha explotación económica rendible e sostible dos aproveitamentos forestais e a comercialización das producións forestais, con especial atención ás SOFOR e outras agrupacións de propietarios.
- Continuaranse a fortalecer as liñas dirixidas a manter e conservar a saúde e vitalidade dos ecosistemas forestais, con especial atención ao estado fitosanitario dos nosos bosques mediante o seguimento, detección e actuación, de ser necesario, fronte a pragas e doenzas que están a minorar e incluso danar gravemente o potencial forestal de determinadas áreas de montes galegos.
- Neste ano, e atendendo á orientación que se lle quere imprimir ao método de atención e loita contra os incendios forestais, céntrase a reformulación da dimensión operativa das accións de loita contra o lume sobre tres eixes fundamentais:
 - Coordinación e apoio entre administracións, especialmente coas municipais;
 - Profesionalización do dispositivo contraincendios
 - Mellora da concienciación e disuasión mediante a aplicación de medidas punitivas firmes e da disposición de medios como a videovixiancia dos nosos montes.

- Toda esta aposta ten como finalidade un obxectivo fundamental e básico: reducir ao mínimo posible os danos ecolóxicos, económicos e sociais producidos polos lumes forestais na Comunidade Autónoma de Galicia, dentro dos recursos dispoñibles.
- A política de prevención e defensa contra os incendios forestais: para a redución do número de lumes, estableceranse os plans de investigación policial e forestal, co fin de definir as zonas e os riscos e desenvolveranse as campañas de educación forestal, sensibilización social e divulgación. No marco do plan preventivo potenciaranse as infraestruturas defensivas e no de extinción aplicaranse as últimas tecnoloxías en materia de defensa contra os incendios, cos sistemas de detección e avaliación de incendios dende medios aéreos, a utilización de sistemas dixitais de radiocomunicación e a incorporación de modelos de predición do comportamento do lume.
- A recuperación e incremento da superficie agraria útil (SAU) e a mobilización das superficies agrarias infrutilizadas, en estado de abandono.
- O fomento da agricultura multifuncional e sostible: os obxectivos que se perseguen son o apoio á conservación da biodiversidade, o fomento de métodos de produción compatibles coa protección do contorno e a remuneración das funcións territoriais, sociais e ambientais da actividade agraria.
- O apoio ás rendas dos agricultores e agricultoras, a través da xestión das axudas directas da PAC e a súa mellora para garantir o pagamento dos incentivos económicos de apoio directo ao sector, mellorando a xestión dos dereitos de axuda.
- A xestión, control e seguimento dos programas con enfoque Leader, centrándose durante o ano 2018 as accións na posta a punto dos mecanismos de implementación para iniciar a execución do Programa Leader 2014-2020.
- A xestión do potencial vitícola: aplicación da reforma da OCM vitivinícola e o do programa de apoio ao sector, poñendo énfase na política de reestruturación e reconversión do viñado para favorecer as producións de calidade con denominación de orixe, a correcta xestión do potencial vitícola priorizando a recuperación das superficies abandonadas, e a promoción dos viños galegos das distintas denominacións de orixe no mercado.
- As accións dirixidas á mellora da formación e investigación agrarias: A mellora da formación permanente dos agricultores/as e técnicos agrarios, profundizando tanto nas ensinanzas regradas como ocupacionais, e potenciando o asesoramento e transferencia tecnolóxica por parte dos servizos da consellería dun xeito máis próximo e directo ás explotacións agrarias.
- O desenvolvemento dos programas de información e formación profesional regrada e continua, incluída a divulgación de coñecementos científicos e prácticas innovadoras de persoas que traballan no sector agrícola, alimentario e forestal, que incorporan medidas específicas formativas en materia de benestar animal, seguridade nos traballos agroforestais e formación continua do persoal que traballa no dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais da consellería.
- As políticas dirixidas ás mulleres rurais: o papel das mulleres seguirase potenciando como protagonistas do tecido produtivo e social galego, á redución das desigualdades

e a facilitación e a plena integración das mulleres en todas as actuacións de desenvolvemento rural mellorando a súa situación e o seu contorno social, laboral e económico.

- O impulso na simplificación e modernización administrativa. O achegamento, a transparencia e a colaboración da Administración cara os agricultores e agricultoras, prestando especial atención á introdución das tecnoloxías de información e comunicación dos procedementos administrativos para axilizar a tramitación das solicitudes que dirixan á consellería ou ás entidades dependentes desta, coa implantación e fomento da tramitación electrónica no marco do proxecto xeral da Xunta de Galicia.

En atención ás case 10.500 explotacións, o que supón o 56 % das explotacións lácteas do Estado, e á suma de 2.571.000 Tm de leite producido, o que supón o 39 % do que se produce a nivel nacional, e á capacidade do 10 % do total da produción industrial láctea, o sector leiteiro galego supón unha peza clave no noso entabado socioeconómico rural. Tanto é así que este eido produtivo está presente en todos os elos da cadea económica galega e isto danos pé a sinalar que representa unha parte importante do PIB de Galicia, que se sitúa preto do 1,45 %, alén de que supón unha fonte de emprego senlleira no noso territorio, especialmente no rural.

Este carácter estratéxico, xunguido á particular situación que se deriva da finalización do sistema de produción en base a cotas e á necesidade de superar debilidades tradicionais da nosa estrutura produtiva, fai que o sector lácteo galego sexa merecedor dunha atención especial e dun apoio senlleiro nos orzamentos de 2018 que nos leve a liñas de superación de cuestións conxunturais e tamén, a medio e longo prazo, daquelas de carácter estrutural. Por iso se ten prestado unha atención preferente que debe levar á mellora da competitividade do sector mediante o reforzo da capacidade produtiva que permita atender ao axuste de custes e á mellora da cadea de transformación de comercialización mediante a obtención dun maior valor engadido polo leite producido.

II.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA (FOGGA)

Este organismo ten como obxectivos para o exercicio 2018 a xestión eficaz no pagamento dos fondos europeos agrícolas en Galicia, procurar unha mellora das rendas das persoas agricultoras galegas, así como contribuir á dinamización das zonas rurais desenvolvendo as seguintes actuacións prioritarias:

- Desenvolver as funcións inherentes á súa condición de organismo pagador dos fondos europeos agrícolas en Galicia (Fondo Europeo Agrícola de Garantía e Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural), autorizando, xestionando o pago e contabilizando os importes das axudas con cargo aos citados fondos, e exercendo as demais funcións

de coordinación, comunicación, auditoras, e outras conexas que lle corresponden como organismo pagador.

- O desenvolvemento da xestión das axudas da PAC en Galicia, tendo en conta o marco normativo da PAC 2014-2020 e as prioridades desta, nomeadamente a ecoloxización en curso da dita política.
- A xestión íntegra das axudas a zonas con limitacións naturais, así como as axudas de agroambiente e clima e agricultura ecolóxica prevista no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 e cofinanciadas con cargo ao Feader.
- O pagamento e contabilización das actuacións incluídas no Programa de Desenvolvemento Rural, financiadas polo Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (Feader), e cuxa fase de autorización e control non se xestiona directamente polo Fogga, e para as que a xestión corresponde a outros órganos da Consellería do Medio Rural e outros centros directivos da Xunta de Galicia.
- O pagamento e contabilización, en tanto que organismo pagador, das medidas relativas á apicultura, reestruturación do viñedo, promoción en terceiros países, organizacións de produtores e medidas de inversión financiadas polo FEAGA.
- Efectuar as operacións en réxime de intervención e regulación de mercados por conta do FEAGA, entradas, saídas e almacenamento das mercadorías, de acordo coas instrucións ditadas segundo a xestión encomendada polo Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA).
- Realizar accións destinadas a mellorar as producións gandeiras e fortalecer con iso a puxanza do sector lácteo galego e cárnico no contexto nacional e europeo, tales como apoiar ás sociedades públicas participadas polo FOGGA que operan no sector agropecuario.

II.3. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER)

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), foi creada pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, configurándose como un instrumento para o fomento e coordinación do desenvolvemento no territorio rural galego para mellorar as condicións de vida e evitar o despoboamento dese territorio. Ademais, de acordo coa modificación introducida pola disposición derradeira terceira da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, AGADER posibilita a creación e ampliación de explotacións agrarias e gandeiras mediante a xestión do Banco de Terras de Galicia e é o órgano competente en materia de desenvolvemento comarcal.

Entre as funcións que debe desempeñar a Axencia teñen especial relevancia aquelas orientadas ao deseño de políticas que incidan na mellora da calidade de vida da poboación rural a través da posta en marcha de servizos básicos esenciais e á dinamización dos sectores produtivos, especialmente aqueles non vinculados ao sector agrario.

Para elo establecerá nas súas convocatorias e liñas de axudas, marcos prioritarios de actuación que potencien o desenvolvemento rural, mellorando as condicións estruturais e infraestruturais do mesmo e fomentando medidas de innovación e modernización do seu tecido económico e social.

Para levar a cabo ditas funcións, AGADER centrará os seus esforzos nas seguintes cuestións:

- A xestión da medida LEADER 2014-2020, centrándose durante o ano 2018 no desenvolvemento da convocatoria e na aprobación dos proxectos tanto de carácter produtivo como non produtivos que incidan na mellora da calidade de vida achegados dende os Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR).
- A convocatoria de axudas a proxectos a desenvolver nas áreas rurais de Galicia encadrados na submedida 6.4, de investimentos en empresas non agrarias, do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020, baixo a modalidade principal de convocatoria pública en réxime de concorrencia competitiva. Basicamente, estes proxectos estarán orientados a proporcionar a diversificación económica do rural.
- A convocatoria das submedidas 16.4, 16.5 e 16.8 de Cooperación do PDR de Galicia 2014-2020 (Cooperación horizontal e vertical entre os axentes da cadea de distribución para o establecemento de canais curtos e mercados locais, Intervencións conxuntas para mitigar ou adaptarse ao cambio climático e plantexamentos conxuntos con respecto a proxectos e prácticas medioambientais en curso e Deseño de plans de xestión forestal), orientadas a proxectos piloto no medio rural que permitan unha mellor practica en ditas actuacións co fin de mellorar a produtividade do agro galego e se preserven os valores medioambientais)
- O Plan Marco de mellora de infraestruturas (camiños) de titularidade municipal baixo a modalidade de subvencións de concesión directa como contribución á mellora de servizos básicos á poboación rural e podan, ao tempo, xogar un papel importante na diversificación económica do rural.
- O estudo, impulso e execución, se é caso, de investimentos directos cara á implantación ou mellora de servizos básicos para a economía e a poboación rural, así como de convenios con axentes socioeconómicos públicos e privados do medio rural, destinados á posta en marcha de plans e accións específicas destinados á dinamización económica e á mellora da calidade de vida no medio rural.
- O aumento da transferencia de superficie agraria ás explotacións agrogandeiras favorecendo a redución dos custes e a mellora da súa competitividade.

- O impulso da creación de novas explotacións a través da transferencia de terra favorecendo o asentamento da poboación no medio rural e freando o abandono, tanto no eido social como agroambiental.
- A actualización, clarificación e mellora do estado dos bens e dereitos que son titularidade de AGADER, coa finalidade de poñer estes en boa condición para a súa produción.
- A mellora da planificación das actuacións que tenden a identificar, conservar, por en valor agronómico ou en produción a superficie con vocación agraria.
- O deseño gráfico, elaboración de estudos, avaliación e xestión de proxectos, favorecendo as relacións e as sinerxías da Consellería do Medio Rural.
- A análise de emprazamento de obras, estudos de viabilidade, definición de programas funcionais, redacción de memorias e proxectos, así como a supervisión técnica de contratación de obras como a xestión, dirección e coordinación das mesmas, vinculadas a infraestruturas orientadas o desenvolvemento rural. Xestión de autorizacións e licencias.
- A elaboración e xestión de propostas de proxectos europeos relacionados co desenvolvemento rural, en coherencia coas prioridades da Consellería do Medio Rural, e presentación destes aos organismos pertinentes.
- A prestación e apoio técnico ás diversas direccións xerais da Consellería do Medio Rural e entes públicos na elaboración de proxectos e estudos de interese para os obxectivos das mesmas, así como con outras áreas (proxectos e iniciativas europeas).
- O apoio na xestión de convocatorias públicas de axudas a entidades públicas e privadas.

INSTITUTO GALEGO DE CALIDADE ALIMENTARIA (INGACAL)

O Plan Estratéxico Galicia 2015-2020, enmarcado na estratexia horizonte 2020, ten como unha das prioridades de actuación dentro do eixo I o impulso e a consolidación das políticas de gastos vinculadas á I+D+i. Integrar a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento perseguindo como un obxectivo estratéxico a potenciación da I+D+i mediante o fomento da absorción de coñecemento por parte das empresas, a mobilización e atracción de capital privado para os procesos de innovación galegos, o fomento da transferencia de investigación dende os axentes de xeración, a difusión do coñecemento cara o mercado e o apoio ao descubrimento emprendedor en tódolos eidos.

Actuacións fundamentais neste sentido no eido agroalimentario serán o apoio ao investimento en I+D, a integración da I+D no sistema formativo, o impulso da transferencia de tecnoloxía aos sectores produtivos, e o fomento da innovación empresarial.

En materia de I+D+i, fíxanse como obxectivos a formulación e a execución de proxectos de investigación básica e aplicada no marco definido polo Plan Galego I+d+i 2016-2020 actualmente en elaboración, e dos plans estatais e internacionais correspondentes (H2020 principalmente). Así mesmo colaborar coas actividades de investigación, transferencia de tecnoloxía,

formación e divulgación realizadas pola Consellería do Medio Rural e outros organismos do sector agrolimentario.

O obxectivo final é favorecer o desenvolvemento do sector agrícola, gandeiro, forestal galegos, garantindo os mais altos estándares de calidade e seguridade alimentaria, e utilizando a I+D+i como vía para impulsar a innovación nas empresas do sector que permita o aproveitamento da gran diversidade e potencial do agro galego.

Así mesmo outro obxectivo estratéxico é fomentar a innovación e a calidade diferenciada no eido agroalimentario e impulsar o asociacionismo agrario para poder acceder ao mercado en condicións máis favorables a través da organización da produción e da comercialización. O INGACAL colaborará cos consellos reguladores e as industrias nos traballos de I+D+i necesarios para o cumprimento deste obxectivo

O INGACAL ten encomendada a función de control e a certificación das producións elaboradas polas novas denominacións de orixe e indicacións xeográficas que se están a crear, da artesanía alimentaria de Galicia, así como servir de apoio das xa existentes que así o soliciten. Para iso conta cun Departamento de Protección da Calidade Diferencial que será o encargado de desenvolver esas tarefas de control e certificación e que colaborará na posta en marcha de novas denominacións de orixe e indicacións xeográficas. Este departamento tamén presta servizos de xestión económico-administrativa para os consellos reguladores que así o soliciten.

Entre as actuacións programadas para o ano 2018 salientanse as seguintes:

- O desenvolvemento do proceso de conversión do INGACAL en Axencia Pública Autónoma, posta en funcionamento e implantación do contrato programa de xestión.
- A promoción, redacción e realización de proxectos de I+D+i no marco definido polos plans de I+D+i rexionais, os plans estatais e internacionais correspondentes (INTERREG, LIFE, H2020, ETC).
- Realización de actividades de investigación, transferencia de tecnoloxía, formación e divulgación en colaboración coa Consellería do Medio Rural e outras institucións do sector agrolimentario.
- Labores de I+D+i, conservación e mellora de recursos fitoxenéticos agrícolas e forestais existentes nos bancos de xermoplasma dos centros coordinados polo INGACAL no marco das medidas do PDR de Galicia 2014-2020.
- Desenvolvemento do proxecto H2020 da EIP-AGRI WINETWORK e consolidación da oficina de captación de fondos europeos do H2020 no marco do proxecto Vitis Europa.
- Desenvolvemento do proxecto INTERREG SUDOE WETWINE de mellora no tratamento dos efluentes líquidos das adegas e do proxecto PLURIFOR de mellora da xestión de riscos no sector forestal. Tamén inicio das actividades do proxecto INTERREG Atlantica Área DAIRY-4-FUTURE.
- Realización de análises oficiais, informativas e de ensaios científicos.

- Realización do programa de mellora das infraestruturas de apoio á investigación dos centros da Consellería do Medio Rural coordinados polo INGACAL, mediante o programa de renovación e adecuación das súas instalacións, maquinaria e equipamentos científicos.
- Realización do programa de mellora da operatividade dos centros e laboratorios sinalados en canto a dotación de maquinaria, instrumental científico- tecnolóxico e a calidade das tecnoloxías de información e comunicación dos mesmos facilitando a súa conexión en rede.
- Actuacións como autoridade competente para a verificación do cumprimento dos pregos de condicións dos produtos no Programa de Control Oficial da Calidade Diferenciada Vinculada a unha Orixe Xeográfica e Especializadas Tradicionais Garantidas, antes da súa comercialización, en base ao disposto no regulamento CE 882/2004 do Parlamento Europeo.
- Actuacións de auditorías internas a consellos reguladores que teñan delegada a certificación do produto.
- Mantemento e ampliación de alcance da acreditación dos laboratorios na norma ISO/IEC 17025.
- Prestación de servizos de xestión e administración aos consellos reguladores da IXP Faba de Lourenzá, DOP Pemento de Herbón, IXP Pemento do Couto, IXP Pemento da Amoia, IXP Tarta de Santiago, IXP Grelos de Galicia, IXP Pemento de Oimbra, IXP Lacón Gallego e IXP Pemento de Mougán.
- Control e certificación de produto aos operadores das seguintes figuras de calidade: IXP Faba de Lourenzá, IXP Castaña de Galicia, DOP Pemento de Herbón, IXP Pemento da Amoia, IXP Pemento do Couto, IXP Pemento de Oimbra, IXP Pemento de Mougán, IXP Tarta de Santiago, IXP Pan de Cea, IXP Grelos de Galicia, IXP Lacón Gallego, DOP Cebreiro, DOP San Simón da Costa, e DOP Azúa-Ulloa.
- Certificación da produción dos Viños da Terra existentes en Galicia (Betanzos, Barbanza-Irñá, Val do Miño-Ourense e Ribeiras do Morrazo).

II.4. DAS SOCIEDADES MERCANTÍIS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, S.A.

O Decreto 260/2006, do 28 de decembro, publicado no DOG do 18 de xaneiro de 2007, autorizou a creación da sociedade pública Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.

Por acordo do Consello da Xunta de 13 de setembro do 2012, publicado no DOG do 19 de febreiro do 2013, modificáronse os Estatutos da Sociedade, ampliando o seu obxecto social.

No exercicio 2018, a Sociedade continúa co proceso de diversificación das súas actividades e a consolidación dun modelo de xestión pública, con vinculación íntegra coa Administración da Comunidade Autónoma Galega. Seaga realizará cantas encomendas lle sexan ordenadas polas distintas Consellerías e outras entidades pertencentes ao sector público autonómico, e dun xeito programado as seguintes:

- A realización de traballos de obra preventiva e de restauración forestal, a asistencia técnica na redacción dos instrumentos de planificación preventiva forestal, así como a colaboración en traballos silvícolas en montes ordenados baixo xestión da comunidade autónoma.
- A colaboración en actuacións de infraestrutura e equipamentos para o medio rural dentro da estratexia de mellora da calidade de vida dos concellos rurais e do reequilibrio territorial.
- A realización de traballos nos espazos naturais protexidos de Galicia xestionados pola administración da comunidade autónoma.
- A participación nos programas de restauración de espazos degradados e de xestión de residuos.
- A colaboración en tarefas de control e rexeneración dos recursos pesqueiros e marisqueiros.
- A prestación de servizos relacionados coa produción agropecuaria.
- A colaboración, na campaña de incendios forestais, poñendo a disposición da consellería un dispositivo de reforzo na época de risco alto de incendios forestais colaborando tanto nas tarefas de extinción como nas de prevención e mellora de infraestruturas.

XENÉTICA FONTAO, SA

Dentro das actividades principais de Xenética Fontao, SA, inclúense a produción e a comercialización de doses seminais de gando vacún das razas explotadas en Galicia. Ademais, estanse a diversificar os servizos ofertados mediante o desenvolvemento de tecnoloxías innovadoras reprodutivas que aceleran o progreso xenético da cabana gandeira e da aplicación da biotecnoloxía do ADN no eido da produción e sanidade agropecuarias.

Entre os obxectivos que se pretende acadar para o 2018 destácanse os seguintes:

- Desenvolvemento do programa de mellora xenética da raza Frisona en Galicia dentro do Convenio coa Consellería do Medio Rural.
- Consolidación do Laboratorio de Xenética Molecular, impulsando o investimento en I+D+I co desenvolvemento de proxectos baseados en tecnoloxías moleculares no eido da sanidade e produción animal.

- Posta a punto do programa de selección xenómica da raza Frisona e aceleración do progreso xenético da mesma en Galicia mediante a combinación con novas biotecnoloxías reprodutivas.
- Mellora da rede de comercialización, co afianzamento dos acordos neste eido e obtención doutros novos que permitan incrementar a xeración de recursos propios.
- Mellora e optimización da produción a través da valoración xenética mediante cruzamento industrial de razas bovinas de aptitude cárnica en Galicia.

II.5. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE (CTC)

A misión da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne (CTC) é dar resposta ás necesidades en I+D+i dos axentes relacionados co ámbito cárnico e alimentario (empresas, administración e sociedade), xerando, transferindo e divulgando coñecemento útil, a través da realización de proxectos de investigación, desenvolvemento tecnolóxico e prestación de servizos de calidade, que impulsen os procesos de innovación tecnolóxica, dende unha perspectiva de desenvolvemento sostible.

Os eixos estratéxicos do CTC son a xeración e desenvolvemento de coñecemento tecnolóxico orientado á competitividade do sector cárnico, a posta en valor e transferencia ao mercado da oferta tecnolóxica do CTC, o desenvolvemento estrutural para eficiencia e a sostibilidade e a divulgación da innovación tecnolóxica e a comunicación institucional.

As liñas de acción do CTC baséanse en catro áreas fundamentais: o I+D+i no ámbito cárnico; asesoramento e transferencia tecnolóxica ao sector cárnico; servizos ás empresas cárnicas; e a formación.

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 422L - CAPACITACIÓN E EXTENSIÓN AGROFORESTAL

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

No marco das actuacións da formación agroforestal fórmulase unha oferta integral, dirixida especialmente á mocidade e a poboación activa, co obxecto de cualificar profesionalmente tanto a mocidade coma aos profesionais en activo do sector agrogandeiro e forestal, que se desenvolverá nos seis centros de formación e experimentación agroforestal con que conta a Consellería do Medio Rural e contarase coa colaboración doutras unidades dependentes dela.

Os fortes vínculos entre este sistema formativo e o sector produtivo garanten unha oferta flexible adaptada as necesidades e prioridades das distintas comarcas e sistemas de produción. Deseñaranse actuacións para achegar unha oferta de formación máis completa e diversificada a todas as comarcas de Galicia e en especial as zonas máis desfavorecidas.

A oferta formativa abrangue formación continua ao sector, para a obtención de camés profesionais ou certificados habilitantes, tanto en modalidade presencial como on-line, ciclos formativos e certificados de profesionalidade da familia profesional agraria

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

De carácter sectorial, as accións de formación están dirixidas a profesionais dos sectores agragandeiro e forestal, persoas agricultoras, gandeiras e silvicultores, ou con expectativas de incorporación, mozos e mozas e mulleres do rural.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Problemas ou carencias:

Os cambios económicos, tecnolóxicos e ambientais dan lugar á necesidade de novas cualificacións para todas as persoas implicadas en actividades agroforestais e agroalimentarias. Para obter estas novas competencias e habilidades, é necesario ofrecer actividades de temáticas innovadoras tanto de áreas xerais, técnicas como económicas que melloren e complementen o perfil profesional da xente do sector. A capacitación profesional, en particular de aqueles profesionais que se incorporan por primeira vez á actividade agraria, debe servir tamén para mellorar as súas condicións de vida, frear o éxodo rural e asegurar a substitución xeracional no medio rural. A mellora da cualificación dos agricultores e agricultoras, gandeiros e gandeiras así como de silvi-

cultores e silvicultoras require tamén que se impulse a actualización da formación do persoal docente e técnico encargado de transmitir os coñecementos para facilitar a adopción de innovacións no sector agroforestal. Outra das debilidades estruturais de Galicia é o envellecemento da poboación especialmente no rural.

Situación á que se quere chegar:

As prioridades fundamentais para este exercicio. Son mellorar a cualificación dos profesionais do sector e impulsar a transferencia tecnolóxica para que os resultados das investigacións cheguen ao sector.

Frear o éxodo rural e asegurar a substitución xeracional no medio rural, con capacitación profesional daqueles que se incorporan por primeira vez á actividade agraria. Así mesmo, debe servir para que a actividade produtiva sexa respectuosa co medio ambiente.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O Programa anual de Formación Continua é desenvolvido polos centros de formación e experimentación agroforestal e por outras unidades técnicas e de innovación dependentes da Consellería do Medio Rural.

O Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020, contempla na medida "M01: Accións de transferencia de coñecementos e información" tres submedidas que están dirixidas á formación do sector e a adquisición de novas competencias profesionais. A submedida 1.1. de "apoio as accións de formación profesional e adquisición de competencias"; a submedida 1.2 de "apoio ás actividades de demostración e ás accións de información" e a submedida 1.3. de "apoio ao intercambio de curta duración da xestión agrícola e forestal e ás visitas agrícolas e forestais".

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Mellorar a cualificación dos profesionais do sector e impulsar a transferencia tecnolóxica para que os resultados das investigacións cheguen ao sector, son as prioridades fundamentais para este exercicio que desenvolveranse a través dos programas de acción anuais.

O Programa anual de Formación Continua para o Agro Galego é desenvolvido polos centros de formación e experimentación agroforestal e por outras unidades técnicas dependentes da Consellería do Medio Rural, tamén participan sobre todo nas actividades de información e demostración os centros de investigación. A súa planificación deséñase tendo en conta as necesidades do sector nas distintas áreas produtivas, ofrecendo unha oferta formativa que atenda ás necesidades básicas do sector pero ademais integrando unha oferta innovadora, diversificada e adaptada ás distintas necesidades locais e sectoriais e impulsando especialmente o uso das TIC e fomentando as boas prácticas respectuosas co medio ambiente.

Este programa para a mellora do nivel de coñecementos das persoas que traballan no sector agroforestal, complementábase co Plan de Transferencia Tecnolóxica que está integrado por accións de divulgación de coñecementos científicos e prácticas innovadoras que ten como obxectivo facilitar a transferencia e a adopción polo sector dos resultados das investigacións realizadas nos centros da Consellería do Medio Rural.

Un aspecto deste programa é a formación de formadores, que ten como obxectivo manter a calidade na prestación dos servizos, continuando a mellora do nivel de formación do persoal docente e técnico encargado de transmitir os coñecementos aos usuarios e usuarias.

Frear o éxodo rural e asegurar a substitución xeracional no medio rural é outro dos obxectivos estratéxicos que vese apoiado coa capacitación profesional daqueles que se incorporan por primeira vez á actividade agraria. Esta formación continua ofrece distintas orientacións produtivas, axeitadas as distintas zonas de Galicia, e ten en conta os aspectos produtivos, nun marco respectuoso co medio ambiente.

Como se indicou anteriormente, estes programas formativos contan con financiamento do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 "M01: Accións de transferencia de coñecementos e información" integrada por tres submedidas que están dirixidas á formación do sector e a adquisición de novas competencias profesionais e será desenvolvido polos servizos técnicos dependentes da Consellería do Medio Rural, entre os que se inclúe o persoal das oficinas agrarias comarcais e das escolas de formación e experimentación agroforestal, e contando coa colaboración dos centros de investigación, centros tecnolóxicos e de entidades asociativas do sector agrario, alimentario e forestal.

Estes investimentos non inclúen a formación regrada impartida nos Centros de Formación e Transferencia Tecnolóxica Agroforestal dependentes da Consellería do Medio Rural.

As actividades pódense desagregar como segue:

I. Accións formativas nas seguintes áreas prioritarias:

- Cursos de formación e capacitación xeral, que consistiran en dar a formación de base en materias relacionadas co exercicio profesional ou ben dar a formación habilitante necesaria para o desempeño de certas ocupacións profesionais do sector. Tamén desenvolveranse e intensifícanse a formación empresarial do sector.
- Talleres temáticos de aprendizaxe en materias concretas y sesións de orientación específica. Destinados a que os participantes adquiran competencias e habilidades a través dunha aprendizaxe práctica en técnicas e procesos para optimizar a produción e o procesado de produtos agrarios, forestais o agroalimentarios.
- Desenvolvemento e implantación dunha plataforma pública dixital de formación e información "on line". Impulsarase tamén a formación para a innovación en produtos, técnicas e procesos produtivos do sector agroforestal e agroalimentario.

2. Accións de apoio as actividades informativas e de demostración, tales como:
 - Actividades de demostración: sesión práctica para ilustrar unha tecnoloxía, o uso de maquinaria nova ou significativamente mellorada, un novo método de protección dos cultivos ou dunha técnica específica de produción. Estas actividades poden tomar a forma, por exemplo, de campos de demostración. A actividade levarase a cabo en explotacións ou noutros lugares.
 - Accións de información: actividades de difusión de información de interese para a agricultura, silvicultura e pemes. Poden tomar a forma de accións de divulgación, congresos, feiras, xornadas de portas abertas, información en medios impresos e electrónicos ou sesións informativas.
3. Apoio a intercambios de curta duración da xestión agrícola e forestal e ás visitas agrícolas e forestais, en concreto:
 - Intercambios de xestión agrícola e forestal a curto prazo que lles permita aos agricultores/as, gandeiros/as e silvicultores/as permanecer noutra explotación da UE co fin de aprender doutro agricultor/a, gandeiro/a ou silvicultor/a; impulsando o intercambio de coñecementos e boas prácticas e descubrir outras formas de facer as cousas.
 - Visitas curtas a explotacións ou instalacións agrarias ou agroalimentarias co fin de aprender sobre un tema concreto ou unha práctica específica centrándose nunha cuestión temática e seguindo un enfoque de ensinanza/aprendizaxe .

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

As actividades formativas e de transferencia tecnolóxica que se desenvolven no marco deste programa establecen unha prioridade para as mulleres do rural (xunto cos xoves).

En todo caso, dado que o presente programa incide directamente sobre as persoas que traballan no sector agroforestal, que se cualifican para o desenvolvemento dunha actividade profesional ou melloran a súa formación, pode significar que, pola igualdade de acceso á formación, ou mesmo, pola prioridade das mulleres fronte aos homes de haber exceso de demanda, poderíase diminuír a posible fenda de xénero que existira no rural.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	X
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS

Toda a sociedade

Nos programas de formación e transferencia tecnolóxica establécese, entre os criterios de selección das persoas participantes, a prioridade das mulleres fronte aos homes no suposto de concorrencia e limitación de prazas. Estas actividades non supón incremento do orzamento, e están dirixidas tanto a mulleres xoves coma as que solicitan formación noutros ámbitos, de calquera idade.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

As accións desenvolvidas neste programa terán unha especial incidencia ao impulsar accións dirixidas a mozas e mulleres maiores de 41 anos, tanto agricultoras coma con expectativas de incorporación.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Ordenación Forestal

III.1.2. PROGRAMA 422M - ENSINANZA SECUNDARIA E FORMACIÓN PROFESIONAL:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Co obxectivo de formar profesionais con titulación de FP para a súa incorporación ao mercado de traballo, a Consellería do Medio Rural conta con seis centros de formación e experimentación agroforestal onde impartir ciclos formativos de formación profesional de grao medio e superior das especialidades agrarias. No ano 2017 intensificarase a oferta de formación continua ao sector e iniciase a oferta en certificados de profesionalidade da familia agraria e agroalimentaria.

Tendo en conta o carácter práctico da formación impartida nestes centros, é fundamental dotalos dos equipamentos e medios necesarios e atender ás necesidades de renovación das infraestruturas para impartir un ensino de calidade e ao nivel adaptado ás demandas da sociedade e das empresas.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Centros de formación, xoves e mulleres, profesionais do sector, centros de formación, agricultores e agricultoras, gandeiros e gandeiras, traballadores e traballadoras do dispositivo de prevención e defensa contra o lume da Consellería do Medio Rural.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O obxectivo fundamental para este exercicio orzamentario é atender prioritariamente a facilitar a incorporación no mercado de traballo dos mozos e mozas e de colectivos con dificultades especiais.

No medio rural existe un alto grao de envellecemento da poboación activa do sector agroforestal. Trátase de atraer á mocidade aos centros de formación e experimentación agroforestal e achegarlles a formación necesaria para desenvolverse nestas actividades.

Por outra banda, a necesaria formación dos traballadores e traballadoras do dispositivo de prevención e defensa contra o lume da Consellería do Medio Rural fai prioritario a realización de accións formativas específicas a este colectivo.

As características dos centros de formación agroforestal da consellería, que dispoñen de amplos recursos para as prácticas, como fincas, gando etc., e onde ademais da formación regrada desenvólvense accións formativas no marco do plan de formación continua dos profesionais, permiten un contacto directo dos alumnos co sector ao que se van a incorporar.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Os plans no que se enmarcan as actuacións deste programa son os correspondentes á ensinanza regrada de formación profesional para o sector agroforestal, os programas de cualificación e o plan galego de actuacións para a mocidade, así como os plans anuais de formación continua para o agro galego.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Con este programa búscase:

- Dotar aos centros de formación agraria e forestal das infraestruturas necesarias para a formación continua e a regrada.
- Ampliar e mellorar o investimento en capital humano.

Actuacións:

- Implantación de novas ofertas formativas, os certificados de profesionalidade da familia profesional agraria.
- Impartición de ciclos de grao medio e superior de formación profesional nas especialidades agrarias.
- Impartición de accións formativas agroforestais e agroalimentarias no marco da formación profesional continua.
- Equipamento dos centros necesario para as actividades formativas.
- Realización de accións formativas dirixidas a formadores e formadoras da familia profesional agraria.
- Cursos de seguridade e prevención de riscos laborais especialmente no uso da maquinaria agroforestal.
- Formación dos traballadores e traballadoras do dispositivo de prevención e defensa contra o lume da Consellería do Medio Rural.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

As actividades formativas que se desenvolven no marco deste programa establecen o mesmo punto de partida para mulleres e homes, polo que non precisan de especial diferenciación a priori.

En todo caso, dado que o presente programa incide directamente sobre as persoas que traballan no sector agroforestal, que se cualifican para o desenvolvemento dunha actividade profesional ou melloran a súa formación, pode significar que, pola igualdade de acceso á formación, ou mesmo, pola prioridade das mulleres fronte aos homes de haber exceso de demanda, poderíase diminuír a posible fenda de xénero que existira no rural.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	X
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTE-

RÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS

- Toda a sociedade.

Nos programas de formación establécese, entre os criterios de selección das persoas participantes, a prioridade das mulleres fronte aos homes no suposto de concorrencia e limitación de prazas, unha vez superadas as probas de selección que procedan, e que, en todo caso, respectan a igualdade de xénero. Estas actividades non supón incremento do orzamento.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

As accións desenvolvidas neste programa terán unha especial incidencia ao impulsar accións dirixidas a mozas e mulleres maiores de 41 anos agricultoras así coma con expectativas de incorporación.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Ordenación Forestal

III.1.3. PROGRAMA 551A - INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS NO MEDIO RURAL:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O desenvolvemento equilibrado e sostible de Galicia implica a necesidade de actuar en todos os sectores produtivos, facendo competitivo o sector primario, sentando as bases dun desenvolvemento rural con futuro, e uns servizos de calidade, na base dun desenvolvemento sostible.

O 80 % do territorio galego pode denominarse rural atendendo a súa densidade de poboación e a súa estrutura socioeconómica. A modernización do medio rural é un dos retos máis importantes que ten Galicia.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa está dirixido, por un lado, á poboación do rural, procurando corrixir deficiencias de infraestruturas básicas e dotándolles de servizos públicos de calidade, e por outro lado, ás explotacións agrogandeiras, redimensionando a súa estrutura da base territorial e mellorando as estruturas agrarias, así como, investindo na modernización e consolidación dos regadíos existentes.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

É necesario afondar na diversificación económica do medio rural, buscando alternativas novas e complementarias, cun modelo que fixe a poboación ao territorio, baseándose nas seguintes liñas:

- Mellora da calidade de vida da poboación no rural. No rural, son imprescindibles servizos públicos suficientes e de calidade. A poboación rural ten os mesmos dereitos que o entorno urbano a dispoñer de medios e servizos que permitan o desenvolvemento das súas iniciativas empresariais e dunha calidade de vida equiparable ao medio urbano. Neste senso, é necesario investir na mellora de infraestruturas e servizos básicos á poboación.
- Mellora da estrutura das explotacións. O medio rural galego ten que afrontar o forte desafío de avanzar na súa competitividade no medio dunha crise económica que trae consigo o incremento dos custos de produción nas explotacións, e que supón un freo ao seu desenvolvemento económico. Neste senso, é imprescindible un apoio ás mesmas para que, por unha parte, logren unha diminución de custos, redimensionando a súa base territorial (concentración parcelaria, mellora de accesos as explotacións, etc.) e, doutra, incrementen os seus ingresos, mellorando os sistemas de produción (posta en cultivo de terras improdutivas, modernización e consolidación de regadíos, etc.)

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Este programa ven a dar cumprimento ao recollido na Lei 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia, na súa redacción segundo a Lei 12/2001, do 10 de setembro, á Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural e á Lei 62/2003 do 30 de decembro de 2000, de medidas fiscais, administrativas e do orden social, que modifica o Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas.

Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013 polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao

Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) no 1083/2006 do Consello

Regulamento (UE) 1305/2013 do Parlamento europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013 relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) 1698/2005 do Consello.

Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Respecto da liña de mellora da calidade de vida no medio rural, establécense os seguintes proxectos de actuación:

- Proxectos de infraestrutura rural. É necesario investir naquelas zonas do territorio galego nas que, polas graves carencias de infraestruturas básicas, sexa urxente e necesario dotar á poboación rural dun nivel de vida adecuado, aproximándose ao que se ten en ámbitos urbanos.

Respecto da liña de mellora da estrutura das explotacións, establécense os seguintes proxectos de actuación:

- Programa de mellora e reordenación das estruturas agrarias. Neste programa, dedicado á reestruturación parcelaria, pretenderase:
 - Continuación das políticas de concentración da terra agraria, mellorándoa e seguindo coa tramitación dos procesos en curso.
 - Perfeccionamento dos procedementos de selección de zonas, asociándoas, fundamentalmente, a procesos produtivos, onde as inversións públicas sexan máis efectivas.
 - Promoción de instrumentos para a integración e redimensionamento das explotacións en zonas de concentración parcelaria, prestando ademais especial apoio ao asociacionismo produtivo nelas.
 - Axilización e racionalización nos procedementos de concentración, na procura de limitar, no tempo, os custos ou perdas en que incorren as explotacións durante o procedemento de concentración parcelaria.
 - Respecto co medio ambiente e o patrimonio de Galicia, na procura de racionalizar o proceso de concentración parcelaria, respectando os valores ambientais das zonas, incluídos nas respectivas declaracións de impacto ambiental, así como os valores patrimoniais existentes dentro das zonas.

- Tamén se acometerá calquera actuación que permita a mellora da base territorial das explotacións, aínda que non se realice no marco da concentración parcelaria, como agrupacións, permutas, etc.

A Lei 4/2015, do 17 de xuño, de Mellora da Estrutura Territorial de Galicia (METAGA), supón un salto cualitativo en canto á reestruturación do agro galego, poñendo a terra con vocación agraria en valor e fomentando que se xere riqueza a través da optimización do seu uso. Trátase dunha concepción máis moderna da mellora das estruturas, orientada a favorecer o desenvolvemento económico das explotacións e que vai máis aló do que supoñía ata o de agora a simple concentración de parcelas.

Así o novo texto legal propón un novo concepto: o de reestruturación parcelaria, que supera a dimensión e capacidade de actuación da actual concentración parcelaria. O obxectivo principal non é tanto a diminución do número de parcelas senón manter e optimizar os usos das fincas.

Ademais esta lei:

- Establece un procedemento máis curto no tempo que o actual, para que a mellora das estruturas agrarias sexa máis rápida e funcional sen prexudicar os dereitos dos administrados.
- Simplifica o procedemento, diminuíndo o número de fases e mellorando o sistema de entrega e tramitación da documentación.
- Diminúe os custos de execución da reestruturación parcelaria optimizando os recursos dispoñibles e aforrando na execución das obras, xa que, na medida do posible, se utilizarán as trazas dos camiños existentes.
- Fai as parcelarias medioambientalmente máis sostibles, contribuíndo a mitigar o impacto ambiental mediante o establecemento de medidas axeitadas nos usos do solo.
- Inclúe os solos de núcleo rural no perímetro de actuación da reestruturación parcelaria, dando resposta a unha das principais demandas dos propietarios de explotacións. Permítese a reestruturación neste tipo de solos, sen afectar a unha posible posta en marcha de procesos de ordenación urbanística.
- Permite a declaración de determinados perímetros de fincas como abandonados cando se dean circunstancias como o risco de incendio, que xa fosen obxecto de incendio ou que exista demanda de terra polas explotacións existentes.
- Mellora a transparencia nas relacións de todos os axentes implicados. Así introduce novas formas de participación pública -coa Xunta Local de Zona, a Xunta de Titulares e o Comité Técnico Asesor- que coordinarán as actuacións levadas a cabo na provincia e entre os diferentes organismos que teñan participación nunha actuación concreta (Patrimonio, Urbanismo...) e a creación do comité de asesoramento nas zonas de actuación intensiva.

- Declara a caducidade dalgúns procesos de concentración parcelaria obsoletos: afectaralle a aqueles procesos de concentración iniciados antes da vixencia desta lei que non foran obxecto de ningunha actuación ou acto administrativo firme que lle dera continuidade.
- Favorece a ordenación das parcelas e o redimensionamento das explotacións a través das permutas e reordenacións de superficies en espazos agrarios

En suma, a nova lei pretende dar un enfoque novo e eficaz á corrección das deficiencias na estrutura territorial das explotacións galegas, caracterizadas, os máis dos casos, polo seu reducido tamaño e pola súa dispersión, que as incapacita para garantir a súa viabilidade técnica e económica, prestando especial importancia ás explotacións tanto actuais como futuras, ao apoio ás iniciativas que pretendan, a través do traballo en común das terras, o incremento da base territorial das achegas ao proceso e á posta en valor dun concepto importante como é a ordenación dos diferentes cultivos e aproveitamentos agrarios dentro das zonas de actuación, de forma que o proceso de mellora dea como resultado a existencia de explotacións non só de maior dimensión, senón, sobre todo, máis adaptadas ao potencial produtivo de cada área.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural

III.1.4. PROGRAMA 551B - ACCIÓNS PREVENTIVAS E INFRAESTRUTURA FORESTAL:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O programa ten como obxectivo o financiamento das competencias Dirección Xeral de Ordenación Forestal en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais:

“Levará a cabo as actuacións encamiñadas á protección e á defensa dos montes contra os incendios forestais, exercendo as funcións de programación, aprobación, execución, avaliación e seguimento dos plans, medidas e accións de defensa dos montes contra os incendios forestais; a elaboración de estudos e análise de causalidade e a coordinación de medios na loita contra os incendios forestais.”

As accións a levar a cabo neste programa deberán buscar, por definición, reducir ao mínimo os danos ecolóxicos, económicos e sociais producidos polos incendios forestais.

Para acadar ditos obxectivos a prevención e defensa contra os incendios forestais céntrase en dúas fronteas:

- a) Redución do número de lumes.
- b) Redución das superficies queimadas.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

A poboación obxectivo do programa ten carácter universal pero tamén sectorial.

É universal porque o conxunto da poboación galega pode verse afectada nun determinado momento pola incidencia dun incendio forestal, polo risco que pode xerar non só sobre os bens de natureza forestal senón tamén sobre as persoas e sobre os bens de natureza non forestal.

Así mesmo, é sectorial porque o problema dos incendios forestais e a súa prevención afecta principalmente ao sector forestal, sector económico estratéxico para Galicia.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A situación dos incendios forestais en Galicia continúa a ser un dos principais problemas no medio natural da comunidade autónoma, especialmente para o seu sector forestal, de carácter estratéxico dentro da economía galega. Lamentablemente os incendios intencionados así como as negligencias continúan a ser maioritarias dentro das causas que están detrás dos lumes.

As estatísticas de incendios avalían esta situación, se ben é certo que tamén amosan claramente un descenso da media anual do número de lumes, dende os 10.000 de media do período 1995-2005, ata os 4.000 lumes dos últimos anos.

Este feito, de manterse á baixa nos próximos anos, podería significar un dato esperanzador de cara á futuro e a posibilitar unha solución ao problema.

Cada ano o desenvolvemento das accións previstas neste programa, tanto as de carácter territorial, mediante traballos de prevención, así como as que se dirixen á poboación, a través da concienciación e da regulación normativa, contribúen a por control e intentar reducir ao mínimo os efectos negativos que os incendios producen sobre o noso medio natural. A persistencia na execución das accións do programa é fundamental para acadar os obxectivos fixados.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

A prevención e defensa contra os incendios forestais desenvólvese en Galicia no seguinte marco legal e de planificación:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Regulación das bases do Réxime Local.
- Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza de Galicia
- Lei 43/2003, do 21 de novembro de montes. (B.O.E. nº 280).
- Lei 10/2006, do 28 de abril, pola que se modifica a Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes.
- Lei 21/2015, do 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes
- Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola disposición derradeira primeira da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.
- Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.
- Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.
- Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil
- Real decreto 1535/84, do 20 de xuño, sobre a ampliación e adaptación de funcións e servizos do Estado na Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.
- Real decreto 875/1988, do 29 de xullo, polo que se regula a compensación de gastos derivados da extinción de incendios forestais.
- Real decreto 893/2013, do 15 de novembro, polo que se aproba a Directriz básica de planificación de protección civil de emerxencia por incendios forestais.
- Real decreto 407/1992, do 24 de abril, polo que se aproba a Norma Básica de Protección Civil.

- Decreto 3769/1972, do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Incendios Forestais.
- Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan as medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais.
- Orde do 18 de abril de 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal.
- Orde do 31 de xullo de 2007 pola que se establecen os criterios para a xestión da biomasa vexetal.
- Resolución do 11 de outubro de 1994, da Secretaría Xeral para a Protección Civil e o Medio Ambiente, pola que se ordena a publicación do plano territorial de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia (PLATERGA) (D.O.G. nº 236, do 9 de decembro) aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 12 de xullo de 1994, e homologado pola Comisión Nacional de Protección Civil o 30 de setembro de 1994. Polo Decreto 56/2000, do 3 de marzo, foi publicada unha nova revisión (D.O.G. núm. 62, do 29 de marzo de 2000).
- Resolución do 31 de outubro de 2014, da Subsecretaría, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 24 de outubro de 2014, polo que se aproba o Plan Estatal de Protección Civil para Emerxencias por Incendios Forestais.
- Resolución do 28 de maio de 2015 pola que se publica o Plan Especial de Protección Civil ante Emerxencias por Incendios Forestais na Comunidade Autónoma de Galicia (PEIFOGA).
- Regulamento (C.E.E.) nº 307/97, Diario Oficial das Comunidades Europeas do 17 de febreiro, relativo á protección dos bosques na Comunidade contra a contaminación atmosférica.
- Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013 polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e dá Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e dá Pesca, e derrógase o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello.
- Regulamento (UE) 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).
- Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013 sobre o financiamento, xestión e seguimento da Política Agrícola Común, polo que se derrogan os Regulamentos (CE) nº 352/78, (CE) nº 165/94, (CE) nº 2799/98, (CE) nº 814/2000, (CE) nº 1290/2005 e (CE) nº 485/2008 do Consello.

- Regulamento de execución (UE) nº 809/2014 da Comisión de 17 de xullo de 2014 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello non que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade.
- Regulamento delegado (UE) N ou 807/2014 da Comisión do 11 de marzo de 2014 que completa o Regulamento (UE) n ou 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e introduce disposicións transitorias.
- Regulamento de Execución (UE) nº 808/2014 da Comisión do 17 de xullo de 2014 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).
- Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello.
- Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga).
- Plans de prevención e defensa contra os incendios forestais de distritos.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Concretase en actividades específicas que se dirixen a atender os dous obxectivos principais do programa:

I. Redución do número de lumes

- Actualización dos estudos espazo-temporais, e que evidencian a distribución espacial, temporal e horaria dos lumes ao longo do ano.
- Redefinición das Zonas de Alto Risco de incendios forestais e das Zonas de Especial Vixilancia, onde se realizarán Plans de investigacións policiais e forestais que permitan coñecer a súa casuística de cara a realizar un Plan de Ordenación do Territorio e dos seus usos e un Plan de Resolución de Conflitos e Conciliación de Intereses.
- Determinación das Parroquias de Alta Actividade Incendiara definidas na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia para o seguimento e control exhaustivo de calquera actividade incluída no territorio e intensificación das actuacións de vixilancia e disuasión.
- Desenvolvemento das Campañas de educación forestal, sensibilización social e divulgación, dirixidas a cada un dos distintos estratos de poboación e diferenciando, ademais a poboación urbana e a rural.

- Potenciación do Teléfono 085.
- Desenvolvemento regulamentario da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola disposición derradeira primeira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.
- Incremento da vixilancia preventiva e disuasoria (policial e forestal en todo o territorio), así como a presión policial nas zonas de alto risco e de especial vixilancia que se definan.

2. Redución da superficie queimada

Propónse a realizacións dos seguintes plans de actuacións:

- Plan de detección, disuasión e investigación: vixilancia dos montes, agrupacións de propietarios, de voluntarios, grupos de apoio para as tarefas preventivas e de defensa e convenios de colaboración con distintas asociacións. . O plan contempla os recursos humanos e medios materiais necesarios para desenvolver os traballos de vixilancia e detección dos incendios por parte do dispositivo da Xunta de Galicia e outras administracións, incluíndo especificamente aos Corpos e Forzas de Seguridade e ás Forzas Armadas, ademais da colaboración dos distintos colectivos tanto rurais como urbanos con maior ou menor vinculación ao monte (Federación Galega de Caza, agrupación de propietarios forestais, agrupacións de voluntarios, grupos de apoio para as tarefas preventivas e de defensa, asociacións de usuarios de todoterreo, asociacións de radioaficionados, etc.) para que tamén realicen no monte tarefas de vixilancia e detección de incendios. Estes colectivos apoiarán ao dispositivo de vixilancia e a súa presenza terá un efecto disuasorio fronte a posibles incendiarios.
- Plan preventivo: potenciación das infraestruturas defensivas, fomento da silvicultura, actualización dos Plans de prevención a nivel autonómico, de distrito e local. Este plan inclúe actuacións e traballos de carácter preventivo así como a construción e mantemento das infraestruturas defensivas contra incendios, entre os que destacan:
 - A silvicultura preventiva coa xestión do combustible nas zonas de alto risco de incendio e a promoción de queimas controladas de outubro a maio nas zonas de pastoreo.
 - A ampliación da rede de devasas e de puntos de auga .
 - A mellora das instalacións e bases de medios aéreos.
 - A construción e mellora de pistas e cortalumes.
- Ademais dos investimentos propios da Subdirección Xeral de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais, este Plan levarase a cabo tamén a través da participación social mediante convenios coas corporacións locais e de ordes de subvencións a Comunidades de Montes Veciñais en Man Común e SOFOR. Os convenios coas entidades locais incluírán actuacións lineais de control selectivo de combustible nas beiras de vías e camiños forestais da súa titularidade, de xeito que estas zonas queden limpas da vexetación con maior facilidade de ignición, así como actuacións de control de vexetación en áreas cortalumes e faixas de xestión de biomasa de titularidade municipal ou de propietario descoñecido mediante roza, rareo e eliminación de restos.

En relación coas subvencións a Comunidades de Montes Veciñais en Man Común e SOFOR, establécense dúas liñas de subvención:

- Subvencións para o control selectivo de combustible:
 - Áreas cortalumes
 - Faixas auxiliares de pista
 - Roza en rexenerado forestal natural
 - Roza de penetración, rareo e eliminación de restos das entrefaixas de masas forestais
 - Subvencións para a construción de puntos de auga.
- Plan de extinción. Un dispositivo de extinción insuficiente, escasamente profesional ou mal dirixido conduce a graves situacións de risco, a pouco que o dispositivo sexa sometido a carga de traballo. Por outra banda, a viabilidade dun espazo forestal sostible e certificado correspóndese cun escenario libre de incendios ou polo menos con certo control. Por isto, un dispositivo de extinción eficaz, profesional e preparado é totalmente imprescindible. Continuarase coas modificacións xa previstas no dispositivo de defensa e da súa dimensión para adecuala tanto á realidade do problema como ao orzamento dispoñible.
- Plan de formación do persoal e Plan de seguridade e saúde na prevención e extinción de incendios forestais. Terá a máxima consideración esta formación específica, tanto na realización de traballos preventivos como no desenvolvemento dos traballos de extinción, cunha formación específica e sistemática.
- Plan de renovación/adquisición de dotacións, equipamento e material de loita contra incendios. Dentro das posibilidades das partidas orzamentarias, continuarase coas renovacións de equipamentos e materiais empregados na extinción, do parque de motobombas e maquinaria, incorporando cantas novidades se consideren de interese e de mellora.
- Plan de modernización tecnolóxica na defensa contra incendios forestais. O desenvolvemento de tecnoloxías en múltiples campos da técnica ofrece elevadas posibilidades de incorporación á defensa contra incendios forestais para o seu emprego na toma de decisións vinculadas a prevención, detección e extinción dos mesmos. Entre estes sistemas tecnolóxicos avanzados que se van a estudar podemos distinguir:
- Sistemas de detección automática de incendios: avaliaranse e incrementaranse os sistemas para a vixilancia, detección temperá, localización e monitorización de incendios forestais, baseados na detección térmica georeferenciada de puntos quentes.
 - Ensaiaranse outros sistemas de detección de incendios.
 - Consolidación da rede radio do SPDCIF: Continuar coa mellora das radiocomunicacións baseadas na rede de emerxencias na Comunidade Autónoma de Galicia.

Os novos sistemas que ofrecen unha maior seguridade e cofidencialidade nas radiocomunicacións e unha ampla variedade de facilidades e servizos adicionais aos analóxicos, entre outros: comunicación en dúplex, servizo de datos, chamadas individuais ou en grupo...

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Ordenación Forestal

III.1.5. PROGRAMA 561A - PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa ten como finalidade desenvolver as actividades de I+ D+I nos sectores agrario, gandeiro e forestal, dentro das competencias atribuídas á Consellería do Medio Rural. O sector produtivo agrario ten que reforzar a introdución de novas ideas, adaptación ás demandas e innovacións, polo que o incremento de I+D+I é unha das principais necesidades do sector. Por iso, no 2018 incrementaranse as actuacións de desenvolvemento de actividades innovadoras coa participación en novos proxectos, o incremento das actuacións de desenvolvemento tecno-

lórico de colaboración empresarial con centros tecnolóxicos e de investigación e o impulso da transferencia tecnolóxica.

En liña co que establece o Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento e outros documentos estratéxicos (Comunicación de la Comisión Europea sobre la cooperación de innovación europea “Productividad y sostenibilidad agrícolas”, o Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación 2013-2016, etc.) o programa ten como obxectivos no sector agrario:

- O incremento do valor engadido da produción agraria mediante a mellora da eficiencia dos seus procesos produtivos e da calidade diferencial dos seus produtos.
- A implantación de innovacións para reducir a dependencia dos custos dos insumos nas marxes de explotación das explotacións agrarias.
- A mellora da sustentabilidade e seguridade ambiental como condición indispensable do desenvolvemento sectorial, tal e como sinala a política comunitaria.
- O fortalecemento da seguridade agroalimentaria no sector que garante unha cadea de valor dos produtos de gran seguridade para o consumidor e preserve e incremente a estima das producións locais fronte á competencia.
- O mantemento e dotación das infraestruturas da rede de centros de I+d+i e laboratorios de servizo da Xunta de Galicia no ámbito agrario, gandeiro e forestal.

Dentro do ámbito de desenvolvemento do PDR 2014-2020 se levaran acabo accións que impulsen a innovación e a cooperación dentro do sector no que terán cabida os distintos actores implicados na cadea de produción así como entidades relacionadas cos distintos ámbitos de actuación do sector. En concreto levaranse accións de:

- Apoio ao establecemento de grupos operativos no marco da Asociación Europea da Innovación, AEI. Esta medida fórmase como apoio á creación e funcionamento de grupos operativos, vinculados á execución de proxectos piloto ou desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías nos sectores agrario, forestal e da cadea alimentaria.
- Apoio a proxectos piloto e ao desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías, incentivando iniciativas de cooperación en materia

No ámbito concreto do sector forestal este programa de gasto trata de dar resposta ás demandas, en materia de investigación e transferencia do sector forestal, e que supoñen:

- O incremento de forma continua da cantidade e calidade dos produtos forestais, entendidos como materia prima da industria de primeira e segunda transformación de Galicia para contribuír con iso a mellorar a súa posición competitiva.
- A transferencia no coñecemento científico desenvolvido aos xestores forestais e ás persoas silvicultoras.

- A mellora das técnicas de prevención de incendios, a través de o desenvolvemento de tratamentos silvícolas para diminuír a vulnerabilidade das masas forestais a incendios de copa e de alta intensidade, de técnicas de control de combustible en matogueiras, así como a mellora das técnicas de extinción, control e seguridade no combate contra os incendios.
- O coñecemento e mellora das técnicas de restauración de áreas queimadas, tanto arboradas como de matogueira, de rexeneración forestal e das técnicas de control dos riscos hidrolóxico-erosivos post-incendio.
- A mellora e posta a punto dos métodos de detección e predición do dano e control de axentes patóxenos forestais.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

De carácter sectorial. As actuacións van dirixidas ás empresas do sector agrario, gandeiro, agroalimentario e forestal, así como aos centros tecnolóxicos e de investigación.

No ámbito agroalimentario son especial obxectivo deste programa as empresas do sector agroalimentario, tanto da industria como produtores primarios (cooperativas, titulares de explotacións agrarias e as súas asociacións, entidades que amparen produtos con calidade diferenciada etc.).

No específico ámbito forestal os investimentos orzamentarios deste programa dirixiranse principalmente ao seguintes colectivos:

- a) As persoas propietarias, persoas silvicultoras e xestores e xestoras forestais, no que atinxe á innovacións na silvicultura, a prevención e loita contra incendios forestais, á restauración hidrolóxica-forestal ou a loita integral contra pragas e doenzas que danan os nosos bosques.
- b) A empresas vinculadas á cadea monte-industria, especialmente aos viveiristas forestais, ás empresas forestais de servizos e a aquelas vinculadas coa primeira e segunda transformación da madeira en Galicia.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Cómpre consolidar os centros tecnolóxicos e de investigación e os laboratorios de servizo dependentes da Consellería do Medio Rural para que contén cos medios e co persoal cualificado para desenvolver este tipo de actividades, e de incentivar o aumento da competitividade empresarial coa mellora tecnolóxica, a formación e a innovación que son prioridades sinaladas polo Plan Estratégico de Galicia.

Nunha constante adaptación a un contexto nacional e internacional cada vez máis competitivo, a mellora da competitividade das explotacións agrarias e gandeiras mediante a redución dos custos de produción, a elevación das garantías sanitarias e de calidade dos produtos, a incorporación de novas tecnoloxías e a diversificación da produción son obxectivos primordiais da

política agraria na que a investigación aplicada, o desenvolvemento tecnolóxico e a transferencia de novos coñecementos, procesos e tecnoloxías ao sector produtivo deben xogar un papel fundamental.

A produción de vacún de Galicia, tanto en leite como en carne, son un referente no conxunto do Estado. Os recursos xenéticos autóctonos gozan dunha potencialidade xa recoñecida, cun crecemento constante que auguran producións de estima no mercado. Nesta liña, vense traballando no estudo, caracterización e diferenciación das producións gandeiras que permitan a promoción e a consolidación das producións nos mercados e a súa diferenciación comercial, constituíndo así un factor complementario de éxito.

Por outra banda, o sector vitivinícola estase a converter nun eixo produtivo de primeiro orde na economía agraria galega. Constátase unha crecente vontade de adaptación das explotacións a das adegas ás novas variedades e técnicas de vinificación que demanda o mercado, así como a necesidade de adaptar a viticultura galega ás innovacións que xorden neste sector cunha crecente orientación exportadora.

Galicia é unha comunidade eminentemente forestal cun potencial que se reflicte nas súas principais macrocifras, onde a superficie forestal abrangue o 70 % da superficie total da Comunidade, sendo o 98 % desta cabida de natureza privada, estando arboradas máis de 1,4 millóns de hectáreas.

Por tanto debe afondarse no desenvolvemento científico co fin de desenvolver, mellorar e poñer a punto técnicas e protocolos de actuación que doten dunha maior eficacia e eficiencia ás actividades e procesos que se están a desenvolver no monte galego co fin de aumentar o valor engadido e fortalecer a posición do sector forestal galego nos mercados estatais e internacionais.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

A Lei 2/2005 de calidade alimentaria, sinala que un dos principais campos de actuación do Ingacal será a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico no sector alimentario galego. O Ingacal pretende actuar de dinamizador, colaborando coa industria agraria e alimentaria, promovendo e participando directamente en actividades de investigación e desenvolvemento tecnolóxico neste ámbito así como no eido dos procesos produtivos primarios, e integrando as actuacións realizadas a través dos centros de investigación e estacións experimentais anexas, xunto coas do Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia da Dirección Xeral de Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural.

A transformación do Ingacal nunha axencia pública para dar cumprimento ao que establece a Lei 16/2010 de organización e funcionamento da Administración xeral da Comunidade Autónoma (LOFAXGA) e a incorporación dos centros de investigación sectorial e do laboratorio agrario e fitopatolóxico vai supoñer o afianzamento do papel que xoga o Ingacal no I+D+i do sector primario galego como entidade instrumental da Consellería do Medio Rural.

A este conxunto súmase as actuacións do Centro Tecnolóxico da Carne de Ourense, fundación de interese público galego, que realiza tarefas de investigación aplicada, transferencia tecnolóxica e prestación de servizos ás empresas en materias de produción e transformación agroalimentaria, en particular de produtos cármicos.

Enmarcase tamén neste programa no marco do novo PDR 2014/2020 unha liña de financiamento para desenvolvemento de novos produtos e sistemas produtivos, liña que ten como obxectivo impulsar a innovación nas empresas, que permita o desenvolvemento de novos produtos transformados, a investigación e formación de novas producións agrarias de alto valor engadido con capacidade de expansión, o aproveitamento da diversidade do material xenético local e a colaboración con outros centros que desenvolvan actividades de investigación relacionadas co sector agrario, forestal e alimentario.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

En todas as actividades terán prioridade aqueles proxectos que busquen solucións para adaptar os sistemas produtivos existentes ás novas necesidades da actividade agraria e na industria, e para a diversificación e aumento da eficiencia e calidade dos sistemas de produción, con especial atención ao desenvolvemento do patrimonio xenético autóctono de aptitude agroalimentaria, e aos sectores cármico e lácteo.

Actividades:

- Redacción e realización de proxectos de investigación nas áreas prioritarias definidas polo Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica, do novo plan de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 e dos plans estatais e internacionais correspondentes. Colaboración nas actividades de transferencia de tecnoloxía, formación e divulgación realizadas pola consellería.
- Financiamento a través do Ingacal do gasto de funcionamento vinculado á actividade investigadora dos centros de investigación e laboratorios de servizo dependentes da Dirección Xeral de Ordenación Forestal.
- Programa de mellora das infraestruturas de apoio á investigación do Ingacal, mediante a renovación e adecuación de instalacións e equipamento científico-técnico.
- Apoio ás actuacións do Centro Tecnolóxico da Carne que realiza tarefas de investigación aplicada, transferencia tecnolóxica e prestación de servizos ás empresas en materias de produción e transformación agroalimentaria, en particular de produtos cármicos.
- Colaboración con iniciativas doutros centros e entidades investigadoras que desenvolvan proxectos de interese para o sector agroalimentario galego
- Plan de dinamización da innovación na industria agraria e alimentaria mediante un programa de axudas á cooperación entre produtores, industria e investigación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías, orientados prioritariamente ás producións de calidade diferenciada, a produción integrada e ecolóxica, ao apro-

veitamento de subprodutos, e as enerxías renovables na agricultura integrado no PDR 2014/2020.

No ámbito forestal as principais finalidades deste programa serán:

- Aumentar a cantidade e calidade dos produtos forestais, entendidos como materia prima da industria de primeira e segunda transformación de Galicia para contribuír con iso a mellorar a súa posición competitiva.
- Avaliar o posible impacto do cambio climático nos bosques atlánticos, e nomeadamente nos bosques galegos.
- Concretar e executar diversas actuacións innovadoras de elevado valor engadido tecnolóxico diagnosticadas como necesarias para prever e incrementar a seguridade e eficacia na extinción de grandes incendios forestais na nosa Comunidade.
- Continuar a desenvolver actuacións de mellora dentro dos campos de investigación de mellora xenética forestal e caracterización molecular das principais especies forestais en Galicia.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Este programa leva a cabo accións de investigación, desenvolvemento e innovación no sector agroforestal. Os beneficiarios son a sociedade galega en xeral, no caso de demanda pública de investigación, ou empresas que demandan colaboracións ou servizos en proxectos de I+D+i. Non é doado afrontar estas tarefas dende unha perspectiva de xénero cos beneficiarios potenciais, pero si ter en conta esta dende o punto de vista dos actores do programa.

Dende unha perspectiva de xénero, os actores executores destas accións son investigadores, tecnólogos e persoal de apoio á I+D+i, que ou ben forman parte dos cadros de persoal dos centros de investigación ou ben son contratados ex profeso para realizar ou colaborar nestes proxectos.

Neste último caso, os procesos selectivos de persoal laboral temporal incorporan nas súas bases previsións legais que garanten unha perspectiva de xénero. Tal é o caso das Comisións de selección dos candidatos que son constituídas seguindo o principio de paridade entre homes e mulleres, nos termos establecidos no artigo 36 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, modificada pola Lei 2/2007, do 28 de marzo de traballo e igualdade das mulleres de Galicia.

E tamén que en caso de empate, este resolverase a favor da muller no suposto de infra-representación do sexo feminino (entendendo por tal, cando exista unha diferenza porcentual de, polo menos vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes), de conformidade co disposto no artigo 37 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes.

Como obxectivo en materia de igualdade que pode ser de aplicación no desenvolvemento das accións deste programa pode ser acadar, de ser o caso, unha representación equilibrada de homes e mulleres en todas as categorías profesionais do persoal que leva a cabo o programa.

Este obxectivo xa é cumprido en moitas categorías profesionais onde tradicionalmente as mulleres teñen demostrado unha cualificación media superior, como é o persoal de laboratorio (analistas e auxiliares de laboratorio) e recentemente no persoal investigador, pola mellor competencia no proceso formativo académico respecto aos varóns.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	

Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS

As actividades previstas comprenden inicialmente a todo o sector agrario, gandeiro e forestal e por extensión pódese considerar que poden afectar a toda a sociedade.

Convocatoria de acceso a financiamento de proxectos de investigación nos que se contemple a igualdade de oportunidades para ámbolos dous xéneros; eliminado aqueles requirimentos que poidan establecer situacións discriminatorias por este criterio.

Uso de linguaxe non sexista nas convocatorias e desagregación dos indicadores de seguimento empregados.

Nas convocatorias de bolsas para a incorporación de persoal nos distintos equipos investigadores, procurarase introducir sempre que legal e temporalmente sexa posible, requisitos e cláusulas dirixidas a fomentar a igualdade de oportunidades entre ámbolos dous xéneros.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

Respecto dos programas de investigación financiados co programa 561A é difícil determinar con exactitude a situación de partida desde a perspectiva de xénero.

En calquera caso, o I+D+i constitúe un factor estratéxico para coñecer o impacto da investigación no desenvolvemento do noso tecido económico, apostando por unha participación paritaria de mulleres e homes cara a alcanzar un sociedade do coñecemento saudable e igualitaria.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Ordenación Forestal

Instituto Galego de Calidade Alimentaria

III.1.6. PROGRAMA 581A - ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A participación da Consellería do Medio Rural no Plan galego de estatística 2017-2021, aprobado pola Lei 15/ 2016 do 28 de xullo, marca as actuacións en materia estatística.

Recompilar e sintetizar a información relativa ao territorio, os recursos naturais, a estrutura produtiva nas explotacións e as industrias transformadoras do medio rural como base da avaliación da realidade, das necesidades, dificultades e resultados nas áreas relacionadas coas actividades dos sectores agro- gandeiro, forestal e alimentario galego.

Manter a periodicidade das operacións definidas co fin de proporcionar datos para análise da súa evolución.

A elaboración das principais estatísticas agrarias son necesarias para a súa remisión ao Ministerio con competencias en materia agraria, que a súa vez deben ser enviadas á Axencia Europea de Estatísticas. Son estas estatísticas as que serven de base para a distribución das PAC.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Poboación xeral e empresas e profesionais do sector. De carácter sectorial incidindo tanto nas actividades agrícolas, gandeiras, forestais así como agroalimentarias.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O obxectivo deste programa é a execución das operacións estatísticas encomendadas á Consellería do Medio Rural dentro do Plan Galego de Estatística (PGE) aprobado pola Lei 15/ 2016 do 28 de xullo e das conveniadas co Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (MAGRAMA).

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

As estatísticas agrarias configúranse como unha importante ferramenta para a toma de decisións nas estratexias e políticas agrarias e de desenvolvemento rural.

A estratexia deste programa, concrétase na realización destas actividades:

- Realización de estatísticas aprobadas no Plan Galego de Estatística 2016: explotación do rexistro de avicultura; estatística de sacrificio de gando en matadoiros; estrutura do viñado de vinificación; enquisa do sector avícola; superficies agrícolas; explotación do rexistro de gando bovino; explotación do rexistro de ovino e cabrún; explotación do rexistro de maquinaria agrícola; explotación do rexistro da agroindustria; prezos agrarios; prezos da terra; prezos do leite; prezos de produtos lácteos en destino; rendementos de cultivos; estatística do sector hortoflorícola; utilización de medios de produción na explotación agraria; macromagnitudes agrarias; sector cunícola; sector porcino industrial; repoboación con fondos públicos; incendios forestais; producións forestais; explotación do rexistro de montes veciñais de man común e superficie forestal cuberta por especies.
- Realización das operacións conveniadas co MAGRAMA para a elaboración das estatísticas agregadas a nivel estatal e da UE: actualización dos directorios de ruminantes e porcino; enquisa de vacún, produción e destino do leite; enquisa de ovino; enquisa de porcino; enquisas de salas de incubación; enquisa de sacrificio en matadoiros; aforos de cultivos; avance de superficies e producións agrarias; enquisa de prezos da terra e canons de arrendamentos rústicos; prezos e salarios agrarios e prezos de produtos de interese estatal e da UE.
- Realización das estatísticas e estudos relativos ao sector agrario que se lle encomenden, dentro do ámbito da Consellería do Medio Rural.
- Apoio á obtención e seguimento de prezos e mercados agrarios.
- Publicación dos principais resultados das operacións estatísticas: Anuario de Estatística Agraria e Macromagnitudes Agrarias, así como outras que se lle encomenden en materia de difusión de resultados de investigación e experimentación e, en xeral, de transferencia tecnolóxica.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
---	--

Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

As estatísticas agrarias non recollen actividades directamente relacionadas coa promoción da igualdade.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Ordenación Forestal

III.1.7. PROGRAMA 711A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DO MEDIO RURAL:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O obxecto deste programa de gasto é o funcionamento e a coordinación dos servizos centrais e periféricos da área do medio rural da consellería, tanto no que atinxe aos medios humanos como aos materiais e de organización, actuando de soporte básico para a execución do resto dos programas da consellería e co obxectivo de acadar unha maior calidade, eficacia e eficiencia na prestación de servizos públicos aos cidadáns en xeral e, dun xeito particular, ás persoas vinculadas social e economicamente ao medio rural en Galicia.

Na execución deste programa de gasto no exercicio 2018 seguirase a renovar e modernizar os medios materiais para o desenvolvemento das funcións do persoal da consellería, se ben con motivo da creación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (disposición adicional terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro) corresponderá a esta axencia destinar os recursos necesarios para mellorar os sistemas de información e comunicacións, e desenvolver

e incorporar os avances tecnolóxicos necesarios para unha xestión administrativa mais transparente e eficaz.

Por outra banda, son obxectivos deste programa a divulgación e promoción dos sectores agropecuario e forestal de Galicia, estimulando a demanda, a divulgación do medio rural en xeral, mellorando a percepción que a poboación ten do mesmo

Así mesmo destinaranse fondos do programa á realización de actuacións de fomento de interese xeral para toda a consellería, como a promoción e fortalecemento do asociacionismo agrario en Galicia.

De acordo co carácter transversal deste programa de gasto, con cargo ao mesmo fináncianse os servizos de apoio técnico necesarios para a programación, preparación e implementación do PDR de Galicia 2014/2020.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Dado que o programa de gasto incide directamente no funcionamento da estrutura administrativa da Consellería de Medio Rural, o colectivo mais afectado son os cidadáns demandantes de servizos prestados pola mesma.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Principais problemas e carencias:

- Necesidade de renovación periódica dos bens de que dispón a consellería para a prestación de servizos, así como de incorporar as novas tecnoloxías, coa fin de axilizar a tramitación e mellorar a calidade do servizo.
- Por outra banda, existe en Galicia unha necesidade de incrementar a valoración dos cidadáns polo medio rural.
- Por último, deben prestarse apoio institucional ás asociacións agrarias, pola súa función vertebradora do entramado social do medio rural e de defensa dos sectores económicos vinculados a este.

Definición da situación á que se quere chegar:

- Prestación duns servizos públicos de calidade no marco, na medida do posible, dunha racionalización do gasto público.
- Incremento do coñecemento e a estima, por parte da cidadanía en xeral, da actividade agropecuaria e do medio rural.
- Incremento do asociacionismo agrario que colabore a unha mellor defensa do sector

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Disposicións legais: Na execución deste programa veranse afectadas as principais leis de dereito administrativo (procedemento, persoal, xestión orzamentaria, contratación...).

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

As actividades nas que se concreta a estratexia deste programa son as seguintes:

- Xestión do persoal do departamento.
- Tramitación do gasto corrente e investimentos asociados ao funcionamento dos servizos administrativos, tanto centrais como periféricos, así como a realización de tarefas de xestión económico-administrativa.
- Implantación da tramitación electrónica nos procedementos de axudas e autorizacións da Consellería do Medio Rural.
- Realización de estudos e traballos técnicos en temas xerais da consellería e demais actividades de apoio que lle sexan encomendadas.
- Coordinación dos servizos e centros administrativos dependentes da consellería.
- Tramitación de toda a produción normativa no eido agrario e forestal da Xunta de Galicia.
- Contribuír ao fortalecemento das organizacións profesionais agrarias de Galicia
- Actividades de promoción agraria e difusión de información relativa ao agro e ao desenvolvemento rural.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X
--	---

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

III.1.8. PROGRAMA 712A - FIXACIÓN DE POBOACIÓN NO MEDIO RURAL:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O programa ten como obxectivos contribuír de forma eficaz á diversificación económica, á modernización do tecido produtivo rural, e á mellora da calidade de vida e nese marco, desenvolvendo as seguintes actuacións:

- A xestión, control e seguimento dos programas con enfoque Leader, centrándose durante o ano 2018 no desenvolvemento da convocatoria e na aprobación dos proxectos tanto de carácter produtivo, como non produtivos que incidan na mellora da calidade de vida achegados dende os Grupos de Desenvolvemento Rural(GDR).
- A convocatoria de axudas a proxectos a desenvolver nas áreas rurais de Galicia encadrados na submedida 6.4, de investimentos en empresas non agrarias, do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020, baixo a modalidade principal de convocatoria pública en réxime de concorrencia competitiva. Basicamente, estes proxectos estarán orientados a proporcionar a diversificación económica do rural.
- A convocatoria das submedidas 16.4,16.5 e 16.8 de Cooperación do PDR de Galicia 2014-2020 (Cooperación horizontal e vertical entre os axentes da cadea de distribución para o establecemento de canais curtos e mercados locais, Intervencións conxuntas para mitigar ou adaptarse ao cambio climático e plantexamentos conxuntos con respecto a proxectos e prácticas medioambientais en curso e Deseño de plans de xestión forestal), orientadas a proxectos piloto no medio rural que permitan unha mellor practica en ditas actuacións co fin de mellorar a produtividade do agro galego e se preserven os valores medioambientais)
- O Plan Marco de mellora de infraestruturas (camiños) de titularidade municipal baixo a modalidade de subvencións de concesión directa como contribución á mellora de servizos básicos á poboación rural e podan, ao tempo, xogar un papel importante na diversificación económica do rural.
- O estudo, impulso e execución, se é caso, de investimentos directos cara á implantación ou mellora de servizos básicos para a economía e a poboación rural, así como de convenios con

axentes socioeconómicos públicos e privados do medio rural, destinados á posta en marcha de plans e accións específicas destinados á dinamización económica e á mellora da calidade de vida no medio rural.

- O aumento da transferencia de superficie agraria ás explotacións agrogandeiras favorecendo a redución dos custes e a mellora da súa competitividade.
- O impulso da creación de novas explotacións a través da transferencia de terra favorecendo o asentamento da poboación no medio rural e freando o abandono, tanto no eido social como agroambiental.
- A actualización, clarificación e mellora do estado dos bens e dereitos que son titularidade de AGADER, coa finalidade de poñer estes en boa condición para a súa produción.
- A mellora da planificación das actuacións que tenden a identificar, conservar, por en valor agronómico ou en produción a superficie con vocación agraria.
- O deseño gráfico, elaboración de estudos, avaliación e xestión de proxectos, favorecendo as relacións e as sinerxías da Consellería do Medio Rural.
- A análise de emprazamento de obras, estudos de viabilidade, definición de programas funcionais, redacción de memorias e proxectos, así como a supervisión técnica de contratación de obras como a xestión, dirección e coordinación das mesmas, vinculadas a infraestruturas orientadas o desenvolvemento rural. Xestión de autorizacións e licencias.
- A elaboración e xestión de propostas de proxectos europeos relacionados co desenvolvemento rural, en coherencia coas prioridades da Consellería do Medio Rural, e presentación destes aos organismos pertinentes.
- A prestación e apoio técnico ás diversas direccións xerais da Consellería do Medio Rural e entes públicos na elaboración de proxectos e estudos de interese para os obxectivos das mesmas, así como con outras áreas (proxectos e iniciativas europeas).
- O apoio na xestión de convocatorias públicas de axudas a entidades públicas e privadas.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

A poboación rural de Galicia

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Ao longo das últimas décadas as áreas rurais veñen experimentando en Galicia unha acelerada caída do emprego agrario non compensada con novos postos de traballo noutros sectores económicos. Esta destrución neta de emprego tradúcese no despoboamento e no crecente envellecemento da poboación no rural. A loita contra o envellecemento e a despoboación rural precisa actuacións que xeren crecemento económico e melloren a calidade de vida no rural, sen perder de vista os criterios de protección ambiental. Debemos polo tanto afondar en políticas que axuden o desenvolvemento rural e permitan fixar cando non recuperar poboación no mesmo. Nos últimos anos a aposta e sen dubida aplicar políticas de fixación da poboación no medio rural, fomentar iniciativas empresariais que contribúan a creación de emprego no territorio e

potenciar a instalación no rural de servizos asistenciais á poboación para favorecer a conciliación laboral e familiar e a atención básica os colectivos mais desfavorecidos.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), foi creada pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, configurándose como un instrumento para o fomento e coordinación do desenvolvemento no territorio rural galego para mellorar as condicións de vida e evitar o despoamento dese territorio. Entre as funcións atribuídas destacan a elaboración de estratexias e plans integrados de coordinación de actuacións de diversa natureza no medio rural e a difusión das políticas e medidas de desenvolvemento rural, a dinamización e coordinación dos grupos de desenvolvemento rural.

As funcións de Agader previstas nos seus comezos aparecen recollidas no Decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (DOG nº 77, do 20 de abril). Posteriormente modificáronse polo artigo 2º da Lei 12/2008, do 3 de decembro, pola que se modifica a Lei 7/1996 e a Lei 5/2000 (DOG nº 244, do 17 de decembro), polo apartado dous da disposición derradeira terceira da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG nº 250, do 30 de decembro) así como pola disposición transitoria segunda da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras (DOG nº 205, do 26 de outubro)

Por outra parte, a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia prevé que as normas de organización e funcionamento da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural se adecúen ao disposto na dita Lei para as axencias públicas autonómicas.

No marco do segundo pilar de desenvolvemento rural derivado da aplicación da Política Agrícola Común (PAC) da UE, aplicaranse en Galicia as medidas do regulamento 1305/2013 a través do documento de planificación denominado "Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020", que se desenvolve en diferentes medidas e submedidas das cales Agader xestionará de xeito integro a medida 19 correspondente ao Programa Leader e sendo así mesmo xestor compartido da medida 6 de "Desenvolvemento de explotacións e empresas" (Submedidas 6.2 "Primeira instalación de actividades non agrícolas e 6.4 "Inversión, creación e desenvolvemento de actividades non agrícolas" e da medida 16 de cooperación (Submedida 16.4 "Cooperación horizontal e vertical entre os axentes da cadea de distribución, para o establecemento de canais curtos e mercados locais", Submedida 16.5 "Intervencións conxuntas para mitigar ou adaptarse ao cambio climático e plantexamentos conxuntos con respecto a proxectos e practicas medioambientais en curso" e Submedida 16.8 "Deseño de plans de xestión forestal"), do novo PDR de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O programa de Fixación de poboación no medio rural ten os seguintes obxectivos estratéxicos:

- Potenciar un desenvolvemento económico sostible e un desenvolvemento territorial cohesionado, a través do fomento da creación e consolidación de actividades económicas sostibles no medio rural a través de pemes, fomento da diversificación das actividades económicas sostibles no medio rural, fomento da competitividade das actividades económicas vinculadas ao mundo agroforestal, apoio á creación de emprego e fomento do autoemprego.
- Contribuír á mellora da calidade de vida dos habitantes do rural, a través da creación e consolidación de dotacións, equipamentos, infraestruturas e servizos básicos para o desenvolvemento no medio rural, fomento das novas tecnoloxías da información no medio rural, conservación e uso sostible do patrimonio natural e cultural rural.
- Articular a planificación e coordinación de investimentos no rural e potenciar as sinerxías e efectos multiplicadores das actuacións horizontais, a través da execución de estratexias locais de desenvolvemento, fomento do tecido asociativo social, cultural e económico no medio rural, fomento da participación pública e privada no proceso de desenvolvemento.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), mediante as súas liñas de axudas, apoia dun xeito transversal as iniciativas das mulleres no rural. Dentro do enfoque Leader, cada grupo de desenvolvemento rural ten autonomía para determinar a fórmula de potenciar as iniciativas presentadas por mulleres. Dentro da estratexia territorial os grupos poden priorizar aqueles proxectos desenvolvidos por mulleres. Na totalidade dos mesmos aplícanse baremos de discriminación positiva neste eido.

AGADER, a través do Banco de Terras, tamén favorece a incorporación e mellora produtiva das mulleres posibilitando o acceso á terra con vocación agraria.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	X
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	

Outros (especificar)	
----------------------	--

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

III.1.9. PROGRAMA 712B - MODERNIZACIÓN E DIVERSIFICACIÓN DO TECIDO PRODUTIVO RURAL:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O despoboamento do rural é, sen dúbida, un problema estratéxico que a sociedade galega debe afrontar. Neste camiño, parece claro que a produción agropecuaria segue a constituír o pilar imprescindible sobre o que asentar o desenvolvemento do rural. Cómpre apoiar a reestruturación dos sistemas produtivos, en aras da mellora da súa competitividade, fomentar o relevo xeracional nas explotacións agropecuarias galegas e establecer medidas complementarias de apoio á renda en zonas con dificultades especiais. Adicionalmente, resulta imprescindible ofrecer apoio a aquelas posibilidades que permiten unha mellora na calidade de vida no rural, como pode ser o establecemento de servizos de substitución.

Este programa financia investimentos nas explotacións dirixidos a mellorar a súa eficacia produtiva; indemnizacións aos agricultores e agricultoras que residan en zonas onde a actividade agraria presenta dificultades especiais; e o apoio a sistemas produtivos respectuosos co ambiente. Tamén financia o programa os programas de asesoramento, xestión e substitución as explotacións agrarias, así como a contratación de seguros agrarios para cubrir os danos que se poidan producir motivados por desastres naturais.

De xeito particular, seguen a fomentarse os investimentos que reducen os custes de produción, a través de aforros nos sistemas enerxéticos e mediante a xestión axeitada dos recursos propios das explotacións.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Agricultores e agricultoras, gandeiros e gandeiras que necesitan dimensionar a estrutura produtiva das súas explotacións agrarias; que queren establecer métodos de produción máis respectuosos co ambiente e mellorar o marxe técnica económica das súas explotacións.

A mocidade que se quere incorporar a actividade agraria é igualmente obxectivo prioritario da atención do programa.

O asesoramento a explotacións agrarias poderá abarcar aspectos relacionados coa mellora da competitividade das explotacións, as obrigacións derivadas dos requisitos legais de xestión e as boas condicións agrarias e ambientais, a conservación da biodiversidade, o uso eficiente da auga e a protección do chan, seguridade laboral ou asesoramento específico para a agricultores que se instalen por primeira vez.

Os servizos de asesoramento deberán incluír explicitamente aspectos relacionados coa mitigación e adaptación ao cambio climático. En concreto, e dependendo do tipo de explotación, deberase asesorar en temas relacionados coa protección do chan, captura de carbono, prácticas de pastoreo, xestión de estercoles e xurros, cultivos de cobertera, alimentación de gando, uso eficiente da auga, xestión de pragas, etc.

Fomentárase tamén a creación de servizos de xestión e substitución dirixidos ás explotacións agrarias. Así mesmo, para facilitar que as entidades seleccionadas para prestar servizos de asesoramento dispoñan de recursos adecuados en termos de persoal cualificado que reciba formación periódica e de experiencia e fiabilidade en materia de asesoramento, as entidades deberán ter acceso á formación de asesores.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O agro galego está a vivir unha concentración de explotacións gandeiras, principalmente no sector lácteo. Este proceso vai da man dun incremento da dimensión media das explotacións, que aínda debe mellorar. O esforzo inversor dos agricultores/as galegos/as nos últimos anos está a render resultados positivos nas ratios de rendibilidade; cómpre, por tanto, manter o apoio a este esforzo.

Non obstante, será necesario traballar na vertebración do sector, promovendo unha presenza máis directa dos agricultores no mercado. Neste senso, a formación e asesoramento dos agricultores e agricultoras é unha peza imprescindible no escenario de futuro.

Co obxectivo de manter a poboación agraria en zonas de montaña con especial consideración das zonas da Rede Natura 2000, establécense unha serie de indemnizacións compensatorias para as explotacións destas áreas, así como apoiar a utilización de sistemas produtivos respectuosos co medio ambiente.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As medidas deste programa están incluídas no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020, cofinanciado polo FEADER, que constitúe o marco normativo básico a respectar.

Orde de seguros agrarios da Comunidade Autónoma de Galicia

Estas medidas se enmarcan dentro do Obxectivo estratéxico OE.3.I.06 Aumentar a rendibilidade dos sistemas produtivos das explotacións agrogandeiras e fomentar a súa modernización e diversificación.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A estratexia deste programa concrétase na realización das seguintes accións:

- Incorporación de xente moza: o relevo xeracional no agro galego é fundamental para o mantemento das actividades produtivas ligadas ao sector primario, a subsistencia do tecido social no rural, e o mantemento da actividade en zonas de difícil subsistencia como zonas desfavorecidas e de montaña.
- Plans de mellora nas explotacións: as liñas de axuda existentes perseguen a mellora da eficacia e sostibilidade das explotacións agrarias; a mellora das condicións de vida e traballo; a ordenación das producións en función das necesidades de mercado; a adaptación das explotacións para reducir os custos de produción, aforrar enerxía, ou incorporar novas tecnoloxías; o cumprimento das normas mínimas en materia de medio ambiente, hixiene e benestar dos animais e a mellora das condicións de hixiene das explotacións gandeiras. As axudas consisten nun apoio económico e financeiro ao investimento que se pretenda realizar na explotación, primando as explotacións en que os titulares sexan mozos e aquelas que radiquen en zonas de montaña ou desfavorecidas.
- O apoio ás pequenas explotacións agraria é tamén elementos imprescindibles de desenvolvemento tendentes a buscar na creación de emprego e a xeración de riqueza, un elemento de atractivo para o mantemento da poboación.
- Axudas a entidades de aconsellamento: o asesoramento das explotacións é unha ferramenta que axuda en gran medida a que as explotacións poidan acadar os obxectivos da súa actividade, tanto técnico-económicos, sociais así como de cumprimento da normativa de condicionalidade das axudas para o cumprimento dos requisitos legais de xestión e as boas prácticas agrarias e medioambientais. Para facilitar o acceso ao asesoramento das explotacións, e dentro do marco europeo e nacional do período de programación 2014-2020 para o Desenvolvemento Rural, existen axudas para que as explotacións utilicen os servizos de aconsellamento de entidades recoñecidas pola Consellería do Medio Rural rexistradas nun rexistro habilitado a tal fin que é o RESAXEGA.
- Axudas de xestión e substitución: establécense axudas ás entidades de aconsellamento que presten servizos ás explotacións que así o requiran de xestión, substitución e aconsellamento, como mínimo, en materia de cumprimento dos requisitos legais de xestión e boas prácticas agrarias e medioambientais.
- Formación de asesores: Para que as entidades de asesoramento poidan dar aos agricultores un servizo integral e de calidade

- Impulsar o sector agrogandeiro apoiando as explotacións sostibles e respetuosos mediambientalmente.
- Favorecer a implantación de sistemas de produción agrogandeiro respetuosos co medio ambiente e co benestar dos animais.
- Favorecer a competitividade e redimensionamento das explotacións agrogandeiras a través da mobilidade de terras incultas.
- Axudas a contratación de pólizas de seguros agrarios que axuden ao agricultor a compensar a perdas nas súas colleitas ou nos seus rabaños motivadas polas condicións climáticas adversas ou desastres naturais.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Dende o punto de vista das axudas a determinado tipo de agricultoras/es polas difíciles condicións agroclimáticas nas que están a desenvolver a súa actividade produtiva, este programa trata de fixar poboación nas zonas rurais desfavorecidas de acordo a criterios xeomorfolóxicos e sociais.

Este tipo de zonas presentan unha menor integración da muller no mercado laboral. A incorporación da perspectiva de xénero nos proxectos do programa supuxo:

- Fomentar a integración da muller no mercado laboral, a través da discriminación positiva, no procedemento para a adxudicación por concorrencia competitiva, das axudas a mulleres que sexan titulares de explotacións, mediante a concesión de 5 puntos pola condición de xénero, o que supón unha preferencia na baremación

- A desagregación por sexo dos indicadores en todas as actuacións.
- A discriminación positiva as mulleres pola súa participación maioritaria nos consellos directivos das entidades asociativas (Coop e SAT)

Nas zonas establecidas como desfavorecidas en Galicia, os últimos datos consolidados (campana 2015) amosan unhas cifras de 13.262 explotacións prioritarias das que 4.494 corresponden a mulleres.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	X
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HO-

MES, INDICANDO PARA CADA UNHA O SEU ORZAMENTO E AS PERSOAS OU ENTIDADES ÁS QUE ESTÁN DIRIXIDAS.

Todas as accións deste programa de gasto, excepto as correspondentes aos seguros agrarios, se enmarcan no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia que constitúe unha actuación global sobre toda a sociedade do ámbito rural, primando a equiparación do acceso ao sector agrogandeiro entre homes e mulleres.

Unha das actuacións prioritarias dentro do PDR de Galicia é o asesoramento as explotacións agrarias dentro da medida M02 deste programa. Estas medidas promoven a creación de entidades que realicen unha labor de asesoramento as explotacións que reciban pagos relacionados coa PAC en distintos ámbitos obrigatorios relacionados coa súa actividade. Ademais deste asesoramento obrigatorio, cada PDR pode establecer aqueles ámbitos nos que se considera necesaria unha labor de asesoramento que vaia máis alá dos requisitos mínimos. No caso do PDR estableceuse como obrigatorio o asesoramento en materia de seguridade laboral e de igualdade de xénero as explotacións agrarias como forma de potenciar o acceso da muller en igualdade de condicións á titularidade das explotacións nas que tradicionalmente viñan traballando sen que súa actividade fose recoñecida en igualdade de condicións.

Outras actuacións relacionadas coa promoción da igualdade realízase dende a rede de oficinas agrarias comarcais de Xunta, en total 69 espalladas por todo o territorio informando á poboación feminina agraria rural das posibilidades que as distintas convocatorias de ordes de axudas da Consellería ofrécelles para a súa incorporación ou ben como titulares de explotación a título individual ou a titularidade compartida con se cónxuxe en réxime de igualdade.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

Fondo Galego de Garantía Agraria

III.1.10. PROGRAMA 712C - FOMENTO DO ASOCIACIONISMO AGRARIO E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA AGRARIA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O fomento do asociacionismo representa unha ferramenta de grande potencialidade para a reestruturación do sector agrario galego, intervindo positivamente en todos os seus factores de produción, para acadar obxectivos de sustentabilidade económica e medioambiental. Estas

vantaxes son especialmente relevantes na mellora dos procesos de produción, xestión e dirección empresarial a nivel da explotación agraria, e que polo tanto contribúe a unha mellora da rendibilidade, aparte de reportar grandes beneficios na vertente social en canto a calidade de vida, traballo e creación de emprego.

Así o asociacionismo agrario é un impulsor do desenvolvemento rural no seu conxunto, e gran dinamizador da economía e da sociedade rural, contribuíndo de forma efectiva a súa fixación no medio.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As asociacións de calquera tipo, cooperativas agrarias, cooperativas de explotación comunitaria da terra e SAT, que acrediten ser titulares de explotación agraria.

As asociacións, cooperativas agrarias e SAT, que desenvolvan ou pretendan desenvolver actividades na fase de produción agraria.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

As explotacións agrarias atopan dificultades para afrontar o continuo cambio que se produce nuns procesos produtivos e comerciais, cada vez mais esixentes, así como para adaptarse a unha moderna estrutura do tempo de traballo e lecer. O asociacionismo representa, neste senso, unha alternativa chamada a se converter no instrumento fundamental no que asentar a futura evolución do desenvolvemento rural do noso modelo agrario, e poder afrontar os desafíos que a propia política común comporta.

Outro aspecto chave para unha favorable evolución do sector, é a mellora da estrutura na vertente da transformación e comercialización, tendente ao peche dos ciclos produtivos.

A rápida evolución nas dúas últimas décadas do desenvolvemento do subsector de gando vacún, e en especial o do leite, propiciou desequilibrios nos factores de produción que se manifestaron fundamentalmente en problemas de adaptación das estruturas produtivas e da man de obra. Este desequilibrio provocou profundos cambios nos modelos produtivos, con repercusións no abandono de actividades propias do sistema produtivo deste subsector.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia, financiado con fondos comunitarios do FEADER, estatais e autonómicos, configura o marco económico do programa. Tamén financian este programas fondos finalistas do estado e fondos FEAGA do primeiro pilar da PAC.

En tanto que Galicia ten competencias exclusivas en materia de agricultura, o marco normativo responde ás esixencias comunitarias en materia de axudas de estado e aos condicionantes da normativa sectorial estatal de carácter básico.

Regulamento 1305/2013, do 20 de setembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER)

Regulamento de Execución (UE) nº 543/2011, de 7 de xuño, polo que se establecen disposicións de aplicación de Regulamento 1234/2007 do Consello no sector das froitas e hortalizas.

Estas medidas se enmarcan dentro do Obxectivo estratéxico OE.3.1.06 Aumentar a rendibilidade dos sistemas produtivos das explotacións agro- gandeiras e fomentar a súa modernización e diversificación

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Os cambios que supoñen as orientacións da política agraria común (PAC), así como a evolución de todo un complexo conxuntural de carácter socioeconómico, cultural, de mercado a nivel internacional, fai necesario dar pasos máis decididos na dirección dun asociacionismo de maior dimensión, integrado, e máis eficiente no desenvolvemento de actividades, con maior capacidade de xerar valor engadido, cunha maior capacidade de diversificación das súas actividades, maior decisión para afrontar iniciativas na industrialización e comercialización das producións dos seus socios.

Todos estes retos concitan a necesidade de melloras integrais; transformación profunda na dimensión empresarial, modelos e técnicas de organización e de xestión, cambio nos modelos produtivos, que precisan dunha nova orientación nos modelos e sistemas de formación e información. As posibilidades de diversificación produtiva e de calidade das nosas producións invitan a ser optimistas de cara a mercados cada día máis amplos, aínda que complexos, pero ao mesmo tempo abertos a múltiples posibilidades.

Así mesmo, preténdese reforzar a interlocución institucional agraria, articulando mecanismos eficaces de participación do sector agrario coa Administración, asegurando a presenza dos intereses dos produtores agrarios nos procesos de avaliación e decisión das políticas agrarias, e potenciando ás organizacións profesionais agrarias pola súa contribución no fomento do sector a través do intercambio de opinións entre a Administración e os produtores e produtoras agrarios.

Ademais das axudas para o fomento das instalacións e equipamentos en común, existen outras para programas operativos que constitúan agrupacións de produtores de froitas e hortalizas, ademais das axudas específicas que fomentan o asociacionismo agrario.

A creación de agrupacións e organizacións de produtores nos sectores agrícola, gandeiro e forestal é unha ferramenta fundamental para:

- A adaptación da produción e o rendemento dos produtores que sexan membros de tales agrupacións ou organizacións ás esixencias do mercado.

- A comercialización conxunta dos produtos, incluída a preparación para a venda, a centralización das vendas e o abastecemento aos almacenistas.
- O establecemento de normas comúns relativas á información sobre a produción.
- Outras actividades que poidan realizar as agrupacións e organizacións de produtores, tales como o desenvolvemento de competencias empresariais e comerciais, e a organización e facilitación de procesos innovadores.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Nas bases reguladoras existe concorrencia competitiva das axudas sendo o feito de ser muller, ou ben de formar parte dunha sociedade ou cooperativa con máis do 50 % de mulleres, ou ter un consello reitor con máis dun 40 % de mulleres, como feito diferenciador positivamente para puntuar as solicitudes que deben acudir á concorrencia competitiva. Valórase non só a presenza das mulleres nas entidades asociativas, senón tamén a súa presenza en cargos directivos

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	

Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS

As axudas destinadas a asociacións e cooperativas teñen como un dos requisitos de concorrencia competitiva o feito de que máis do 50 % dos seus integrantes sexan mulleres, ou que nos consellos reitores destas entidades máis do 40 % dos seus membros sexan mulleres.

Para elo levaranse a cabo actividades promocionais para favorecer non so a incorporación das mulleres como socias dunha entidade senón que, tamén na maioría delas, se incorporen aos órganos de dirección destas, para que non so realicen unha actividade agraria, senón que tomen contacto co mundo empresarial agrario participando na xestión directa da súa entidade, e non só na fase de produción, dando un paso máis na valorización do traballo da muller e a súa imaxe de cara a sociedade.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

III.1.11. PROGRAMA 713B - ORDENACIÓN DAS PRODUCCIÓN FORESTAIS:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O programa ten como obxecto principal a posta en valor os montes galegos, mediante:

- A ordenación das producións forestais, co fin de acadar un aproveitamento economicamente rendible, socialmente beneficioso e medioambientalmente respectuoso.
- O favorecemento de liñas de agrupación e creación de sociedades mercantís (Sofor) compostas dun número de persoas propietarias suficientes para que as superficies agrupadas sexan obxecto dunha xestión forestal sustentable.
- O apoio ao deslinde dos montes veciñais en man común para consolidar este tipo de propiedade que afecta aproximadamente a un terzo dos terreos forestais de Galicia.
- O fomento de investimentos en materia de restauración forestal e silvicultura, entendendo que ditas actuacións supoñen unha fonte continuada de emprego no rural, un aumento do valor engadido das producións e unha medida directamente dirixida cara a prevención fronte a incendios forestais.
- O fortalecemento das liñas dirixidas a manter e conservar a saúde e vitalidade dos ecosistemas forestais, con especial atención ao estado fitosanitario dos nosos bosques.
- A creación e mellora das empresas de comercialización e transformación de produtos forestais.
- A valoración e unha correcta xestión do monte en todas as súas funcionalidades e producións, dentro do contexto da loita contra o cambio climático.
- A mellora e o aumento da produción dos materiais forestais de reprodución.
- O control e seguimento do estado de saúde e vitalidade dos ecosistemas forestais.
- A consolidación de masas de alta produtividade forestal.
- O fomento da aplicación de modelos silvícolas dirixidos á obtención de madeira de serra en quendas máis longas; para a consolidación e expansión de rexenerados naturais de frondosas.
- A recuperación do potencial forestal afectado por incendios e outras catástrofes naturais.

- O fomento das producións alternativas do monte, como o aproveitamento enerxético da biomasa forestal, o fomento da produción de castañas, cogomelos e outros froitos do monte, así como a creación de áreas silvopastoris.
- A creación e mellora de empresas de aproveitamentos forestais e o fomento da certificación forestal.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Os investimentos orzamentarios deste programa dirixiranse principalmente ao seguintes colectivos:

- As persoas titulares de terreos forestais privados, entendendo por titular tanto a propietarios como a arrendatarios ou xestores, así como os silvicultores e silvicultoras forestais, especialmente aqueles que posúen superficies forestais de pequeno tamaño, urxíndolles para que se acollan a sistemas de xestión agrupada (Sofor).
- Os titulares de Sofor ou outras asociacións de propietarios legalmente constituídas.
- As comunidades titulares de montes veciñais en man común, montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo e outros donos privados de parcelas forestais, favorecendo actuacións de ordenación, silvicultura e restauración de superficies obxecto de degradación ou catástrofes naturais, especialmente incendios.
- Os concellos e entidades locais menores titulares de montes.
- As persoas titulares de terreos forestais que posúan contratos administrativos coa Xunta de Galicia para a reforestación, xestión e levanza dos seus predios.
- A empresas do sector forestal, especialmente pemes, microempresas e pequenas e medianas empresas, promovendo o mantemento dos empregos que están a xerar, mellorando as súas estruturas e incrementando a súa competitividade nos mercados.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Galicia lidera a silvicultura española e é unha das potencias forestais mais importantes de Europa, cunha superficie forestal de 2.000.000 ha, da que 1.424.094 ha son de monte arborado que alberga un volume global de madeira de 192 millóns de metros cúbicos e un volume unitario de 135,46 m³/Ha, moi superior á media estatal.

Esta superficie xera o 22 % do valor produtivo da superficie forestal española, o 7 % do valor recreativo e o 10 % do valor ambiental. Con datos de 2010 o sector achega o 1,88 % do VAB de Galicia. O noso monte está a producir cada ano máis de 12 millóns de novos metros cúbicos, o que significa que 1 hectárea de monte galego pode acadar un crecemento anual superior aos 25 metros cúbicos de madeira, por comparación oito veces máis que unha hectárea en países, eminentemente forestais, como Suecia ou Finlandia.

A produción de madeira, con 7,5 millóns de metros cúbicos anuais (a mesma cantidade que en todo Reino Unido ou que Italia e Bélxica xuntas), é a principal achega económica do subsector forestal, seguido pola fabricación de mobles e de papel. Cunha estrutura de 600 empresas

industriais e comercializadoras e 2.400 autónomos, o subsector proporciona máis de 25.000 empregos, incluíndo produción e transformación. O 70 % das empresas aséntase en poboacións de menos de 5.000 habitantes, de xeito que se converten en fonte de fixación de poboación no medio rural. Estes datos xustifican o valor estratéxico do sector forestal galego.

Doutra banda cómpre lembrar que a facturación conxunta de industria de transformación da madeira en Galicia supera os 1.600 millóns de euros anuais, encabezando o emprego industrial da nosa Comunidade cun 12 %, fronte ao 10 % do sector da automoción ou 9 % do sector téxtil. Máis aló de salientar que a actividade da industria forestal e da madeira galega está a xerar o 3,5 % do Produto Interior Bruto galego.

Na actualidade os montes galegos, independentemente da especie que alberguen, almacenan máis de 93,8 millóns de toneladas de carbono. Esta inxente cantidade de carbono pon de relevo o importante rol que teñen os nosos bosques non só para xerar rendas as súas lexítimas persoas propietarias senón tamén para que Galicia poida afrontar os seus compromisos adquiridos no protocolo de Kyoto.

Pero neste contexto tan relevante, Galicia non está a obter os beneficios sociais, económicos, paisaxísticos e medioambientais que o seu potencial ofrece. Constatase a persistencia de problemas estruturais relacionados esencialmente coa distribución e propiedade da superficie forestal e coa escasa dimensión da industria e a súa orientación fundamental cara a actividade de primeira transformación.

Actualmente máis de 600.000 propietarios particulares posúen superficies non maiores á hectárea e estas están divididas a súa vez en 6-8 parcelas diferentes. Aínda que de forma continuada se está a dar prioridade nas liñas públicas de fomento a aqueles donos forestais que se agrupen, é tempo de afondar neste marco de acción e dotar de liñas de financiamento específicas para a creación e posta en marcha de Sociedades de Fomento Forestal (Sofor) creadas e reguladas ao abeiro do Decreto 45/2011, do 10 de marzo, polo que se regula o fomento das agrupacións de propietarios e propietarias forestais, os requisitos e cualificación das sociedades de fomento forestal e a creación do seu rexistro.

No entanto, o sector forestal galego non é alleo á situación económica que vive o país. Aínda que os datos existentes amosan signos paulatinos de recuperación, é necesario manter liñas de axuda dirixidas a creación e mellora das empresas de comercialización e transformación de produtos forestais.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco principal de regulamente que rexe nas actuacións comprendidas no programa 713B é o seguinte:

- En materia de fondos FEADER o Regulamento (CE) 1305/2013 do Parlamento Europeo e o Consello e o Regulamento delegado (CE) 807/2014 da Comisión e demais normativa de desenvolvemento.
- Lei 43/2003, do 21 de novembro, básica de montes e posteriores modificacións (Lei 10/2006 do 28 de abril e Lei 21/2015, do 20 de xullo).
- Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, así como a súa normativa de desenvolvemento.
- O Regulamento para a aplicación da Lei 5/1977, do 4 de xaneiro, de Fomento de Produción Forestal, publicado no BOE o 12 de xuño de 1978
- Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e as súas modificacións.
- Decreto 45/2011, do 10 de marzo, polo que se regula o fomento das agrupacións de propietarios forestais, os requisitos e cualificación das sociedades de fomento forestal e a creación do seu rexistro.
- Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento rural sostible.
- Real decreto 752/2010, do 4 de xuño, polo que se aproba o primeiro programa de desenvolvemento rural sostible para o período 2010-2014 en aplicación da Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento rural sostible.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Aproveitamento de áreas para a produción de outros bens alternativos ou complementarios, como a implantación e mellora de pastizais en montes.

As principais finalidades do presente programa serán:

- Abordar a planificación forestal de ámbito comarcal (PORF) integrándoa no marco da ordenación do territorio, conseguindo que a planificación e xestión forestal se conecten co decisivo ámbito da ordenación territorial.
- Establecer e revisar as directrices para a ordenación e o aproveitamento dos montes, garantindo que non se poña en perigo a persistencia dos ecosistemas e se manteña a capacidade produtiva dos montes.
- Fomentar sistemas de xestión forestal conxunta para alcanzar unha explotación económica rendible e sostible dos aproveitamentos forestais e a comercialización das producións forestais.
- Impulsar e promover a certificación da xestión forestal sustentable mediante sistemas internacionalmente recoñecidos ou validados polas correspondentes entidades de normalización.
- Incrementar a rendibilidade das explotacións forestais dos silvicultores.
- Manter en bo estado produtivo o espazo forestal, mediante a realización de rozas, raeos e podas no contorno de grandes infraestruturas de comunicación

- Aumentar o valor primario e engadido dos produtos forestais a través da implantación, mantemento e mellora de souts de castiñeiro destinados á produción de froito.
- Fomentar e manter o emprego do sector forestal mediante actuacións de forestación e silvicultura, que ademais de valorizar os produtos do monte supoñan unha medida preventiva para diminuír o risco de incendios forestais.
- Restauración, conservación e mellora da cuberta vexetal protectora e a ampliación da superficie arborada mediante a restauración hidrolóxico-forestal, tendo cabida dentro deste concepto accións tales como repoboacións forestais protectoras, corrección de canles torrenciais e traballos de conservación e mellora da cuberta vexetal.
- Continuar a fortalecer as liñas dirixidas a manter e conservar a saúde e vitalidade dos ecosistemas forestais, con especial atención ao estado fitosanitario dos nosos bosques mediante o seguimento, detección e actuación, de ser necesario, fronte a pragas e doenzas que están a minorar e incluso danar gravemente o potencial forestal de determinadas áreas de montes galegos.
- Favorecer a implantación, ampliación ou modernización de empresas de aproveitamentos forestais mediante axudas ao investimento en activos fixos produtivos relativos ás operacións de aproveitamento dos produtos forestais, tanto para a creación de novas empresas coma para a ampliación ou modernización das xa existentes.
- Modernización e adaptación a normativas mediante axudas ao investimento en plans e ferramentas de xestión empresarial.
- Impulsar o aproveitamento enerxético dos restos forestais resultantes dos traballos silvícolas e aproveitamentos forestais así como da biomasa procedente de plantacións forestais especificamente orientadas a este fin.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	X
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

As mulleres rurais galegas veñen experimentando cambios importantes na súa calidade de vida pero aínda así, seguen a experimentar unha situación de desigualdade derivada da situación demográfica do medio rural (despoboación e dispersión que dificultan, por exemplo, a conciliación), das especiais características económicas e do tecido industrial do rural e das diferenzas na participación laboral de mulleres e homes. Desde a Dirección Xeral de Ordenación Forestal estudárase a adopción de medidas para fomentar a integración das mulleres no mercado laboral.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a coresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	

Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS

O programa está dirixido a todos os beneficiarios potenciais, sen preferencia por cuestión de xénero, agás no caso das axudas aos investimentos en tecnoloxías forestais, procesamento, mobilización e comercialización de produtos forestais, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), nas que se priorizan as empresas con mulleres xerentes.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Ordenación Forestal

Secretaría Xeral Técnica

III.1.12. PROGRAMA 713C - IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS PRODUTIVOS AGRARIOS SUSTENTABLES:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A produción agropecuaria representa o activo principal da actividade económica rural, medida tanto en PIB como en emprego. Neste sentido resulta un elemento clave na fixación da poboación no medio rural.

A produción agropecuaria moderna require da aplicación de enfoques sustentables orientados á produción de alimentos de calidade diferenciada que satisfagan a demanda dun mercado plural, esixente e competitivo. Por outra parte, a potenciación das producións alternativas a pequena escala é básica para apoiar a diversificación das actividades agropecuarias e ofrecer a

posibilidade de obtención de rendas complementarias a agricultores a tempo parcial. O desenvolvemento das producións alternativas debe axustarse ás potencialidades particulares das distintas áreas territoriais e ao aproveitamento dos recursos xenéticos autóctonos. Ademais, resulta fundamental arbitrar medidas que melloren a produtividade da nosa gandería.

Neste marco, é necesario fomentar o control leiteiro, para avaliar a calidade produtiva dos animais, e promocionar a mellora xenética, como sistema básico para incrementar a rendibilidade das explotacións, así como fomentar a utilización dos recursos zootécnicos autóctonos.

Resulta imprescindible manter o fomento das producións xa consolidadas con medidas de garantía como os seguros agrarios, ou medidas de promoción como a renovación de maquinaria, a reestruturación dos viñedos ou a diferenciación comercial dos produtos agropecuarios galegos (Galega 100 %, Horta Galega).

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións no marco deste programa apuntan como beneficiarias últimas ás persoas agricultoras ou gandeiras galegos con actividade produtiva a tempo completo ou parcial. Tamén se establecen medidas de colaboración con centros públicos de investigación.

As medidas de apoio canalízanse fundamentalmente en colaboración coas asociacións de gandeiras e gandeiros, que se converten en catalizadores e protagonistas do proceso de consolidación económica da gandería.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A gandería galega está a atravesar por momentos de extraordinaria dificultade. A situación conxuntural de crise económica afecta especialmente a sectores que, aínda sendo artífices de produtos de alta calidade, adoecen de carencias estruturais importantes, en termos de dimensión económica, e non dispoñen dunha capacidade real de incidencia nos mercados: por unha parte, as persoas gandeiras vense sometidos á alza dos prezos dos INPUT que precisan; por outra, non son quen de participar activamente na fixación dos prezos dos produtos que facturan. Esta situación, que se mantén nos últimos anos, deriva nunha importante redución no número de explotacións gandeiras e nun envellecemento da poboación activa agraria, ante a ausencia dunha renovación xeracional efectiva. Esta circunstancia repercute de xeito directo no fenómeno de despoboamento do rural.

A produción de vacún de Galicia, tanto en leite como en carne, son un referente no conxunto do Estado. Os recursos zootécnicos autóctonos están a acadar unha estima no mercado que cómpre auspiciar. O incremento dos censos das autóctonas galegas constatados nos últimos anos dan fe do éxito da política emprendida de apoio á promoción da calidade e á diferenciación comercial. Cómpre abondar nesta estratexia.

Por outra parte, o sector vitivinícola estase a converter nun eixo produtivo de primeiro orde na economía agraria galega. Constátase unha crecente vontade de adaptación das explotacións ás novas variedades que demanda o mercado, ou de reestruturación do seu potencial produtivo para acadar unha dimensión axeitada aos seus dereitos de produción.

A conservación de recursos xenéticos autóctonos é unha prioridade, é imprescindible a inclusión destes recursos xenéticos agrícolas autóctonos en sistemas de produción de calidade compatibles co medio ambiente de cara a mellorar a súa conservación, caracterización e avaliación dentro dos recursos do sector agrario galego.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

En tanto que Galicia ten competencias exclusivas en materia de agricultura, o marco normativo responde ás esixencias comunitarias en materia de axudas de estado e aos condicionantes da normativa sectorial estatal de carácter básico.

Con efectos económicos, este programa finánciase con fondos finalistas do Estado, con fondos propios da comunidade autónoma, con fondos FEADER e con fondos FEAGA.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O programa pretende incrementar o valor e a rendibilidade das producións agrícolas e gandeiras, e recuperar as razas gandeiras tradicionais e os recursos fitoxenéticos autóctonos, permitindo a implantación de sistemas de produción sustentables.

A estratexia do programa concrétase nas seguintes plans e accións:

- Programa de recuperación, conservación e fomento de recursos zootenéticos autóctonos gandeiros e a súa valorización nas producións ecolóxicas e de calidade e no aproveitamento de superficies infrautilizadas. O programa desenvolverase coa colaboración das entidades de criadoras/es mediante dúas vertentes: programa de consolidación e diversificación xenética da raza Rubia Galega; e programa de conservación e recuperación das razas autóctonas galegas en perigo de extinción.
- Programas de aseguramento da calidade e a rastrexabilidade da produción leiteira. Vincularanse as actuacións en materia de calidade coa utilización eficiente da ferramenta Letra Q, co obxectivo inequívoco de mellorar a rendibilidade das explotacións participantes no programa e de transmitirlle ao consumidor final a garantía de calidade que demanda.
- Programa de mellora xenética do frisón galego, coa colaboración das ganderías galegas e de Xenética Fontao.
- Potenciación da diferenciación comercial dos produtos gandeiros.
- Reestruturación e reconversión de viñado.
- Realización de ensaios de avaliación de variedades agronómicas.

- Conservación de recursos fitoxenéticos e impulso do emprego de castes autóctonas.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

III.1.13. PROGRAMA 713D - MELLORA DA CALIDADE NA PRODUCCIÓN AGROALIMENTARIA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Malia o prestixio que os produtos agroalimentarios de Galicia teñen nos mercados e entre os consumidores, o sector produtor agrario ten importantes carencias e dificultades estruturais que lles dificulta o acceso aos mercados. A pequena dimensión empresarial e a falta de integración son os factores que mais limitan o seu acceso aos mercados nacionais e internacionais dunha forma competitiva. Por iso é fundamental desenvolver actuacións para promover a comercialización dos produtos agroalimentarios galegos, actuación que se basearán fundamentalmente na defensa do prestixio da produción agroalimentaria de Galicia, na promoción dos produtos de calidade e no aumento da cota de participación destes produtos no conxunto da produción alimentaria galega.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Produtores, industrias e entidades asociativas e colectivas do sector agrícola, gandeiro e alimentario.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A situación de partida caracterízase por:

- Unhas boas condicións para determinadas producións agrarias nun marco de importantes deficiencias estruturais especialmente causadas pola pequena dimensión tanto das explotacións (produtores) como da industria transformadora e empresas comercializadoras.
- O prestixio nos mercados agroalimentarios e entre os consumidores pola calidade das materias primas
- Unha serie de produtos inscritos xa no rexistro europeo de produtos de calidade agroalimentarios, e outros con posibilidades de ser tramitados.

Estes son os elementos que fan que a estratexia da diferenciación e a certificación da calidade dos produtos agroalimentarios ante os consumidores sexa básica para a subsistencia dos sectores agrícola e gandeiro, viabilizando as pequenas producións, moitas delas artesanais, que doutra forma terían difícil acceso ao mercado.

A meirande parte dos indicativos de calidade afectan a territorios do rural con importantes problemas de despoboamento, por iso, a potenciación das denominacións de calidade incide directamente na fixación da poboación destas zonas, na medida en que favorece a actividade económica e o mantemento e xeración de emprego nesas áreas.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Normativa de calidade diferenciada, DOP, IXP e outras figuras de calidade, en normativa xeral sobre calidade comercial alimentaria.

Liñas de apoio á calidade alimentaria no marco do PDR 2014/2020.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O sistema de protección dos produtos de calidade a través de denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas, e doutras figuras de protección da calidade como os produtos da artesanía alimentaria, a agricultura ecolóxica ou a produción integrada, obrigan ou favorecen que estes produtos se elaboren e transformen na súa área tradicional de procedencia, case sempre zonas rurais, co que o valor engadido xerado queda nese territorio. Estas producións,

ademais, melloran as rendas obtidas xa que estes produtos adoitan acadar mellores prezos no mercado.

Velar polo prestixio das denominacións xeográficas de calidade e polo cumprimento das súas disposicións normativas, e de que se apliquen os sistemas de control necesarios para garantir a calidade e a orixe dos produtos certificados precisa de medidas de apoio aos Consellos Reguladores para o seu desenvolvemento especialmente no caso dos primeiros anos da súa posta en marcha.

Outra das prioridades estratéxicas do escenario económico actual é a necesidade de abrir novos mercados e para isto establécense liñas de apoio á accións de promoción e comercialización realizadas por empresas individuais ou conxuntas dirixidas a apertura de mercados nacionais e internacionais.

Actividades:

- Apoio a apertura de novos mercados para as empresas agrarias e alimentarias favorecendo a súa presenza en feiras profesionais de carácter nacional e internacional, tanto con actuacións conxuntas coordinadas pola Consellería como co apoio ás accións individuais
- Realización de actividades de información e promoción de produtos agroalimentarios galegos con calidade diferenciada.
- Apoio aos investimentos no control e a mellora da calidade dos produtos agrarios.
- Apoio á participación de produtores en programas de calidade diferenciada.
- Programa de promoción dos viños galegos en países de fóra da Unión Europea.
- Apoio á mellora dos mercados agrarios.
- Apoio ás entidades asociativas para a mellora da comercialización das súas producións.
- Preparación, organización e execución de xornadas técnicas e estudos sobre a comercialización dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos.
- Apoio financeiro ao funcionamento dos consellos reguladores das denominacións de calidade (denominacións de orixe, indicacións xeográficas e agricultura ecolóxica).
- Execución de actividades relacionadas co control do cumprimento dos requisitos legais sobre calidade comercial da produción alimentaria.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Aínda que os beneficiarios directos deste programa son fundamentalmente consellos reguladores, asociacións sen ánimo de lucro e empresas agroalimentarias, os beneficiarios finais son os produtores e produtoras de produtos agroalimentarios galegos, e en particular os de produtos de calidade amparados por denominacións de orixe, indicacións xeográficas protexidas e produtos ecolóxicos, na medida en que do que se trata é de mellorar a comercialización destes produtos. Non se conta con datos específicos desagregados por xénero sobre a titularidade destas explotacións, aínda que o seu elevado número, próximo aos 30.000, fai supoñer que son unha mostra representativa do total de explotacións agropecuarias galegas, polo que a porcentaxe de mulleres titulares será similar á do universo total e as medidas de fomento destas producións afectarán positivamente a todas, sen que sexa factible establecer fórmulas de discriminación positiva dado o carácter indirecto do apoio.

Porén, entre as actividades que se financian neste programa son de gran incidencia as relacionadas con campañas de promoción dos produtos agroalimentarios de calidade. É frecuente que nas campañas publicitarias de calquera ben de consumo se utilicen estereotipos que asignan roles diferenciados aos homes e ás mulleres. Nas accións promocionais realizadas con financiamento deste programa velarase porque isto non suceda, de xeito que se transmita unha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE

APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a coresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS

Revisión das accións de divulgación dos beneficiarios de axudas para evitar calquera mensaxe sexista.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

Conseguir que ningunha acción publicitaria relativa aos produtos agroalimentarios financiada con este programa poda ter mensaxes discriminatorios para as mulleres.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

III.1.14. PROGRAMA 713E - BENESTAR ANIMAL E SANIDADE VEXETAL:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

As persoas consumidoras esixen unha produción alimentaria de calidade, respectuosa co medio ambiente e co benestar animal, e suxeita a un sistema de control e trazabilidade. A Unión Europea está a trasladar esta demanda da cidadanía á lexislación comunitaria en todas as súas vertentes, produtivas, sanitarias, económicas, ambientais e sociais, de tal xeito que os requirimentos en materia de seguridade alimentaria se convirten en referencias de obrigado cumprimento. Por outra parte, a sanidade animal non só conleva o garantir a seguridade alimentaria, senón que resulta un elemento básico tanto na defensa da saúde pública como na rendibilidade das producións gandeiras.

Co gallo de obter alimentos seguros, protexer a saúde pública fronte a enfermidades zoonómicas e promover un sistema agrario sustentable, cómpre garantir un nivel axeitado de protección da sanidade animal entendida amplamente (identificación de explotacións e animais, programas de control e erradicación de enfermidades, etc.) e da cadea alimentaria (residuos, hixiene da produción primaria, calidade do leite cru, xestión de subprodutos, pensos, etc.)

Un dos principios nos que se basea a política da UE é que non se deben causar aos animais danos ou sufrimentos innecesarios. Isto desenvólvese nunhas normas sobre o benestar dos animais que establecen as condicións nas que se poden criar as galiñas, os porcos, as vacas, así como as restantes especies de animais destinados á produción, e nas que se poden transportar e sacrificar estes animais.

O programa trata de incrementar a rendibilidade das explotacións mediante a loita contra os axentes nocivos, o control da calidade e a seguridade alimentaria das producións, e reducindo ao mínimo o seu impacto no medio de tal xeito que sexan debidamente tratados os residuos e

se garanta unha calidade sanitaria para as persoas consumidoras. Sendo o subsector gandeiro o primeiro aporte á produción final agraria galega, razóns de tipo socioeconómico e sanitario obrigan a poñer en marcha programas que permitan diminuír as perdas económicas causadas polas enfermidades animais, protexendo a saúde pública e evitando a transmisión destas enfermidades, tanto ás persoas que conviven cos animais como ás consumidoras e consumidores dos produtos de orixe animal. O obxectivo final é acreditar o estado sanitario da totalidade da cabana de vacún, ovino e cabrún e a extensión dos programas sanitarios ao porcino, aves, sector apícola e visóns.

Neste contexto, resulta fundamental manter as explotacións gandeiras libres das enfermidades que se consideran erradicadas en Galicia, ou detectalas precozmente se apareceran, para tomar as medidas de control necesarias, e ao mesmo tempo rematar a erradicación daquelas enfermidades animais obxecto de control oficial que aínda persisten na nosa gandería.

Por outra banda, é necesario incrementar o número de explotacións integradas en Agrupacións de Defensa Sanitaria Gandeiras, como vía fundamental para o control doutras enfermidades que afectan económica e comercialmente ás nosas ganderías.

A sanidade vexetal constitúe igualmente un eixe fundamental na política sanitaria agraria. A prevención das pragas vexetais por medio das campañas de prospección obrigatoria e a loita contra pragas coa destrución do material vexetal afectado conforman o primeiro grupo de accións, que se completa co apoio ás agrupacións de produtores para obter servizos de asesoramento cara a sistemas agrarios sustentábeis na mellora da sanidade dos seus cultivos e no cumprimento e certificación dos estándares existentes.

Nos últimos anos en Galicia, tense detectada a aparición de pragas de declaración obrigatoria, coñecidas como pragas de corentena, contra as que é obrigatoria tomar medidas para impedir a súa entrada no territorio da Unión Europea e a súa completa erradicación. Segundo a lexislación comunitaria e nacional, supón a toma de medidas relacionadas en decisións comunitarias, reais decretos e plans de continxencia que é obrigatoria aplicar naqueles zonas nas que se ten detectadas e que supón un reto para os servizos oficiais de sanidade vexetal que teñen que velar polo cumprimento das mesmas e evitar a propagación a outras zonas do territorio nacional ou mesos comunitario. As pragas máis destacadas son as que afectan a pataca, o kiwi ou os cítricos, así como as palmeiras.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións no marco deste programa apuntan como beneficiarias últimas ás persoas agricultoras e gandeiras galegas con actividade produtiva a tempo completo ou parcial.

As medidas de apoio canalízanse fundamentalmente en colaboración coas asociacións de produtoras/es, que se convierten en catalizadores e protagonistas do proceso de consolidación económica da gandería.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O notable éxito da evolución da sanidade animal de Galicia demostra a eficacia dos criterios aplicados de maneira continuada nos últimos anos.

Os programas obrigatorios de erradicación, loita e control de enfermidades animais no gando bovino (tuberculose e brucelose bovina) permitiron diminuír a incidencia destas enfermidades a uns límites próximos a valores de erradicación. Así, Galicia conta cun elevado número de explotacións libres de tuberculose bovina e nos últimos anos xa non se detectaron casos de brucelose bovina, o que permitiu que a nosa Comunidade fora declarada oficialmente indemne desta última enfermidade. Igualmente, as prevalencias de brucelose ovina e cabrúa permitiron acadar a declaración de Galicia como zona oficialmente indemne. Na mesma liña, móvense a práctica totalidade dos programas sanitarios en vigor. Esta circunstancia coloca a sanidade animal galega nun estatus referencial no ámbito estatal, que compre perpetuar e sistematizar en modelos epidemiolóxicos baseados na prevención.

Sen embargo, as explotacións que desenvolven programas sanitarios voluntarios a través das agrupacións de gandeiros son aínda escasas, cando se considera que a situación sanitaria respecto ás enfermidades animais que abordan será fundamental no futuro para evitar trabas comerciais, ademais da importancia das notables perdas económicas que provocan no sector.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

En tanto que Galicia ten competencias exclusivas en materia de gandería, o marco normativo responde ás esixencias comunitarias en materia de axudas de estado e aos condicionantes da normativa sectorial comunitaria e estatal de carácter básico, e tamén o marco normativo é o comunitario e estatal de sanidade vexetal e de seguridade alimentaria.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

No eido da gandería, o programa pretende consolidar o estado sanitario da cabana gandeira galega e estender os programas sanitarios voluntarios, sendo as principais liñas de actuación o desenvolvemento dos programas sanitarios obrigatorios e o fortalecemento das Agrupacións de Defensa Sanitaria Gandeiras.

No marco da sanidade vexetal, o programa pretende previr e, no seu caso, loitar contra as pragas vexetais, e apoiar ás agrupacións de produtores na mellora da sanidade dos seus cultivos e no cumprimento e certificación dos estándares existentes.

A estratexia do programa materialízase nas seguintes accións:

- Execución de programas obrigatorios de erradicación, loita e control de enfermidades animais (tuberculose e brucelose bovina) que teñen como base a normativa estatal enmarcada en programas para cada estado aprobados pola Unión Europea.

- Programa de erradicación da brucelose ovina e cabrúa.
- Programa de vixilancia da Leucose Enzoótica Bovina e da Perineumonía Contaxiosa Bovina.
- Programas de vixilancia, control e erradicación das encefalopatías esponxiformes transmisibles (EETs): EEB, Scrapie: neste proxecto de loita e control sanitario das encefalopatías inclúense os gastos derivados dos labores de diagnóstico, do aseguramento da calidade inspectora nas explotacións gandeiras, e das axudas ao sector por sacrificio e destrución de animais e os seus produtos.
- Plan sanitario do sector porcino e programa de control e erradicación da enfermidade de Aujeszky.
- Plan sanitario avícola: plan de control e erradicación de salmoneloses aviarias, plan de control da influenza aviar.
- Programa de loita contra as enfermidades apícolas: enmarcado no Programa nacional de axudas á apicultura desenvolvido mediante un real decreto estatal en aplicación do previsto no correspondente regulamento comunitario que recolle as distintas liñas de axuda a este sector cofinanciadas con fondos FEAGA.
- Complementando a liña anterior, Plan de vixilancia e control da vespa velutina.
- Programa de vixilancia e erradicación da Lingua Azul.
- Programas sanitarios facultativos: impulso, adaptación normativa e consolidación das agrupacións de defensa sanitaria gandeira en Galicia (ADSG) co obxecto de acadar niveis sanitarios superiores aos esixidos polos programas obrigatorios.
- Plan de vixilancia sanitaria na fauna silvestre, pola súa repercusión na sanidade dos animais de produción.
- Plans de control da aplicación da normativa de benestar dos animais.
- Implementación da estrutura e medios necesarios nos Servizos Veterinarios Oficiais para optimizar os procedementos de inspección e afrontar situacións de alertas sanitarias.
- Control da seguridade alimentaria das producións gandeiras mediante o mantemento dos programas actuais de alimentación animal, PNIR, medicamento veterinario, control de subprodutos de orixe animal, inspección da calidade do leite cru nas explotacións, e a aplicación da normativa europea de hixiene.
- Estruturación dentro dos Servizos Veterinarios Oficiais dunha Rede de Epidemio-Vixilancia que poña en valor a información dos programas sanitarios en funcionamento e que reduza o tempo que os produtores dedican á cumprimentación de rexistros e declaracións oficiais.
- Adaptación das explotacións ás novas normas comunitarias de sanidade animal e de rastrexabilidade das producións
- Desenvolvemento da Oficina Agraria Virtual, como medio prioritario de simplificación e axilización das relacións coa Administración. O crecente desenvolvemento tecnolóxico xunto coa evolución da estrutura socio económica do sector agrario esixe da adminis-

tración a optimización dos sistemas de xestión e relación cos administrados. A elección das canles web como vehículo de transmisión e recepción de información é unha obriga a afrontar no futuro inmediato, que alén da disposición dos medios esixe da administración a adopción de novos procedementos de traballo máis eficaces e eficientes.

- Medidas para o fomento de métodos de produción compatibles co medio ambiente, como a agricultura e gandería ecolóxica, coa protección das persoas consumidoras e co obxectivo de facilitar o mantemento das rendas das produtoras e os produtores, asegurando a conservación do espazo natural. Para isto cómpre o desenvolvemento dun marco normativo que favoreza a obtención dun produto de calidade sanitaria diferenciada en zonas determinadas (etiqueta de control de calidade de “produción integrada” ou “agricultura ecolóxica”).
- Prevención e loita contra pragas dos diferentes organismos nocivos para os vexetais.
- Programas de vixilancia, control e erradicación das pragas de corentena de declaración obrigatoria producidas por *Bursaphelenchus xylophilus*, *Rhinchoformus ferrogrineus*, *Epitrix*, *tecia Solanovora*, *Trioza eritreae*, *Pseudomona Siryngae*.
- Control de residuos nas producións vexetais.
- Revisión da maquinaria fitosanitaria

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

III.1.15. PROGRAMA 713F - REGULACIÓN DAS PRODUCCIÓN AGRARIAS E APOIO Á RENDA DOS AGRICULTORES:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O programa 713F ten por obxecto a realización das accións previstas nos diversos réximes de apoio á renda establecidos na Política Agraria Común (PAC), no marco da reforma da PAC 2014-2020.

No novo marco da PAC 2014-2020 tense instrumentado un novo modelo de axudas directas da Política Agrícola Común que veu a substituír ao modelo do denominado pagamento único. O novo modelo artículase en torno ao pago básico (apoio á renda do agricultor activo baseado en dereitos de pago (básico) que se deben activar sobre unha superficie admisible), o “pago verde” (pago por realizar prácticas beneficiosas para o clima e o medio ambiente e que se calcula como unha porcentaxe do valor dos dereitos de pago básico), pago a xoves agricultores e outros pagos acoplados.

As principais actuacións que se realicen son as seguintes:

- Pagamentos desacoplados da produción (pago básico, pago verde, pago a xoves agricultores), para as persoas agricultoras que sexan titulares de dereitos correspondentes ao dito réxime, de acordo coa asignación definitiva de dereitos de axuda.
- Pagamentos acoplados á produción no sector lácteo e cárnico.
- A concesión dunha axuda para a subministración ao alumnado de centros escolares de leite e determinados produtos lácteos transformados, e de froitas e verduras.
- Apoiar á sociedade instrumental do organismo, dotándoa dos medios necesarios para o cumprimento da finalidade que teña encomendada.

Os pagamentos directos permiten estabilizar a renda dos agricultores así como compensalos pola prestación de servizos públicos dun valor moi elevado: benestar dos animais, protección do medio ambiente, produtos alimenticios de calidade etc.

Este servizos adquiren maior relevancia nun contexto no que as normas europeas configúranse como as máis estritas . Así, permiten aos agricultores europeos competir cos de terceiros países e atender ás demandas cada vez máis esixentes dos consumidores españois.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Agricultores e agricultoras, gandeiros e gandeiras, alumnado de centros escolares no referente a leite para escolares e froitas.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Os réximes de axudas previstos na Política Agrícola Común (PAC) prevén as axudas directas á renda, para contribuír á mellora do nivel de vida da poboación agraria así como ao mantemento do tecido socioeconómico das zonas rurais. Aínda que estas axudas alcanzan no sector agrario galego unha magnitude relativa inferior á media europea e estatal, a súa adecuada implementación e xestión ten unha incidencia crecente na renda das persoas agricultoras galegas e na estabilización dos ingresos en períodos de especial volatilidade.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

No marco do Regulamento (UE) nº 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen normas aplicables aos pagamentos directos aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da política agrícola común e polo que se derrogan os Regulamentos (CE) nº 637/2008 e (CE) nº 73/2009, do Consello, publicáronse o Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural, e o Real decreto 1076/2014, do 19 de decembro, sobre asignación de dereitos de réxime de pago básico da política agrícola común, que establecen a normativa básica aplicable a partir do ano 2015. A tal fin, logo da implantación e xestión dos primeiros anos do novo sistema de xestión das axudas directas da Política Agrícola Común en Galicia, seguiranse a executar as accións necesarias para a concesión dos pagamentos previstos no devandito réxime de axudas directas desacopladas e acopladas á produción nomeadamente gandeira en Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Garantir ingresos xustos ás persoas agricultoras e o benestar na sociedade rural e contribuír ao equilibrio e estabilidade nos mercados agrarios. Mellorar a seguridade alimentaria coa mellora das condicións sanitarias dos animais e do seu benestar e plena garantía da trazabilidade da produción. Fomentar a compatibilidade da produción agraria coa protección do medio ambiente

A xestión de alegacións, solicitudes de modificación e outras actuacións para a actualización do Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas (SIXPAC) como medio de xestión e control eficaz dos réximes de axudas da PAC baseados nas superficies das parcelas agrícolas.

Coordinación do control do cumprimento da condicionalidade, prevista nos artigos 91 a 101 do Regulamento (CE) nº 1306/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, como conxunto de requisitos a respectar polas persoas perceptoras dos distintos tipos de axudas da PAC.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Nos informes realizados non se detectou ata o momento ningunha situación de partida considerada discriminatoria no que se refire á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

No que respecta aos pagamentos directos contemplados no título II da Orde do 19 de xaneiro de 2014 faise unha referencia á igualdade entre homes e mulleres no capítulo IV, relativo ás axudas específicas por aplicación do artigo 68 do Regulamento (CE) n.º 73/2009. Na sección 2ª das mesmas contéplanse axudas aos/ás agricultores/as que desenvolvan a actividade gandeira e, dentro destas, a subsección 2.ª regula a “axuda para compensar as desvantaxes específicas que afectan os agricultores que manteñen vacas nutrices”. No número 4 do artigo 67, relativo ao importe das axudas, faise unha referencia expresa á Lei 35/2011, do 4 de outubro, sobre titularidade compartida das explotacións agrarias a que, fai mención expresa no artigo 1 ao seguinte obxecto: ‘a regulación da titularidade compartida das explotacións agrarias co fin de promover e favorecer a igualdade real e efectiva das mulleres no medio rural, a través do recoñecemento xurídico e económico da súa participación na actividade agraria.’.

Por outra banda, o documento do FEGA “Análisis de la edad y el sexo de los perceptores, a nivel nacional y por comunidades autónomas”, no exercicio 2012 as mulleres que recibiron axudas directas da PAC foron 21.468, o que representa máis do 57 % do total de 37.201 beneficiarias/os.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	X
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS

Debido á participación maioritaria das mulleres no programa, non son precisas actividades explicitamente relacionadas coa promoción da igualdade entre mulleres e homes.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

Prevese que a mulleres sigan a ser as principais beneficiarias/os das axudas directas da PAC en Galicia.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Fondo Galego de Garantía Agraria

III.1.16. PROGRAMA 741A - APOIO Á MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVIDADE, INNOVACIÓN E PRODUTIVIDADE EMPRESARIAL:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A comunidade autónoma galega é produtora de moi boas materias primas, pero ten aínda fortes déficits en canto ao desenvolvemento da súa industria alimentaria e nos procesos de comercialización dos seus produtos transformados. Ademais, a demanda dos consumidores encamiñase cara a produtos agroalimentarios transformados e de calidade, de modo que o apoio á nosa agroindustria convértese nun obxectivo estratéxico para acadar un maior desenvolvemento do medio rural galego.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Empresas do sector.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

As industrias de transformación e comercialización de produtos agrarios acrecentan o valor das producións agrarias, deixando o valor engadido nas propias zonas rurais, xerando un importante número de postos de traballo, mantendo no rural á poboación nova e activa, afianzando a viabilidade das explotacións e fortalecendo o tecido económico destas áreas.

A pesar dos avances continúa existindo un potencial sen desenvolver na modernización do noso tecido agroindustrial e de incremento da valorización das producións agrarias galegas a través da industria agroalimentaria galega.

A forte competitividade dos mercados esixe ademais unha permanente adaptación ás novas demandas.

Por todo isto, cómpre apoiar con carácter xeral aos procesos de transformación e comercialización dos produtos agrarios e, en particular, aqueles que garanten un beneficio directo aos produtores de base galegos.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Liñas de apoio á creación e modernización empresarial no marco do PDR 2014/2020.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A estratexia do programa concrétase nestas actividades:

- Apoio á creación de novas industrias agrarias, fomentando os investimentos que teñan un beneficio para os produtores galegos así como aqueles que teñan por obxecto a incorporación de innovacións e melloras tecnolóxicas, prioritariamente en zonas con procesos de despoboamento e zonas desfavorecidas, co obxecto de crear emprego e potenciar os sectores da industria e os servizos.
- Axudas ás empresas para a mellora da comercialización dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos.
- Axuda aos investimentos realizados por empresas de base asociativa para que reverta nos propios produtores o valor engadido que achega a transformación industrial agroalimentaria.
- Axudas a investimentos dirixidos á obtención de produtos ecolóxicos.
- Apoio aos investimentos encamiñados a unha mellora da competitividade das industrias agroalimentarias xa existentes, favorecendo a mellora da calidade, a diversificación produtiva e o valor engadido das producións.
- Apoio á participación do sector produtor na transformación e comercialización de produtos agrarios.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X

Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O programa está destinado a financiar investimentos en instalacións industriais agroalimentarias, co obxectivo final principal de facilitar a saída comercial ás producións agrogandeiras galegas, polo que é unha medida de gran relevancia para o desenvolvemento rural. Ese é o seu obxectivo fundamental, aínda que, obviamente, este tipo de instalacións tamén son xeradoras de emprego directo e contribúen ao desenvolvemento socio- económico do territorio onde se sitúan. Non se conta con datos desagregados por sexos sobre ocupación nas industrias agroalimentarias galegas nin sobre a titularidade destas empresas. Como en calquera programa deste tipo, pode haber un impacto diferenciado entre homes e mulleres na medida en que a porcentaxe de homes titulares de explotacións agropecuarias e de instalacións agroindustriais é superior ao de mulleres, pero non é posible establecer medidas de discriminación positiva. No primeiro caso –o das explotacións agropecuarias-, por ser beneficiarias indirectas da medida, e no segundo –o das instalacións industriais- por que os criterios de priorización están xa predeterminados no PDR de Galicia, e non contemplan ningún tipo de priorización para as empresas de titularidade feminina.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

IV. CADROS DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Programa: 422L CAPACITACIÓN E EXTENSIÓN AGROFORESTAL	
Eixe: E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente	
Prioridade de Actuación: PA05 - Consolidar un sistema educativo que minimize o fracaso escolar e se aliñe en resultados coas rexións líderes de Europa en todos os niveis e impulsar o SUG cara á excelencia	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E07 - Cualificar aos traballadores e traballadoras do medio rural para a súa incorporación ao mercado laboral agroforestal.	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0104 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Plan de Formación Profesional para o sector agroforestal.	
Indicador	Valor Previsto
P227.H - Participantes en accións de formación. Homes	10.800
P227.M - Participantes en accións de formación. Mulleres	8.300
Programa: 422M ENSINANZA SECUNDARIA , FORMACIÓN PROFESIONAL E OUTRAS ENSINANZAS	
Eixe: E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente	
Prioridade de Actuación: PA05 - Consolidar un sistema educativo que minimize o fracaso escolar e se aliñe en resultados coas rexións líderes de Europa en todos os niveis e impulsar o SUG cara á excelencia	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E08 - Potenciar a formación profesional e a ensinanza secundaria obrigatoria, mellorando a calidade das ensinanzas e facilitando o acceso a unha formación e cualificación profesional polivalente e especializada que mellore a empregabilidade e a súa adaptación aos cambios, modernizando ciclos, procedementos e medios dos centros educativos de ensinanza secundaria obrigatoria e formación profesional.	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0105 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0003 - Accións de fomento da formación profesional dual.	
Programa: 551A INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS NO MEDIO RURAL	
Eixe: E3 - Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandeiría e montes	
Prioridade de Actuación: PA01 - Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E03 - Mellorar as infraestruturas no medio rural para acadar unhas explotacións máis competitivas	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0102 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Accións de reordenación das estruturas agrarias mediante procesos de concentración parcelaria	
Indicador	Valor Previsto
P00046 - Quilometraxe de camiños rurais construídos e/ou mellorados	172
P00319 - Zonas de concentración parcelaria con actuacións desenvolvidas.	134
Programa: 551B ACCIÓNS PREVENTIVAS E INFRAESTRUTURA FORESTAL	
Eixe: E3 - Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandeiría e montes	
Prioridade de Actuación: PA01 - Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E04 - Reducir os danos provocados polos incendios forestais, mellorando a prevención e a defensa contra os mesmos	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0105 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0106 - GASTOS DE PERSOAL	
0001 - Planificación preventiva contra incendios forestais asentada na actuación concertada de todas as administracións reforzando as estruturas de extinción e de prevención dos incendios forestais (por medio da realización de tratamentos preventivos e silvícolas)	
0003 - Campañas de educación e sensibilización	
Indicador	Valor Previsto
P00299 - Superficie de mellora forestal	28.693
P01004 - Número de efectivos	1.958
Programa: 561A PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA	

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Eixe: E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente	
Prioridade de Actuación: PA01 - Impulso da consolidación das políticas de gastos vencelladas á I+D+i. Integrar a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Potenciar a I+D+i mediante o fomento da absorción de coñecemento por parte dos profesionais e das empresas, a mobilización e atracción de capital privado para os procesos de innovación galegos, o fomento da transferencia de investigación dende os axentes de xeración, a difusión do coñecemento cara o mercado e o apoio ao descubrimento emprendedor en todos os eidos.	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI14 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
OI15 - Transferencias internas (Actuacións de soporte e apoio)	
0001 - Apoio ao fomento da absorción de coñecemento por parte das PEMES, contribuíndo así, á mellora das súas competencias e competitividade.	
0002 - Fomento da transferencia de investigación dende os Axentes de Xeración e Difusión do Coñecemento cara o mercado nun marco de innovación aberta.	
0004 - Mellora do coñecemento dos ecosistemas mariños.	
0010 - Fomento da I+d+i empresarial no sector agrogandeiro con novos procesos, produtos e tecnoloxías.	
0012 - Financiar os gastos operativos e investimentos dos centros públicos de I+D+i no sector agro gandeiro.	
0013 - Mobilización e atracción de capital privado para procesos de innovación galegos	
Indicador	Valor Previsto
DOC001 - Número de empresas que reciben axudas	183
DOC027 - Inuestimento privado en paralelo ao apoio público en proxectos de innovación ou I+D	373.188
DE021H - Investigadores/ano participando en proxectos cofinanciados.(Homes)	25
P0076A - Entidades beneficiadas en proxectos de I+D+i	3
Programa: 581A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA	
Eixe: E5 - EIXE INSTRUMENTAL. Administración moderna, eficiente e de calidade	
Prioridade de Actuación: PA02 - Administración transparente, eficiente e orientada a resultados	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: I02 - Desenvolver o sistema de información estatística oficial como un dos piares nos que se debe asentar as políticas de transparencia.	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI06 - Actuacións de soporte e apoio (Gastos de funcionamento)	
Programa: 711A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DO MEDIO RURAL	
Eixe: E3 - Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandeiría e montes	
Prioridade de Actuación: PA01 - Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: I01 - Contribuír ao fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0001 - Contribuír ao fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural	
Programa: 712A FIXACIÓN DE POBOACIÓN NO MEDIO RURAL	
Eixe: E3 - Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandeiría e montes	
Prioridade de Actuación: PA01 - Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E05 - Mellorar as condicións de vida da poboación no territorio rural galego, especialmente a través da creación de emprego	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI04 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Ofertas de servizos básicos elementais (centros de día, garderías, etc..).	
0002 - Posta en marcha de proxectos produtivos xeradores de autoemprego e emprego (Perruquerías, talleres, bodegas, etc..).	
0003 - Posta en marcha do uso das novas tecnoloxías e da enerxía limpa e emprego de plataformas on-line de venda, uso da biomasa en locais sociais, etc..)	
Indicador	Valor Previsto
P00046 - Quilometraxe de camiños rurais construídos e/ou mellorados	900

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

P00103 - Investimento privado que acompaña á axuda pública	24.440.000
Programa: 712B MODERNIZACIÓN E DIVERSIFICACIÓN DO TECIDO PRODUTIVO RURAL	
Eixe: E3 - Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandeiría e montes	
Prioridade de Actuación: PA01 - Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E06 - Aumentar a rendibilidade dos sistemas produtivos das explotacións agrogandeiras e fomentar a súa modernización e diversificación.	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI12 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Axudas a investimentos produtivos nas explotacións agrarias.	
0002 - Axudas á incorporación de novos activos	
0003 - Acceso a seguros agrarios.	
0004 - Axudas á modernización integral das explotacións	
0010 - Agroambiente e clima	
0011 - Agricultura ecolóxica	
Indicador	Valor Previsto
P00088 - Explotacións agrarias e/ou gandeiras que se acollen a medidas de mellora en investimentos produtivos	8.283
P180.M - Persoas mozas que se acollen a medidas de incorporación comotulares en explotacións agrarias. Mulleres	2.185
Programa: 712C FOMENTO DO ASOCIACIONISMO AGRARIO E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA AGRARIA	
Eixe: E3 - Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandeiría e montes	
Prioridade de Actuación: PA01 - Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E07 - Fomentar a innovación e a calidade diferenciada no eido agroalimentario e impulsar o asociacionismo agrario para poder acceder ao mercado en condicións máis favorables a través da organización da produción e da comercialización.	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0004 - Axuda a agrupacións de produtores de froitas e hortalizas	
0005 - Axuda a agrupacións profesionais agrarias	
0006 - Axuda a agrupacións de produtores de plantas vivas e produtos da floricultura	
Programa: 713B ORDENACIÓN DAS PRODUCCIÓNS FORESTAIS	
Eixe: E3 - Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandeiría e montes	
Prioridade de Actuación: PA01 - Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E08 - Aumentar a produtividade dos montes galegos e fomentar a xestión forestal sostible.	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
OI09 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Fomentar a ordenación, a xestión sostible e o aproveitamento dos montes e impulsar a certificación da xestión forestal sustentable	
0002 - Fomentar sistemas de xestión forestal conxunta con especial atención ás SOFOR e outras agrupacións de propietarios	
0003 - Manter e recuperar sistemas silvopastoris en montes veciñais en man común	
0004 - Recuperar o potencial forestal danado por incendios forestais e outras catástrofes.	
0005 - Manter e conservar a saúde e vitalidade dos ecosistemas forestais	
0006 - Fomentar o uso de MFR mellorado nos montes	
Indicador	Valor Previsto
P00103 - Investimento privado que acompaña á axuda pública	42.105.000
P00297 - Superficie de actuación	36.076
Programa: 713C IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS PRODUTIVOS AGRARIOS SUSTENTABLES	
Eixe: E3 - Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandeiría e montes	
Prioridade de Actuación: PA01 - Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural	

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

<p>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E06 - Aumentar a rendibilidade dos sistemas produtivos das explotacións agrogandeiras e fomentar a súa modernización e diversificación.</p>	
<p>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</p>	
<p>0005 - Actuacións de apoio ao control leiteiro.</p> <p>0006 - Desenvolvemento do Plan de Mellora Xenética do Frisón de Galicia.</p> <p>0007 - Actuacións de fomento das razas autóctonas</p> <p>0008 - Actuacións da promoción da calidade das producións gandeiras de Galicia.</p> <p>0009 - Liña de axudas para a reconversión e reestruturación do viñedo</p> <p>0010 - Agroambiente e clima</p>	
<p>Programa: 713D MELLORA DA CALIDADE NA PRODUCCIÓN AGROALIMENTARIA</p>	
<p>Eixe: E3 - Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandería e montes</p> <p>Prioridade de Actuación: PA01 - Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural</p> <p>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E07 - Fomentar a innovación e a calidade diferenciada no eido agroalimentario e impulsar o asociacionismo agrario para poder acceder ao mercado en condicións máis favorables a través da organización da produción e da comercialización.</p>	
<p>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</p>	
<p>OI07 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)</p> <p>0001 - Subvencións a fondo perdido para gastos de funcionamento dos consellos reguladores e para investimentos dos operadores do sector relacionados coa produción e a comercialización de produtos de calidade.</p> <p>0002 - Investimentos directos da Xunta de Galicia relacionados con actividades de promoción.</p>	
<p>Programa: 713E BENESTAR ANIMAL E SANIDADE VEXETAL</p>	
<p>Eixe: E3 - Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandería e montes</p> <p>Prioridade de Actuación: PA01 - Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural</p> <p>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E09 - Garantir a prevención, defensa e control da sanidade animal e da protección dos cultivos.</p>	
<p>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</p>	
<p>OI07 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)</p> <p>OI08 - GASTOS DE PERSOAL</p> <p>0001 - Desenvolvemento dos programas sanitarios obrigatorios.</p> <p>0002 - Fortalecemento das Agrupacións de Defensa Sanitaria Gandeiras.</p> <p>0003 - Desenvolver programas oficiais de erradicación e control de organismos nocivos para os vexetais</p> <p>0004 - Utilización da xestión integrada de pragas</p>	
<p>Indicador</p>	<p>Valor Previsto</p>
<p>P01004 - Número de efectivos</p>	<p>863</p>
<p>Programa: 713F REGULACIÓNS DAS PRODUCCIÓNS AGRARIAS E APOIO Á RENDA DOS AGRICULTORES</p>	
<p>Eixe: E3 - Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandería e montes</p> <p>Prioridade de Actuación: PA01 - Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural</p> <p>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E10 - Aumentar a renda de agricultores/as e gandeiros/as de Galicia.</p>	
<p>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</p>	
<p>OI04 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)</p> <p>0002 - Plan de consumo de froitas e leite na escola</p>	
<p>Programa: 741A APOIO Á MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVIDADE, INNOVACIÓN E PRODUTIVIDADE EMPRESARIAL</p>	
<p>Eixe: E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente</p> <p>Prioridade de Actuación: PA02 - Fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos, apoio á artesanía, regulación sectorial e protección da competencia</p> <p>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E04 - Mellorar a competitividade das empresas e dos sectores tradicionais galegos nun entorno globalizado, a través do crecemento, profesionalización, modernización e internacionalización</p>	

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental
0006 - Subvencións a fondo perdido para fomentar os investimentos das empresas.

V. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos			
	01	02	03	04
422L-Capacitación e extensión agroforestal		7.919		
422M-Ensinanza secundaria e formación profesional		491		
551A-Infraestruturas e equipamentos no medio rural				34.497
551B-Accións preventivas e infraestrutura forestal		102.920		
561A-Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica		10.768		
581A-Elaboración e difusión estatística		221		
711A-Dirección e servizos xerais do medio rural	18.316			
712B-Modernización e diversificación do tecido produtivo rural			64.836	
712C-Fomento do asociacionismo agrario e divulgación da tecnoloxía agraria			717	
713B-Ordenación das producións forestais	15	77.226		
713C-Implantación de sistemas produtivos agrarios sustentables			3.955	
713D-Mellora da calidade na produción agroalimentaria			10.177	
713E-Benestar animal e sanidade vexetal			49.983	
741A-Apoio a modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial			23.835	
Total	18.331	199.546	153.504	34.497

(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos (continuación)

Programas	Servizos			
	80	A1	A2	Total
422L-Capacitación e extensión agroforestal				7.919
422M-Ensinanza secundaria e formación profesional				491
551A-Infraestruturas e equipamentos no medio rural				34.497
551B-Accións preventivas e infraestrutura forestal				102.920
561A-Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica			3.296	14.064
581A-Elaboración e difusión estatística				221
711A-Dirección e servizos xerais do medio rural				18.316
712A-Fixación de poboación no medio rural		43.619		43.619
712B-Modernización e diversificación do tecido produtivo rural	35.914			100.750
712C-Fomento do asociacionismo agrario e divulgación da tecnoloxía agraria				717
713B-Ordenación das producións forestais				77.241
713C-Implantación de sistemas produtivos agrarios sustentables				3.955
713D-Mellora da calidade na produción agroalimentaria				10.177
713E-Benestar animal e sanidade vexetal				49.983
713F-Regulación das producións agrarias e apoio á renda dos agricultores	6.766			6.766
741A-Apoio a modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial				23.835
Total	42.681	43.619	3.296	495.474

(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos							
	I	II	III	IV	VI	VII	IX	Total
422L-Capacitación e extensión agroforestal	4.400	850			1.759	911		7.919
422M-Ensinanza secundaria e formación profesional				28	463			491
551A-Infraestruturas e equipamentos no medio rural	4.989				29.508			34.497
551B-Accións preventivas e infraestructura forestal	46.190				35.245	21.485		102.920
561A-Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica	7.792	640	0	435	2.344	2.842	10	14.064
581A-Elaboración e difusión estatística					221			221
711A-Dirección e servizos xerais do medio rural	9.190	5.483		144	3.399	100		18.316
712A-Fixación de poboación no medio rural	3.294	635			148	39.544		43.619
712B-Modernización e diversificación do tecido produtivo rural				60	1.590	99.100		100.750
712C-Fomento do asociacionismo agrario e divulgación da tecnoloxía agraria				144		574		717
713B-Ordenación das producións forestais	24.009				17.736	35.497		77.241
713C-Implantación de sistemas produtivos agrarios sustentables		117		150	1.014	2.675		3.955
713D-Mellora da calidade na produción agroalimentaria	2.507	23		480	1.000	6.168		10.177
713E-Benestar animal e sanidade vexetal	33.293	531		2.150	12.256	1.754		49.983
713F-Regulación das producións agrarias e apoio á renda dos agricultores	4.296	518			1.952			6.766
741A-Apoio a modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial						23.835		23.835
Total	139.958	8.797	0	3.590	108.635	234.483	10	495.474

(Miles de Euros)

DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

01 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	2017	2018	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	9.293	9.190	-1,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	5.483	5.483	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	149	144	-3,4
Cap. VI - Investimentos reais	3.448	3.414	-1,0
Cap. VII - Transferencias de capital	100	100	0,0
Total	18.473	18.331	-0,8

(Orzamento Modificado e Homoxeneizado 2017) (Miles de Euros)

02 DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN FORESTAL	2017	2018	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	80.030	81.439	1,8
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	640	850	32,8
Cap. IV - Transferencias correntes	463	463	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	52.375	56.060	7,0
Cap. VII - Transferencias de capital	62.605	60.735	-3,0
Total	196.112	199.546	1,8

(Orzamento Modificado e Homoxeneizado 2017) (Miles de Euros)

03 DIRECCIÓN XERAL DE GANDARÍA, AGRICULTURA E INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS	2017	2018	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	35.231	35.799	1,6
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	670	670	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	3.114	2.984	-4,2
Cap. VI - Investimentos reais	15.141	15.860	4,7
Cap. VII - Transferencias de capital	86.141	98.191	14,0
Total	140.297	153.504	9,4

(Orzamento Modificado e Homoxeneizado 2017) (Miles de Euros)

04 D.X. DE DESENVOLVEMENTO RURAL	2017	2018	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	4.914	4.989	1,5
Cap. VI - Investimentos reais	31.569	29.508	-6,5
Total	36.484	34.497	-5,4

(Orzamento Modificado e Homoxeneizado 2017) (Miles de Euros)

80 FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA	2017	2018	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	4.212	4.296	2,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	518	518	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	10	0	-100,0
Cap. VI - Investimentos reais	1.622	1.952	20,3
Cap. VII - Transferencias de capital	40.062	35.914	-10,4
Total	46.424	42.681	-8,1

(Orzamento Modificado e Homoxeneizado 2017) (Miles de Euros)

A1 AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL	2017	2018	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	3.229	3.294	2,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	635	635	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	148	148	0,0
Cap. VII - Transferencias de capital	34.268	39.544	15,4
Total	38.279	43.619	14,0

(Orzamento Modificado e Homoxeneizado 2017) (Miles de Euros)

A2 INSTITUTO GALEGO DE CALIDADE ALIMENTARIA	2017	2018	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	932	951	2,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	640	640	0,0
Cap. III - Gastos financeiros	0	0	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	1.223	1.694	38,5
Cap. IX - Pasivos financeiros	0	10	0,0
Total	2.796	3.296	17,9

(Orzamento Modificado e Homoxeneizado 2017) (Miles de Euros)

SERVIZOS	2017	2018	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	18.473	18.331	-0,8
02 DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN FORESTAL	196.112	199.546	1,8
03 DIRECCIÓN XERAL DE GANDARÍA, AGRICULTURA E INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS	140.297	153.504	9,4
04 D.X. DE DESENVOLVEMENTO RURAL	36.484	34.497	-5,4
80 FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA	46.424	42.681	-8,1
A1 AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL	38.279	43.619	14,0
A2 INSTITUTO GALEGO DE CALIDADE ALIMENTARIA	2.796	3.296	17,9
Total	478.864	495.474	3,5

(Orzamento Modificado e Homoxeneizado 2017) (Miles de Euros)

Consellería, Organismos Autónomos, Entidades públicas instrumentais de consulta o asesoramento e Axencias Públicas Autonómicas

	Consellería		00.AA , EE.CC.AA. e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2017	2018	2017	2018	2017	2018	2017	2018
Cap. I - Gastos de persoal	129.469	131.417	8.373	8.540	0	0	137.841	139.958
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	6.793	7.003	1.793	1.793	0	0	8.587	8.797
Cap. III - Gastos financeiros	0	0	0	0	0	0	0	0
Cap. IV - Transferencias correntes	13.108	13.144	10	0	9.382	9.553	3.735	3.590
OPERACIÓNS CORRENTES	149.369	151.564	10.176	10.334	9.382	9.553	150.163	152.345
Cap. VI - Investimentos reais	102.533	104.842	2.993	3.794	0	0	105.527	108.635
Cap. VII - Transferencias de capital	225.843	237.887	74.329	75.458	76.998	78.862	223.174	234.483
Cap. IX - Pasivos financeiros	0	0	0	10	0	0	0	10
OPERACIÓNS DE CAPITAL	328.377	342.729	77.322	79.262	76.998	78.862	328.701	343.129
Total	477.746	494.293	87.499	89.596	86.380	88.415	478.864	495.474

(Orzamento Modificado e Homoxeneizado 2017) (Miles de Euros)

Medios Persoais

Consellería de Medio Rural	2018
Altos Cargos	5
Persoal Funcionario	1.810
Subgrupo A1	532
Subgrupo A2	376
Subgrupo C1	666
Subgrupo C2	223
Agrupacións profesionais	13
Persoal Laboral	2.466
Grupo I	105
Grupo II	28
Grupo III	298
Grupo IV	718
Grupo V	1.317
TOTAL	4.281

Medios Personais

Fondo Galego de Garantía Agraria	2018
Persoal Funcionario	89
Subgrupo A1	29
Subgrupo A2	27
Subgrupo C1	16
Subgrupo C2	15
Agrupacións profesionais	2
Persoal Laboral	26
Grupo I	1
Grupo II	9
Grupo III	4
Grupo IV	9
Grupo V	3
TOTAL	115

Medios Personais

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	2018
Persoal Laboral	69
Grupo I	25
Grupo II	13
Grupo III	27
Grupo IV	4
TOTAL	69

Medios Personais

Instituto Galego de Calidade Alimentaria	2018
Persoal Laboral	17
Grupo I	16
Grupo III	1
TOTAL	17

Entidades Públicas Empresariais, Consorcios, Sociedades Mercantís e Fundacións do Sector Público Autonómico

Fundacións do sector público autonómico	Explotación	Capital
Fundación Centro Tecnolóxico da Carne	2.967	695
Sociedades mercantís públicas autonómicas	Explotación	Capital
Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.	14.855	118
Xenética Fontao, S.A.	3.547	253
Total	21.368	1.066

(Miles de Euros)



CONSELLERÍA DO MAR

SECCIÓN 14

I. ESTRUCTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

I.1. ESTRUCTURA ORGÁNICA

O Decreto 116/2015, do 4 de outubro, (DOG nº 190 de 5/10/2015) establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 177/2016, do 15 de decembro (DOG nº 239 do 16/12/2016) fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das Consellerías da Xunta de Galicia.

O Decreto 168/2015, do 13 de novembro, establece a estrutura orgánica da Consellería do Mar.

A Consellería do Mar estrutúrase nos seguintes órganos:

1. O/a conselleiro/a.
2. A Secretaría Xeral Técnica.
3. A Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.
4. A Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Quedan adscritos a esta consellería os seguintes entes públicos:

1. O ente público Portos de Galicia.
2. O ente público Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño.

I.2. COMPETENCIAS

I.2.1. DA CONSELLERÍA

De acordo co disposto no artigo 1 do Decreto 168/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Mar, esta é o órgano da administración galega á que lle corresponde propor e executar as directrices xerais do Goberno en relación a ordeación pesqueira en augas interiores, marisqueo, acuicultura, confrarías de pescadores e demais organizacións e asociacións dos/as profesionais do sector, industrias pesqueiras e conserveiras, establecementos de almacenamento, manipulación, vendas e transformación do peixe e ensinanzas marítimo-pesqueiras, náutico-deportivas e mergullo, cooperación pesqueira interinstitucional e co exterior, salvamento marítimo, loita contra a contaminación e planificación e actuacións portuarias, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía de Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución española.

Por outra banda, o Estatuto de Autonomía de Galicia dispón que lle corresponde á Comunidade Autónoma Galega a competencia exclusiva nas seguintes materias:

- A pesca nas rías e demais augas interiores, o marisqueo, a acuicultura, a caza, a pesca fluvial e lacustre. (art.27, apartado 15).
- O réxime das fundacións de interese galego (art. 27, apartado 26)
- Confraría de Pescadores, Cámaras de Propiedade, Agrarias, de Comercio, Industria e Navegación e outras de natureza equivalente, sen prexuízo do que dispón o artigo 149 da Constitución (art. 27.apartado 29).
- Ademais de acordo co artigo 28 do Estatuto de Autonomía de Galicia é competencia da Comunidade Autónoma de Galicia o desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación do Estado en materia de ordenación do sector pesqueiro e portos pesqueiros. Por outra parte, o artigo 29.4 establece que é competencia da Comunidade Autónoma de Galicia a execución da lexislación do Estado en materia de salvamento marítimo.
- Asemade, Galicia asumiu a competencia exclusiva en materia de cooperativas en virtude da transferencia feita pola Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, ampliando a recollida no artigo 28.7 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Os reais decretos polos que se aprobaron os traspasos de funcións e servizos producidos ata o momento en materia competencia da consellería son os seguintes:

- Real decreto 1634/80, do 31 de xullo, sobre transferencias da Administración do Estado á Xunta de Galicia en materia de traballo, industria, comercio, sanidade, cultura e pesca. Polo que á pesca se refire, traspasáronse as competencias relativas á xestión do Plan de Explotación Marisqueira de Galicia, así como as relativas ao outorgamento de licencias individuais ou colectivas para o exercicio da pesca marítima de recreo.
- Real decreto 3318/1982, do 24 de xullo, sobre o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de agricultura e pesca. No que á pesca se refire, transferíronse as competencias, funcións e servizos en materia de pesca en augas interiores, marisqueo e acuicultura, así como en materia de confraría de pescadores.
- Real decreto 4189/1982, do 29 de decembro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de agricultura e pesca. No que á pesca se refire, transferíronse as competencias, funcións e servizos en materia de ensinanza profesional náutico-pesqueiras.
- Real decreto 1283/1987, do 2 de outubro, polo que se amplía o traspaso de servizos e medios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ensino profesional náutico-pesqueiro.
- Real decreto 89/1996, do 26 de xaneiro, polo que se traspasan funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ensinanza náutico-deportivas e subacuático-deportivas.
- Real decreto 1377/1997, do 29 de agosto, sobre traspasos de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de mergullo.

- Real decreto 1378/1997, do 29 de agosto, sobre ampliación de funcións e servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 1283/1987, do 2 de outubro (ensino profesional náutico-pesqueiro).
- Real decreto 1749/1999, do 19 de novembro, sobre ampliación de servizos e funcións da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polos Real decreto 1283/1987, do 2 de outubro, e 1378/1997, do 29 de agosto, en materia de ensinanzas profesionais náutico-pesqueiras.

Indícanse a continuación as competencias distribuídas en cada órgano superior e de dirección en que se estrutura a consellería:

A CONSELLEIRA

Como titular do órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia é a superior autoridade da consellería e con tal carácter está investido das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e a súa Presidencia.

Ademais, con dependencia directa do/a conselleiro/a atópase a Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia, a cal lle corresponde: a coordinación das competencias en materia de salvamento marítimo e loita contra a contaminación marítima; a elaboración do plan de continxencias por contaminación mariña accidental; a prevención da contaminación mariña e as funcións de programación, planificación e control das accións de vixilancia e inspección, sen prexuízo das competencias doutros departamentos da Xunta de Galicia, tanto no sector extractivo como nos centros de comercialización e establecementos de produción, transformación e consumo, así como no transporte dos produtos en xeral.

A SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

Como órgano de dirección da Consellería do Mar, a Secretaría Xeral Técnica exercerá as competencias e funcións establecidas no artigo 29 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, así como no Decreto 119/1982, do 5 de outubro, e todas aquelas que lle sexan encomendadas pola persoa titular da consellería.

A DIRECCION XERAL DE PESCA, ACUICULTURA E INNOVACION TECNOLÓXICA

Correspóndelle exercer a dirección e a coordinación das competencias e funcións en materia de ordenación pesqueira en augas interiores, marisqueo e acuicultura; das industrias de transformación e comercialización e almacenamento dos produtos da pesca, o marisqueo e a

acuicultura; de estatísticas e rexistros nas materias da súa competencia; da promoción da competitividade dos produtos pesqueiros, marisqueiros e da acuicultura e o fomento da súa calidade; de conservación, protección e xestión sustentable dos recursos mariños; de coordinación da sanidade dos animais acuáticos e dos establecementos de acuicultura; da cooperación pesqueira interinstitucional e co exterior, de acordo coa política pesqueira galega e máis as regulamentos básicas da Unión Europea e da Administración xeral do Estado.

A DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Correspóndelle a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro a ordenación do marisqueo, o establecemento das condicións para o exercicio da actividade marisqueira e a conservación, protección e xestión sustentable dos recursos marisqueiros. Así mesmo, terá ao seu cargo o fomento da organización sectorial, a ordenación, dirección e coordinación das atribucións que ten asumidas a Consellería en materia de extensión pesqueira, ensino e titulacións náutico-pesqueiras e de lecer, así como a investigación mariña, que se desenvolverá en coordinación coa consellería competente en materia de investigación e desenvolvemento tecnolóxico

I.2.2. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA (INTECMAR)

A Lei 3/2004 de 7 de xuño (DOG núm. 116, do 17 de xuño de 2004), de creación do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR), deu lugar no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e ao amparo do seu Estatuto de Autonomía, á creación dun ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio de seu e con plena capacidade e autonomía para o cumprimento dos seus fins, que asumiu as competencias atribuídas ao Centro de Control do Medio Mariño.

Pola súa banda, o Decreto 41/2005, do 17 de febreiro (DOG núm. 49 do 11 de marzo de 2005) establece o regulamento do INTECMAR.

De conformidade co disposto no apartado 5º da Disposición Transitoria Terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o INTECMAR pasará a ter a figura de axencia pública autonómica, logo de que as normas de organización e funcionamento e os estatutos do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, se adecúen ao disposto na lei para as axencias públicas autonómicas.

O INTECMAR constitúe o instrumento da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio das funcións de control da calidade do medio mariño, da aplicación das disposicións legais en materia de control técnico sanitario dos produtos do mar e de asesoría técnica científica sobre pesca, marisqueo e acuicultura no ámbito das zonas de produción en augas competencia da comunidade autónoma galega.

En consecuencia, ten como obxectivo xeral e prioritario desenvolver un estrito e intensivo sistema de control sobre as características do medio mariño para dar cumprimento formal a lexislación vixente en canto a produción de moluscos e outros invertebrados mariños, contribuír a desenvolver novas estratexias de explotación e comercialización baseadas en ofertar produtos de óptima calidade con absoluta garantía sanitaria, desenvolver estudos de carácter científico-técnicos destinados a facilitar os coñecementos necesarios para a correcta xestión dos recursos mariños e protexer e mellorar a calidade das augas.

Dentro das competencias da Administración autonómica, e sen prexuízo das competencias atribuídas a outros organismos, correspóndenlle ao IN-TECMAR, entre outras, as seguintes postestades administrativas:

- a) Aplicación da normativa sobre calidade das augas e da produción de moluscos bivalvos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura. En concreto, o control das condicións oceanográficas, bioxeoquímica mariña e poboacións fitoplanctónicas, das biotoxinas mariñas, da contaminación química e da contaminación microbiolóxica, tanto no referente aos organismos coma ás zonas de produción.
- b) A investigación para o coñecemento e control das patoloxías dos organismos mariños sometidos á explotación comercial mediante a pesca, o marisqueo e a acuicultura.
- c) Decretar a apertura e o pechamento do exercicio da actividade pesqueira, de marisqueo e acuicultura en función do resultado dos controis que se realicen sobre a calidade das augas e os produtos, en aplicación da normativa vixente.
- d) Aquelas funcións que regulamentariamente se lle atribúan na loita contra a contaminación mariña.
- e) O cumprimento dos Programas de Control do Medio Mariño que, no ámbito das funcións que establece a lei de creación do INTECMAR, determine a Xunta de Galicia en función da lexislación vixente na materia e das súas propias necesidades para a xestión do medio mariño.
- f) Aquelas funcións que, no ámbito das competencias da comunidade autónoma, poidan serlle atribuídas pola Xunta de Galicia en materia de control das características do medio mariño e dos seus recursos sometidos a explotación comercial.

1.2.3. DAS ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAS

PORTOS DE GALICIA

O ente público Portos de Galicia creouse pola Lei 5/1994, do 29 de novembro, correspondéndolle o proxecto, construción, conservación, mellora, ordenación, administración e explotación das obras, instalacións, servizos e actividades portuarias, así como a planificación das zonas de servizos e as súas futuras ampliacións.

Asumirá igualmente as funcións que, no ámbito de competencias da comunidade autónoma, poidan serlle atribuídas pola Xunta de Galicia en materia de xestión e actuacións no dominio público marítimo-terrestre.

Aos efectos do desenvolvemento e cumprimento destes fins, o ámbito territorial de cada porto será o comprendido dentro dos límites da súa zona de servizo. As augas de cada porto serán as adscritas pola Administración do Estado.

Correspóndelle a Portos de Galicia as seguintes funcións:

A xestión da explotación das instalacións portuarias e dos demais bens adscritos ao seu patrimonio.

O fomento global da actividade económica no ámbito dos portos que dependen da Administración da comunidade autónoma, das actividades industriais ou comerciais directamente relacionadas co tráfico portuario e o fomento da investigación e desenvolvemento tecnolóxico en materias relacionadas coa explotación e construcións portuarias.

Poderá realizar coa iniciativa pública ou privada cantas operacións comerciais e industriais considere convenientes e xestionará todas as obras, instalacións e servizos, podendo celebrar, para estes efectos, calquera clase de negocios xurídicos.

1.2.4. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

CENTRO TECNOLÓXICO DO MAR

O Centro Tecnolóxico do Mar é unha fundación de interese galego que nace no ano 2001 pola iniciativa da Consellería do Mar e a Dirección Xeral de I+D+i da Xunta de Galicia e do Ministerio de Ciencia e Innovación.

O obxectivo fundamental do Centro Tecnolóxico do Mar é impulsar a cooperación entre institucións, centros de investigación e sector marítimo-pesqueiro, así como fomentar a implica-

ción dos sectores dependentes do mar en actividades de I+D+I e favorecer a eficiencia de todas as actividades relacionadas co uso e explotación do medio mariño.

As accións do Centro Tecnolóxico do Mar esténdense ao ámbito nacional, europeo e internacional, e son beneficiarias da súa actividade todos os sectores públicos e privados relacionados co mar e os seus recursos, e o medio mariño en xeral.

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2018

II.1. DA CONSELLERÍA

Falar do eido marítimo-pesqueiro en Galicia é falar dunha actividade que, por xunto, ten un valor fundamental na nosa economía. Se tivésemos que definir un trazo diferencial da economía galega sobre a europea, este sería a importancia na nosa economía da pesca, do marisqueo e da acuicultura, ao que habería que engadir toda unha importante cadea mar-industria.

Non existe ningún país europeo no que as actividades primarias do sector pesqueiro e a súa capacidade de indución de actividade industrial teñan un peso tan relevante no PIB, que se achega ao 2,1 % e que engloba a máis de 50.000 persoas no seu emprego directo. Este conxunto de datos leva a que o Valor Engadido Bruto da pesca e da acuicultura sexa en Galicia 25 veces superior ao da Unión Europea e máis de seis veces superior ao de España.

Neste contexto ten, pois, especial relevancia contar cunha ferramenta orzamentaria que sexa capaz de dar pulo constante a esta actividade e ás súas potencialidades. A este respecto, a forma fundamental da mesma ha de ser consecuente e coordinada co definido na Política Común de Pesca, xa que é a liña estratéxica marcada por esta quen define tamén as contempladas no fondo económico que o acompaña (Fondo Económico Marítimo e da Pesca – FEMP). Xa que logo, ter conseguido que esta estrutura normativa e o seu acompañamento orzamentario se achegase aos postulados de Galicia trae aparelado unha mellor e maior capacidade de investimento orientado ás necesidades do noso sector marítimo – pesqueiro e da súa cadea mar-industria.

Cómpre, pois, aplicar as posibilidades económicas do FEMP e as propias en desenvolver potencialidades e corrixir aspectos que lastran a nosa competitividade, facendo, asemade, unha boa aplicación doutros fondos económicos de xeito que se complementen e supoñan un afondamento na busca de sinerxías a prol do sector. Ademais, acompasar actuacións xurídico-administrativas e planificacións suporá ter o mellor taboleiro sobre o que desenvolver a aposta financeira que nos da o orzamento.

Avanzar na consecución de maior valor engadido polos produtos da pesca toda vez que as posibilidades de captura son limitadas; conseguir unha redinamización da acuicultura como fórmula de xeración de emprego e riqueza nas zonas costeiras non urbanas, expandir a potencialidade produtiva do marisqueo e consolidar a súa capacidade de integración de modelos de traballo asociativo son elementos fundamentais neste orzamento que se propón. Ademais, hai que sumar que o eido marítimo-pesqueiro acubilla aínda moitas posibilidades de diversificación e complementación económica e laboral que deben seguir sendo exploradas e explotadas.

Tendo en conta este contexto e estas premisas de actuación, a continuación detállanse as principais liñas de acción da consellería para o ano 2018.

No marco da xestión do eido marítimo – pesqueiro, a progresiva incorporación das diferentes variables que poden afectar ao sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola galego han de

ter necesaria imaxe nas accións administrativas desenvolvidas desde as entidades de Goberno autonómico. Así, vese con especial interese, en canto a que esa é tamén a liña pola que se conduce Europa, a adopción de liñas de actuación que leven á consecución e mantemento dunha actividade marítimo-pesqueira que sexa social, económica e ambientalmente sostible, para o que se deben dispor as ferramentas normativas, administrativas e financeiras axeitadas e especialmente dedicadas.

Neste senso, a variación progresiva das posibilidades de pesca e a importancia nas contas dos custes de explotación fan que sexa imposible adecuar a actividade pesqueira a marxes de sostibilidade e rendibilidade polo aspecto de aumento das capturas, levándonos á necesidade de manter esta viabilidade a través de medidas que afiancen e aumenten a valorización dos produtos e consigan un valor engadido mediante o seu procesado.

Neste eido, o papel preponderante que a pesca artesanal ten nas nosas costas fai que sexa necesario apostar pola súa valía como elemento de dinamización económica e emprego. De aí que se continúe coa aplicación e execución das medidas contidas no Plan de Acción de Desenvolvemento, Competitividade e Sostibilidade da pesca costeira artesanal de Galicia, executando medidas dirixidas principalmente a multiplicar o emprego e formación a bordo, á mellora da comercialización e á reactivación de instalacións de produción de semente de bivalvos, permitindo que esta flota teña acceso preferente aos 158 millóns de euros contidos no eido destinado á flota dentro do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP) que se achega a Galicia.

Do mesmo xeito, o progresivo avance na profesionalización do sector marisqueiro permite agora abordar outras medidas que leven a dispor a plena sostibilidade desta actividade, de forma que se afirme sobre un sistema de semicultivo, que complemente as liñas de ascenso produtivo, equilibre as posibilidades de extracción e reforce as tarefas de expansión das zonas de traballo levadas a cabo nos últimos tempos na busca da recuperación produtiva e no aumento da capacidade de xeración laboral e económica do marisqueo. Ao mesmo tempo, débese avanzar na liña de recuperación produtiva establecendo mecanismos que permitan a restauración da normal actividade en áreas nas que, por diversos motivos, non se podía exercitar.

De forma coincidente cos eidos anteriores, a acuicultura debe recuperar e afianzar a capacidade de promoción económica e laboral que tivo e ten en numerosas zonas da nosa comunidade, facéndoo dunha maneira harmónica e compatible coa sostibilidade ambiental dos emprazamentos onde se localiza. Neste senso, débese traballar de maneira coordinada a prol de establecer unha planificación axeitada que se vexa acompañada das medidas legais, administrativas e económicas que permitan executala para conseguir o obxectivo do relanzamento da actividade acuícola en Galicia.

Ademais, soste e dotar de plena competitividade ao sector mitilicultor ha de ser unha cuestión imprescindible. Por iso se continuará co apoio económico preferente a este sector dentro das liñas orzamentarias de apoio ao eido acuícultor, de cara a acadar unha maior calidade dos produtos, incrementar a produción actual e lograr unha maior sostibilidade ambiental.

Asemade, no eido transformador disporase un apoio consecuente coa aprobación e posta en marcha do Plan Estratéxico da Conserva Galega Horizonte 2020, que busca preservar a competitividade e sostibilidade deste importante ámbito produtivo, con gran relevancia laboral e de obtención de valor engadido.

No mesmo senso, a atención a aqueles aspectos de eminente actuación proactiva da Administración autonómica han de ir dirixidos cara a adopción de medidas que permitan dispoñer das mellores situacións posibles para o desenvolvemento das actividades ligadas ao mar, con dedicada atención ás infraestruturas portuarias, onde a operatividade e plena capacidade loxística debe ser apuntalada, e á seguridade da vida humana no mar e á loita contra a contaminación, onde o adecuado proceso de dotación de medios técnicos e humanos ha de ser referendado cunha planificación exhaustiva da coordinación e cooperación en caso de darse eventos nestes ámbitos.

No sentido exposto, as liñas de actuación desta consellería, perseguirán, fundamentalmente, os seguintes obxectivos no exercicio orzamentario correspondente ao ano 2018:

- A xestión eficaz e eficiente dos fondos económicos, especialmente dos comunitarios.
- A xestión responsable e sostible dos caladoiros e da nosa costa.
- O desenvolvemento da acuicultura no noso litoral en harmonía co medio ambiente, dunha forma estruturada e planificada, de acordo coas tendencias instauradas en Europa e coa coordinación e compatibilidade con outras actividades preexistentes.
- A recuperación do medio mariño e de zonas aptas para a reprodución dos moluscos bivalvos, así como a volta á actividade produtiva normal naqueles bancos onde se perdeu por diferentes motivos
- A mellora dos rendementos do sector do marisqueo e da acuicultura.
- A potenciación das industrias de transformación e comercialización e da súa integración como parte fundamental da estrutura de continuidade social e económica do eido marítimo- pesqueiro
- O desenvolvemento das zonas costeiras, con especial atención a diversificación das actividades e á complementación económica das actividades marítimo -pesqueiras.
- O desenvolvemento e consolidación dun sistema de coñecementos aplicados ao mundo do mar que permitan avanzar nos obxectivos de sostibilidade enunciados. En especial:
- A investigación mariña aplicada ao eido ambiental.
- A determinación de novas liñas de investigación nos campos sociais da actividade, con dedicada atención aos aspectos normativos e políticos do eido europeo e mundial no contexto da reforma da Política Común de Pesca.
- Elaboración dunha liña de xestión dos portos conforme a unha progresiva especialización destes, con proxectos individualizados para cada un, atendendo ás súas necesidades específicas e ao mantemento da operatividade diaria dos mesmos

- O desenvolvemento dunha liña de mellora da operatividade e eficacia e da eficiencia dos fondos destinados ás funcións de loita contra a contaminación e seguridade da vida humana no mar, para o cal se atenderá:
 - ás medidas para mellorar e adecuar a coordinación e a planificación da loita contra a contaminación mariña accidental e o salvamento marítimo.
 - á dotación de medios e medidas para a inspección pesqueira, con especial atención ao disposto para o control hixiénico-sanitario dos produtos mariños á venda.

As actuacións referidas concréntanse na adopción das seguintes medidas:

- Desenvolvemento da actividade acuícola, con especial énfase no tinxinte aos empra- zamentos e á súa adecuación ambiental, social e ambiental e apoio económico para o seu desenvolvemento, así como da expansión e mellora produtiva da actividade mitilicultora.
- Intensificación do apoio ás industrias de transformación do sector.
- Reforzamento dos equipamentos nos portos pesqueiros, con especial atención a aque- les que facilitan a operatividade e loxística diaria a eficiencia enerxética e as dirixidas a facilitar o cumprimento da obriga de desembarque de todas as capturas
- Actuacións de recuperación das zonas improdutivas e da restauración da normal activi- dade extractiva naquelas áreas onde non se permitía por diversas causas
- Formación dos traballadores e traballadoras do sector.
- Mellora da comercialización dos produtos da pesca, especialmente no tinxinte á promo- ción como fórmula de valorización dos produtos do mar
- Diversificación de actividades da poboación activa do sector pesqueiro.
- Potenciación dos cultivos mariños, incrementando a súa produtividade e modernizando a súa tecnoloxía.
- Medidas tendentes a procurar a mellora da calidade dos produtos así como a dos procesos da súa elaboración.
- Adaptación do sistema formativo e da investigación para atender as novas demandas sociais, económicas e técnicas.
- Reforzamento das liñas de investigación e iniciación de novos proxectos.
- Mantemento dos sistemas de información avanzados nas lonxas e nas confrarías de pescadores.
- Apoio ao desenvolvemento racional dos espazos portuarios

No eido marítimo-pesqueiro, compre atender dúas cuestións que, conforme ás novas liñas marcadas pola nova Política Común de Pesca e coa situación actual do sector, se revelan fun- damentais, como son o afondamento na capacidade produtiva e a diversificación da estrutura económica das zonas costeiras non urbanas. Para tal fin contamos co apoio que presta o novo Fondo Europeo Marítimo e da Pesca e que recolle, en boa maneira, ambas liñas.

Xa que logo, cómpre avanzar na disposición de maiores dispoñibilidades de pesca mediante un avance no coñecemento do estado dos recursos, e na adecuación da flota aos mesmos mediante unha mellora da súa competitividade, alén de buscar un maior valor engadido aos produtos, especialmente a aqueles que hoxe non contan cun mercado amplo ou coñecido. Ademais, debemos seguir gañando capacidade produtiva no eido marisqueiro, traballando pola súa conversión nunha labor de semicultivo ou cultivo, e aproveitando as sinerxías que a estrutura acuícola galega pode achegar neste senso. Por último, nesta liña de avance da capacidade produtiva, a acuicultura, debe relanzar a súa potencialidade para achegar riqueza e emprego desde unha óptica de complementariedade coa actividade extractiva.

No tinxinte á segunda liña, cómpre, logo de ver o éxito da aplicación das liñas do Eixe 4 do FEP na contorna litoral galega, afondar e ampliar a aposta por esta tarefa de diversificación da estrutura laboral e produtiva relacionada coas actividades marítimo-pesqueiras, servindo estas como piar de apoio e permitindo que a dependencia do mero eido extractivo sexa unha oportunidade e non un risco.

II.2. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA (INTECMAR)

As principais liñas de acción de INTECMAR no ano 2018 son as seguintes:

- Control da calidade do medio mariño:
 - Desenvolvemento do programa de control da calidade do medio mariño en canto ás condicións oceanográficas e á bioxeoquímica mariña.
 - Aplicar a normativa sobre calidade das augas e da produción de moluscos bivalvos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura (Anexo II, Regulamento UE 854/2004), en concreto no desenvolvemento dos seguintes programas:
 - Programa de control da calidade do medio mariño en canto ás biotoxinas mariñas.
 - Programa de control da calidade do medio mariño en canto á contaminación química (metais pesados, compostos organoclorados e hidrocarburos).
 - Programa de control da calidade do medio mariño en canto á contaminación microbiolóxica.
 - Programa de control da calidade do medio mariño en canto ao fitoplancto
 - Desenvolvemento do programa de control zosanitario: control patolóxico de moluscos e peixes.
 - Apoio ao desenvolvemento da rede de oceanografía operacional en Galicia nas súas vertentes de observación, predición e diseminación de datos oceanográficos.

- Plan territorial de continxencias e loita contra a contaminación mariña accidental:
 - Dar cumprimento ás asignacións que o Plan Territorial de Continxencias pola contaminación mariña en Galicia reflicte para INTECMAR. (Decreto 135/20016, polo que se regula a estrutura e organización do Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental da Comunidade Autónoma de Galicia).
 - Revisión e actualización dos capítulos do Plan Camgal.

- Outras liñas de acción:
 - Continuarase co traballo de implementación do programa de control da calidade do medio mariño, en canto a contaminación virolóxica, así como á inclusión das técnicas virolóxicas no alcance de acreditación de ENAC, para poder levar a cabo a realización do control oficial destes parámetros. Neste mesmo ámbito, se continuará co estudo europeo organizado pola EFSA (Axencia Europea de Seguridade Alimentaria) para determinar a prevalenza do Norovirus en ostras nas zonas de produción e centros de expedición. Cabe lembrar que o estudo ten unha duración 2 anos, foi iniciado en novembro de 2016 e o Intecmar foi o laboratorio designado polo MAPAMA para a realización das análíticas de tódalas mostras recollidas no Reino de España.
 - Continuarase a colaboración con Augas de Galicia para un mellor coñecemento da incidencia dos puntos de vertidos que afectan ao litoral na contaminación microbiolóxica das augas para abordar e optimizar as accións de mellora que garantan a calidade das mesmas.
 - Continuarase co traballo, xa consolidado, de análises de mostras procedentes doutras Comunidades Autónomas e outros clientes.
 - Levar a cabo o acordo de colaboración entre a Consellería de Sanidade e o Intecmar, no tocante á transmisión de información sobre as zonas de produción de moluscos e a realización de análises de biotoxinas mariñas dentro do programa de control de salubridade de moluscos, que a Dirección Xeral de Saúde Pública desenvolve e no marco da Rede Integrada de Laboratorios de Interese en Saúde Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (REDGALICIA) .
 - Continuarase co traballo de elaboración de Estudos Sanitarios das zonas de produción de moluscos bivalvos da Comunidade Autónoma de Galicia. Estes estudos implican a identificación de fontes potenciais de contaminación fecal das zonas de produción e o análise do seu posible impacto sobre a calidade microbiolóxica dos recursos.
 - Continuarase co control técnico- sanitario do sistema de reinstalación para os moluscos bivalvos vivos recollidos nas zonas de produción clasificadas como de clase C.
 - Continuar co avance na constitución da Infraestrutura de Datos Espaciais (IDE) do INTECMAR, que da servizo as diferentes aplicacións empregadas para a implementación das aplicacións do visor de INTECMAR en soporte XIS.

- Continuar coa participación nos Grupos de Traballo técnicos tanto a nivel autonómico, nacional e internacional: GT de Desenvolvemento e Tramitación do Regulamento e XIS Corporativo; GT Fitoplancton (DG SANCO); GT Moluscos Bivalvos (DG SANCO); GT OMI OPRC-HNS (Organización Marítima Internacional Protocolo de Cooperación, Preparación e Resposta por contaminación por substancias nocivas e potencialmente perigosas) en colaboración coa Dirección Xeral da Mariña Mercante.
- Fomentar a observación en tempo real das condicións océano-meteorolóxicas da costa galega a través da rede de observación “Observatorio RAIA” na que participa, co obxectivo de consolidar a oceanografía operacional na marxe Ibérica para axudar, entre outros, ao desenvolvemento de ferramentas para a prevención dos desastres naturais e dos episodios de contaminación.
- Continuar coa participación en proxectos de investigación de ámbito nacional e internacional.
- Continuar coa colaboración con centros educativos facilitando a realización de prácticas, tanto de ciclos medios e superiores de Formación Profesional como de grao universitario.

II.3. DAS ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS

PORTOS DE GALICIA

A xestión de Portos de Galicia durante os últimos exercicios sufriu unha importante transformación buscando a prestación das súas actividades de acordo coa súa lei de constitución sobre a base de criterios de eficacia e eficiencia económica, buscando a máxima rendibilidade sen rebaixar o nivel de prestación dos servizos e a atención ás necesidades dos seus usuarios e das diversas empresas que realizan a súa actividade no dominio público portuario. Ademais como medida complementaria e, dentro das dispoñibilidades orzamentarias, continuou o desenvolvemento da construción, ampliación e mellora das infraestruturas portuarias.

Todo elo para a consecución dunha sociedade galega máis cohesionada e buscando unha economía máis competitiva nos momentos que se están a dar dende o punto de vista do comercio e da actividade en xeral.

Para elo, establecéronse estratexias de crecemento, aumentando a capacidade competitiva co incremento da produtividade, da mellora da xestión, da valorización do seu capital humano e recursos materiais así como da implantación de novas tecnoloxías, e todo iso, co total respecto aos principios do desenvolvemento sostible, ademais de afrontar as melloras das infraestruturas portuarias existentes ou a creación de novas que resulten necesarias para o axeitado desenvolvemento das actividades portuarias, adecuándose ás novas dotacións orzamentarias.

Os tráficos comerciais e pesqueiros no exercicio 2016 e o primeiro semestre de 2017 confirmaron unha caída da actividade nos primeiros e unha subida nos segundos. Se ben a análise dos datos de 2017 fai que as previsións sexan prudentes e se estime unha contención na previsión dos ingresos, fundamentalmente nos tráficos de mercadorías e no movemento de buques mercantes.

O sector da náutica deportiva está sufrindo de xeito importante a actual situación económica. Portos de Galicia continúa a facer un esforzo conxunto cos operadores privados iniciado en 2015 para poder revisar os modelos de explotación das instalacións en réxime de concesión que permita minorar o efecto negativo, como así foi nalgunhas delas.

Este escenario fixo que Portos de Galicia afrontase durante o exercicio 2015 e 2016 unha rexeneración do espazo económico, social e deportivo dos portos e zonas de influencia a través de catro liñas estratéxicas de actuación: crecemento, sostibilidade, eficiencia e TIC.

Deste xeito preténdese crear máis valor con menos impacto o que se reflectiría en reducir o consumo dos recursos, reducir o impacto no medio natural e incrementar os produtos e/ou servizos de valor de xeito sostible.

Dentro da liña estratéxica de crecemento, entendida como xeración de negocio e de recursos económicos, actuarase para o vindeiro 2018 en:

- Potenciar unha concepción multifuncional dos portos galegos, ampliando os seus usos a outras actividades, especialmente relacionadas co ocio e o deporte, e contribuíndo, polo tanto, ao aumento do atractivo do litoral galego.
- Integración dos portos galegos nas redes portuarias que permitan desenvolver as súas complementariedades ao tempo que se procura unha relativa especialización.
- A transformación do concepto tradicional dos portos como meros elementos de carga e descarga de mercadorías e pesca en plataformas intermodais que posibiliten a localización de novos procesos que permitan aumentar o valor engadido das mercadorías e que contribúan ao desenvolvemento económico e á creación de emprego.
- Favorecer a interrelación porto-ciudad mediante acordos de colaboración coas diferentes administracións desenvolvendo a planificación urbanística que permita que os cidadáns vexan os portos como entes xeradores de desenvolvemento nun ámbito compatible coa actividade cívica.

Dentro da liña estratéxica de sostibilidade actuarase en:

- Estimular a mellora continua do medio portuario e a súa xestión ambiental co obxecto de facilitar, a través da comunicación deste proceso, unha mellor comprensión do papel dos portos e os seus esforzos para chegar a un desenvolvemento sostible.
- Asegurar o máximo respecto ao medio.

- Incrementar a conciencia de seguridade, tanto dende o punto da prevención de riscos laborais como da seguridade como protección dos portos e das instalacións portuarias de acordo coa normativa internacional en vigor.

Dentro da liña estratéxica de eficiencia, actuarase en:

- Estimular a creatividade na realización dos procesos.
- Fomentar a comunicación entre a administración portuaria e os actores relevantes a nivel local (usuarios, clientes, público,...).
- Mellora e modernización dos servizos prestados nos portos.
- Xestión áxil e eficaz das actividades portuarias.
- Adoptar medidas eficaces para a mellora da calidade ambiental.

Dentro da liña estratéxica de TIC, actuarase en:

- Implementación de novos sistemas de xestión que faciliten ao máximo a relación dos usuarios coa administración portuaria.
- Profundar na mellora dos procesos administrativos internos.

Como consecuencia destes eixes búscase a integración dos portos galegos dentro dunha rede que permita a súa coordinación dentro dun sistema portuario competitivo, podendo así desenvolver as súas complementariedades.

II.4. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

CENTRO TECNOLÓXICO DO MAR-FUNDACIÓN CETMAR

O Centro Tecnolóxico do Mar-CETMAR é unha Fundación do sector público, promovida no ano 2001 pola Xunta de Galicia e a Administración Xeral do Estado. A Fundación propónse no ano 2018 consolidar as liñas de actuación formuladas como estratéxicas a medio prazo.

CETMAR ten como obxecto fomentar e executar accións para a conservación e aproveitamento responsable do medio mariño e dos seus recursos, en especial no que se refire ao litoral galego; incluíndo proxectos de investigación científica, desenvolvemento e innovación tecnolóxica.

As accións do Cetmar abarcan todas as áreas de coñecemento relacionadas coa investigación, desenvolvemento e innovación marítimo pesqueira, tanto en produtos como en servizos e procesos, nun marco xeográfico local, nacional e internacional. Tal é así, que dende a súa creación, o Cetmar traballou con 600 institucións en máis de 55 países, onde é recoñecido como

un centro internacional de referencia gracias a súa alta capacidade relacional, a súa eficiencia na xestión dos recursos na maximización dos resultados dos traballos.

En cumprimento dos obxectivos fundacionais, Cetmar seguirá desenvolvendo proxectos de investigación e innovación aplicada para o complexo mar-industria e a prestación de servizos tecnolóxicos a empresas, institucións e administracións públicas.

As súas Áreas de especialización son:

- Promoción e Transferencia de Tecnoloxía.
- Tecnoloxía dos Produtos Pesqueiros.
- Control e Xestión do Medio Mariño
- Formación.
- Socioeconomía da Pesca.
- Unidade de Tecnoloxía Mariña.
- Cooperación Internacional.

No cumprimento deste obxecto, CETMAR vén desenvolvendo, entre outras accións, proxectos de I+D+i e accións de cooperación internacional en diversos países (América Latina, África, etc.), así como proxectos de carácter transfronteirizo, nacional e europeo dentro das diferentes áreas de traballo.

Cetmar pretende consolidar o seu carácter internacional (proxectos europeos, cooperación internacional e licitacións internacionais), promovendo cando menos 12 proxectos con financiamento internacional.

Incrementar a súa cota de mercado na prestación de servizos tecnolóxicos avanzados (obxectivo de facturación: 850.000 €) é outro dos obxectivos para este exercicio, así como o desenvolvemento de proxectos innovadores no sector.

A actuación da fundación CETMAR para o ano 2018 enmárcase no Eixo Estratéxico da innovación recollido no reto I do Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020, implementando medidas para mellorar a competitividade baseadas na investigación e o desenvolvemento tecnolóxico no sector marítimo pesqueiro.

Para isto, as principais liñas estratéxicas son as que se enumeran a continuación

- Xestión sustentable do medio e dos recursos mariños.
- Xestión da innovación, divulgación e transferencia de coñecemento.
- Dinamización e diversificación do tecido social e produtivo.
- Gobernanza, marco regulatorio e políticas públicas.
- Seguridade alimentaria.

-
- Impacto económico do complexo mar-industria.
 - Cambio climático en ecosistemas mariños e litorais.
 - Estudos e análises sobre comercialización de produtos pesqueiros.
 - Para a execución das mesmas no ano 2018, Cetmar centrarase en actividades de:
 - Ordenamento xurídico nacional e internacional do sector marítimo pesqueiro; marcos legais regulatorios, análises e avaliación de políticas públicas.
 - Elaboración e seguimento de redes oceanográficas de observación.
 - Loita contra a contaminación mariña e seguridade marítima.
 - Plans de recollida de residuos e lixo mariña.
 - Plans para a protección e recuperación da biodiversidade e ecosistemas mariños e os relacionados coa acuicultura.
 - Creación e mantemento de bases de datos marítimo pesqueiras.
 - Mantemento e xestión de estacións meteorolóxicas no mar.
 - Manter a presenza da Fundación Cetmar nos foros internacionais que se realicen.
 - Consolidar as alianzas estratéxicas con socios internacionais de proxectos de I+D+i.

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 422K - ENSINANZAS PESQUEIRAS:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Con este programa perséguese o obxectivo de garantir o funcionamento básico e a continuidade da oferta pública de calidade de ensinanzas náuticas, marítimo e pesqueiras nas súas diversas modalidades de formación non regrada marítimo - pesqueira e dos seguintes ciclos regrados de formación profesional específica: técnico en navegación e pesca de litoral, técnico superior en transporte marítimo e pesca de altura, técnico en mantemento e control da maquinaria de buques e embarcacións, técnico superior en organización do mantemento de maquinaria de buques e embarcacións, técnico en cultivos acuícolas, técnico superior en acuicultura e técnico en operacións subacúaticas e hiperbáricas.

Por outro lado, o tránsito á vida laboral é un dos aspectos máis relevantes nos novos enfoques da formación profesional. Dentro das iniciativas que se teñen revelado como máis eficaces para producir con éxito ese tránsito está o modelo de empresa tutelada. Este modelo facilita un período de práctica laboral nun ámbito de empresa simulada, no cal se reproducen os medios e procesos de produción e xestión reais, pero en que a titularidade dos medios de produción é da Administración responsable do proceso de formación. Isto tamén é unha necesidade que atende este programa mediante a convocatoria de bolsas de formación para os/as titulados/as en ciclos formativos de acuicultura a realizar no IGAFa.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

A poboación que quere recibir formación náutico marítimo-pesqueira co obxecto de acceder profesionalmente ao sector marítimo-pesqueiro ou seguir permanecendo neste para o cal precisan certa formación de continuidade e reciclaxe.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A situación de partida é fomentar e potenciar a formación da poboación mariñeira, o acceso a formación náutico marítimo-pesqueira, con especial incidencia na formación permanente de adultos e dos ciclos formativos de grao medio e grao superior.

Estas accións formativas desenvólvense nos portos e confrarías do litoral galego e nos centros de formación profesional pesqueira e de acuicultura dependentes desta consellería, situados en Ferrol, Ribeira, A Illa de Arousa e Vigo.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

A realización deste programa encádrase como gasto financiable, que se tramita como unha actividade cofinanciada, cunha participación dun 75 %, dentro do marco do Programa FEMP 2014-2020, na aplicación orzamentaria 640.I Formación profesional náutico marítimo-pesqueira.

O resto das aplicacións deste programa son actividades e actuacións que se financian con fondos propios.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A formación náutica e marítimo-pesqueira, impartida nos portos, confrarías e nos centros de ensino da Consellería do Mar, ten como finalidade a adecuación das ensinanzas as necesidades demandadas polo mercado laboral, a obtención dun emprego estable e de calidade e o aumento das condicións de acceso aos distintos sectores de produción, de extracción e servizos que xera o mundo da pesca e da acuicultura. A estratexia desenvolvida para acadar a finalidade deste programa baséase nas seguintes medidas:

- Dotación de equipamentos didácticos.
- Acondicionamento dos centros docentes.
- Accións de apoio e divulgación das actividades náuticas.
- Accións de apoio á formación profesional náutico e marítimo- pesqueira.
- Convocatoria de bolsas de formación para os/as titulados/as en ciclos formativos de acuicultura para a realización de prácticas no IGafa.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

As mulleres distan de atoparse en situación de igualdade cos homes no ámbito profesional do sector marítimo-pesqueiro. A poboación traballadora do sector do mar é eminentemente masculina, polo que a maioría de persoas que acceden á formación regrada e non regrada son homes.

No ano 2016 impartíuse formación a 3.479 persoas das que un 18,1% foron mulleres; estes datos mostran unha lenta pero constante mellora das condicións cara a igualdade, é preciso reforzar esta traxectoria para ampliar as oportunidades de acceso das mulleres á formación da familia marítimo -pesqueira.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	

Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

As actividades formativas prográmanse e desenvólvense en horarios que permitan a conciliación da vida familiar coa formación, fomentando deste xeito a participación dun maior número de mulleres.

Os horarios programados para a formación específica en marisqueo e cursos relacionados co tema, sector no que as mulleres son o grupo maioritario, establécense de tarde. Con esta medida conséguese que poidan exercer a súa actividade profesional e tamén familiar que é pola mañá, adaptándose a formación as súas necesidades.

Emprego de linguaxe non sexista nos itinerarios formativos regrados e non regrados e desagregación por razóns de xénero dos indicadores de seguimento utilizados

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

A ampliación da oferta formativa da familia marítimo-pesqueira, tanto nos centros de ensino dependentes desta consellería, como da formación impartida nos portos na que se inclúe tamén a formación para a obtención de certificados de mariscador/a e percebeiro/a, debe dar continuidade á traxectoria seguida ata hoxe ampliando as oportunidades de acceso das mulleres á formación da familia marítimo-pesqueira e deste xeito reducir a brecha de xénero no emprego.

Nesta mesma liña seguirase actuando, é dicir, maior oferta de cursos, flexibilización de horarios, adaptación as necesidades laborais dos/das participantes.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO, NO EXERCICIO 2016.

No ano 2016 impartíuse formación a 3.479 persoas das que un 18,1 % foron mulleres;

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

Non

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

III.1.2. PROGRAMA - 513A CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN PORTUARIA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Os investimentos que realiza o ente Portos de Galicia, adscrito á Consellería do Mar.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Os usuarios e usuarias das instalacións portuarias destinadas ao tráfico comercial e pesqueiro e das instalacións náutico deportivas, titularidade da comunidade autónoma.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Accesos a portos en malas condicións, peiraos de dimensións pequenas que hai que ampliar, avanzar na modernización dos servizos xerais así como na xestión administrativa e, escaseza de prazas de atraque para embarcacións recreativas, calidade medioambiental mellorable.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As atribucións que en materia de portos da comunidade autónoma lle corresponden pola Lei 5/1994, do 29 de novembro.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Obxectivos a conseguir neste programa de gasto:

- Ampliación e mellora das infraestruturas marítimas.
- Actuacións encamiñadas ao desenvolvemento e potenciación do transporte marítimo de mercadorías, a mellora da seguridade na operativa, atracción de novo tráfico e desenvolvemento do transporte intermodal. Deste xesto pretendemos que exista un transporte sostible alternativo á estrada e a potenciación do desenvolvemento das comarcas que favoreza a explotación dos recursos naturais que producen un maior volume de mercadorías.
- Entre estas actuacións están, a fabricación de módulos de dique flotante para o porto de Aguite a remodelación e ampliación do porto de Laxe (1ª fase- dragaxe) , a ampliación das instalacións portuarias/ dragaxe no porto de Foz as obras de abrigo, construción e instalación de barrera rompe ondas fixa (1ª fase) en Aldán , a remodelación da zona portuaria e mellora dos accesos marítimos en Noia e a sinalización marítima dos polígonos de bateas
- Mellora e modernización do desenvolvemento das actividades portuarias.
- Actuacións destinadas a facilitar as operacións portuarias tanto marítimas como terrestres, no incremento da calidade do valor engadido dos produtos, tanto mercadorías como pesca, manipulados nos portos, fomento da acuicultura e a mellora das actividades pesqueiras. Inclúense tamén as de almacenaxe, loxística e distribución, reparación.
- Iso redundará na execución das operacións en condicións de seguridade e máis rendementos levando a un maior desenvolvemento do entorno máis próximo e, en consecuencia, á xeración de máis emprego.
- Entre estas actuacións están a construción e instalación de pantaláns de 4ª lista na Illa de Arousa a ampliación de pantaláns no porto de Portosín e os pantaláns de embarcacións de acuicultura en Cabo de Cruz
- Incremento do atractivo do litoral galego e mellora da calidade medioambiental das instalacións portuarias.
- Para poder potenciar o uso das actividades turísticas, de lecer e deporte nas zonas onde se sitúan os portos e desa maneira desenvolve a industria auxiliar correspondente.
- Actuacións para a implantación nos portos das infraestruturas, equipamentos e procedementos necesarios para unha xestión medio ambiental eficaz, partindo da experiencia realizada no porto da Pobra do Caramiñal onde se implantou o sistema EMAS de xestión medio ambiental, pioneiro nun porto galego, dentro do programa LIFE.

- Entre estas actuacións están o acondicionamento do borde portuario en Porto do Son e a ordenación do paseo das Carolinas en Ribeira
- Ordenación xeral das zonas de servizo dos portos, mellora e modernización dos servizos xerais dos mesmos.
- Deste xeito intentase facilitar o desenvolvemento de distintas actividades portuarias, evitando as interferencias entre as mesmas, e ao mesmo tempo incrementar a seguridade das instalacións portuarias tanto na lámina de auga como nas superficies portuarias.
- Ademais para ampliar, mellorar e modernizar as redes de servizos xerais dos portos, tales como abastecementos de auga, saneamento, subministro de enerxía eléctrica, combustible, telefonía e transmisión de datos, etc. Deste xeito, ademais de mellorar a calidade da prestación dos servizos e optimización dos consumos, perséguese a diminución dos gastos de explotación e, con iso, a optimización da xestión económica. Por iso estanse desenvolvendo iniciativas en diferentes portos para a ampliación, mellora e modernización das redes de servizos.
- Xunto a isto, o estudo do clima marítimo, medicións do comportamento do medio mariño (ondas, correntes,...), a instalación de equipamento do medio mariño complementada co equipamento tecnolóxico para o coñecemento de factores climáticos, de marea,... e coa implantación de novas tecnoloxías de control de información. Neste aspecto, levaranse a cabo investimentos para prototipos para o desenvolvemento de enerxías renovables, a mellora das redes de servizos portuarios e o equipamento tecnolóxico que permita o procesamento de datos técnicos, climáticos e medio ambientais nos portos, que se complementará coa xa existente nos de Interese Xeral galegos.
- Entre estas actuacións están, o novo peche PBIP do porto de A Pobra, a mellora de medios de amarre e defensas no porto de Viveiro – Celeiro (2ª fase).
- Mellora da xestión organizativa do porto e adaptación as novas TIC.

Para poder conseguir o incremento da eficacia e da eficiencia dos portos e do propio sistema portuario, favorecendo unha relación áxil e cómoda dos clientes e usuarios coa administración portuaria e o uso das novas tecnoloxías da comunicación e información.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Portos de Galicia

III.1.3. PROGRAMA 514A - INFRAESTRUTURAS PESQUEIRAS :

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

As necesidades de dotación de equipamentos pesqueiros dos portos coa finalidade de modernizar e desenvolver os portos e fondeadoiros de pesca para mellorar os servizos ofrecidos e así convertelos nunha vantaxe competitiva.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Ao sector pesqueiro galego, con especial incidencia nos pescadores/as e mariscadores/as. Tamén atende necesidades doutros colectivos ligados ao sector pesqueiro como redeiras/os e acuicultores/as.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O sistema portuario pesqueiro galego presenta na actualidade un aceptable nivel de equipamento e unha ampla dotación que en xeral se atopa en bo estado de funcionamento, contando a practica totalidade cos servizos básicos e naqueles máis relevantes con servizos máis especializados. Aínda así hai deficiencias de nas instalacións ben sexa pola súa antigüidade e/ou por presentar problemas de obsolescencia tecnolóxica que obriga a súa substitución.

Da revisión das instalacións dos portos aparecen como elementos máis críticos o sistema informatizado de poxa en un estado de obsolescencia tecnolóxica avanzada e por outro as instalacións frigoríficas e de iluminación que presentan unha alta ineficiencia enerxética.

Existe unha moderada deficiencia de algúns equipamentos en especial nos adaptados a pequenas lonxas (frío, xeo) así como na dotación de clasificadoras de produto, tanto de bivalvos como de cefalópodos.

Un problema singular é a deficiencia no ancho de banda para o acceso a internet para a prestación dos servizos informatizados. Hai moitos portos onde os servizos se prestan a través da rede móbil cos problemas que isto presenta. Noutros ó acceso é por liña telefónica convencional e noutros aínda con fibra óptica o ancho de banda é reducido. A modernización do sistema de trazabilidade das notas de descarga e da poxa informatizada están condicionadas en gran medida por esta situación

Polo indicado faise necesario realizar investimentos novos nas seguintes liñas de actuación:

- Operatividade portuaria: Comprende aquelas actuacións ou dotacións relacionadas coas operacións de atraque dos buques, descarga da pesca e ao movemento de cargas dentro do porto tanto sexan produtos pesqueiros como elementos auxiliares da pesca e outros.
 - Primeira venda: Comprende aquelas actuacións ou dotacións implicadas no proceso de posta no mercado dos produtos pesqueiros dentro do ámbito portuario.
 - Servizos portuarios: Comprende aquelas actuacións vinculadas á prestación de servizos ás actividades pesqueiras en calquera das súas fases e necesidades.
 - Trazabilidade: Comprende aquelas actuacións implicadas no seguimento e control da actividade e a prestación de servizos administrativos informatizados.
 - Servizos ás persoas: Agrupa a aquelas instalacións e servizos que melloran a calidade das condicións de traballo dos colectivos do mar e promoven a igualdade de xénero.
 - Descartes, residuos e refugallos mariños: Comprende as actuacións dirixidas á eliminación de residuos e refugallos da actividade pesqueira e aquelas dirixidas a dar cumprimento ao establecido no artigo 15 do Regulamento (UE) nº 1380/2013 e no artigo 8, apartado 2, letra b), do Regulamento (UE) nº 1379/2013.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O programa desenvólvese no marco do Programa Operativo plurianual de Galicia do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A modernización e adecuación dos portos pesqueiros de Galicia as necesidades que demandan, por un lado, as garantías de calidade organoléptica e sanitaria, a trazabilidade do produ-

to, a adecuación ás novas tecnoloxías e formas de comercialización, e por outro, a mellora das condicións de traballo e de seguridade nos portos.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O programa financia gastos xerais en bens, servizos, proxectos e infraestruturas accesibles a toda a poboación.

Segundo os datos publicados por esta consellería nos estudos dos permisos de marisqueo e no proxecto OCUPESCA (www.pescadegalicia.com) o 23,91 % da poboación ocupada nos sectores extractivos da pesca e do marisqueo son mulleres, atopando que no ano 2015 no sector do marisqueo as mulleres representaban o 77,89 %.

Ata hai unha década as condicións nas que as mulleres desenvolvían a súa actividade non eran as máis axeitadas, sendo un obstáculo a superar para favorecer a incorporación ao sector pesqueiro en igualdade. Na actualidade están censadas preto de 3.458 mulleres no sector extractivo da pesca e do marisqueiro; xunto con este colectivo débese ter en conta a aquelas mulleres que se dedican á compra de produtos pesqueiros, das que se carece estudos que permitan cifrar a súa presenza nas lonxas dos portos pesqueiros.

Respecto ás actividades previstas, é difícil determinar con exactitude a situación de partida no que se refire ás cuestións de xénero sobre o que se desenvolverá este programa; non contando, no momento actual con datos estatísticos relativos á realidade obxecto do programa.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

As actividades previstas comprenden a todos/as os/as usuarios/as do porto pesqueiro onde se realizan as actuacións. Os proxectos que se financian, non teñen beneficiarios directos afectando indistintamente a mulleres e homes; aínda que o número de mulleres que se poden ver afectadas por estas actuacións non está claro, a súa posta en marcha pode ter impacto no seu traballo e na súa xomada laboral.

A mellora das condicións de acceso aos equipamentos portuarios fomenta a participación das mulleres na actividade da primeira venda, ao mellorar as condicións de traballo e incorporar servizos que facilitan o desenvolvemento do traballo polas mulleres (vestiarios e servizos, locais de traballo con mellor acceso, equipos de manipulación de cargas e outros).

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Sendo difícil determinar, o número de mulleres que se poden ver afectadas por estas actuacións non está claro, a súa posta en marcha pode ter impacto no seu traballo e na súa xomada laboral.

Agárdese que ao contemplar a presenza de mulleres como usuarias no deseño dos equipamentos portuarios e ao incorporar nestes recintos servizo que facilitan o desenvolvemento do traballo realizado por mulleres, se contribúa á redución da brecha de xénero.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

III.1.4. PROGRAMA 541C - PROTECCIÓN, CONTRA TÉCNICO-SANITARIO DOS PRODUTOS DO MAR, MELLORA DO MEDIO NATURAL MARIÑO E SALVAMENTO MARÍTIMO:

A. DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Protección e seguridade das persoas e dos recursos do medio natural marítimo como espazo no que se desenvolve a actividade pesqueira, marisqueira e acuícola, de xeito que constitúe non só o marco xeográfico común a estas actividades senón tamén o seu obxecto principal, posto que a conservación do medio e a preservación fronte a malas prácticas é o fundamento para a rendibilidade e a continuidade deste sector estratéxico.

Lograr unha explotación sostible dos recursos de interese pesqueiro, establecendo medidas de protección específicas e áreas delimitadas dos caladoiros tradicionais. Estas áreas en cuxa selección tense en conta o seu estado de conservación, reúnen determinadas características que permiten a mellora das condicións de reprodución das especies de interese pesqueiro e a supervivencia das súas formas xuvenís.

O interese, entre outros, é a promoción dun equilibrio sostible entre os recursos e a capacidade de pesca, o fomento da protección e mellora do medio ambiente e dos recursos naturais e promover o desenvolvemento na mellora da calidade de vida en zonas con actividades no sector da pesca.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Traballadores/as do sector pesqueiro e marisqueiro, consumidores e en xeral a todo o sector en cuxo ámbito territorial se produzan as condicións nos bancos marisqueiros que permitan establecer zonas protexidas das reservas mariñas.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Existencia dun risco permanente para a seguridade das persoas do mar e para a estabilidade do medio mariño, entre os que cobran especial importancia os accidentes no mar, a contaminación das augas e as malas prácticas e accións ilegais na actividade extractiva.

Na actualidade os espazos delimitados con especial protección estanse consolidando como zonas de interese pesqueiro ao permitir unha explotación sostida dos recursos mariños.

Por outro lado os espazos delimitados como de protección integral nos que unicamente se permiten actividades para a toma de mostras de flora e fauna con fins científicos e expresamente autorizados, están a achegar información valiosa que indican a consolidación.

Pártese de caladoiros tradicionais e desde o ano 2007 estanse pedindo investimentos que xeren sensibilización ambiental entre a poboación, o control e vixilancia das zonas protexidas que faciliten a rexeneración, conservación e protección da flora e da fauna do medio marítimo e da súa diversidade e a explotación controlada e planificada que permita a sostibilidade econó-

mica da poboación. Así mesmo establécese un protocolo científico que permite ir avanzando na consolidación da zona como de interese pesqueiro.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Plan de continxencias mariñas e loita contra o furtivismo. Programa operativo 2014-2020 do Fondo Europeo da Pesca, a través de medidas do seu eixo 3.
- Lei 11/2008, do 3 de maio, de pesca de Galicia.
- Lei 6/2009, do 11 de decembro, de modificación da Lei 11/2008 de pesca de Galicia.
- Decreto 87/2007, do 12 de abril, polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro "Os Miñarzos".
- Orde do 27 de novembro de 2007 polo que se regula o uso e xestión da reserva mariña de interese pesqueiro "Os Miñarzos".
- Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro, polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro "Ría de Cedeira".
- Orde do 26 de febreiro de 2009 pola que se modifica a Orde do 27 de novembro de 2007 polo que se regula o uso e xestión da reserva mariña de interese pesqueiro "Os Miñarzos".

Requírese a colaboración do Centro de Investigacións Mariñas e do Instituto Galego de Formación en Acuicultura e do Intecmar.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O litoral de Galicia ten un grande valor estratéxico derivado do feito de albergar espazos de grande importancia ecolóxica, cultural, social e económica.

A utilización intensiva dos espazos costeiros xera unha serie de desequilibrios ambientais que inciden directamente sobre os recursos pesqueiros e consecuentemente sobre a actividade económica e profesional o que depende deles. Isto deriva na necesidade de xestionar de forma coherente a pesca e demais actividades con incidencia no litoral, e de adoptar medidas específicas de protección das especies e hábitats asociados, en especial o control da actividade e a loita contra a contaminación.

Para iso establecemos espazos naturais no medio mariño con distintos niveis de protección que afectan a bancos mariños naturais e nos que se establecen vedas de reserva que permitan a recuperación das especies. Esta estratexia mantida no tempo facilitará a sostibilidade económica, ata a consolidación definitiva a partir do cal estas zonas serán xestionadas polo propio colectivo que estea directamente afectado, a sostibilidade social e ambiental do contorno.

A dita conservación e preservación non pode facerse fronte ao sector, senón ao contrario, da súa man e coa súa implicación activa. Este convencemento está na base da creación e posta en marcha de reservas mariñas de interese pesqueiro, co obxectivo de conservar a riqueza natural

das áreas mariñas e dotar ao sector de mecanismos específicos de conservación e de xestión pesqueira compartida.

Existen factores de risco para a estabilidade do medio mariño, e máis concretamente para a conservación dos recursos de interese pesqueiro, entre os que cobran especial importancia a contaminación das augas e as malas prácticas na actividade extractiva. Por iso resulta imprescindible contar cos suficientes mecanismos de control e prevención que garantan a detección e a reparación de posibles danos.

Así, os principios que inspiran este programa son os seguintes:

- Evitar os danos producidos por episodios de contaminación.
- Prevención e control das actividades que poidan afectar negativamente á sostibilidade dos recursos mariños, especialmente os de interese pesqueiro, así como dos seus hábitats.
- Aplicación da normativa sobre calidade das augas e da produción de moluscos bivalvos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura. En concreto, o control das condicións oceanográficas, bioxeoquímica mariña e poboacións fitoplanctónicas, das biotoxinas mariñas, da contaminación química e da contaminación microbiolóxica, tanto no referente aos organismos coma ás zonas de produción.
- A investigación para o coñecemento e control das patoloxías dos organismos mariños sometidos á explotación comercial mediante a pesca, o marisqueo e a acuicultura.
- A recompilación de toda clase de información técnica, científica e operacional, elaborando e mantendo bases de datos ao respecto cara a afondar na observación oceanográfica ao obxecto de proporcionar respostas a situacións de emerxencia no mar (contaminación mariña accidental, seguimento de obxectos á deriva,..).
- Asesoramento e apoio ao sector para a definición e establecemento de novas figuras de protección e xestión de áreas mariñas de interese pesqueiro, e a mellora dos seus mecanismos de xestión.

Actividades:

- Prevención e control da contaminación do medio natural mariño.
- Dotación de medios á inspección pesqueira e ao salvamento marítimo.
- Control da actividade pesqueira.
- Mellora no control das accións ilegais na explotación dos recursos.
- Contribuír á seguridade da vida humana no mar, participando en tarefas de rescate e salvamento.
- Aplicación da normativa sobre a calidade das augas e da produción de moluscos bivalvos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura (anexo II, Regulamento UE 854/2004).

- Seguimento e control das patoloxías dos organismos mariños sometidos a explotación comercial mediante a pesca, o marisqueo e a acuicultura.
- Decretar a apertura e o peche do exercicio da actividades pesqueira, do marisqueo e da acuicultura en función do resultado dos controis que se realicen sobre a calidade das augas e dos produtos.
- Mantemento das dúas reservas mariñas de interese pesqueiro existente e outras figuras de preservación dos recursos mariños.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Este programa configúrase como un instrumento para fomentar sistemas de xestión e ordenación pesqueira baseados nun modelo de explotación sostible, de xeito que se garanta a pesca e a preservación dos recursos e dos hábitats, harmonizando os intereses dos/as diversos/as usuarios/as. Estas figuras de protección e xestión quedan sometidas a un réxime específico de usos permitidos e condicións de acceso.

Dentro do desenvolvemento deste programa contéplase unha actividade de monitoreo social, concibido como un método de análise para a identificación e valorización de indicadores

sociais no escenario da Remip (usuarios/as directos/as e poboación local). En todos os indicadores está implantada transversalmente a variable de xénero.

Respecto das actividades previstas, polas súas características e diversidade, máis ben orientadas a actuacións sobre o medio mariño nas reservas mariñas, é difícil determinar con exactitude a situación de partida no que se refire a cuestións de xénero. Precisamente unha vez realizadas as avaliacións dos indicadores sociais é probable que se obteñan datos relevantes sobre a igualdade de oportunidades de mulleres e homes.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	

Outros (especificar)	
----------------------	--

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Fomentar a participación da poboación afectada polas zonas de reserva mariña (usuarios/as directos/as e poboación local) no respecto e na conservación do ecosistema mariño; respectando o principio de igualdade na formulación de propostas sobre a xestión destes espazos.

Contemplan a paridade de xénero na composición do órgano de xestión, seguimento e control (OXESCO), tanto nos/as representantes das consellerías, como nos/as representantes do sector pesqueiro.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Procurarase que actuacións e accións realizadas nas reservas mariñas proporcionen información suficiente para avaliar a redución da brecha de xénero.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTO DO XÉNERO, NO EXERCICIO 2015

O desenvolvemento das accións incluídas neste programa que corresponden ao Intecmar, non teñen impacto dende o punto de vista do xénero, porque son accións dirixidas sobre o medio mariño.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

As accións levadas a cabo polo Intecmar, por mor das funcións que este organismo ten encomendadas, de control da calidade do medio mariño, non permiten desenvolver estratexias para a incorporación da perspectiva de xénero na xestión.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

III.1.5. PROGRAMA 561A - PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA :

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa ten como finalidade desenvolver as actividades de I+ D+I no sector pesqueiro, dentro das competencias atribuídas á Consellería do Mar. O sector produtivo pesqueiro ten que reforzar a introdución de novas ideas, adaptación ás demandas e innovacións, polo que o incremento de I+D+I é unha das principais necesidades do sector. Por iso, no 2017 incrementáranse as actuacións de desenvolvemento de actividades innovadoras coa participación en novos proxectos, o incremento das actuacións de desenvolvemento tecnolóxico de colaboración empresarial con centros tecnolóxicos e de investigación e o impulso da transferencia tecnolóxica.

A labor de investigación busca solucionar os problemas concretos que presenta o sector relativos aos aspectos biolóxicos que mediatizan o seu desenvolvemento (taxas de mortalidade, plans de cultivo, explotación de novas especies).

Así mesmo, búscase transferir ao sector produtivo a tecnoloxía acadada (produción de semente, cultivo en minicriadoiros, protocolos de actuación, etc.).

Doutra banda, o programa contribúe á formación de persoal investigador, tanto técnico como titulados e tituladas superiores, para acadar unha masa crítica que garante unha maior optimización e utilización dos recursos mariños.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións van dirixidas ás empresas do sector pesqueiro e aos centros tecnolóxicos e de investigación.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Cómpre consolidar os centros tecnolóxicos e de investigación dependentes da Consellería do Mar para que contén cos medios e co persoal cualificado para desenvolver este tipo de actividades, e de incentivar o aumento da competitividade empresarial coa mellora tecnolóxica, a formación e a innovación que son prioridades sinaladas polo Plan Estratégico de Galicia.

A estrutura produtiva actual de Galicia caracterízase polo reducido tamaño das empresas e unha especialización sectorial na que non destacan as actividades de alta tecnoloxía. O sector pesqueiro non escapa a esta caracterización e faise necesario un cambio de cultura empresarial, para que se pase a considerar I+D+i como un factor estratéxico para o futuro. Co fin de non hipotecar a independencia científica e tecnolóxica, e competir no desenvolvemento do noso tecido económico, é moi importante apostar por unha investigación básica suficiente e de calidade.

Na execución deste plan xogará un papel moi importante toda a comunidade científica galega, sen exclusión de ninguén, coa necesaria coordinación por parte deste departamento, na procura de optimizar o capital humano co que conta Galicia, implicándoos no desenvolvemento das distintas accións programadas, evitando que os técnicos traballen sen coordinación e sen coñecemento das distintas iniciativas que se pretenden desenvolver. No desenvolvemento deste plan xogará un papel moi importante o Centro de Investigacións Mariñas da Consellería do Mar, nas súas sedes de Ribadeo e Vilanova de Arousa, así como o Cetmar.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O programa participa nas convocatorias de plans nacionais de cultivos mariños así como en convocatorias tanto nacionais e europeas de I+D: plan nacional de I+D, planes nacionais de acuicultura, INTERREG Europe, Horizon 2020 programme.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A labor de investigación busca solucionar os problemas concretos que presenta o sector relativos aos aspectos biolóxicos que mediatizan o seu desenvolvemento (taxas de mortalidade, plans de cultivo, explotación de novas especies).

Así mesmo, búscase transferir ao sector produtivo a tecnoloxía acadada (produción de semente, cultivo en minicriadoiros, protocolos de actuación, etc.).

Doutra banda, o programa contribúe á formación de persoal investigador, tanto técnico como titulados e tituladas superiores, para acadar unha masa crítica que garante unha maior optimización e utilización dos recursos mariños.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
---	--

Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Este programa leva a cabo accións de investigación, desenvolvemento e innovación no sector pesqueiro. Os beneficiarios son a sociedade galega en xeral, no caso de demanda pública de investigación, ou empresas que demandan colaboracións ou servizos en proxectos de I+D+i. Non é doado afrontar estas tarefas dende unha perspectiva de xénero cos beneficiarios potenciais, pero si ter en conta esta dende o punto de vista dos actores do programa.

Dende unha perspectiva de xénero, os actores executores destas accións son investigadores, tecnólogos e persoal de apoio á I+D+i, que ou ben forman parte dos cadros de persoal dos centros de investigación ou ben son contratados ex profeso para realizar ou colaborar nestes proxectos.

Neste último caso, os procesos selectivos de persoal laboral temporal incorporan nas súas bases previsións legais que garanten unha perspectiva de xénero. Tal é o caso das Comisións de selección dos candidatos que son constituídas seguindo o principio de paridade entre homes e mulleres, nos termos establecidos no artigo 36 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, modificada pola Lei 2/2007, do 28 de marzo de traballo e igualdade das mulleres de Galicia.

E tamén que en caso de empate, este resolverase a favor da muller no suposto de infrarepresentación do sexo feminino (entendendo por tal, cando exista unha diferenza porcentual de, polo menos vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes), de conformidade co disposto no artigo 37 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes.

Como obxectivo en materia de igualdade que pode ser de aplicación no desenvolvemento das accións deste programa pode ser acadar, de ser o caso, unha representación equilibrada de homes e mulleres en todas as categorías profesionais do persoal que leva a cabo o programa.

Este obxectivo xa é cumprido en moitas categorías profesionais onde tradicionalmente as mulleres teñen demostrado unha cualificación media superior, como é o persoal de laboratorio (analistas e auxiliares de laboratorio) e recentemente no persoal investigador, pola mellor competencia no proceso formativo académico respecto aos varóns.

Na actualidade, na Consellería do Mar están desempeñando o papel de investigador/a un total de 10 mulleres (53 %) e de 9 homes (47 %); o reparto en canto ao persoal auxiliar ou técnico/a son 16 mulleres (89 %) e 2 homes (11 %).

Aínda que as series publicadas polo INE mostran unha lenta pero constante mellora das condicións cara a igualdade, é necesario reforzar esta traxectoria para ampliar as oportunidades das mulleres na sociedade do coñecemento

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	

Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

As actividades previstas comprenden inicialmente a todo o sector pesqueiro e acuicultor e por extensión pódese considerar que poden afectar a toda a sociedade.

Convocatoria de acceso a financiamento de proxectos de investigación nos que se contemple a igualdade de oportunidades para ámbolos dous xéneros; eliminado aqueles requirimentos que poidan establecer situacións discriminatorias por este criterio.

Uso de linguaxe non sexista nas convocatorias e desagregación dos indicadores de seguimento empregados.

Nas convocatorias de bolsas para a incorporación de persoal nos distintos equipos investigadores, procurarase introducir, sempre que legal e temporalmente sexa posible, requisitos e cláusulas dirixidas a fomentar a igualdade de oportunidades entre ámbolos dous xéneros.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Respecto dos programas de investigación financiados co programa 561A é difícil determinar con exactitude a situación de partida desde a perspectiva de xénero.

A composición dos equipos de investigación está equilibrada en canto a investigadores/as; as limitacións orzamentarias para a incorporación de investigadores/as no ano 2016 impedirán que o escenario contemplado na descrición deste programa varíe, manténdose unha representatividade do 53 % de mulleres e 47 % de homes (na área de mar da consellería).

En calquera caso, o I+D+i constitúe un factor estratéxico para coñecer o impacto da investigación no desenvolvemento do noso tecido económico, apostando por unha participación paritaria de mulleres e homes cara a alcanzar un sociedade do coñecemento saudable e igualitaria.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTO DO XÉNERO, NO EXERCICIO 2015

Este programa non tivo efectos salientables dende o punto de vista do xénero.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

Non se implantaron novas estratexias.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

III.1.6. PROGRAMA 721A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE POLÍTICAS PESQUEIRAS

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O funcionamento dos servizos administrativos da consellería, distribuídos nos seus diferentes centros xestores: servizos centrais, servizos territoriais en Celeiro, Vigo e A Coruña, e as delegacións comarcais localizadas en Ferrol, Ribeira, Pontevedra e Carril, así como á mellora de infraestruturas nos citados centros administrativos co fin de conseguir unhas mellores condicións de traballo para o persoal ao servizo da consellería e en xeral os investimentos asociados ao funcionamento dos servizos administrativos.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Persoal da Consellería do Mar así como as persoas usuarias dos seus servizos.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A consellería, nos seus servizos centrais, ten centros xestores situados en diferentes edificios e lugares da cidade. Na necesaria coordinación, esta dispersión provoca un incremento de gastos,

tanto correntes, como de investimento asociado ao funcionamento operativo dos servizos. Dispón, así mesmo, dunha importante flota de vehículos asociados ás súas funcións básicas.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Disposicións legais: Na execución deste programa veranse afectadas as principais leis de dereito administrativo (procedemento, persoal, xestión orzamentaria, contratación...).

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

As actividades nas que se concreta a estratexia deste programa son as seguintes:

- Xestión do persoal do departamento na área do mar.
- Tramitación do gasto corrente e investimentos asociados ao funcionamento dos servizos administrativos na área do mar, tanto centrais como periféricos, así como a realización de tarefas de xestión económico-administrativa.
- Implantación da tramitación electrónica nos procedementos de axudas e autorizacións da Consellería do Mar
- Realización de estudos e traballos técnicos en temas xerais da consellería e demais actividades de apoio que lle sexan encomendadas.
- Coordinación dos servizos e centros administrativos dependentes da consellería.
- Tramitación de toda a produción normativa no eido do mar da Xunta de Galicia.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

III.1.7. PROGRAMA 722A - PROMOCIÓN SOCIAL E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA PESQUEIRA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A extrema dependencia dalgunhas áreas da costa da actividade pesqueira e a crecente limitación nas capturas fai necesario crear as condicións para diversificar as actividades do sector pesqueiro e das comunidades litorais. Isto fai necesario o contar con programas que favorezan esta diversificación tanto a través da formación como do fomento de actividades alternativas.

Por outra banda, a contorna na que se desenvolve o traballo da pesca presentan esta actividade como unha profesión coas condicións de traballo máis difíciles, o que contribúe á falta de atractivo entre a xente nova, dificultando o relevo xeracional e a modernización do sector.

Este programa recolle actuacións dirixidas á formación do colectivo que lles permita acceder e explotar axeitadamente as tecnoloxías precisas para unha mellor explotación, xestión e comercialización dos recursos mariños e a emprender novas actividades que complementen os seus ingresos.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Carácter sectorial: traballadores e traballadoras do sector pesqueiro e marisqueiro.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Aínda existindo amplas actuacións dirixidas a formación formal, non se atopan cubertas por estas todas as necesidades de formación e información dos activos do sector pesqueiro cando

se trata de poñer en marcha actividades de diversificación na pesca e nas comunidades pesqueiras. Para que isto non supoña un lastre ao seu desenvolvemento e de cara a afianzar todas as accións de diversificación e ampliación da base económica costeira, hai que manter e fomentar as actividades mediante actuacións de fomento e divulgación das novas tecnoloxías e de reciclaxe e posta o día dos coñecementos e no apoio a colectivos sociais que actúan na defensa da cultura e o saber facer da pesca de Galicia.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 11/2008, do 3 de maio, de pesca de Galicia.
- Lei 6/2009, do 11 de decembro, de modificación da Lei 11/2008 de pesca de Galicia.
- Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e das súas federacións.
- O programa desenvólvese no marco do Programa Operativo plurianual de Galicia do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O obxectivo marcado é fomentar a diversificación de actividades do sector pesqueiro mediante a posta en marcha de programas de formación, de actuacións de demostración e de apoio ás iniciativas de novas actuacións. Apoio aos colectivos que promoven a defensa do saber facer da pesca de Galicia. Outra liña de actuación é o prestar asesoramento e asistencia técnica ás confrarías de pescadores en colaboración coas súas Federacións, e a outras organizacións sectoriais.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Non se coñece, nas actuacións realizadas en anos anteriores, ningunha situación de partida que poida considerarse discriminatoria no que se refire á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Respecto das actividades previstas, polas súas características e diversidade, non é posible determinar a situación en canto a cuestións de xénero.

Procurarase introducir sempre que legal e temporalmente sexa posible, nos contratos, convenios e demais figuras contractuais utilizadas para o desenvolvemento das actividades, cláusulas dirixidas a fomentar a igualdade

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	

Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

As actividades previstas comprenden inicialmente a todo o sector pesqueiro e pódese considerar que son para toda a sociedade.

Desagregación pos sexo dos indicadores en todas as actuacións.

Realización de actuacións para mulleres nos plans e prioridades do programa.

Fomentar a creación de empresas relacionadas co sector pesqueiro e as actividades relacionadas directamente coa pesca nas que se valore favorablemente a presenza de mulleres ou que sexan creadas a iniciativa de mulleres.

Impulsar a participación das mulleres no funcionamento das confrarías de pescadores, adaptando a normativa reguladora das mesmas; así como promover a paridade de xéneros na composición dos órganos reitores das citadas entidades.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

As intervencións a través da diversificación de actividades do sector pesqueiro e o apoio ás iniciativas de novas actuacións pode proporcionar datos relevantes sobre a presenza da muller

no entorno pesqueiro; a avaliación dos indicadores será básica e necesaria para contar con datos relativos á realidade das intervencións acometidas.

A posta en funcionamento de iniciativas públicas que promovan o emprendemento por parte do conxunto de persoas que viven da actividade pesqueira, e que axuden a completar os seus ingresos redundará nunha mellor calidade de vida e na construción dunha sociedade máis xusta e igualitaria.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

III.1.8. PROGRAMA 723A - COMPETITIVIDADE E MELLORA DA CALIDADE DA PRODUCCIÓN PESQUEIRA E DA ACUICULTURA :

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Neste programa encádranse actuacións destinadas á adaptación da flota galega á dispoñibilidade dos recursos coa finalidade de evitar a sobreexplotación e acadar un desenvolvemento sostible do sector, fomentando unha pesca sostible, innovadora, competitiva e baseada no coñecemento coa finalidade de manter ou restablecer os niveis de capturas que produzan o rendemento máximo sostible, axustando as posibilidades de pesca á capacidade pesqueira.

No programa inclúense as medidas para fomentar unha acuicultura sostible, eficiente no uso de recursos, innovadora, competitiva e baseada no coñecemento coa finalidade de atender a necesidade de mellora da competitividade deste sector e a da súa expansión.

Este programa acolle tamén o apoio ás actuacións dirixidas a realizar un maior control do esforzo pesqueiro de acordo á normativa e ás directrices comunitarias. Para iso, é necesario apoiar a renovación e mantemento dos recursos empregados neste ámbito de control.

Outra necesidade é a de potenciar o establecemento das empresas de transformación dos produtos da pesca e da acuicultura, favorecer a súa reestruturación e potenciar o establecemento destas empresas, que se financiará a través deste programa de gasto

Apoiaranse medidas que favorezan a recompilación de datos e a mellora da xestión responsable e sostible das zonas de produción que garantan a viabilidade económica do sector sen prexudicar ao medio mariño; así como medidas que favorezan a protección, conservación e sostenibilidade dos recursos mariños.

Neste marco cobran especial importancia as actividades realizadas en colaboración cos profesionais dirixidas á mellora da calidade dos recursos marisqueiros por mor do status sanitario das augas de produción, que non son aptos para unha explotación comercial rendible.

As tendencias de desenvolvemento deste sector veñen marcadas polo fomento de medidas de creación de grupos locais que dinamicen económica e socialmente as poboacións dependentes da pesca que humanicen e confiran atractivo á actividade, así como pola necesidade de impulsar métodos respectuosos co medio e medidas que incrementen o valor de mercado das especies capturadas.

No FEMP 2014-2020 tamén se dará cabida á iniciativa do sector pesqueiro no establecemento de novos mecanismos de xestión dos recursos, promovendo plans e proxectos de xestión, impulsando o coñecemento científico do medio, facilitando o asesoramento técnico na explotación ou participando no control responsable, por citar exemplos de actuacións tendentes ao obxectivo último de acadar o desexable equilibrio entre explotación e conservación, é dicir, a explotación sustentable.

Por outra parte o establecemento de medidas de seguimento científico e de control de acceso as zonas e recursos pesqueiros e marisqueiros contribúen a obter uns produtos de calidade.

Aquí inclúense tamén as accións de preparación, xestión, seguimento, avaliación, control e auditoría do FEMP 2014-2020. Estas actuacións constitúen o apoio técnico aos organismos intermedios da autoridade do FEMP para poñer en marcha e xestionar as operacións subvencionables con cargo a este novo fondo comunitario.

A través do programa xestionaranse os seguintes obxectivos do Programa Operativo do FEMP 2014-2020:

- Redución do impacto na pesca no medio mariño.
- Equilibrio entre a capacidade pesqueira e as posibilidades de pesca dispoñibles.
- Fomento da competitividade e viabilidade das empresas do sector da pesca.
- Apoio á consolidación do desenvolvemento tecnolóxico, a innovación incluído o aumento da eficiencia enerxética e a transferencia de coñecemento.
- Desenvolvemento da formación profesional, de novas competencias profesionais e da formación permanente.
- Apoio á consolidación do desenvolvemento tecnolóxico, a innovación e a transferencia de coñecemento.
- Fomento da competitividade e viabilidade das empresas acuícolas.
- Protección e restauración da biodiversidade acuática e a potenciación dos ecosistemas, e fomento dunha acuicultura eficiente.
- Fomento dunha acuicultura con elevado nivel de protección do medio ambiente, promoción da saúde e benestar animais, e da saúde e protección públicas.

- Apoio á supervisión, control e observancia, potenciación da capacidade institucional e unha administración pública eficiente.
- Incentivación aos investimentos no sector da transformación e comercialización.
- Proxectos de xestión e conservación dos recursos mariños e da biodiversidade.
- Recuperación de zonas para o mantemento da biodiversidade e de baixa produción marisqueira.
- Mellora da xestión de bancos marisqueiros mediante a reinstalación de moluscos procedentes de zonas afectadas por contaminación microbiolóxica
- Asistencia técnica.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Carácter sectorial: poboación do sector pesqueiro e marisqueiro e da acuicultura.

Por sector pesqueiro debe entenderse que están incluídas a pesca extractiva, a acuicultura, o marisqueo, a transformación dos produtos da pesca e da acuicultura, a súa comercialización e as actividades conexas.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A flota pesqueira con porto base en Galicia supón, aproximadamente, un 48,95 % da flota nacional e o 5,17 % da flota europea. A maioría destes barcos son de pequeno tamaño, o que implica unha grande presión sobre os recursos que viven nas augas interiores. Hai unha grande variedade de especies capturadas moitas delas cun valor económico alto, non só nas capturas realizadas en augas de competencia autonómica senón tamén nas capturadas noutras augas.

A costa galega é un lugar idóneo para a acuicultura, tanto para a produción de moluscos como para a de peixes, para o que se require a utilización de diferentes métodos de produción segundo o tipo de cultivo de que se trate e a zona onde se localice. A acuicultura mariña representa, aproximadamente, o 86,95 % da produción total española e, aproximadamente, o 20 % da europea. As forzas que impulsan a sostibilidade da acuicultura galega son a alta calidade dos seus produtos, as condicións oceanográficas, alén de ser unha alternativa á limitada capacidade da produción da pesca extractiva.

A industria de transformación e comercialización dos produtos procedentes da pesca en Galicia ten un peso específico importante, pois constitúe un dos seus sectores estratéxicos. Estas industrias, que tradicionalmente forman parte do tecido socioeconómico galego, teñen que afrontar grandes retos debido ás condicións de competitividade dentro do mercado internacional.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013 polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP), e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello (DOUE do 20 de decembro).
- Regulamento (UE) 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello do 15 de maio de 2014 relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se derrogan os Regulamentos (CE) nº 2328/2003, (CE) nº 861/2006, (CE) nº 1198/2006 e (CE) nº 791/2007 do Consello, e o Regulamento (UE) nº 1255/2011 do Parlamento Europeo e do Consello (DOUE do 20 de maio).
- Regulamento (UE) nº 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de decembro de 2013 sobre a Política Pesqueira Común, polo que se modifican os Regulamentos (UE) nº 1954/2003 e (CE) nº 1224/2009 do Consello, e se derrogan os Regulamentos (CE) nº 2371/2002 e (CE) nº 639/2004 do Consello e a Decisión 2007/585/CE do Consello.
- Lei 11/2008, do 3 de maio, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro (DOG do 15 de decembro).
- Cadro financeiro para Galicia do Programa Operativo do FEMP 2014-2020.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

En xeral, a través deste programa tratarase de conseguir as grandes liñas de prioridade de actuación indicadas no Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015-2020. Estas son:

- Fomentar una pesca sostible.
- Fomentar unha acuicultura sostible.
- Incentivar os investimentos nos sectores da transformación e comercialización.

Para lograr estas finalidades, preténdense poñer a disposición do sector pesqueiro as medidas que o novo marco comunitario do FEMP 2014-2020 habilita para este sector dentro da estratexia Europa 2014-2020.

Ademais con a través deste programa trátase de proporcionar ao sector pesqueiro mecanismos que melloren a súa competitividade, mellorando o coñecemento sobre as artes de pesca para optimizar a súa efectividade e asesorándoo na adopción de medidas de xestión axeitadas.

Entre estes obxectivos atópanse o de por a disposición do sector ferramentas telemáticas que permitan axilizar e facilitar tanto o proceso de presentación de plans de xestión dos recur-

sos mariños como o de aprobación pola Consellería do Mar así como o seguimento e avaliación científica dos recursos pesqueiros. Nesta mesma liña de implantación de ferramentas telemáticas preténdese estender aos procedementos de inscrición e actualización no rexistro de buques en relación coa tramitación dos permisos de explotación das embarcacións, así como o seguimento das declaracións de despachos de alternancia entre as artes de pesca.

Inclúe tamén medidas para a recuperación da comercialización dos recursos procedentes de zonas con potencialidade marisqueira que por diversos motivos ven minorada a súa produción. Neste marco destácase a realización de medidas en colaboración cos profesionais, dirixidas á mellora da calidade dos recursos marisqueiros que, por mor do status sanitario das augas de produción, non son aptos para unha explotación comercial rendible. Inclúese, dentro destas medidas, o fomento de reinstalación dos moluscos bivalvos procedentes de zonas de produción declaradas como clase C no litoral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ao abeiro do FEMP tamén se dará cabida ás iniciativas no establecemento de novos mecanismos de xestión dos recursos, promovendo plans para rexenerar zonas improdutivas, proxectos de xestión, impulsando o coñecemento científico do medio, facilitando o asesoramento técnico na explotación ou participando no control responsable, actuacións todas elas tendentes ao obxectivo último de acadar o desexable equilibrio entre explotación e conservación, é dicir, a explotación sustentable.

Os obxectivos deste programa preténdense lograr a través da realización das seguintes actividades:

- Mellora da xestión e conservación das zonas produtivas, especialmente para mellorar as condicións sanitarias das zonas de produción marisqueira.
- Adecuación e mellora da comercialización dos recursos procedentes de zonas clasificadas como C, que mediante un proxecto de reinstalación permita colocar o produto extraído no mercado.
- Avaliación científica dos recursos e das pesqueiras.
- Axudas a entidades de interese colectivo, asociativas dos profesionais do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola, co obxecto de desenvolver proxectos que melloren a xestión dos recursos pesqueiros.
- Colaboración co sector no desenvolvemento de medidas de asistencia técnica para a mellora na xestión dos recursos.
- Colaboración co sector na realización das actividades de conservación, protección e sustentabilidade da explotación dos recursos mariños mediante operacións de salvagarda do medio mariño e das súas especies, establecendo as condicións de acceso ás zonas de pesca
- Desenvolvemento de aplicacións informáticas para a presentación e aprobación dos plans de explotación así como o seguimento científico dos recursos mariños.
- Apoio á concepción e aplicación de medidas de conservación e cooperación rexional.

- Medidas encamiñadas á limitación do impacto da pesca no medio mariño e adaptación da pesca á protección de especies.
- Axudas destinadas á innovación relacionada coa conservación dos recursos biolóxicos mariños.
- Axudas destinadas á paralización definitiva de actividades pesqueiras.
- Axuda aos sistemas de asignación das posibilidades de pesca.
- Servizos de asesoramento.
- Axudas para mellora o valor engadido, calidade dos produtos e utilización das capturas non desexadas.
- Axudas á innovación.
- Axudas ás asociacións entre investigadores e pescadores.
- Axuda á eficiencia enerxética e mitigación do cambio climático.
- Axuda á substitución ou modernización de motores.
- Formación a bordo en buques de pesca artesanal a menores de 30 anos desempregados
- Axuda aos servizos de xestión, substitución e asesoramento para as explotacións acuícolas.
- Axudas ao investimentos produtivos na acuicultura.
- Fomento de novas empresas acuícolas que practiquen a acuicultura sostible.
- Axudas ao aumento do potencial das zonas de produción acuícola.
- Reconversión aos sistemas de xestión e auditoría medioambientais e a acuicultura ecolóxica.
- Axudas para a prestación de servizos medioambientais polo sector da acuicultura.
- Medidas de saúde pública.
- Medidas de saúde e benestar dos animais.
- Seguro para as poboacións acuícolas.
- Actuacións en control e execución.
- Modernización de embarcacións, aeronaves e helicópteros de patrulla.
- Transformación dos produtos da pesca e a acuicultura.
- Operacións de apoio técnico para operacións subvencionables polo FEMP.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
---	--

Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

As mulleres desempeñan un importante papel no sector pesqueiro. Os seus oficios inclúen a pesca extractiva, o marisqueo, a acuicultura, o procesamento e a comercialización de peixe, a reparación e creación de redes, así como a administración e a xestión das empresas pesqueiras. A súa presenza nas diferentes actividades do sector pesqueiro é moi heteroxéneo. Así, un escaso 4 % dos tripulantes da frota pesqueira galega son mulleres. Esta realidade no sector da pesca extractiva é radicalmente oposta á situación co marisqueo a pé onde o 82,1 % dos postos están ocupados por mulleres.

Segundo os datos publicado polo IGE, no segundo trimestre de 2015 o número total de persoas ocupadas no sector da pesca e acuicultura en Galicia, é de 16.300 persoas, das cales 5.200 son mulleres, representando o 32 % do número de total de ocupados, mentres que no sector do marisqueo as mulleres representan o 77,88 %

Segundo datos de OCUPESCA 2015, as mulleres ocupadas na pesca extractiva, en caladoiro nacional, é de 469 (5,54 %), fronte a 7.791 homes (94,46 %). En pesqueiras comunitarias e internacionais hai 8 mulleres (0,41 %), fronte a 2.166 homes (99,59 %). O total da poboación ocupada na pesca extractiva é de 477 mulleres (449 %) e 10.157 homes (95,51 %).

A totalidade das mulleres empregadas como tripulantes dos buques con porto base en Galicia traballan en buques que pescan no caladoiro nacional e, dentro deste, principalmente nos buques de artes menores.

En canto á ocupación na acuicultura, hai que destacar que un de cada catro empregos da acuicultura mariña é desempeñado por mulleres. O sector da acuicultura mariña deulle traballo en 2015 a 4.507 homes e 1.442 mulleres. O estrato onde atopamos unha maior presenza de mulleres entre os traballadores é nos parques de cultivo mariño.

Tendo en conta o tipo de establecemento de acuicultura e segundo datos de OCUPESCA 2015, houbo 912 mulleres (20,64 %) ocupadas en bateas, fronte a 3.504 homes (79,36 %). Os parques de cultivo ocupaban a 352 mulleres (39,75 %), fronte a 534 homes (60,25 %). E en granxas, criadeiros, liñas de cultivo e gaiolas había unha ocupación de 179 mulleres (27,57 %) fronte a 469 homes (72,43 %).

A través do programa 723A procurárase promover a igualdade no acceso ao emprego, nas condicións de traballo e a incorporación de mulleres ás actividades de conservación, protección e sustentabilidade da explotación dos recursos mariños.

Tamén se deseñaran e construíranse ferramentas informáticas para facilitar a xestión dos plans de xestión, nas que se terá en conta a adaptación das mesmas ao xénero feminino; ademais procurárase que se empregue linguaxe non sexista.

Tal e como establece o Regulamento (UE) 508/2014 de FEMP, promoverase a igualdade entre homes e mulleres e a integración das cuestións de xénero nas diferentes etapas da execución do FEMP; así mesmo deberanse promover as operacións destinadas a incrementar o papel das mulleres no sector da pesca. Para isto téñense en conta nas convocatorias a priorización de proxectos que conteñen un plan de actuación para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	

Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

O novo marco do FEMP e o Programa Operativo contempla facer unha valoración e partida da visibilidade das mulleres nas estatísticas do sector, debido a insuficiencia de datos desagregados por sexo e a ausencia de indicadores en materia de igualdade.

Durante o período de programación do FEMP, continuarase adoptando medidas que permitan reforzar a toma de conciencia e incremento do interese das mulleres por asociarse, a nivel autonómico. Fomentarse a súa participación nas organizacións profesionais.

Unha das medidas fundamentais coas que se conta é a diversificación, que favorecerá a adopción de aquelas actuacións que contribúan a reforzar o papel da muller.

Tamén é unha liña estratéxica incluír ás mulleres no fomento do emprendemento, así como, establecer un marco de formación axeitado, para que sexan impulsoras da cohesión territorial en zonas altamente dependentes da pesca. Fomentarse especialmente a formación das mulleres en novas tecnoloxías I+D+i.

Concederanse xudas a entidades de interese colectivo, asociativas de profesionais do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola, co obxecto de desenvolver proxectos que melloren a capacidade produtiva das zonas improdutivas, que no caso dos bancos marisqueiros situados na zona intermareal inciden nas mariscadoras.

Continuarase coa colaboración na protección dos recursos mariños mediante operacións de salvagarda e control de acceso ás zonas de marisqueo.

Tamén se deseñarán e se construírán ferramentas informáticas para facilitar a xestión dos plans de xestión, nas que se terá en conta a adaptación das mesmas ao xénero feminino; ademais procurarase que se empregue unha linguaxe non sexista.

Unha das ferramentas fundamentais nesta materia son os plans de igualdade.

A través da Secretaría General de Pesca, do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, elaborouse o Plan para a Igualdade de Xénero no Sector Pesqueiro e Acuícola (2015-2020). O obxectivo deste Plan é servir de ferramenta para combater as situacións de discriminación que se producen neste sector, definindo os seguintes eixes, obxectivos e actuacións necesarios para desenvolver unha igualdade efectiva e real, non só teórica:

- Eixe prioritario 1: Fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no acceso ao mercado laboral no sector pesqueiro e acuícola e impulsar o emprendemento feminino.
- Eixe prioritario 2: Mellorar as condicións de traballo, así como a calidade de vida das mulleres do sector pesqueiro e acuícola.
- Eixe prioritario 3: Impulsar o recoñecemento e a igualdade de trato e non discriminación ás mulleres no sector pesqueiro e acuícola.
- Eixe prioritario 4: Impulsar o liderado e empoderamento das mulleres do sector pesqueiro e acuícola.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

En consonancia co artigo 7 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, os criterios de selección do FEMP integran o principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. Nesta liña, deberá priorizarse na selección dos proxectos, entre outras actuacións, a existencia dun plan de actuación para a igualdade efectiva de mulleres e homes na empresa solicitante. De feito existe un grupo de traballo de igualdade de xénero nos fondos 2014-2020.

Por outro lado, os órganos xestores deste programa xa utilizaron o período anterior para promover a igualdade de xénero no sector. Con esta conxuntura e desde esta perspectiva, preténdese que este programa siga diminuindo a brecha de xénero entre homes e mulleres de xeito que no sector da pesca a muller teña un papel que estea en consonancia co que desenvolve actualmente na sociedade. O programa inclúe accións que poden dirixirse para promover a presenza da muller no tecido empresarial pesqueiro mediante a mellora da súa formación desde unha perspectiva empresarial ou o seu acceso á creación de empresas.

Por outra parte a Dirección Xeral de Desenvolvemento prevé que coa mellora da conservación e xestión das zonas marisqueiras se producirá un incremento nas rendas das mulleres. Estas rendas estaban en alza ata o ano 2009, como consecuencia da crise económica estas rendas diminuíron, e a través desta actuación débense de recuperar.

Así mesmo a creación de máis zonas produtivas redundará nunha maior oferta de prazas e polo tanto no incremento de empregos.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTO DO XÉNERO, NO EXERCICIO 2015

Algún dos resultados que se poden salientar é que certas empresas solicitantes das axudas declara contar cun Plan de igualdade, de acordo coa Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres en Galicia, tendente a acadar, en todos os seus ámbitos, o obxectivo de igualdade entre mulleres e homes, así como a eliminación da discriminación por razón de sexo. Entre elas, atópanse Porto-Muíños, SL ou Fesba, SL.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

A principal estratexia empregada é a de incluír nos criterios de selección das operacións a subvencionar que as empresas contén cun plan de igualdade ou outras medidas que contribúan á incrementar o papel da muller no eido da pesca e, polo tanto, contribúa á igualdade de xénero.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

III.1.9. PROGRAMA 723B - REGULACIÓN DAS PRODUCIÓNS E DOS MERCADOS DA PESCA

A. DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Co obxecto de mellorar a viabilidade da pesca e da acuicultura nun mercado globalizado e competitivo é necesario poñer en marcha unha serie de accións dirixidas á mellora da comercialización que valoricen esta actividade.

Este programa ampara accións como a busca de novos mercados que permitan gañar cota de comercialización ás empresas, mellorar a imaxe dos produtos da pesca e da acuicultura e aplicar unha política de calidade e valorización, así como a certificación da calidade mediante a creación dunha marca referente aos produtos da pesca artesanal e do marisco, para garantir uns estándares de calidade.

Así mesmo, dentro deste programa preténdese fomentar a cultura do consumo dos produtos pesqueiros para facer fronte á crecente preocupación por parte das autoridades sanitarias sobre a dieta alimenticia da sociedade actual, e con maior preocupación cando se refire ás etapas infantil e xuvenil. Preténdense levar a cabo accións de fomento de consumo de produtos pesqueiros nas dietas infantís e xuvenís dos nenos galegos, creando ao mesmo tempo unha cultura de consumo dos produtos pesqueiros.

Por outra banda, no relativo á trazabilidade dos produtos da pesca e da acuicultura este programa pretende desenvolver os mecanismos que aseguren un sistema coherente que permita seguir o rastro dos produtos en todas as fases das cadeas de produción, transformación e distribución.

Finalmente, as organizacións de produtores de produtos da pesca e as organizacións de produtores de produtos da acuicultura («organizacións de produtores») desempeñan unha función fundamental para garantir que os seus membros exerzan as actividades pesqueiras e de acuicultura de forma sustentable e melloren a comercialización dos produtos.

A través deste programa trátase de atender as seguintes medidas do Programa Operativo FEMP 2014-2020:

- Plans de produción e comercialización
- Medidas de comercialización

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

- Persoas consumidoras de produtos pesqueiros e acuícolas.
- Sector da pesca e da acuicultura.
- Organizacións de Produtores Pesqueiros e da acuicultura.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Os prezos en primeira venda en certos produtos, aínda tendo unha tendencia xeral positiva, continúa a ser baixa.

A presentación dos produtos frescos amosa unha escasa adecuación ás demandas que están adoptando os consumidores.

Actualmente, segue sendo escasa e pouco clarificadora a información á persoa consumidora.

No relativo aos produtos certificados, conséntase unha existencia minoritaria dos mesmos e unha dificultade, con tendencia a diminuír, na identificación de produtos ao longo da cadea comercial.

Con relación á trazabilidade dos produtos pesqueiros e acuícolas, é necesario afondar nos procesos telemáticos na procura dunha mellora da información en todos os elos da cadea comercializadora.

As Organizacións de Produtores necesitan un novo impulso que lles permita acadar os seus obxectivos.

Por outra banda é importante destacar:

- A alta calidade e seguridade dos produtos.
- A experiencia do sector.
- Importantes niveis de consumo.
- Uns bos controis sanitarios e apertura de novos mercados.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Artigo 68 do Regulamento (UE) 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello de 15 de maio de 2014 relativo ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se derrogan os Regulamentos (CE) 2328/2003, (CE) 861/2006, (CE) 1198/2006 e (CE) 791/2007 do Consello, e o Regulamento (UE) 1255/2011 do Parlamento Europeo e do Consello.

Artigo 66 do Regulamento (UE) 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello de 15 de maio de 2014 relativo ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se derrogan os Regulamentos (CE) 2328/2003, (CE) 861/2006, (CE) 1198/2006 e (CE) 791/2007 do Consello, e o Regulamento (UE) 1255/2011 do Parlamento Europeo e do Consello.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Os obxectivos deste programa preténdese lograr a través da realización das seguintes actividades:

- Programa de fomento do consumo de produtos pesqueiros frescos nas dietas infantís e xuvenís dos nenos e nenas galegos.
- Campañas dirixidas a mellorar a imaxe dos produtos da pesca, realización de campañas de promoción de produtos da pesca e de estudos de mercado.
- Certificación da calidade incluída a creación de etiquetas e a certificación de produtos capturados.
- Programa de mellora da trazabilidade dos produtos da pesca e da acuicultura.
- Programa dirixido á busca de novos mercados que permitan gañar cota de comercialización ás empresas
- Axudas á creación de organizacións de produtores e asociacións de organizacións de produtores.
- Axudas ós Plans de produción e comercialización das organizacións de produtores.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Especificamente, nos procedementos de contratación e de conformidade co establecido nos artigos 11 e 19 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, dáselle preferencia ás empresas que teñan implantado un plan de igualdade ou, se é o caso, obtiveran a Marca Galega de Excelencia en Igualdade (neste caso, durante o ano natural seguinte

ao da súa obtención), sempre que a súa proposición iguale nos seus termos á máis vantaxosa desde o punto de vista dos criterios obxectivos que serven de base para a adxudicación.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HO-

MES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Redacción de materiais e documentación nos que se inclúan valores de igualdade, pluralidade de roles e corresponsabilidade entre mulleres e homes.

Na elaboración dos materiais utilizaranse termos xenéricos e fórmulas que faciliten a lectura e eviten a utilización de palabras con connotacións de xénero: linguaxe non sexista.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Todos os materiais, imaxes e documentación creados evitarán por completo calquera imaxe discriminatoria da muller, e fomentarán valores de igualdade, pluralidade de roles e corresponsabilidade entre mulleres e homes.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTO DO XÉNERO, NO EXERCICIO 2015

Durante o ano 2016, nos procedementos de contratación e de conformidade co establecido nos artigos 11 e 19 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, non se produciu ningunha circunstancia de empate entre os licitadores, polo que non se aplicou a cláusula de preferencia ás empresas que teñan implantado un plan de igualdade ou, se é o caso, obtiveran a Marca Galega de Excelencia en Igualdade.

No caso do programa de fomento do consumo de produtos pesqueiros frescos nas dietas infantís e xuvenís dos nenos e nenas galegos non é posible establecer resultados referente á igualdade de xénero, xa que logo vai dirixido á poboación escolar na que non se pode establecer esa diferenza. En todo caso os materiais editados seguen as pautas indicadas anteriormente.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

Ao tratarse dun programa non especificamente orientado á igualdade seguiremos a realizar actividades tendentes a fomentar valores de igualdades entre homes e mulleres. É por iso que non se implementan novas estratexias dirixidas á igualdade de xénero.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

III.1.10. PROGRAMA 723C - DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE ZOAS DE PESCA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Os principais retos son combater as dificultades de zonas rurais pesqueiras do litoral marítimo cun coeficiente negativo de crecemento do sector pesqueiro. Así, os retos aos que debe facer fronte o programa son: Despoboamento (hoxe Galicia é fundamentalmente urbana, segundo a clasificación sobre o grao de urbanización proposta polo Instituto Galego de Estatística, en 2013 o 51,8 % da poboación vive en zonas densamente poboadas ou en zonas intermedias pero cun grao de urbanización alto), avellentamento (a maioría das zonas elixibles teñen un nivel de avellentamento moi superior á media de España, pola dispersión territorial, inestabilidade económica, propensión á degradación ambiental polo abandono do territorio, dificultades de reposición laboral ou paro e déficit de servizos públicos en relación á aparición de novas demandas nestes. As necesidades inclúen mellorar a competitividade das pequenas e medianas empresas do sector da pesca e da acuicultura, promover o emprego, promover a inclusión social reducindo a pobreza, investir en educación, na promoción da aprendizaxe permanente e o intercambio de experiencias e cooperación, promover a promoción, diferenciación e incremento do valor engadido dos produtos da pesca e da acuicultura.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Poboación das zonas pesqueiras e acuícolas seleccionadas para o desenvolvemento dunha Estratexia de Desenvolvemento Local (EDLP). Nas zonas pesqueiras e acuícolas a desenvolver unha EDLP a unidade mínima de selección serán os municipios, podendo levarse a cabo naqueles do litoral incluídos en algún grupo de acción costeira, así como os municipios de Ferrol, A Coruña, Pontevedra e Vigo polo seu nivel significativo de emprego no sector pesqueiro nos que ao tratarse de zonas urbanas densamente poboadas, contabilizarase como poboación tan só a integrante do sector pesqueiro e as súas familias. Se considerará poboación obxecto para as actividades de formación, cooperación e intercambio de experiencias a todos os/as profesionais do sector.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O programa enmarcase no Programa operativo (PO) para o sector pesqueiro español do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020. A posta en marcha das accións previstas comezaron no ano 2014 coa sinatura do Acordo de Asociación de España 2014-2020 e a elaboración do Programa Operativo e proseguen neste ano 2015 co proceso de selección dos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALPs) para a elaboración das estratexias de desenvolvemento local participativo e unha vez elaboradas e seleccionadas estas, coa elaboración das bases reguladoras das axudas.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Programa operativo 2014-2020 do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca.
- Capítulo III do Título V do Regulamento (CE) 508/2014 do Consello, de 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (DOUE do 20 de maio de 2014).
- Regulamento (UE) No 1303/2013 del Parlamento Europeo y del Consello de 17 de decembro de 2013 polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión a ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) n o 1083/2006 do Consello.
- Este programa está enmarcado na prioridade número 4 da Unión Europea de aumento de emprego e a cohesión territorial.
- Programa operativo 2014-2020 do Fondo Europeo marítimo e da Pesca Desenvolvemento sostible das zonas pesqueiras.
- Lei 11/2008, do 3 de maio, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Mellora da competitividade de pequenas e medianas empresas do sector da pesca e da acuicultura, promoción da inclusión social e redución da pobreza, mellora da educación, desenvolvemento de capacidades e aprendizaxe permanente e consolidación e creación de emprego, promover o mantemento, conservación e recuperación do patrimonio cultural, histórico, arquitectónico e medio ambiental das zonas pesqueiras e a súa valorización e explotación sostible.

Os obxectivos deste programa preténdese lograr a través da realización das seguintes actividades:

- Convocar anualmente unha orde de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias aprobadas para o desenvolvemento local das zonas pesqueiras

- Mellorar a competitividade de pequenas e medianas empresas
- Promocionar os produtos da pesca e acuicultura
- Dinamizar as zonas pesqueiras
- Mellorar a formación e promover o intercambio de experiencias e cooperación
- Levar a cabo o uso eficiente dos recursos naturais e o mantemento, conservación e recuperación do patrimonio cultural, histórico, arquitectónico e medio ambiental e a súa valorización e explotación sostible.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

En todas as fases de execución do FEMP, establécese como obxectivo eliminar as desigualdades e promover a igualdade entre homes e mulleres, así como loitar contra toda discriminación por motivos de sexo, orixe racial ou étnico, relixión ou conviccións, discapacidade, idade u orientación sexual.

Especificamente, nos procedementos de contratación e de conformidade co establecido nos artigos 11 e 19 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, dáselle preferencia ás empresas que teñan implantado un plan de igualdade ou, se é o caso, obtiveran a Marca Galega de Excelencia en Igualdade (neste caso, durante o ano natural seguinte

ao da súa obtención), sempre que a súa proposición iguale nos seus termos á máis vantaxosa desde o punto de vista dos criterios obxectivos que serven de base para a adxudicación.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

- Promoción de proxectos por parte de mulleres vinculadas co sector da pesca.
- Creación e mantemento de emprego feminino nas zonas pesqueiras
- Mellora da formación das mulleres do sector da pesca.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTO DO XÉNERO, NO EXERCICIO 2015

Este programa é novo desde 2016

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

Non

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

IV. CADROS DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Programa: 422K ENSINANZAS PESQUEIRAS	
Eixe: E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente	
Prioridade de Actuación: PA05 - Consolidar un sistema educativo que minimize o fracaso escolar e se aliñe en resultados coas rexións líderes de Europa en todos os niveis e impulsar o SUG cara á excelencia	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E06 - Mellorar a calidade e resultados do ensino náutico e marítimo - pesqueiro nas súas diversas modalidades de formación profesional.	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
O107 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Desenvolver os cursos e os módulos profesionais náutico e marítimo-pesqueiro nos portos e nos centros de ensino oficiais;	
0006 - Impulsar accións complementarias á formación dentro do Plan Integral de Formación Marítimo-Pesqueiro de Galicia.	
Indicador	Valor Previsto
P227.H - Participantes en accións de formación. Homes	4.675
P227.M - Participantes en accións de formación. Mulleres	1.176
Programa: 513A CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN PORTUARIA	
Eixe: E3 - Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandeiría e montes	
Prioridade de Actuación: PA01 - Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Modernizar os portos de Galicia, garantindo os medios precisos para desenvolver un modelo de negocio en cada dársena en base ás actividades con máis demanda e á especialización e para colaborar á sustentabilidade da actividade pesqueira	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0002 - Modernización e adecuación das instalacións existentes para adaptalas ás novas necesidades do mercado e da sustentabilidade na pesca. Construción das novas infraestruturas necesarias para a mellora da seguridade e das condicións de traballo dos pescadores.	
Programa: 514A INFRAESTRUTURAS PESQUEIRAS	
Eixe: E3 - Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandeiría e montes	
Prioridade de Actuación: PA01 - Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Modernizar os portos de Galicia, garantindo os medios precisos para desenvolver un modelo de negocio en cada dársena en base ás actividades con máis demanda e á especialización e para colaborar á sustentabilidade da actividade pesqueira	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0001 - Mellora da calidade medioambiental das instalacións portuarias e da eficiencia enerxética e térmica das instalacións e equipamentos pesqueiros.	
0002 - Modernización e adecuación das instalacións existentes para adaptalas ás novas necesidades do mercado e da sustentabilidade na pesca. Construción das novas infraestruturas necesarias para a mellora da seguridade e das condicións de traballo dos pescadores.	
Indicador	Valor Previsto
P00135 - Proxectos en materia de infraestruturas e equipamentos en portos pesqueiros, lugares de desembarque, lonxas e fondeadores	34
Programa: 541C PROTECCIÓN, CONTROL TÉCNICO- SANITARIO DOS PRODUTOS DO MAR,MELLORA DO MEDIO NATURAL MARIÑO E SALVAMENTO MARÍTIMO	
Eixe: E3 - Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandeiría e montes	
Prioridade de Actuación: PA01 - Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Controlar a calidade e a seguridade alimentaria dos produtos do mar e garantir a seguridade no mar e coordinar o salvamento marítimo	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
O109 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0002 - Previr e controlar as actividades que poidan afectar negativamente á sustentabilidade dos recursos mariños, especialmente os de interese pesqueiro, así como dos seus hábitats.	
0007 - Aumentar o nº de inspeccións en praias, portos, lonxas e vehículos.	
Indicador	Valor Previsto

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

P00001 - Análises de control alimentario	99
P00009 - Inspeccións pesqueiras realizadas	16.300
Programa: 561A PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA	
Eixe: E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente	
<p>Prioridade de Actuación: PA01 - Impulso da consolidación das políticas de gastos vencelladas á I+D+i. Integrar a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento</p> <p>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Potenciar a I+D+i mediante o fomento da absorción de coñecemento por parte dos profesionais e das empresas, a mobilización e atracción de capital privado para os procesos de innovación galegos, o fomento da transferencia de investigación dende os axentes de xeración, a difusión do coñecemento cara o mercado e o apoio ao descubrimento emprendedor en todos os eidos.</p>	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
<p>OI14 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)</p> <p>0003 - Apoio ao descubrimento emprendedor, centrado en potenciar a oferta de oportunidades ao talento investigador e innovador galego naquelas áreas, intensivas en coñecemento e/ou tecnoloxía, vencelladas aos nichos de especialización rexional.</p> <p>0004 - Mellora do coñecemento dos ecosistemas mariños.</p>	
Indicador	Valor Previsto
DE021H - Investigadores/ano participando en proxectos cofinanciados.(Homes)	2
DE021M - Investigadores/ano participando en proxectos cofinanciados.(Mulleres)	2
Programa: 721A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE POLÍTICAS PESQUEIRAS	
Eixe: E3 - Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandeiría e montes	
<p>Prioridade de Actuación: PA01 - Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural</p> <p>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: IO1 - Contribuír ao fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural</p>	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
<p>0001 - Contribuír ao fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural</p> <p>0002 - Contribuír ao fomento do sector pesqueiro, do desenvolvemento da pesca e á modernización e transformación das estruturas pesqueiras</p>	
Programa: 722A PROMOCIÓN SOCIAL E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA PESQUEIRA.	
Eixe: E3 - Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandeiría e montes	
<p>Prioridade de Actuación: PA01 - Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural</p> <p>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E11 - Contar cun sector pesqueiro con organizacións costeiras operativas e eficaces e potenciar a cultura do seguro no mar.</p>	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
<p>OI05 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)</p> <p>0001 - Apoio e asistencia técnica as organizacións sectoriais.</p> <p>0002 - Actividades de formación.</p> <p>0003 - Actividades de divulgación.</p>	
Indicador	Valor Previsto
P0045N - Axudas concedidas a entidades do sector pesqueiro	10
Programa: 723A COMPETITIV. E MELLORA DA CALIDADE DA PROD. PESQUEIRA E DA ACUICULTURA	
Eixe: E3 - Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandeiría e montes	
<p>Prioridade de Actuación: PA01 - Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural</p> <p>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E12 - Mellorar a competitividade do sector pesqueiro, a comercialización dos produtos da pesca e da acuicultura e fomentar unha pesca sostible</p>	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
<p>OI09 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)</p> <p>0001 - Equilibrar as capacidades pesqueiras ás posibilidades de pesca</p> <p>0002 - Fomentar a competitividade e viabilidade das empresas do sector da pesca e acuicultura.</p> <p>0003 - Apoiar a consolidación do desenvolvemento tecnolóxico, a innovación, incluído o aumento da eficiencia enerxética e a transferencia de coñecemento.</p>	

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

<p>0004 - Apoiar a consolidación do desenvolvemento tecnolóxico, a innovación e a transferencia e a transferencia de coñecemento no ámbito da acuicultura 0005 - Protección e restauración da biodiversidade acuática e a potenciación dos ecosistemas e fomento dunha acuicultura eficiente 0006 - Fomento dunha acuicultura con elevado nivel de protección do medio ambiente, promoción da saúde e benestar animais e da saúde e protección públicas 0007 - Incentivación dos investimentos nos sectores da transformación e a comercialización.</p>	
Indicador	Valor Previsto
P0045H - Axudas concedidas ao sector pesqueiro e acuícola	133
Programa: 723B REGULACIÓN DAS PRODUCCIÓNS E DOS MERCADOS DA PESCA	
<p>Eixe: E3 - Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandeiría e montes Prioridade de Actuación: PA01 - Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E12 - Mellorar a competitividade do sector pesqueiro, a comercialización dos produtos da pesca e da acuicultura e fomentar unha pesca sostible</p>	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
0008 - Mellorar a organización dos mercados dos produtos da pesca e da acuicultura.	
Indicador	Valor Previsto
P0045H - Axudas concedidas ao sector pesqueiro e acuícola	1
Programa: 723C DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DAS ZOAS DE PESCA	
<p>Eixe: E3 - Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandeiría e montes Prioridade de Actuación: PA01 - Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E13 - Dinamizar as zonas pesqueiras, impulsando un modelo transversal de desenvolvemento sostible.</p>	
Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental	
<p>0001 - Convocatoria anual de axudas para a mellora da formación, cooperación e intercambio de experiencias, promoción do patrimonio e dos produtos da pesca e acuicultura, dinamización, mellora da competitividade empresarial e en xeral, para promover o desenvolvemento local das zonas pesqueiras 0002 - Posta en marcha de iniciativas participativas para a recollida de residuos nas zonas costeiras 0003 - Levar a cabo actuacións de apoio técnico relacionadas coa promoción do desenvolvemento das zonas pesqueiras</p>	
Indicador	Valor Previsto
P0045I - Axudas concedidas para o desenvolvemento sostible das zonas pesqueiras	100

V. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos				
	01	02	03	A1	Total
422K-Ensinanzas pesqueiras	6.169		2.804		8.973
513A-Construción, conservación e explotación portuaria	10.155				10.155
514A-Infraestruturas pesqueiras			5.147		5.147
541C-Protección, control técnico-sanitario dos produtos do mar, mellora do medio natural mariño e salvamento marítimo	23.676			3.365	27.041
561A-Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica	2.793		1.954		4.747
721A-Dirección e servizos xerais de políticas pesqueiras	8.431				8.431
722A-Promoción social e divulgación da tecnoloxía pesqueira	2.147		1.236		3.383
723A-Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura	2.993	52.037	8.441		63.471
723B-Regulación das producións e dos mercados da pesca		8.835			8.835
723C-Desenvolvemento sostible das zoas de pesca			15.223		15.223
Total	56.364	60.872	34.804	3.365	155.405

(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos					
	I	II	IV	VI	VII	Total
422K-Ensinanzas pesqueiras	6.169	1.140	41	1.623		8.973
513A-Construción, conservación e explotación portuaria			414		9.741	10.155
514A-Infraestruturas pesqueiras				4.294	853	5.147
541C-Protección, control técnico-sanitario dos produtos do mar, mellora do medio natural mariño e salvamento marítimo	11.851	552		14.638		27.041
561A-Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica	2.793	182	82	1.689		4.747
721A-Dirección e servizos xerais de políticas pesqueiras	6.338	1.343	284	465		8.431
722A-Promoción social e divulgación da tecnoloxía pesqueira	2.147		337	744	155	3.383
723A-Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura	2.993			7.833	52.645	63.471
723B-Regulación das producións e dos mercados da pesca			35	5.600	3.200	8.835
723C-Desenvolvemento sostible das zoas de pesca				524	14.700	15.223
Total	32.291	3.217	1.193	37.410	81.294	155.405

(Miles de Euros)

DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

01 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	2017	2018	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	29.598	30.200	2,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.390	1.533	10,3
Cap. IV - Transferencias correntes	698	698	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	14.382	14.191	-1,3
Cap. VII - Transferencias de capital	5.741	9.741	69,7
Total	51.810	56.364	8,8

(Orzamento Modificado e Homoxeneizado 2017) (Miles de Euros)

02 DIRECCIÓN XERAL DE PESCA, ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA	2017	2018	% Var.
Cap. IV - Transferencias correntes	35	35	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	8.115	11.179	37,8
Cap. VII - Transferencias de capital	48.124	49.658	3,2
Total	56.274	60.872	8,2

(Orzamento Modificado e Homoxeneizado 2017) (Miles de Euros)

03 D.X. DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO	2017	2018	% Var.
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.216	1.322	8,7
Cap. IV - Transferencias correntes	440	460	4,6
Cap. VI - Investimentos reais	12.355	11.128	-9,9
Cap. VII - Transferencias de capital	19.766	21.895	10,8
Total	33.777	34.804	3,0

(Orzamento Modificado e Homoxeneizado 2017) (Miles de Euros)

A1 INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARÍÑO DE GALICIA	2017	2018	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.007	2.091	4,2
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	342	362	5,8
Cap. VI - Investimentos reais	527	912	73,2
Total	2.876	3.365	17,0

(Orzamento Modificado e Homoxeneizado 2017) (Miles de Euros)

SERVIZOS	2017	2018	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	51.810	56.364	8,8
02 DIRECCIÓN XERAL DE PESCA, ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA	56.274	60.872	8,2
03 D.X. DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO	33.777	34.804	3,0
A1 INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARÍÑO DE GALICIA	2.876	3.365	17,0
Total	144.736	155.405	7,4

(Orzamento Modificado e Homoxeneizado 2017) (Miles de Euros)

Consellería, Organismos Autónomos, Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e Axencias Públicas Autonómicas

	Consellería		00.AA , EE.CC.AA. e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2017	2018	2017	2018	2017	2018	2017	2018
Cap. I - Gastos de persoal	29.598	30.200	2.007	2.091	0	0	31.605	32.291
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.606	2.855	342	362	0	0	2.949	3.217
Cap. IV - Transferencias correntes	3.390	3.538	0	0	2.216	2.345	1.173	1.193
OPERACIÓNS CORRENTES	35.594	36.594	2.349	2.453	2.216	2.345	35.727	36.702
Cap. VI - Investimentos reais	34.852	36.497	527	912	0	0	35.378	37.410
Cap. VII - Transferencias de capital	74.158	82.206	0	0	527	912	73.632	81.294
Cap. VIII - Activos financeiros	0	0	0	0	0	0	0	0
OPERACIÓNS DE CAPITAL	109.010	118.703	527	912	527	912	109.010	118.703
Total	144.604	155.297	2.876	3.365	2.743	3.257	144.736	155.405

(Orzamento Modificado e Homoxeneizado 2017) (Miles de Euros)

Medios Persoais

Consellería do Mar	2018
Altos Cargos	4
Persoal Funcionario	645
Subgrupo A1	229
Subgrupo A2	133
Subgrupo C1	161
Subgrupo C2	70
Agrupacións profesionais	52
Persoal Laboral	164
Grupo I	13
Grupo II	10
Grupo III	61
Grupo IV	44
Grupo V	36
TOTAL	813

Medios Persoais

Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia	2018
Altos Cargos	1
Persoal Laboral	49
Grupo I	17
Grupo III	16
Grupo IV	16
TOTAL	50

**Entidades Públicas Empresariais, Consorcios, Sociedades Mercantís e Funda-
cións do Sector Público Autónomo**

Entidades públicas empresarias	Explotación	Capital
Portos de Galicia	14.089	12.996
Fundacións do sector público autónomo	Explotación	
Fundación Centro Tecnolóxico do Mar	3.667	
Total	17.756	12.996

(Miles de Euros)